



DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL


DIRECCIÓN: LUIS ESPADA RECAREY



VALEDOR DO CIDADÁN
ACTUACIÓN DE OFICIO



DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL



VALEDOR DO CIDADÁN

Actuacións de Oficio

Dirección: Luis Espada Recarey

Dirección

Luis Espada Recarey

Coordinación xeral

Víctor Manuel Martínez Cacharrón

Silvia Campos Gómez

Colaboración

Javier Iradiel Sánchez

Guillermo Rey González

Francisco Javier Rodríguez Rodríguez

Deseño e paxinación

Diego Durán

ISBN (Da versión en castelán)

978-84-606-6950-0

Dep. Legal (Da versión en castelán)

VG 206-2015

Oficina do Valedor do Cidadán

R. Policarpo Sanz, 15 4º

Casa das Artes – 36202 Vigo

Tlf: 986 430 047

Fax: 986 227 774

e-mail: valedordocidadan@vigo.org

web: <http://hoxe.vigo.org/oconcello/valedor>

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	11
01 VIGO, CARA UN MODELO DE SUSTENTABILIDADE LOCAL	13
02 CADRO CONCEPTUAL	19
2.1. Sustentabilidade ambiental	19
2.2. Sustentabilidade económica	19
2.3. Sustentabilidade social	19
03 CONTEXTO XERAL DO MUNICIPIO DE VIGO	21
3.1. Ámbito de aplicación	21
3.2. Territorio e demografía	22
3.3. Mercado de traballo	32
3.4. Actividades económicas	35
3.5. Infraestruturas de transporte	37
04 METODOLOXÍA	39
05 IDENTIFICACIÓN E ANÁLISE DOS PRINCIPAIS ÁMBITOS DA SUSTENTABILIDADE LOCAL PARA O MUNICIPIO DE VIGO	41
5.1. Calidade de Vida	41
5.1.1. Análise pormenorizada por parámetros e servizos indicados.	44
5.1.1.1. Seguranza cidadá	45
5.1.1.2. Accesibilidade e calidade da vivenda	48
5.1.1.3. Oportunidades laborais e emprego	49
5.1.1.4. Axudas institucionais	50
5.1.1.5. Calidade do espazo construído	51
5.1.1.6. Calidade dos servizos sociais e de saúde	51
5.1.1.7. Calidade dos servizos culturais, recreativos e de lecer	53
5.1.1.8. Novas tecnoloxías da comunicación e da información	55
5.1.1.9. Sustentabilidade ambiental	55
5.1.1.10. Sustentabilidade Social	57
5.1.1.11. Sustentabilidade económica	60
5.1.1.12. Mobilidade e tránsito	61
5.1.1.13. Ensinanza e cultura	62
5.1.1.14. Participación e xestión municipal	63
5.1.1.15. Outros aspectos	64

5.2. Mobilidade Local	64
5.2.1. Hábitos de mobilidade	65
5.2.2. Transporte público	69
5.2.2.1. Caracterización do sistema de transporte público urbano do municipio de Vigo	70
5.2.2.2. Medidas implementadas para promover o uso do autobús urbano no municipio de Vigo	77
5.2.3. Estacionamentos	79
5.2.3.1. Tempo medio de estacionamento	81
5.2.3.2. Taxa de ocupación en zonas reservadas para actividades de carga e descarga	83
5.2.3.3. Taxa de ocupación en zonas de estacionamento exclusivo para persoas con deficiencia	83
5.2.3.4. Comparativa con outras cidades españolas	85
5.2.3.5. Posíbeis medidas de actuación para mellorar a mobilidade no núcleo urbano do municipio de Vigo	87
5.3. Accesibilidade aos servizos locais básicos	90
5.4. Mudanza climática	94
5.4.1. Consumo eléctrico no sector doméstico	96
5.4.2. Consumo eléctrico no sector comercial e institucional	97
5.4.3. Transporte	98
5.4.4. Sector residencial	98
5.4.5. Xestión de residuos	99
5.5. Contaminación sonora	100
5.5.1. Ruído asociado ao tránsito rodoviario, ferrocarril e industria	100
5.5.2. Contaminación sonora nocturna	114
5.6. Consumo e produción sustentábel	117
5.7. Xestión sustentábel dos organismos públicos e empresas locais	123

06 | DIAGNÓSTICO DE SUSTETABILIDADE **127**

6.1 Diagnóstico estratéxico do municipio de Vigo	129
6.1.1. DAFO: Calidade de Vida	129
6.1.2. DAFO: Mobilidade local	132
6.1.3. DAFO: Accesibilidade aos servizos básicos locais	142
6.1.4. DAFO: Mudanza climática	145
6.1.5. DAFO: Contaminación sonora	146
6.1.6. DAFO: Consumo, produción e xestión sustentábel	148
6.2. Diagnóstico del municipio de Vigo por zonas	153
6.3. Zona Urbana.	153
6.3.1. DAFO: Calidade de Vida	154

6.3.2. DAFO: Mobilidade Local	162
6.3.3. DAFO: Accesibilidade aos servizos básicos locais	167
6.3.4. DAFO: Contaminación sonora	169
6.3.5. DAFO: Consumo e produción sustentábel	171
6.4. Zona Semiurbana.	176
6.4.1. DAFO: Calidade de Vida	176
6.4.2. DAFO: Mobilidade Local	184
6.4.3. DAFO: Accesibilidade aos servizos básicos locais	189
6.4.4. DAFO: Contaminación sonora	192
6.4.5. DAFO: Consumo e produción sustentábel	193
6.5. Zona Rural.	198
6.5.1. DAFO: Calidade de Vida	198
6.5.2. DAFO: Mobilidade Local	207
6.5.3. DAFO: Accesibilidade aos servizos básicos locais	211
6.5.4. DAFO: Contaminación sonora	214
6.5.5. DAFO: Consumo e produción sustentábel	215
07 CONCLUSIÓN	221
Parámetros con valoración coincidente tanto no municipio de Vigo no seu conxunto como por zonas	222
1. Calidade de vida	222
2. Mobilidade local	223
3. Accesibilidade aos servizos básicos locais	224
4. Mudanza climática	225
5. Contaminación sonora	225
6. Consumo e produción sustentábel	226
Parámetros específicos obtidos para cada unha das zonas	227
1. Calidade de vida	227
2. Mobilidade local	229
3. Accesibilidade aos servizos básicos locais	231
4. Consumo e produción sustentábel	233
08 BIBLIOGRAFÍA	235
ANEXOS	
Anexo 1 Cadro resumo mobilidade urbana	238
Anexo 2	244
Anexo 3 Taxas de accesibilidade aos servizos básicos por zonas	247
Anexo 4 Hábitos de consumo de enerxía por zonas	249
Anexo 5 Hábitos de consumo de auga por zonas	251

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

Anexo 6 Hábitos de xeración de residuos por zonas	253
Anexo 7 Hábitos de consumo responsábel por zonas	255
Anexo 8 Competencias da administración local	257
Anexo 9 Criterios establecidos para a análise DAFO do municipio de Vigo segundo ámbito de estudo	259
Anexo 10 Criterios establecidos para a análise DAFO da mobilidade local	262
Anexo 11 Criterios establecidos para a análise DAFO da accesibilidade aos servizos locais	265
Anexo 12 Criterios establecidos para a análise DAFO da mudanza climática	266
Anexo 13 Criterios establecidos para a análise DAFO da contaminación sonora	267
Anexo 14 Criterios establecidos para a análise DAFO do consumo, produción e xestión sustentábel	268
Anexo 15 Criterios establecidos para a análise DAFO da calidade de vida na zona urbana	271
Anexo 16 Criterios establecidos para a análise DAFO da mobilidade local na zona urbana	275
Anexo 17 Criterios establecidos para a análise DAFO da accesibilidade aos servizos básicos locais na zona urbana.	277
Anexo 18 Criterios establecidos para a análise DAFO da contaminación sonora na zona urbana.	278
Anexo 19 Criterios establecidos para a análise DAFO do consumo e produción sustentábel na zona urbana.	279
Anexo 20 Criterios establecidos para a análise DAFO da calidade de vida na zona semiurbana.	283
Anexo 21 Criterios establecidos para a análise DAFO da mobilidade local na zona semiurbana.	287
Anexo 22 Criterios establecidos para a análise DAFO da accesibilidade aos servizos básicos locais na zona semiurbana.	289
Anexo 23 Criterios establecidos para a análise DAFO da contaminación sonora na zona semiurbana.	290
Anexo 24 Criterios establecidos para a análise DAFO do consumo e produción sustentábel na zona semiurbana.	291
Anexo 25 Criterios establecidos para a análise DAFO da calidade de vida na zona rural	295
Anexo 26 Criterios establecidos para a análise DAFO da mobilidade local na zona rural	299
Anexo 27 Criterios establecidos para a análise DAFO da accesibilidade aos servizos básicos locais na zona rural.	301
Anexo 28 Criterios establecidos para a análise DAFO da contaminación sonora na zona rural.	302
Anexo 29 Criterios establecidos para a análise DAFO do consumo e produción sustentábel na zona rural.	303
Anexo 30 Matriz DAFO resumo sobre calidade de vida	307
Anexo 31 Matriz DAFO resumo sobre mobilidade local	309

Anexo 32 Matriz DAFO resumo sobre accesibilidade aos servizos básicos locais	311
Anexo 33 Matriz DAFO resumo sobre mudanza climática	312
Anexo 34 Matriz DAFO resumo sobre contaminación sonora	313
Anexo 35 Matriz DAFO resumo sobre consumo e produción sustentábel	314
Anexo 36 Advertencias obtidas a partir da análise DAFO de sustentabilidade do municipio de Vigo	316



DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

INTRODUCCIÓN

O termo desenvolvemento sustentábel foi introducido pola primeira vez en 1987 e, desde entón, foi coñecido por diversas definicións, tais como “procura dun equilibrio social, económico e ambiental”, “crecemento equilibrado sen por en perigo as futuras xeracións”, “progresar respectando o ambiente” ou “avanzar e mellorar na calidade de vida sen dano o entorno”.

Pola súa proximidade coa cidadanía e polo seu coñecemento do medio, existe a persuasión de que as administracións públicas posúen un papel protagónico indiscutíbel no proceso de avanzar no camiño da sustentabilidade. A carta das Cidades e Poboacións Europeas para a sustentabilidade, denominada Carta de Alborg, formula o obxectivo de traballar localmente para a súa consecución e advirte de que non existirán progresos xerais sen un avance significativo na sustentabilidade urbana. A cidade constitúe un instrumento estratéxico moi importante e imprescindible, xa que ten á súa man a posibilidade de intervir directamente na mellora dos aspectos sociais, económicos e ambientais do territorio sen cair no erro de pensar que este proceso é contrario ao crecemento.

Hai que levar en conta que o desenvolvemento sustentábel é un progreso continuado e non unha etapa final e que nunca se irá alcanzar totalmente, pois os obxectivos perseguidos materialízanse segundo o principio de mellora continuada e médense mediante indicadores xeralmente aceptados neste tipo de estudos. A variación destes indicadores no tempo permite determinar en que sentido se evolúe cara a Sustentabilidade Local, entendéndose esta como un desenvolvemento equilibrado entre as condicións naturais do medio físico e as capacidades económicas locais.

A análise DAFO, acrónimo de Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades, é un recurso iniciado nos anos sesenta e que produciu unha verdadeira revolución no campo da estratexia empresarial. Antes de tomar calquera decisión estratéxica, é fundamental que cada organización realice un diagnóstico da situación que axude a formular as accións que se deben implementar de forma que se aproveiten as oportunidades investigadas e se preveñan as ameazas a fin de ser conscientes das debilidades e dos puntos fortes do proxecto.

Para levar a cabo estas expectativas, tivéronse en conta, de forma practicamente case exclusiva, os estudos realizados sobre o municipio de Vigo pola Oficina do Valedor do Cidadán e que mostran a situación da cidade nos últimos dez anos (2003-2013) consoante os Indicadores Comúns Europeos de Sustentabilidade.

A análise DAFO circunscríbese a sete campos de actuación sobre os que se dispón de información: Calidade de Vida, Mobilidade Local, Accesibilidade aos servizos locais básicos,

Mudanza climática, Contaminación sonora, Consumo e produción sustentábel e Xestión sustentábel dos organismos públicos e empresas locais.

Como metodoloxía de estudo, en toda análise DAFO diferéncianse os factores endóxenos e exóxenos. Os primeiros reflicten as debilidades e fortalezas que presenta o municipio, aspectos que inciden positivamente (fortalezas) ou negativamente (debilidades) e sobre os cales a autoridade local pode influír directamente. Os segundos son factores pertencentes ao ámbito exterior e, portanto, alleos ao control do ámbito municipal, os cales poden xerar un impacto positivo (oportunidades) ou negativo (ameazas).

A realización dunha análise DAFO para o municipio de Vigo, tanto para o seu conxunto como para cada unha das súas tres zonas constituíntes (urbana, semiurbana e rural), é o principal obxectivo deste estudo, un diagnóstico estratéxico que permitirá promover políticas conducentes á consecución dun desenvolvemento harmónico e equilibrado no ámbito local.

Coa esperanza e o desexo de que esta análise de sustentabilidade sexa útil para a cidade de Vigo como para calquera outra administración local, agradecemos a imprescindible cooperación da cidadanía viguesa pola súa participación activa e polas súas achegas e comentarios que permitiron a execución deste estudo.

Luis Espada Recarey

01

VIGO, CARA UN MODELO DE SUSTENTABILIDADE LOCAL

A idea de cidade sustentábel aparece pola primeira vez reflectida no coñecido como *Relatorio Brundtland* ou “O Noso Futuro Común”, redixido en 1987 polas Nacións Unidas como consecuencia de aplicar o concepto de desenvolvemento sustentábel ao ámbito metropolitano. Segundo este relatorio, unha cidade sustentábel debe ser capaz de se xerir a si mesma coa mínima dependencia posíbel e tentar crear o menor deterioramento ecolóxico¹ para a súa cidadanía: unha cidade compatíbel co ambiente, o aproveitamento dos recursos e a redución dos factores causantes do aquecemento global, garantindo unha calidade de vida óptima aos seus habitantes sen comprometer o seu futuro.

No libro *Cities for a small planet* ⁽¹⁾ esténdese a anterior idea e defínese unha cidade sustentábel como aquela que é:

- Unha cidade xusta, onde a xustiza, os alimentos, o abrigo, a educación, a sanidade e as posibilidades se distribúan debidamente e onde todos os seus habitantes se sintan partícipes do seu goberno;
- Unha cidade bela, onde a arte, a arquitectura e a paisaxe promovan a imaxinación e removan o espírito;
- Unha cidade creativa, onde a amplitude de miras e a experimentación mobilicen todo o potencial dos seus recursos humanos e permita unha máis rápida capacidade de resposta perante as mudanzas;
- Unha cidade ecolóxica, que minimize o seu impacto ecolóxico, onde relación entre o espazo construído e paisaxe sexa equilibrada e onde as infraestruturas utilicen os recursos de maneira segura e eficiente;

1) Indicador do Impacto Ambiental que representa a área de terra ou agua ecoloxicamente produtiva necesaria para xerar os recursos necesarios e asimilar os residuos producidos pola súa poboación de forma indefinida.

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

- Unha cidade que favoreza o contacto, onde o espazo público induza á vida comunitaria e á mobilidade dos seus habitantes e onde a información se troque tanto de maneira persoal como colectivamente;
- Unha cidade compacta e policéntrica, que protexa o campo do arredor, centre e integre ás comunidades no seo da veciñanza e optimice a súa proximidade;
- Unha cidade diversa, na que o grao de diversidade de actividades solapadas anime, inspire e promova unha comunidade humana vital e dinámica.

Nos últimos 60 anos a poboación urbana viuse incrementada en case 500%, pasando de 750 millóns de persoas en 1950 para 3.600 en 2011, e estímase que en 2030 os 60% da poboación irá vivir nas cidades². Portanto, o século XXI será o século das cidades. Tanto no mundo desenvolvido como nos países chamados emerxentes, as urbes concentrarán a maior parte da poboación, tornándose nos principais focos da actividade humana. Isto acarreta importantes implicacións sociais, económicas e ambientais. Por iso, a transición das cidades para o desenvolvemento urbano sustentábel debe ser unha prioridade.

O papel das administracións públicas e das distintas forzas políticas é fundamental no camiño da evolución, mais esta tórnase inalcanzábel se non se consideran aqueles sectores que inciden directamente no modelo de vida actual (enerxético, educativo, financeiro, transporte,...) e, con certeza, sen a participación da propia cidadanía. É, portanto, un proceso longo e de grande envergadura que implica o compromiso firme de todas as partes interesadas, desde os sectores públicos aos privados, pasando pola propia cidadanía e que son, sen dúbida, a chave para o avance e a consecución da sustentabilidade local.

No entanto, todo proceso de transformación ha de ter como punto de partida a definición e caracterización da situación actual. Para iso é fundamental definir o perfil demográfico da cidade, determinar as súas necesidades actuais e futuras, ser conscientes das súas fortalezas e debilidades,... de tal forma que se podan priorizar e desenvolver as actuacións e medidas necesarias en materia de desenvolvemento sustentábel local.

A cidade de Vigo presenta tanto desafíos como oportunidades para alcanzar esta focaxe que vai alén de garantir a integridade do ambiente no longo prazo, xa que tamén ten en consideración a preocupación pola calidade de vida, a igualdade entre as persoas, a seguranza e o benestar da cidadanía,... A cidade tornouse nun dos principais epicentros de

2) Nacións Unidas: Río+20, Conferencia das Nacións Unidas sobre o Desenvolvemento Sustentábel. Folla de datos, o futuro que queremos: As cidades, (2012). Dispoñíbel en: http://www.un.org/es/sustainablefuture/pdf/Rio+20_FS_Cities_SP.pdf

progreso social, cultural e económico da Galicia, mais os problemas vinculados ao seu medio urbano son, a priori, causa de insustentabilidade. A cidade concentra unha alta actividade humana, é o principal centro de consumo galego e constitúe un importante núcleo de produción industrial, modelo ao que se liga unha degradación da calidade de vida, da enerxía, dos recursos naturais,... Por iso, o desafío asociado pasa por reorientala, con base na integridade e a equidade, cara unha sociedade económica e ambientalmente estábel e equilibrada.

Ora ben, non é posíbel fixar cal é esa situación de equilibrio e menos desde a perspectiva global dunha cidade. É un concepto complexo na medida en que non é un punto estático, mais dinámico, que non pode ser definido como un horizonte concreto ao que chegar. Aínda que é preciso definir limiares, intervalos, capacidades, impactos,... estes deben ter un perfil activo debido á súa ligazón coa natureza e a sociedade, que están en constante mudanza e desenvolvemento. Pr. iso, "*o Desenvolvemento Sustentábel é unha dirección e non unha estación termo*", xa que este nunca se irá alcanzar totalmente, pois os obxectivos perseguidos deben rexerse polo principio de mellora continuada. Porén, isto non impede que os avances logrados permitan incrementar o grao de progreso social, económico e ambiental da cidade, o que repercute nunha mellora calidade de vida dos seus residentes ^[2].

Xa que logo, o diagnóstico obxecto deste estudo debe orientarse cara esta concepción e avaliar o estado da cidade como un todo, xa que só desde esta perspectiva será posíbel encarar con suceso o desafío da sustentabilidade local. A este respecto, os sistemas de indicadores constitúen, no día de hoxe, un importante instrumento de traballo. A variación dos diferentes parámetros no tempo permite determinar en que sentido se evolúe cara a sustentabilidade a partir dunha avaliación permanente das medidas adoptadas e as súas peculiaridades ambientais, sociais e económicas. Portanto, o panel dos Indicadores Comúns Europeus (ICE) constitúe un elemento de apoio relevante par a realización do diagnóstico da situación local actual consoante os principios da sustentabilidade. Para iso, é preciso contemplalos e valoralos nun contexto, e non de forma isolada, para que a globalidade e as interaccións da situación actual fiquen recollidas na tarefa de análise e diagnóstico.

O seguinte cadro resume os diferentes indicadores e os principios rectores de cada un deles:

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

A	Indicadores Principais (obrigatorios)	Principio nº (ver notas)						
		Nº	Indicador	1	2	3	4	5
1	Satisfacción da cidadanía coa comunidade local <i>Satisfacción xeral da cidadanía con varios aspectos do municipio</i>	✓	✓		✓	✓	✓	
2	Contributo local á mudanza climática global <i>Emisións de CO₂, (a logo prazo, cando se desenvolver unha metodoloxía simplificada, este indicador centrarase nas repercusións ecolóxicas)</i>	✓		✓	✓	✓		
3	Mobilidade local e transporte de pasaxeiros <i>Transporte diario de pasaxeiros, distancias e modos de transporte</i>	✓		✓	✓	✓	✓	
4	Existencia de zonas verdes públicas e de servizos locais <i>Acceso da cidadanía a zonas verdes e servizos básicos próximos</i>	✓		✓		✓	✓	
5	Calidade do ar na localidade <i>Número de días en que se rexistra unha boa calidade do ar</i>	✓				✓	✓	

B	Indicadores Adicionais (voluntarios)	Principio nº (véanse las notas)						
		Nº	Indicador	1	2	3	4	5
6	Desprazamentos dos nenos entre a casa e a escola <i>Modo de transporte utilizado polos nenos nos desprazamentos entre a casa e a escola</i>	✓		✓	✓	✓		
7	Xestión sustentábel da autoridade local e das empresas locais <i>Porcentaxe de organizacións públicas e privadas que adoptan e utilizan procedementos de xestión ambiental e social</i>			✓	✓	✓		
8	Contaminación sonora <i>Porcentaxe de poboación exposta a niveis de ruído ambiental prexudiciais</i>	✓				✓	✓	
9	Utilización sustentábel do solo <i>Desenvolvemento sustentábel, recuperación e protección do solo e das paraxes do municipio</i>	✓		✓		✓	✓	
10	Produtos que promoven a sustentabilidade <i>Porcentaxe de consumo total de produtos que levan a etiqueta ecolóxica e de produtos biolóxicos ou obxecto de prácticas comerciais leais</i>	✓		✓	✓	✓		

Principios:

1. Igualdade e inclusión social (acceso a todos os servizos básicos a prezos accesíbeis, por exemplo, ensino, enerxía, saúde, vivenda, formación e transporte).
2. Goberno local/asignación de competencias/democracia (participación de todos os sectores da comunidade local no planeamento local e nos procesos de tomada de decisións)
3. Relación local/global (satisfacción das necesidades locais a nivel local, da produción ao consumo e á eliminación, satisfacción das necesidades que non é posíbel satisfacer localmente de forma sustentábel)
4. Economía local (adaptación das capacidades e necesidades locais á dispoñibilidade de postos de traballo e outras facilidades, de forma que ameace o menos posíbel os recursos naturais e o ambiente).
5. Protección do ambiente (adopción dunha formulación ecosistemática: redución ao mínimo o uso dos re-

cursos naturais e do solo, da produción de residuos e da emisión de poluentes, potenciando a biodiversidade)

6. Patrimonio cultural/calidade do entorno arquitectónico (protección, preservación e rehabilitación dos valores históricos, culturais e arquitectónicos, incluídos predios, monumentos e acontecementos: reforzo e protección da beleza e funcionalidade de espazos e edificios).

A Oficina do Valedor do Cidadán do Concello de Vigo levou a cabo, ao longo de máis de dez anos, diversos estudos neste sentido, todos eles cun punto de partida común: “os *Indicadores Comúns Europeos*”. Unha análise pormenorizada deste estudos permitirá:

- Establecer as conclusións xerais e tendenciais para o municipio de Vigo en materia de desenvolvemento sustentábel local,
- Establecer o diagnóstico de sustentabilidade,
- E definir, priorizar e planificar estratexias, planos e actuacións que permitan un desenvolvemento sustentábel do municipio.

En resumo, todo o exposto pon de manifesto que conseguir unha cidade sustentábel é un proceso lento, que require continuidade no tempo e a participación e envolvimento profesional e persoal de todas as partes interesadas. É un camiño no que se debe educar, concienciar e instruír e que, en moitas ocasións, precisa de medidas drásticas de actuación e a ruptura coas barreiras establecidas, pois só mudando mentalidades e variando comportamentos é posíbel avanzar cara a sustentabilidade ^[3].



DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL



CADRO CONCEPTUAL

É moi útil para un diagnóstico global, o concepto de sustentabilidade sobre a tripla faceta ambiental, sociocultural e económica. Esta visión permite unha avaliación máis rigorosa dos resultados, xa que foxe dunha visión estreita da sustentabilidade que, por veces, se concentra no impacto ambiental en detrimento dos aspectos socio-económicos.

2.1. Sustentabilidade ambiental

Este cadro conceptual refírese á dependencia das funcións do noso ambiente e da súa continuidade, pois fornece recursos, asimila residuos e refugos, presta servizos ambientais (auga, clima, ar, alimentos, fixación de CO₂),... Convén definir o concepto a todos os elementos do ambiente biofísico dentro do cal e en relación ao cal as actividades humanas son desenvolvidas, mantendo a pegada ecolóxica abaixo da biocapacidade do territorio e minimizando o impacto sobre o ambiente e a paisaxe, o que contribúe, así, para a restauración dos ciclos naturais.

2.2. Sustentabilidade económica

Desenvolvemento económico asociado aos recursos humanos, enerxéticos e materiais locais con base no coñecemento da capacidade de carga do ambiente para non superala e, tamén, permitir a recuperación e rexeneración do sistema natural perante as presións externas, tendendo cara á optimización dos recursos e a maximización do beneficio cun consumo inferior destes.

2.3. Sustentabilidade social

Procura a satisfacción das necesidades actuais, ao mesmo tempo que se garanta a das xeracións futuras, incrementando a calidade de vida en termos de saúde, conforto, benestar e cohesión social.

En termos xerais, estes son os obxectivos da sustentabilidade local a nivel global. Estes obxectivos finais apenas serán alcanzábeis se se estableceren obxectivos específicos naqueles ámbitos ou sectores responsábeis pola súa consecución. Para iso, requírese unha análise previa dos mesmos, tarefa que se expón de forma sintética nas seguintes epígrafes do presente estudo. Finalmente, após a análise, será posíbel vincular o diagnóstico do municipio coas actuacións derivadas del a partir dos obxectivos establecidos para cada ámbito.

03

CONTEXTO XERAL DO MUNICIPIO DE VIGO

Antes de abordar pormenorizadamente o estudo é preciso referenciar certos aspectos básicos que tornen comprensíbel o diagnóstico concentrándose naqueles factores que poden ser condicionantes da situación actual do municipio ao longo do tempo.

3.1. Ámbito de aplicación

Nesta epígrafe estúdase a sustentabilidade local do municipio de Vigo a nivel global e na tres zonas en que foi dividido (urbana, semiurbana e rural). O seguinte cadro mostra esta distribución. A cidade foi dividida en distritos a partir dos barrios e parroquias, sendo agrupados os distritos nas tres anteditas zonas. De resto, a tabela inclúe referencias porcentuais de poboación por distrito.

Zona	Distrito	Barrios	%
Urbana	1	Areal, Barrio do Cura, Berbés, Centro, Cíes, Estación, Ferrería, García Olloqui, Santiago de Vigo	7,0
	2	A Rola, Areosa, Casablanca, Fátima, Fernando O Católico, María Berdiales, O Castro, Pr. España, Raviso, Ribadavia, San Roque	11,5
	3	Barcelona, Beiramar, Camelias, Hispanidad, Independencia, Industria, Peniche, Picacho, Povisa, Pr. España, Regueiro, Seara, Travesas	14,6
	4	Balaídos, Bouzas, Coia, Espedrigada	17,5
	5	Castrelos, Sárdoma	5,4
Semiurbana	6	Teis	9,8
	7	Cabral, Candean, Lavadores	19,9
Rural	8	Beade, Bembrive, Matamá, Valladares, Zamáns	6,7
	9	Alcabre, Comesaña, Coruxo, Navia, Oia, Saiáns	7,6

Tabela 1: División do municipio por zonas, distritos e barrios/parroquias. Fonte: Espada, L (2011)

Portanto, perante os datos pódese concluír que a zona urbana é a que presenta máis poboación. Algo máis de metade da poboación do municipio teñen a súa morada nos distritos 1, 2, 3 e 4. Estes datos son relativamente superiores aos asociados ás zonas semiurbana e rural, onde aproximadamente reside os 35% e 15%, respectivamente.

3.2. Territorio e demografía

O municipio de Vigo, situado na provincia de Pontevedra, abranxe unha superficie de 109,1 km² en total³. A área metropolitana é unha ampla bacía bordeada de serras e montes de altura media e unha estreita faixa litoral de 20 km de longo. O municipio esténdese en dirección noroeste-suroeste na beira sul da ría homónima.

O termo municipal de Vigo conta cun territorio insular, as Illas Cíes, un arquipélago de 4,46 km² situado na boca da Ría de Vigo, que en 1980 foron declaradas parque natural e que, desde 2002, están incluídas no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Dada a súa importancia comunitaria e natural, en novembro de 2013 o Concello de Vigo iniciou os trámites para que sexan declaradas Patrimonio da Humanidade.

A figura 1 mostra a situación xeográfica de Vigo como termo municipal en relación á provincia de Pontevedra e Galicia. A figura 2 mostra a división do municipio en parroquias.





Figura 1: Termo municipal de Vigo





Figura 2: Desagregado municipal por parroquias



A seguir preséntase resumidamente a evolución demográfica do municipio. A clasificación baséase en faixas etáreas quinquenais e por xénero. Os datos abranxen a década correspondente ao horizonte temporal en que foron realizados os estudos da Oficina do Valedor do Cidadán considerados como base para a realización do presente estudo.

3) Último dato rexistrado no Instituto Galego de Estatística (IGE) correspondente ao ano 2011.







DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL






DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL





DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL



A pirâmide demográfica de Vigo mostra que se trata dun municipio novo, cunha porcentaxe significativa de habitantes con idades entre 20 e 64 anos. As pirâmides de poboación indican que nos vindeiros anos a tendencia no municipio presentará un duplo envellecemento, por un lado, estreitamento pola base (descenso da natalidade) e, por outro, aumento da proporción de persoas con máis de 64 anos.

A densidade de poboación asociada ao municipio ao longo dos últimos dez anos móstrase no gráfico 1.




Gráfico 1: Evolución da densidade de poboación do municipio de Vigo. Fonte: IGE, 2014

O censo do municipio de Vigo manifestou unha clara tendencia de crecemento do ano 2003 ao 2009, cun incremento aproximado de 4.800 persoas. Tal e como se pode observar na gráfica anterior (1), o período de estagnación produciuse entre os anos 2009 e 2011, no que practicamente permaneceu invariábel a situación. O máximo poboacional do municipio produciuse en 2012, con case 297.400 habitantes. Os últimos datos analizados, correspondentes ao ano 2013, reflicten un descenso de case mil persoas a respecto do ano anterior, situándose en valores que abeiran as cifras do ano 2008, o que parece será, segundo outras fontes consultadas, unha tendencia que se podería consolidar nos vindeiros anos. A tabela 2 mostra o resumo das porcentaxes.

ANO	POBOACIÓN	INCREMENTO/DECREMENTO (Persoas)	INCREMENTO/DECREMENTO (%)
2003	292566	-	-
2004	292059	-507	-0,17
2005	293725	+1666	+0,57
2006	293255	-470	-0,16
2007	294772	+1517	+0,52
2008	295703	+931	+0,32
2009	297332	+1629	+0,55
2010	297124	-208	-0,07
2011	297241	+117	+0,04
2012	297355	+114	+0,04
2013	296479	-876	-0,29


Tabela 2: Resumo da evolución da poboación do municipio de Vigo. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2014)

Vigo posúe a máis alta poboación flutuante de toda a Galicia. Cabe remarcar que os datos presentados anteriormente reflicten o censo do termo municipal, se ben a Área Metropolitana de Vigo⁴ é unha rexión urbana cuxo ámbito territorial abarca 14 municipios, cunha poboación de 480.914 habitantes e unha extensión de 744,5 km². Esta área metropolitana non debe ser confundida coa comarca oficial de Vigo, máis reducida (426.213 habitantes e 694,8 km²), da que están excluídos os municipios de Cangas e Moaña (pertencentes á Comarca do Morrazo) e o de Salvaterra do Miño (Comarca do Condado). É o municipio máis habitado da Galicia, representa 32% da poboación da provincia de Pontevedra e 12% da galega. A nivel español, Vigo ocupa o posto 15º na lista de municipios con máis poboación.

4) Municipios da Área metropolitana de Vigo: Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Gondomar, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Soutomaior e Vigo.


DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

A proporción de homes e mulleres practicamente se mantivo constante ao longo do período avaliado. No municipio, como termo medio, os 52,3% dos cidadáns son mulleres contra 47,7% de homes.



Gráfica 2: Distribución porcentual por xénero no municipio de Vigo. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2014)

Relativamente á idade media do municipio, a gráfica 3 mostra a súa evolución para o período de estudo considerado:




Gráfica 3: Idade media do municipio de Vigo. Fonte: IGE (2014)

Portanto, o municipio e Vigo está a experimentar ano após ano un envellecemento paulatino da súa poboación. Nestes dez anos a taxa de envellecemento non parou de crecer. No ano 2013, alcanzábase o valor máximo rexistrado até o momento, cun 110,8%, o que significa que por cada cen xovens con menos de 20 anos hai 110 persoas con máis de 64, case 30 puntos superior ao dato do ano 2003.

Finalmente, cabe referir outros dous indicadores demográficos relevantes: a taxa de natalidade bruta do municipio e os movementos migratorios.

A taxa de natalidade bruta manifestou un claro descenso, pasando do máximo alcanzado en 2008 de 9,9 nacementos/1000 habitantes ao dato mínimo rexistrado en 2012 de 8,9 nacementos/1000 habitantes, o que explica, en grande parte, os datos referentes ao saldo vexetativo⁵ do municipio. Os datos obtidos do IGE indican que 2012 foi o primeiro ano desde 1975 (primeiro ano con datos rexistrados) no que o saldo vexetativo presenta valores negativos (-11 persoas) e a tendencia parece agravarse cun saldo negativo de 151 persoas rexistrado no ano 2013. A gráfica 4 mostra os datos de referencia.




Gráfica 4: Saldo vexetativo do municipio de Vigo. Fonte: IGE (2014)

No tocante ao apartado de migracións, o saldo total do municipio de Vigo (diferenza entre emigracións e inmigracións) mantívose positivo e en tendencia á alta desde o ano 2008. Foi neste ano que, en plena crise, cando se produciu a queda máis brusca, mais manténdose aínda un balanço final positivo. O ano 2010 é o primeiro ano do período analizado en que se produce un saldo migratorio negativo (-427 persoas). A tendencia a partir de entón e até 2013 (último con datos dispoñíbeis) presenta oscilacións. Entre +350 e -270 persoas en 2011 e 2012, respectivamente, e en 2013 o balanço retoma un valor positivo cun saldo final de +70 persoas. A gráfica 5 mostra os datos.

5) Saldo vexetativo= Nacementos – Defuncións.

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL




Gráfica 5: Saldo migratorio do municipio de Vigo. Fonte: IGE (2014)

3.3. Mercado de traballo

- Taxa de actividade: comprende o total de persoas con 16 ou máis anos que cumpren as condicións necesarias para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou desempregadas.
- Taxa de ocupación: é a formada por persoas de 16 ou máis anos que teñen un traballo por conta allea ou propia.
- Taxa de desemprego: comprende as persoas de 16 ou máis anos que se achan sen traballo, están a procurar un e están dispoñíbeis para traballar.

A gráfica 6 presenta de forma resumida a evolución das taxas referidas anteriormente para o municipio de Vigo.



Gráfica 6: Evolución da taxa de actividade, ocupación e desemprego do municipio de Vigo. Fonte: Elaboración propia a partir do IGE (2014)


Como se pode constatar, a taxa de actividade non rexistra variacións estatísticas significativas ao longo do período evaluado (disponíbel no IGE). Porén, non acontece o mesmo coa taxa de ocupación e desemprego.

Así sendo, a taxa de ocupación alcanzou o seu valor máximo no ano 2010 e, desde entón, desceu significativamente, entre 2 e 4 puntos porcentuais, alcanzando o seu valor máximo no ano 2013, cun 46% da poboación ocupada, coincidente, portanto, co valor máximo da taxa de desemprego. No ano 2013, unha cuarta parte da poboación do municipio achábase en situación de desemprego, embora se observe un descenso porcentual de 3,4 puntos para o ano 2014⁶. Comparando este valor cos niveis de desemprego español e europeo proporcionados polo Instituto Nacional de Estadística (INE) obsérvase que, cunha taxa de desemprego de 23,7%, España é o estado membro, xunto coa Grecia, con máis alto nivel de desemprego da Zona Euro, onde a taxa de desemprego é de 11,5%. Portanto, a taxa de desemprego do municipio vigués, apesar de estar dous puntos porcentuais abaixo da media estatal, é elevada, xa que se acha moi por en cima do nivel europeo.


As seguintes gráficas presentan as taxas de actividade, de ocupación e desemprego por xénero:

6) Datos do terceiro trimestre de 2014.


DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL



Gráfica 7: Taxa actividade do municipio por xénero. Fonte: Elaboración propia a partir do IGE (2014)



Gráfica 8: Taxa de ocupación do municipio por xénero. Fonte: Elaboración propia a partir do IGE (2014)



Gráfica 9: Taxa de desemprego do municipio por xénero. Fonte: Elaboración propia a partir do IGE (2014)

Os datos poñen en destaque que, en xeral, as mulleres presentan un índice de ocupación inferior ao dos homes. No entanto, a tendencia parece oposta no tocante á taxa de desemprego, xa que, a partir do ano 2012, a masculina supera á feminina.

A seguinte tabela mostra, por sectores económicos, a evolución da distribución porcentual da poboación ocupada:

Ano	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
2010	0,9%	19,3%	4,4%	75,4%
2011	0,5%	17,0%	4,6%	73,9%
2012	0,6%	17,7%	4,6%	72,2%
2013	0,6%	19,3%	4,2%	67,8%
2014	1,3%	19,0%	3,7%	69,2%

Tabela 3: Porcentaxes de empregabilidade por sectores económicos no municipio de Vigo. Fonte: Elaboración propia a partir do IGE (2014)

O principal sector de empregabilidade do municipio é o servizos, ocupando a case 70% da poboación. Logo a seguir áchase o industrial, que emprega, aproximadamente, 19% da masa traballadora do municipio. A máis distancia áchase o sector da construción, en claro descenso desde o estouro da crise, cuxo nivel de empregabilidade se sitúa abaixo de 4%, e o sector da agricultura e a pesca, que mal rexistra 1%.

3.4. Actividades económicas

A actividade económica en Vigo está particularmente ligada aos sectores de industria e servizos, como se pode ver reflectido na tabela 3. O municipio é considerado a maior área industrial da Galicia e entre os motores da economía viguesa destaca o sector da automoción liderizado pola factoría que o grupo PSA Peugeot-Citroën Grupo ten na Zona Franca.

Outros sectores importantes son a construción naval e o da pesca en todos os seus aspectos, desde a industria extractiva, armadora de buques, até o comercial comercial, coas súas lonxas de pesca costeira e de altura, ben como a industria conserveira, da conxelación e da transformación. O porto de Vigo é un dos principais comercializadores de peixe para consumo humano do mundo e os estaleiros na Ría son líderes da construción naval española privada, por ingresos e tonelaxe.

O porto de Vigo ten máis de 9 km de peiraos de atraque, destacando a importancia do tráfico de mercadorías (granito, a pesca e as exportacións de vehículos). Os tráfico máis considerábeis corresponden a mercadorías en xeral, destacando, para alén dos produtos da pesca, a movimentación de contentores, o tráfico rodoviario e a pedra natural.

Outras actividades económicas importantes en Vigo e a súa área de influencia son a industria química e farmacéutica, con factorías en Mos e Porriño; téxtiles; a industria editorial, na que Vigo é o primeiro referente na Galicia; a industria alimentaria; a fabricación de produtos para a construción; fabricación de maquinaria industrial; enxeñaría marítima e, en menor extensión, a industria aeronáutica.

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

Unha institución esencial para o desenvolvemento industrial de Vigo e da súa comarca foi a Zona Franca. Foi fundada en 1947 e tan só hai dúas na xeografía española. Actualmente opera como Axencia de Desenvolvemento Local e ofrece solo e infraestruturas principalmente de natureza industrial e comercial en Vigo e na súa área de influencia.

A seguinte figura mostra as zonas de maior actividade económica do municipio e que concentran, portanto, máis número de empresas. As diversas zonas industriais están localizadas en diferentes enclaves dentro do municipio vigués. As de maior presenza física son as correspondentes aos seguintes sectores: zona beiramar (entre Bouzas e Berbés), instalacións da Zona Franca (Balaídos e Alcabre), Val do Lagares, Lavadores- Cabral, Comesaña-Caramuxo e parque tecnolóxico e loxístico (Beades-Valadares)



Figura 3: Localización dos principais centros de actividade económica do municipio de Vigo. Fonte: PMUS⁷ (2012)

7) PMUS: Plano de Mobilidade Urbana Sustentábel do Concello de Vigo. Dispoñíbel no site web do Concello de Vigo.

3.5. Infraestruturas de transporte

No municipio de Vigo conflúen numerosas redes de transporte que dan saída á grande actividade industrial xerada tanto polo porto como polas empresas, mormente de automoción, existentes no municipio.

De resto, Vigo é un núcleo de pasaxe entre Galicia e Portugal e como tal absorve un grande tránsito de persoas, para alén de ser un centro turístico de alto nivel con capacidade de atracción estacional dunha grande cantidade de vehículos.

Relativamente ao tránsito por estrada, o principal eixo é a Autoestrada do Atlántico (A9) que comunica Galicia con Portugal chegando até a cidade da Coruña. Esta vía liga entronca coa cidade en primeiro lugar polo norte pola estrada A9V que principalmente absorbe tránsito lixeiro. Máis adiante, o enlace da A55 coa Av. de Madrid e, por último, o segundo cinto de circunvalación (VG 20) permiten dar saída ao tránsito portuario e industrial da cidade.

No que respecta ás principais arterias do núcleo urbano destaca a Av. de Beiramar e a Gran Vía, que divide o núcleo central da cidade dos distritos de novo desenvolvemento.

Vigo é unha estación termo ferroviaria de pasaxeiros de cercanías e longo percorrido e, alén diso, dá servizo ás actividades principalmente portuarias a partir dunha estación de mercadorías localizada no porto. Na seguinte imaxe preséntanse estas dúas liñas, en vermello a de mercadorías e en azul a de pasaxeiros. Actualmente a liña de mercadorías é a que concentra ambas as actividades por causa das obras na estación de pasaxeiros da rúa Urzáiz.




Figura 4: Liñas ferroviarias no municipio de Vigo. En vermello, a liña activa cara Guixar, en azul a liña de pasaxeiros actualmente inhabilitada. Fonte: PMUS (2012)

Por último, o Aeroporto Internacional de Vigo-Peinador áchase a 15 km do centro da cidade, entre os municipios de Redondela, Vigo e Mos. As súas principais conexións establecéronse con Madrid, Barcelona e París, aínda que existen tamén voos con destino a Valencia, Sevilla, Bilbao, Las Palmas, Tenerife e Palma de Mallorca. Referir que nos últimos anos o aeroporto mantén unha actividade descendente tanto en número de voos como de actividade en xeral.

O aeroporto ten conexións directas coa autovía das Rías Baixas (A 52 e A55), coa Autoestrada do Atlántico (AP 9), coa autoestrada de Nigrán e Baiona (AG 57) e coa autovía de circunvalación de Vigo (VG 20).

04

METODOLOXÍA

Cunha visión integradora, ambiental, económica e social, e alicerzado en criterios de sustentabilidade consoante os recoñecidos Indicadores Comúns Europeos, o obxectivo do presente estudo é comprender o estado actual do municipio de Vigo en materia de Sustentabilidade Local, entendendo esta como “desenvolvemento en equilibrio coas condicións naturais do medio físico e coas capacidades económicas locais”.

O texto parte dunha reflexión obxectiva da situación actual a partir da análise pormenorizada dunha serie de áreas temáticas que se consideraron prioritarias, nas que a Oficina do Valedor do Cidadán leva traballando durante máis dunha década:

- 1) Calidade de vida
- 2) Mobilidade local
- 3) Accesibilidade aos servizos básicos locais
- 4) Mudanza climática
- 5) Contaminación sonora
- 6) Consumo e produción sustentábel
- 7) Xestión sustentábel dos organismos públicos e empresas privadas locais

Esta análise previa dos principais ámbitos da Sustentabilidade Local é o que permitirá establecer o diagnóstico de sustentabilidade do municipio de Vigo, en xeral, e o das distintas zonas que o conforman, previamente identificadas (ver apdo. 3.1). Portanto, este documento albexa constituírse nun instrumento operativo de referencia cuxo diagnóstico final sirva de apoio ás autoridades locais nos seus esforzos para conseguir a transición

cara a sustentabilidade, ser fonte de información obxectiva e comparábel sobre os seus progresos nesta materia e tomar consciencia dos seus puntos fortes e fracos á vez que posibilite identificar aspectos que podan ser beneficiosos para o municipio con base nas experiencias doutras cidades ou rexións (benchmarking). Todo isto co obxecto de poder definir e construír Planos de Acción Locais, a curto e a longo prazo en prol do desenvolvemento sustentábel do municipio vigués, que integren o ambiente e o desenvolvemento social e económico através de obxectivos medíbeis e acordados coa cidadanía.

En resumo, a metodoloxía a seguir será a seguinte:

1. Análise, global e por zonas, dos principais criterios de sustentabilidade e identificación de tendencias.
2. Diagnóstico estratéxico de sustentabilidade. Síntese da análise previa a partir do desenvolvemento de matrices DAFO de Sustentabilidade para determinar os puntos fortes e fracos, as oportunidades e ameazas no conxunto municipal e nas distintas zonas que o conforman.
3. A partir deste diagnóstico estratéxico poderanse estableceras posíbeis liñas de actuación e accións concretas susceptíbeis de implantación e/ou potenciación.

O municipio de Vigo, no seu conxunto, debe procurar a súa propia maneira de avanzar cara a sustentabilidade a partir do desenvolvemento dunha política estruturada e programada que permita integrar xustiza social, economía sustentábel e un entorno e capital duradouro para lograr un equilibrio sustentábel que se traduza nunha mellor calidade de vida.

O principio de responsabilidade partillada e de colaboración é básico para a implementación de estratexias de desenvolvemento sustentábel local, mais, para iso, é fulcral a implicación das distintas forzas políticas, organizacións cívicas, empresas e industrias,... e, por suposto, a participación e envolvimento por parte da cidadanía.

05

IDENTIFICACIÓN E ANÁLISE DOS PRINCIPAIS ÁMBITOS DA SUSTENTABILIDADE LOCAL PARA O MUNICIPIO DE VIGO

Neste apartado identificarase e levarase a cabo un estudo pormenorizado, rigoroso e obxectivo, dos principais ámbitos da Sustentabilidade Local do Municipio de Vigo citados no capítulo anterior. A análise, que segue unha liña común, ven a apoiarse nos distintos estudos previos que a Oficina do Valedor do Cidadán foi desenvolvendo e completando ao longo dos últimos anos co obxecto de poder coñecer e definir o estado do municipio en materia de sustentabilidade.

Estes estudos seguen unha focaxe local, xa que é preciso ter en consideración as particularidades e características inherentes ao propio municipio, mais sempre tomando como base de referencia os Indicadores Comúns Europeos, elemento fundamental para poder establecer comparativas con outras cidades tanto a nivel estatal como comunitario.


A seguir detállanse as áreas temáticas anteriormente expostas:

5.1. Calidade de Vida

O concepto Calidade de vida posúe unha marcada connotación subxectiva e pode ser definido como a satisfacción das persoas co seu entorno físico e social. Considerando este principio xeral, a Oficina do Valedor do Cidadán levou a cabo diversos estudos neste ámbito que permitiron coñecer o grao de satisfacción da poboación viguesa no tocante á súa cidade. No libro “Percepción cidadá sobre a calidade de vida^[3]”, os datos analizados poñen de manifesto que o 88,8% da cidadanía se mostra satisfeita coa súa calidade de vida, en relación a vivir e traballar en Vigo. Profundizando a análise, obsérvase que son os residentes na zona urbana os máis satisfeitos, cunha satisfacción superior ao valor medio do municipio (91,4%), contra os datos rexistrados nas zonas semiurbana e rural, onde os valores son relativamente menores (86,4% e 85,7%, respectivamente). Comparativamente, obsérvase un incremento de 9,9 puntos porcentuais no nivel de satisfacción global do municipio con respecto ao dato de partida obtido no ano 2003 (77,9%) [4]. A

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

gráfica 10 mostra a evolución no nivel de satisfacción coa calidade de vida percebida polos habitantes de Vigo, en xeral e por zonas.



Gráfica10: Evolución, global e por zonas, do grao de satisfacción coa Calidade de Vida do municipio.

Fonte: Elaboración a partir de diversos estudos da Oficina do Valedor do Cidadán.

A análise por zonas do parámetro pon de manifesto que é a zona urbana a que experimentou unha maior progresión no nivel de satisfacción, cun incremento no período completo de 16,8 puntos porcentuais. Na semiurbana e rural a tendencia tamén é positiva, aínda que algo menos acusada.


No entanto, para poder cuantificar o grao de satisfacción da cidadanía requírese un estudo exhaustivo dun conxunto de aspectos directamente ligados á calidade de vida. Os niveis de satisfacción ou insatisfacción da cidadanía de Vigo relativos a aspectos xerais da cidade, ben como cos servizos municipais, resúmense nas seguintes gráficas.

Parámetros mellor valorados (niveis de satisfacción 2011)



Gráfica 11: Parámetros con maior grao de satisfacción. Fonte: Espada, L (2011)


Parámetros peor valorados (niveis de insatisfacción 2011)



Gráfica 12: Parámetros con peor grao de satisfacción. Fonte: Espada, L (2011)

Respectante ao nivel de satisfacción da cidadanía de Vigo cos servizos do municipio.

Servizos municipais. Niveis de satisfacción 2011



Gráfica 13: Nivel de satisfacción cos servizos municipais. Fonte: Espada L (2011)

O feito de que varios parámetros e servizos aparezan remarcados cun asterisco (*) indica que son susceptibles de comparativa con outras cidades europeas con base na Enquisa de Percepción do Urban Audit, o estudo aplicado á cidade de Vigo se ben, por un lado, pretende poder compararse con outros municipios españois e internacionais, por outro, tamén persegue coñecer, dunha maneira o máis detallada posíbel, a percepción da calidade de vida na cidade, daí a necesidade de incluír máis aspectos dos inicialmente reflectidos na antedita enquisa europea e que son os que recolle o indicador común europeo A-1.

Así mesmo, pola súa relevancia, servizos de competencia estatal como o sistema de pensións ou autonómica como a asistencia hospitalar, foron avaliados no ámbito local, aínda non sendo responsabilidade municipal.

5.1.1. Análise pormenorizada por parámetros e servizos indicados.

Identificados os principais parámetros e servizos, e clasificados segundo o seu nivel de satisfacción, tendo en consideración as valoracións da cidadanía do municipio de Vigo, preséntase a seguir unha análise detallada que pretende recoller de forma clara e precisa os principais datos asociados a eles.

5.1.1.1. Seguranza cidadá

A seguranza cidadá é un factor crítico para garantir a calidade de vida dunha cidade. Un entorno seguro e protexido é un dos principais pilares sobre os que se constrúe unha sociedade estábel. De todos os parámetros analizados, é o nivel de seguranza cidadá o que presenta un grao de satisfacción maior entre a poboación viguesa (ver gráfica 14).

Portanto, á vista dos datos e da importancia en si mesma do parámetro, a Oficina do Valedor do Cidadán realizou un estudo en que se aborda amplamente esta cuestión. No libro *“Seguranza Cidadá. Aplicación ao municipio de Vigo e perspectiva comparada”* ^[5], o dato actualizado de satisfacción coa seguranza do municipio pon de manifesto un aumento notable con respecto ao valor mostrado na gráfica 13. No ano 2011 o 86,8% dos residentes en Vigo mostrábanse satisfeitos co nivel de seguranza da cidade, pasando ao 95,6% na última enquisa realizada no ano 2013. De resto, o parámetro segue unha tendencia á alta que supuxo un incremento do 96% nos últimos dez anos (ver gráfica 14).





Gráfico 14: Evolución porcentual no nivel de satisfacción respecto á seguranza no municipio de Vigo. Fonte: Espada, L (2013)

A gráfica 15 mostra a evolución no nivel de satisfacción coa seguranza do municipio, global e por zonas, no período 2003-2013.


DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL



Gráfica 15: Evolución, global e por zonas, do grao de satisfacción coa seguraza do municipio. Fonte: Elaboración a partir de varios estudos da Oficina do Valedor do Cidadán de Vigo.

A tendencia positiva é significativa e mantense ao longo de todo o período nas distintas zonas, alcanzándose en todas elas valores de satisfacción superiores a 90%. O valor máximo obtense entre os residentes da zona urbana (100%), seguida, a pouca distancia, pola semiurbana (98,5%) e, relativamente inferior, a rural (91,8%).


Relativamente ao nivel de satisfacción ligado á seguraza na zona de residencia, o mellor valorado, tamén se aprecia un notábel incremento. No ano 2013 este nivel ascendía a 98,5%, aproximadamente 9,5 puntos porcentuais máis que o dato rexistrado para o ano 2011 (89,1%).



Gráfica 16: Evolución, global e por zonas, do grao de satisfacción coa seguraza na zona de residencia. Fonte: Elaboración a partir de varios estudos da Oficina do Valedor do Cidadán de Vigo.

Prodúcese un incremento no grao de satisfacción da cidadanía, en xeral, e das distintas zonas, en particular, coa mellor valoración na zona de residencia. En 2013 a totalidade dos residentes da zona urbana mostráronse satisfeitos coa seguraza do seu barrio, seguido da semiurbana, con practicamente a totalidade da súa cidadanía satisfeita (99,7%). En último lugar, e co menor incremento porcentual rexistrado, sitúase a rural cun 97,2%.

Comparativamente, o nivel de satisfacción coa seguranza na zona de residencia é superior ao rexistrado para outras cidades españolas no Urban Audit, como Oviedo (92%), Barcelona (84%), Málaga (82%) e Madrid (80%). A nivel europeo, Vigo presenta un índice de satisfacción similar ao de cidades tais como Munique ou Aalborg (97%), Zurique ou Estocolmo (96%); encontrándose este moi por encima con respecto ao doutras cidades como Atenas (38%), Nápoles (34%) ou Roma (32%).



Gráfica 17: Comparativa con outras cidades europeas. Fonte: Espada, L (2013)

No tocante á sensación de seguranza⁸, 80% dos vigueses manifesta sentirse seguro contra o 18% pouco ou nada seguro. Por zonas, a sensación de seguranza no ámbito urbano (97%) supera á da zona semiurbana (85%) e rural (71,4%).

Unha análise máis detallada permite concluír que existe dependencia estatística entre a sensación de seguranza e a taxa de vitimización persoal. No municipio, un 25% da cidadanía foi vítima dalgún delito, dato comparábel co 18% da cidadanía que manifesta sentirse pouco ou nada segura na cidade. Por zonas, na rural, un 24% sufriu algún atentado contra a súa persoa, o que concorda totalmente co 24% que manifesta sentir inseguranza na cidade. É na zona urbana onde se rexistra a máis baixa taxa de delito persoal e, portanto, onde se manifesta o maior grao de seguranza. As maiores discrepancias prodúcense na zona semiurbana, onde se rexistra a maior taxa de delitos, un 31% e, no entanto, 85% da cidadanía di sentirse segura.

Entre os principais delitos perpetrados na cidade destacan os actos de vandalismo (23%), estafa ou timo (22%), roubo de bolso/carteira (17,5%), subtracción de obxectos en vehículo (13%), ameazas ou intimidacións (12%) e roubo en vivenda ou local (7%). Por zonas, na urbana predomina a estafa/timo (27%), roubo de bolso/carteira e actos de

8) Ver o presente e o futuro sen preocupacións e sen medos.


DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

vandalismo (15%, ambos) e roubo de obxectos en vehículo (14,5%). Na semiurbana predominan as incidencias ligadas con actos de vandalismo (28,5%), ameazas ou intimidacións (20,4%), estafa ou timo (18,6%) e roubo de bolso ou carteira (15,8%). Por último, a rural manifesta unha proporción elevada de roubos de bolso/carteira, duplicando o dato doutras zonas (33%) e actos de vandalismo (31%).

De resto, pódese constatar que a taxa de denuncia é relativamente baixa, xa que só se denuncia o 33% dos actos delictuosos (37% na urbana, 34% na rural e 29% na semiurbana), sendo o principal motivo polo que non se denuncia o acto delitivo sufrido a sensación de *“non servir para nada”* cun 68% do total, sen diferenzas significativas entre as tres zonas (66% na urbana, 68% na rural e 67% na semiurbana).

5.1.1.2. Accesibilidade e calidade da vivenda

Un 24,5% da poboación viguesa móstrase satisfeita coa accesibilidade a unha vivenda a un prezo razoábel, o que representa un descenso do 17,8% con respecto ao valor obtido no ano 2003 (29,8%). En resumo, a gráfica 18 mostra a evolución, global e por zonas, do nivel de satisfacción con este parámetro no período 2003-2011.



Gráfica 18: Evolución, global e por zonas, do nivel de satisfacción con respecto á accesibilidade a unha vivenda a un prezo razoábel. Fonte: Elaboración a partir de varios estudos da Oficina do Valedor do Cidadán.

Os últimos datos dispoñíbeis, referidos ao ano 2011, mostran que un 59% da poboación viguesa se sente satisfeita coa calidade da vivenda construída contra o escaso 24,5% que o está con respecto á facilidade de acceder a unha vivenda a un prezo accesíbel, 6 puntos inferior á media europea (31%), mais superior a importantes cidades como Munique (6%), Amsterdam (8%), Luxemburgo (9%), Lisboa (10%), Helsinquiá (12%), Estocolmo ou Londres (14%), aínda que moi lonxe dos valores de satisfacción máis elevados rexistrados en cidades como Aalborg, Braga ou Oulu, onde entre o 64% e 71% da súa cidadanía acha fácil o acceso a unha vivenda. De resto, evidénciase un maior grao de desacordo canto

maior for o número de habitantes da cidade, tal é o caso de cidades como París, Roma ou Munique, coa excepción de Berlín, onde hai unha maior proporción de habitantes que achan fácil encontrar unha boa vivenda a un prezo razoábel. Por último, a nivel estatal, Vigo sitúase nos últimos postos da clasificación xunto a Barcelona (25%), rexistrándose o valor máximo da satisfacción co parámetro na cidade de Oviedo (56%).

Máis concretamente, pódese concluír que é na zona urbana onde se manifesta o maior grao de satisfacción no tocante á facilidade de acceso e calidade da vivenda construída (27,1% e 67%, respectivamente). Na semiurbana, os residentes mostran unha satisfacción do 25,7% respecto á facilidade de acceso a unha vivenda e un 41% en relación á calidade da mesma. Por último, a zona rural é a menos satisfeita, cun 12,6% na facilidade de acceso, aínda que supera á semiurbana no tocante á satisfacción coa calidade das edificacións (61%).

5.1.1.3. Oportunidades laborais e emprego

A posibilidade de encontrar un emprego e a calidade e o nivel de retribución dos postos de traballo son dous dos parámetros estudados que, en 2011, presentaban os máis altos niveis de insatisfacción cidadá, co 72% e 70%, respectivamente (ver gráfica 12).


Este alto grao de insatisfacción da cidadanía viguesa con respecto ás oportunidades de encontrar un emprego no municipio tradúcese nun nivel de satisfacción que, en 2011, apenas alcanzaba 24,6%. Este valor supón un descenso do 5% respecto ao ano 2003 (25,9%).

A nivel europeo, a satisfacción coa facilidade de encontrar un emprego é significativamente inferior, situándose o nivel global de satisfacción no 59%. Nun total de 62 cidades, a poboación considera difícil encontrar un emprego e, como excepción, tan só en seis cidades europeas se supera o 50% de persoas satisfeitas ou moi satisfeitas (Estocolmo, Copenhague, Praga, Munique, Amsterdam e Varsovia). O nivel de satisfacción de Vigo (24,6%) é superior a cidades como Madrid (21%), Barcelona (17%), Lisboa (14%), Oviedo (13%) ou Málaga (9%).

Por zonas, no referente ás oportunidades de encontrar emprego, en 2011, os niveis de satisfacción son de 32,9% na urbana, 19% na rural e o dato máis baixo rexístrase na semiurbana, cun 15,3%. Respecto á calidade e retribución dos postos de traballo, non existen diferenzas significativas entre as tres zonas nos niveis de satisfacción, xa que en todas elas o valor rexistrado alcanza o 24%.

A gráfica 19 presenta o grao de satisfacción, global e por zonas, co parámetro oportunidades para encontrar emprego no municipio no período 2003-11.

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL



Gráfica 19: Evolución, global e por zonas, do grao de satisfacción respecto ás oportunidades de encontrar emprego no municipio. Fonte: Elaboración a partir de varios estudos da Oficina do Valedor do Cidadán.

Como se pode observar, o descenso no nivel de satisfacción do parámetro é pouco significativo, apenas un 5,4% no período 2003-2011. Porén, a análise por zonas revela variacións importantes. Na semiurbana e rural prodúcese un descenso acusado no grao de satisfacción mentres que na urbana a tendencia invértese superándose en 2011 o dato rexistrado en 2003.

Por último, relacionando deficiencia e mercado de traballo, case a totalidade dos residentes do municipio se mostra en prol da integración laboral das persoas con deficiencia. Un 54% acha que este tipo de persoas pode desenvolver as súas tarefas igual que calquera outro tipo de empregado contra un 36% que acha que poden ter certas limitacións. Nesta liña, metade da cidadanía acha que estas persoas non son contratadas polas empresas porque estas non os ven abondo capacitados, aínda que a maioría considera que é debido á falta de información para levar a cabo este tipo de contratacións.

Así mesmo, entre a poboación con deficiencias, un 50% manifesta ter recibido algunha das medidas de promoción de emprego destinadas a este colectivo: un 26% beneficiouse de incentivos á contratación e un 20% de contratos específicos para persoas con deficiencia.


5.1.1.4. Axudas institucionais

En xeral, tal como mostra a gráfica 12, unha ampla maioría da cidadanía móstrase insatisfeita coas axudas que as institucións estatais e autonómicas prestan ao municipio, sen diferenzas significativas por zonas. En termo medio, no ano 2011 o nivel de satisfacción dos vigueses con estas axudas situábase por volta do 25% (global e por zonas).

5.1.1.5. Calidade do espazo construído

O 71,2% dos habitantes de Vigo valoran positivamente a calidade dos espazos públicos, tais como rúas, prazas,... o que supón un incremento do 137% con respecto aos datos de 2003, ano no que a satisfacción era do 30,2%.

A análise por zonas pon de manifesto que a urbana é a que presenta o grao de satisfacción máis alto (75,9%), seguida da rural (73,8%) e semiurbana (63,5%), significativamente menor con respecto ás outras dúas. A gráfica 20 mostra a evolución no grao de satisfacción xeral co parámetro na serie 2003-2011. As tres zonas seguen unha tendencia positiva no nivel de satisfacción, sendo a urbana e rural as que presentan porcentaxes superiores á media municipal.



Gráfica 20: Evolución por zonas do grao de satisfacción coa calidade do espazo construído. Fonte: Elaboración a partir de varios estudos da Oficina do Valedor do Cidadán.


Considerando o valor medio europeo (75%), fornecido pola última enquisa do Urban Audit, pode observarse que este é levemente superior ao obtido en Vigo. Os niveis de satisfacción máis altos, superiores ao 90%, prodúcense en cidades como Oviedo, Munique ou Luxemburgo, sendo os índices máis baixos propios de cidades do sul e leste europeo como Palermo (51%) ou Atenas (65%). A nivel español, a taxa de satisfacción de Vigo supera á da cidade de Málaga (66%), sendo inferior, no entanto, á de Oviedo (96%), Madrid (79%) ou Barcelona (75%).

5.1.1.6. Calidade dos servizos sociais e de saúde

Dentro deste bloque foron submetidos a análise diversos aspectos: rede de asistencia social, asistencia sanitaria e hospitalar, servizos de benestar e asistencia social e sistema público de pensións.

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

No seu conxunto, a rede de asistencia social e a asistencia sanitaria e hospitalar presentan un nivel de satisfacción agregado de 56,9%. Isto representa un descenso de 11% con respecto aos datos recompilados no ano 2003, en que o nivel de satisfacción alcanzaba un 63,9%. A gráfica 21 mostra a evolución no período 2003-2011, global e por zonas.



Gráfica 21: Evolución global e por zonas do grao de satisfacción coa rede de asistencia social e a asistencia sanitaria e hospitalar. Fonte: Elaboración a partir de varios estudos da Oficina do Valedor do Cidadán.

Perante os datos detéctase un claro descenso no nivel de satisfacción dos residentes da zona rural e semiurbana coa rede de asistencia social e sanitaria e hospitalar no período de análise. Ao contrario, na zona urbana prodúcese un notábel incremento de máis de 14,1%, pasando do 58% en 2003 a máis de 66% en 2011.

A nivel europeo, as cidades de Atenas ou Bucareste son as que presentan índices máis baixos de satisfacción, abaixo do 40%. En contraposición, os máis elevados, superiores ao 90%, son os de cidades como Viena ou Bordeus. Comparativamente, a taxa de satisfacción de Vigo supera á de cidades como Lisboa (63%) ou Málaga (67%), mais é inferior á de Oviedo (86%), Barcelona (72%) ou Madrid (69%).

Máis detalladamente, no ano 2011, dos parámetros enunciados no inicio desta epígrafe, a asistencia sanitaria e hospitalar é o mellor valorado de todos, cun nivel de satisfacción do 68%, mais, mesmo así, este sitúase en niveis levemente inferiores á media europea e española de 72%, igual en ambos os casos. Por zonas, a urbana é a que presenta o nivel de satisfacción máis alto (79%), 20 puntos porcentuais acima do dato rexistrado na semiurbana (59%) e un 52% superior ao nivel de satisfacción da zona rural (52%).

O seguinte parámetro, no tocante ao nivel de satisfacción, é a rede de asistencia social, cun índice final de 50,6% de aprobación. Por zonas, a satisfacción máis alta dáse na urbana (53,7%) e rural (52,4%), descendendo notabelmente na semiurbana (45,4%).

Entre todos os parámetros, o peor valorado, co 58,4% de insatisfacción, é o sistema público de pensións. O nivel de satisfacción por zonas mal abeira o 21% na rural, 25% na semiurbana e 28% na urbana. No tocante aos servizos de benestar e asistencia social, tan só o 48,4% da cidadanía se mostra satisfeita, porcentaxe que por zonas se traduce nun 50% na urbana e rural e 46% na semiurbana.

Dentro deste apartado, e pola súa relevancia, farase unha mención especial á situación actual das persoas con deficiencia no municipio. Na provincia de Pontevedra reside o 36% das persoas con deficiencia de Galicia, apenas superado pola Coruña, cun 43%. No municipio de Vigo, o 6,9% da cidadanía ten unha deficiencia (física ou psíquica) igual ou superior ao 33%, o que representa, aproximadamente, 1,5 puntos porcentuais abaixo da media estatal (5,8% na urbana, 6,8% na semiurbana e 11% na rural). Con respecto á asistencia social, 70% da cidadanía afirma ter coñecemento da existencia da Lei de Dependencia (73% na urbana, 66% na semiurbana e 79% na rural) e un 62% manifesta unha valoración moito ou bastante positiva da mesma (60% na urbana, 68% na semiurbana e 65% na rural).

Actualmente no municipio os 42% das persoas con algunha deficiencia reciben asistencia ou coidados debido á súa situación, sendo, na súa maioría, un familiar o responsábel exclusivo (39%) desa asistencia ou en colaboración dun coidador (12%).

Relativamente ás axudas económicas, metade das persoas con deficiencia foi beneficiaria dalgunha prestación económica, axuda ou indemnización por motivo da súa deficiencia.

O 53% dos vigueses mostra unha predisposición positiva a que as administracións presen axudas a este tipo de persoas en función das súas necesidades. Porén, as axudas prestadas actualmente polas entidades públicas son valoradas negativamente por un 70% da cidadanía (67% na zona urbana, 69% na semiurbana e 75% na rural). A este respecto, un 34% acha que este colectivo non interesa, non é rentábel ou non é valorado suficientemente polos organismos públicos (35% urbana, 32% semiurbana, 33% rural) e un 31% pensa que estes fondos priorízanse para outros colectivos (33% urbana, 27% semiurbana e 31% rural).


5.1.1.7. Calidade dos servizos culturais, recreativos e de lecer

Neste apartado analizáronse os seguintes aspectos: hostalaría e restauración, equipamento deportivo, cantidade de oferta cultural, instalacións culturais e oferta de lecer.

No seu conxunto, instalacións culturais e oferta de lecer presentan un nivel de satisfacción agregado do 55,9%, o que representa un incremento do 14% con respecto á satis-

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

facción de 2003, en que alcanzaba un 49,1%. A gráfica 22 mostra a evolución no período 2003-2011, global e por zonas.



Gráfica 22: Evolución, global e por zonas, do grao de satisfacción coa calidade das instalacións culturais e a oferta de lecer. Fonte: Elaboración a partir de varios estudos da Oficina do Valedor do Cidadán.

Detéctase unha tendencia positiva significativa no nivel de satisfacción coa calidade das instalacións culturais e a oferta de lecer existente no municipio. Por zonas, a urbana e rural rexistran un incremento nos seus niveis de satisfacción, mais, ao contrario, na semiurbana prodúcese un descenso acusado do 9,8% entre 2003-2011.

Unha análise pormenorizada mostra que, no ano 2011 e segundo as variábeis analizadas neste campo, a hostalaría e a restauración son os parámetros que máis satisfacción xeran entre a poboación viguesa, cun 86,8%. A máis distancia áchase o equipamento deportivo (66,2%, aínda que superior á media europea e española de 58% e 63,5%, respectivamente), a cantidade de oferta cultural (63,9%), as instalacións culturais⁹ (59,4%) e, por último, a oferta de lecer (52,3%). Entre todas, a variábel instalacións culturais é a que presenta a maior diferenza con relación á media europea (805) e lonxe da satisfacción de cidades como Munique, Ámsterdam ou Berlín (94%), Barcelona ou Madrid (82%) e Oviedo (80%).

Por zonas, a urbana mostra un maior nivel de satisfacción en hostalaría e restauración (92,5%), superando o nivel medio asignado ao municipio. Logo a seguir, a oferta cultural e equipamento deportivo existentes (67,4% e 66%, respectivamente) e, sen diferenzas significativas apreciábeis, instalacións culturais e oferta de lecer (63,3 e 63,5%, respectivamente). No ámbito rural, é tamén a hostalaría e restauración o parámetro que máis satisfacción rexistra cun 81%, seguido do equipamento deportivo (75,5%), as instalacións culturais (59%), a oferta de lecer (53%) e a oferta cultural (55%). A semiurbana é

9) Instalacións culturais: teatros, museos, bibliotecas, etc.

a menos satisfeita coas ofertas de lecer (36,1%), instalacións culturais e oferta cultural (54,5% e 58,6%, respectivamente) e cos equipamentos deportivos (62,5%), mentres que a hostalaría e a restauración, ao igual que no resto de zonas, mantense nun nivel de satisfacción elevado (81%).

5.1.1.8. Novas tecnoloxías da comunicación e da información


En xeral, 72% dos vigueses móstranse satisfeitos coa integración das novas tecnoloxías no municipio (70% urbana, 74% semiurbana e 74% rural). Con respecto á accesibilidade á Internet, hai significativas discrepancias entre considerar o ámbito público ou privado. O 66% manifesta sentirse satisfeito co acceso á Internet no ámbito privado, dos case 30% estaría moi satisfeito. Porén, estes niveis son significativamente menores no caso do grao de accesibilidade á Internet nos locais públicos, aspecto no que aproximadamente metade da cidadanía se mostra satisfeito contra un 25,1% que manifesta sentirse insatisfeito ou moi insatisfeito.

Por zonas, a rural é a que valora máis positivamente a integración de Vigo nas novas tecnoloxías (74,2%), seguida da semiurbana (73,9%) e urbana (70,2%). Con respecto á valoración sobre a conectividade en locais públicos, os niveis descen significativamente cun 51,7% na rural, 48,1% na urbana e 48,9% na semiurbana. No entanto, a accesibilidade á Internet no ámbito privado presenta máis satisfacción na zona urbana (72,1%) que na rural (66,1%) e semiurbana (59,0%).

5.1.1.9. Sustentabilidade ambiental

Entre os factores analizados nesta epígrafe, unha significativa maioría da poboación viguesa (69%) séntese satisfeita coa limpeza da cidade, o que supón 11 puntos máis que a media europea e española, aínda que manténdose a grande distancia das cidades mellor valoradas como Oviedo (97%), Luxemburgo (96%) e Munique (93%). Porén, supera a cidades como Lisboa (33%), Barcelona (40%) ou Madrid (55%). Detéctase un incremento paulatino no nivel de satisfacción a este respecto, xa que en 2003 mal alcanzaba unha satisfacción de 54%. A gráfica 23 mostra a evolución no período 2003-2011, global e por zonas.

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL



Gráfica 23: Evolución, global e por zonas, do grao de satisfacción coa limpeza da cidade. Fonte: Elaboración a partir de varios estudos da Oficina do Valedor do Cidadán.

No entanto, 73,9% móstrase insatisfeito co nivel de contaminación sonora, contra o 59% da media europea e lonxe de cidades como Oulú, co 22%. A taxa de insatisfacción da cidadanía de Vigo co nivel de ruído é superior á de Málaga ou Oviedo (64% e 40%, respectivamente), mais inferior á de Madrid, Barcelona ou Lisboa (84%, 80% e 79%, respectivamente)

Alén diso, 62% da cidadanía manifesta que Vigo ten problemas coa contaminación atmosférica (en liña coa media europea), pódose de manifesto que o grao de sensibilización co problema se agrava en proporción ao número de habitantes da cidade.

Ambos parámetros, medidos en termos de satisfacción, en 2011, presentan os seguintes valores:

Contaminación sonora:

Global =25,3%, Urbana=24%, Semiurbana=31% e Rural =17%.

Contaminación atmosférica

Global= 35,4%, Urbana=41%, Semiurbana=32% e Rural= 24%.

Ambos os parámetros, contaminación atmosférica e sonora, polo seu relevo serán tratados e analizados máis pormenorizadamente nos apartados 5.4. e 5.5 deste estudo.

Finalmente, máis de metade da cidadanía (52,4%) acha que a cidade non fai un uso razoábel dos seus recursos contra o 35,9% que o acha positivo (41% urbana, 31% semiurbana e 38% rural), o que representa 5 puntos abaixo da media europea do Urban Audit. A este

respecto, os valores para Vigo sitúanse lonxe dos correspondentes para cidades como Luxemburgo, Bordeus, Braga, Oviedo, Málaga ou Lisboa, onde entre 69% e 42% da poboación se manifesta satisfeita, embora supere os valores das dúas principais cidades españolas Barcelona (34%) e Madrid (35%).

En resumo, a análise por zonas revela que a semiurbana é a máis satisfeita co estado da limpeza da cidade cun 72,1% contra o 65,9% da urbana. No caso da contaminación atmosférica, o nivel máis alto de insatisfacción rexístrase na zona rural co 71,7% face o 55,7% da urbana. Alén diso, tamén a zona rural é a máis insatisfeita respecto á contaminación sonora cun 81,8% face o 69,0% da semiurbana e 75,1% da urbana.

5.1.1.10. Sustentabilidade Social

Inclúese neste apartado a análise da integración dos estranxeiros, a discriminación e integración das persoas con deficiencia e a facilidade para chegar con recursos no fin de mes da cidadanía de Vigo.

No tocante ao primeiro parámetro, unha grande maioría da cidadanía (62%) móstrase satisfeita coa integración da poboación estranxeira na cidade, superior á media europea (49%) e española (47%). Entre as principais cidades con máis taxa de satisfacción ao respecto pódese citar a Cardife ou Braga (66%) e Luxemburgo (65%). Vigo supera o índice rexistrado para cidades como Málaga (61%), Lisboa (59%), Oviedo (53%) ou Madrid e Barcelona (38% e 36%, respectivamente)

O maior nivel de satisfacción, sen discrepancias significativas, prodúcese nas zonas semiurbana e rural co 66,6% e 66,1%, respectivamente, case 10 puntos superior á urbana, onde o nivel de satisfacción desce até o 57,7%.

Relativamente ás persoas con deficiencia, un 65% da cidadanía acha que estas persoas non teñen as mesmas posibilidades de vida que o resto (67% urbana, 62% semiurbana e 64% rural) e que na actualidade aínda existen moitos prexuízos sobre este colectivo (61% urbana, 74% semiurbana e 78% rural). Os principais problemas destacados polos vigueses para a integración na sociedade deste colectivo son: o emprego (50%), a accesibilidade aos servizos (42%), as barreiras arquitectónicas (42%), o transporte (32%), a vivenda (29%) e as relacións sociais (27%).

As entidades ligadas á atención ás persoas con deficiencia achan na súa ampla maioría que existe discriminación social e falta de consciencia con este colectivo e concordan en indicar o descoñecemento e falta de información como os principais causantes. De resto, todas elas concordan en que os cortes debidos á crise están a agravar o problema, xa

que la redución ou falta de axudas dificulta o desenvolvemento social e a inserción laboral do colectivo. Porén, fan unha valoración positiva da lexislación existente, recoñecendo a falta de actuacións concretas que as implementen.

Entre as persoas con deficiencia, un 52% declara terse sentido discriminado pola súa deficiencia contra o 48% que manifesta non ter sentido esa discriminación nunca. Entre os principais ámbitos en que estas persoas se sentiron algunha vez discriminadas destaca: o transporte e os desprazamentos (49%), a participación en actividades culturais e de lecer (44%), a contratación de seguros (37%), a contratación laboral (35%) e as relacións sociais (34%).

No tocante ás dificultades da poboación viguesa para chegar con recursos a fin de mes, un 43,9% declara ter dificultades significativas, porcentaxe moi alta comparada coa media europea do 27%. Vigo sitúase ao nivel de cidades como Sofía (43%) ou Atenas (42%), inferior a Istambul (65%) ou Nápoles (53%) mais, aínda, moi lonxe de cidades como Aalborg (4%) ou Estocolmo (8%).

Por zonas, na rural 46,9% da cidadanía móstrase satisfeita coa súa situación contra o 52,7% e 59,7% da zona urbana e semiurbana, respectivamente.

Os datos presentados reflicten unha problemática a cada vez máis estendida e que require unha acción urxente. A Oficina do Valedor do Cidadán, consciente desta situación, desenvolveu, no ano 2011, un estudo específico no que se tentaba abordar este tema a partir dunha perspectiva ampla e transversal. Neste estudo, intitulado "Pobreza e exclusión social. Perspectiva comparada e estudo específico do municipio de Vigo[6]", inclúense unha serie de datos significativos que permiten caracterizar e contextualizar a situación particular do municipio de Vigo en materia de pobreza e exclusión social.

Así sendo, a percepción cidadá é que, en xeral, a pobreza aumentou en todos os niveis: mundial, estatal, autonómico e local. Esta percepción traducida a cifras significa que máis do 91% dos vigueses acha que a pobreza aumentou nos últimos anos (88% urbana, 94% semiurbana e 95% rural), percepción moi superior á media europea (53%) e española (57%). Pormenorizando, case sete en cada dez cidadáns (67,2%) acha que a pobreza e a exclusión social están, actualmente, moito ou bastante estendidas no municipio. Neste caso, o índice é case 8 puntos inferior á media da UE (73%) e segue a tendencia estatal (66%). A análise por zonas reflicte discrepancias significativas entre as opinións das zonas semiurbana e rural (75,3% e 73,6%, respectivamente) contra a urbana (59,9%).


Portanto, e con base nestes datos, pódese referir que existe unha clara evidencia de que a cidadanía está moi consciente co alcance da pobreza e a exclusión social na sociedade actual.

En termos xerais, un 58,2% da poboación viguesa confía en manter o seu emprego (72,6% urbana, 39% semiurbana e 46% rural), aínda que esta porcentaxe é inferior á media europea (78%) e española (70%). Os datos rexistrados sinalan que 55,1% da poboación presenta dificultades para encarar un gasto imprevisto de 500€ (44% urbana, 72% semiurbana e 53% rural), porcentaxe superior á da media española (44%) e case 20 puntos acima da europea (37%). Así mesmo, 34,6% manifesta presentar problemas para encarar os seus empréstimos (25,5% urbana, 50% semiurbana e 28,5% rural) e case 18% para encarar o pagamento das súas facturas (14,6% urbana, 24,4% semiurbana e 14% rural)

En Vigo, o 16% da cidadanía manifesta presentar problemas para pagar o aluguer (17% urbana, 17% semiurbana e 12,4% rural), aínda que é inferior á española (21%), mais superior á media europea (13%). Alén disto, un 14,1% dos vigueses asegura ter dificultades para sufragar gastos alimenticios ou de outros bens de consumo básicos habituais (9,6% urbana, 20,4% semiurbana e 10% rural).

Perante esta situación, case a totalidade dos vigueses (94,8%) coincide en que se trata dun problema que require medidas urxentes, asignando unha porcentaxe de responsabilidade do 1,4% ao Concello de Vigo. O nivel de confianza nas institucións de carácter público é menor que o outorgado ás organizacións non gobernamentais (ONG), iniciativas cidadás ou institucións relixiosas. De resto, case seis en cada dez persoas consideran ineficaces os programas e políticas desenvolvidas en materia de combate á pobreza e á exclusión social. Por zonas, as porcentaxes de cidadáns que consideran que estes programas melloran as cousas mal supera os 25% na urbana, 23,3% semiurbana e 14% rural.

A gráfica 24 mostra a evolución da taxa de risco de pobreza¹⁰ no municipio de VIGO..



Gráfica 24: Evolución porcentual da taxa de risco de pobreza en Vigo. Fonte: Elaboración propia a partir do IGE (2014)

¹⁰⁾ Taxa de risco de pobreza: é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao límite de risco de pobreza de Galicia, establecido no 60% da mediana de ingresos equivalentes.

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL


Comparativamente, no ano 2010, a taxa de pobreza na Unión Europea ascendía a 17%. Entre os países con menor risco de poboación exposta á pobreza destacan a República Checa (8,6%), Eslovaquia (11%) e Países Baixos (11,1%). En contraposición áchanse países como Letonia (25,7%), Romanía (22,4%) ou Lituania (20,6%). España presenta unha taxa elevada do 20,8%.

A taxa de risco de pobreza para o municipio de Vigo, tomando como referencia o ano 2010, é catro puntos porcentuais inferior á media europea e case 8 puntos inferior á media estatal.

5.1.1.11. Sustentabilidade económica

Foron varios os parámetros analizados neste contexto. Relativamente a se a poboación acha que Vigo é unha cidade adecuada para crear e desenvolver empresas, 69,3% afirma estar satisfeito, sendo a cidadanía da zona semiurbana a que mostra o máis alto nivel de satisfacción (78,6%) seguida da zona rural (75,6%) e da urbana (66,3%, 12 puntos inferior ao nivel máis alto).

O porto da cidade conta cunha satisfacción do 77,8% da cidadanía, case un 30% superior ao dato rexistrado no ano 2003 (60,4%). Por zonas, a máis satisfeita é a rural (85,3%) contra a semiurbana (77,7%) e urbana (75,7%). A gráfica 25 mostra esa evolución.



Gráfica 25: Evolución, global e por zonas, do grao de satisfacción co porto da cidade. Fonte: Elaboración propia a partir de varios estudos da Oficina do Valedor do Cidadán

Un 83,1% da cidadanía di sentirse satisfeita coa capacidade de atracción turística da cidade. Por zonas, os habitantes da rural, co 85,1%, están máis satisfeitos que os da semiurbana e urbana, co 83,1% e 82,6%, respectivamente.


Por último, o parámetro mellor valorado por todos os vigueses foi a calidade do comercio existente no municipio, valorándoa positivamente un 85,6% das persoas residentes en

Vigo. Os residentes na zona urbana (89,6%), como cabería esperar, móstranse máis satisfeitos no relativo a esta cuestión contra o 84,6% dos da rural e 80,3% da semiurbana.

5.1.1.12. Mobilidade e tránsito

Aínda que este apartado será abordado con maior detalle no apartado 5.2 deste estudo, cabe sinalar que, a grandes riscos, apenas 29,5 % da cidadanía está satisfeita co tránsito da cidade. Esta porcentaxe, mesmo sendo baixa, representa un incremento significativo, pois o nivel de satisfacción deste aspecto mal alcanzaba o 10% en 2003.

A gráfica 26 mostra a evolución no nivel de satisfacción do parámetro no período 2003-2011, baixo unha perspectiva global e por zonas.




Gráfica 26: Evolución, global e por zonas, do grao de satisfacción co tránsito existente no municipio. Fonte: Elaboración a partir de varios estudos da Oficina do Valedor do Cidadán.

Pódese observar unha tendencia positiva significativa no nivel de satisfacción da cidadanía, en xeral, e das distintas zonas, en particular, coa situación do tránsito no municipio de Vigo. A zona semiurbana presenta o maior grao de satisfacción e maniféstase através dun incremento de, aproximadamente, 510% respecto a 2003. Na zona rural, o incremento no nivel de satisfacción alcanza o 65,7% nese período, alcanzándose un 29% no ano 2011. Por último, a urbana tamén sofre un incremento significativo entre 2003 e 2011, ora ben, menos acusado que o detectado noutras zonas, situándose o valor final nun 12% no ano 2011.

En termos de insatisfacción, o 69,7% da cidadanía móstrase insatisfeita coa situación do tránsito na cidade. Tal e como sería de esperar, son os residentes da zona urbana os que valoran máis negativamente esta cuestión (87,0%). Os niveis de insatisfacción descen en case 20 puntos para a cidadanía da zona rural (69,9%) e non ten tanta incidencia para os residentes da zona semiurbana, cun 44,8% de insatisfacción.

Respectante ao transporte público entre Vigo e o seu entorno, máis de metade da poboación viguesa (57,8%) mostrábase satisfeita con este servizo en 2011, rexistrándose na zona semiurbana o maior nivel de satisfacción (62,5%); no resto de zonas, esta porcentaxe desce significativamente, cun 59,4% na rural e un 54% na urbana.

O nivel de satisfacción aumenta no tocante ao transporte público urbano. Sete en cada dez persoas (70,1%), en liña cos datos medios da Unión Europea, din mostrarse satisfeitas con este servizo, o que supón un incremento de 51,7% respecto ao rexistrado en 2003 (46,2%). A gráfica 27 mostra a evolución no nivel de satisfacción deste parámetro no período 2003-2011, a partir dunha perspectiva global e por zonas.




Gráfica 27: Evolución, global e por zonas, do grao de satisfacción co transporte público urbano.

Fonte: Elaboración a partir de varios estudos da Oficina do Valedor do Cidadán

Estes datos poñen de manifesto unha tendencia positiva no nivel de satisfacción cidadá no período de estudo. Por zonas, os residentes da rural (78,3%) son os que presentan o nivel de satisfacción máis alto, cun incremento do 86% respecto a 2003. A seguir, a semiurbana que, en 2011, cun 68,3% de cidadáns satisfeitos, presenta un incremento do 50,4% respecto a 2003 (45,4%). Por último, na zona urbana prodúcese o incremento máis baixo e rexístrase a menor porcentaxe de satisfacción, pasando do 48% en 2003 para o 69,0% en 2011

5.1.1.13. Ensinanza e cultura

A satisfacción dos vigueses coa rede educativa existente no municipio experimentou un incremento significativo do 40,2% no período analizado, pasando do 56,5% en 2003 ao 79,2% en 2011. Na gráfica 28 pode constatarase esa evolución.



Gráfica 28: Evolución, global e por zonas, do grao de satisfacción coa rede educativa existente no municipio.

Fonte: Elaboración a partir de varios estudos da Oficina do Valedor do Cidadán


Esta gráfica pon en destaque a clara tendencia positiva experimentada pola satisfacción cidadá coa rede educativa do municipio. Por zonas, a urbana é a que, cun 52,6%, presenta o maior incremento rexistrado no municipio que alcanza en 2011 un nivel de satisfacción de case o 82% contra o 54% rexistrado en 2003. Nas outras dúas zonas os incrementos rexistrados son algo menores. Para a semiurbana entre 2003 e 2011 produciuse un aumento do 31,8% (59,5% en 2003 e 78,4% en 2011); e na rural rexistrouse un 72% en 2011, un 20,6% superior ao dato rexistrado en 2003 (60%).

Outro parámetro analizado para o ano 2011, e que se inclúe dentro deste bloque, foi a normalización da lingua galega. A este respecto, máis de metade dos vigueses (53,0%) móstrase insatisfeito co grao de desenvolvemento deste aspecto contra o 36,8% de satisfeitos. Por zonas, non existen diferenzas significativas, xa que a satisfacción oscila entre o 34% e 38%, sendo os moradores da semiurbana os máis sensíbeis a esta cuestión.

5.1.1.14. Participación e xestión municipal

Case metade da cidadanía (48,4%) está satisfeita coa participación cívica no municipio, situándose esta porcentaxe 32 puntos porcentuais acima do dato rexistrado en 2003 (16%). Por zonas, a rural e a urbana (53,8% e 50,2%, respectivamente) valóranas máis positivamente que a semiurbana (43,7%), 10 puntos inferior ao dato máis alto rexistrado. A gráfica 29 mostra a evolución da satisfacción cidadá coa participación na xestión municipal.

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL



Gráfica 29: Evolución, global e por zonas, do grao de satisfacción coa rede educativa existente no municipio. Fonte: Elaboración a partir de varios estudos da Oficina do Valedor do Cidadán

A atención cidadá ofrecida polos servizos administrativos do Concello mostra un alto grao de discrepancia entre a cidadanía. Así sendo, un 41,7% valóraos positivamente, 10 puntos inferior á media europea (52%), contra un 49,7% que están insatisfeitos. Por zonas, o grao de satisfacción rexistrado a este respecto fica da seguinte forma: 41% urbana, 44% semiurbana e 37% rural.

5.1.1.15. Outros aspectos

Pódese referir, finalmente, que unha grande proporción de cidadáns acha que o atractivo turístico (51,3%), a utilización das novas tecnoloxías (55,8%) ben como a calidade da oferta comercial (44,9%) melloraron ao longo dos últimos anos. Ao contrario, as conexións por avión (42,5%), a situación da economía doméstica (63,0%), a facilidade para estacionar na cidade (82,3%), a facilidade para estacionar nos parques de estacionamento (48,3%), ben como o ruído na cidade (49,3%) empeoraron. En cambio, considérase que se mantén constante a situación relativa á atención cidadá administrativa, a calidade da hostalaría, a integración da cidade na contorna metropolitana, a normalización do galego, os servizos de transporte público, a capacidade de atracción de novas empresas e a tolerancia respecto á inmigración.

5.2. Mobilidade Local

Nas cidades e municipios, existe un problema evidente de mobilidade debido ao aumento exponencial do uso de transporte motorizado privado e ao uso ineficiente do mesmo, tendencia insustentábel para manter as cidades como o motor da economía. Por iso, e mediante estratexias integradas, é preciso mudar os padróns de comportamento na mobilidade da cidadanía através de propostas de actuación que promovan modos de desprazamento máis sustentábeis ambientalmente (mobilidade de peóns, en bicicleta

e transporte público) e que non sexan incompatíbeis co desenvolvemento económico e cunha coordinación equilibrada entre os usos do dolo e a mobilidade [7].

Por isto, alcanzar un modelo de mobilidade sustentábel tornouse nunha preocupación compartida pola maioría das cidades. O desafío consiste en desenvolver estruturas e sistemas de transporte e mobilidade integrados, eficientes e con base no uso racional do espazo urbano. Aquelas cidades capaces de o lograr son as que con certeza se posicionarán na cabeza dos índices de desenvolvemento económico e humano. Un novo equilibrio nos medios de transporte que se oriente cara ás tres vertentes da sustentabilidade é a garantía para conseguir unha cidade máis competitiva, máis humana e máis habitábel.

Como obxectivos xerais para conseguir un novo padrón de mobilidade nos municipios pódese destacar a optimización dos desprazamentos (accesibilidade), a racionalización no uso do vehículo privado, a priorización e mellora dos medios de transporte non motorizados (peonil e ciclista) e do transporte público urbano e interurbano e a redución do consumo enerxético, da accidentabilidade e do impacto ambiental.


A finalidade desta análise previa é chegar a establecer a caracterización e a contextualización do municipio no ámbito da mobilidade local. Serán tres os ámbitos prioritarios neste estudo: os hábitos de mobilidade da cidadanía, o transporte público e os estacionamentos. Porén, é importante levar en conta a existencia doutros factores intrinsecamente ligados á mobilidade, entre os cais a accesibilidade ou as infraestruturas.

Para isto, analizaranse e recompílanse diversos datos significativos incluídos nunha serie de estudos elaborados a tal efecto pola Oficina do Valedor do Cidadán. Estes estudos foron elaborados con base nos Indicadores Comúns Europeus A-3 e B-6, ou se focalizaron nunha análise específica de certos temas intrinsecamente ligados á mobilidade sustentábel no municipio de Vigo a fin de conseguir un uso racional dos medios de transporte. De resto, a análise apoiárase en determinadas fontes de información consultadas e que, no seu caso, aparecen debidamente referenciadas ao longo do mesmo.

5.2.1. Hábitos de mobilidade

No municipio de Vigo estímase unha media de 750.000 viaxes ao día, dos cales por volta do 70% son motorizados. O uso do transporte privado predomina tanto en viaxes interiores como exteriores. Os medios non motorizados destacan en viaxes interiores, sendo practicamente inexistentes en viaxes exteriores e os medios de transporte público ocupan o terceiro posto en viaxes interiores e o segundo en viaxes exteriores. As seguintes gráficas mostran un resumo dos datos.

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL



No libro “*La movilidad local. Aplicación al municipio de Vigo y comparación con otras ciudades europeas*”^[9] faise un estudo detallado da mobilidade tanto dunha perspectiva global como específica; isto é, o primeiro termo fai referencia á mobilidade local e transporte de pasaxeiros, mentres que o segundo está vinculado co desprazamento dos nenos/as entre a casa e a escola.


Relativamente á caracterización do desprazamento segundo a súa motivación, pódese concluír que 81,1% son desprazamentos non sistemáticos (non diarios, tais como a compra esporádica, o lecer semanal e o lecer de fin de semana) contra o restante 18,0% de desprazamentos sistemáticos (diarios, tais como traballo e escola).

Nos desprazamentos non sistemáticos predomina o transporte non motorizado (51,6%), a pé ou en bicicleta, contra o motorizado privado (37,8%) e público (10,6%). Esta tendencia apenas se altera no caso do lecer de fin de semana, onde o medio privado (65,7%) é máis utilizado que o non motorizado e público, ambos sen diferenzas significativas (17,1% e 17,2%, respectivamente).

Todo o contrario acontece nos desprazamentos sistemáticos, nos que predomina o motorizado privado (54,9%) contra o público (27,9%) ou non motorizado (17,2%). Ora ben, no caso transporte privado cabe destacar que este é un valor medio, xa que no caso de desprazamentos escolares predomina o transporte público (57,2%). Portanto, se o destino é o traballo, o 61,6% dos desprazamentos realízanse en medios de transporte privados contra o 28,9% en desprazamentos a centros escolares. Con respecto a esta última porcentaxe, no existen diferenzas significativas entre o valor do indicador A-3 e o específico B-6 polo cal 30,4% utiliza coche privado, 37% transporte público, e 32,4 % vai á escola a pé. Máis concretamente, o principal motivo de usar medios privados para ir á escola é, nun 48%, a distancia percorrida, cun valor medio de 9km, seguido da falta doutros medios (19%) ou por seguranza (17%).

No tocante aos datos do ano 2003, cabe destacar como factor positivo un incremento do 28,9% no uso do transporte público en desprazamentos sistemáticos e do 32,9% nos non sistemáticos. Isto explícase, mormente, debido ao maior uso do transporte público en desprazamentos ao traballo, escola e lecer semanal e de fin de semana. Como contrapartida produciuse un incremento, aínda que menos acusado, do transporte privado para ir ao traballo (10,7%). Estes incrementos tradúcense nun descenso no uso dos medios non motorizados principalmente en desprazamentos laborais, a escolas e lecer semanal, cun incremento de menos de 2 puntos porcentuais en desprazamentos de compra diaria.

Na gráfica 30 preséntanse os datos resumo comparativos. Por columnas, de abaixo para arriba, o primeiro nivel corresponde ao medio non motorizado, o segundo nivel ao transporte privado e o último ao transporte público.



Gráfica 30: Comparativa medios de transporte por actividade. Fonte: Espada, L (2009)

En termos absolutos, é a actividade relativa ao lecer de fin de semana a que presenta o maior número de viaxes (2,33), o maior tempo transcorrido por viaxe (29,15 min) e a maior distancia (11 Km.). Para o resto de desprazamentos: traballo, escola, compras e lecer semanal, os valores son inferiores. No caso do número de viaxes, este oscila entre 1,5 e 2, superándose en todos eles os 15 min, salvo os escasos 10 min asignados a actividades de compra. As distancias percorridas son tamén inferiores, correspondendo a máis baixa ao proceso de compra (1,78 Km.), aínda que é destacábel a distancia dos desprazamentos até á escola, con algo máis de 9 km.

En comparación co ano 2003, o número de viaxes diminuíu en catro das cinco grandes actividades: traballo, escola, compra diaria e lecer semanal. Isto pode explicarse en grande medida pola situación actual de crise, a elevada taxa de desemprego,... Así mesmo, os tempos empregados aumentaron en desprazamentos sistemáticos entre 1 e 1,5 puntos

e diminuíron nos non sistemáticos. No tocante á distancia media, esta reduciuse significativamente nos desprazamentos de lecer de fin de semana (-7,5 Km.) e mantívose ou incrementou levemente no resto dos desprazamentos analizados

Por zonas, o transporte privado é o medio por excelencia para desprazamentos ao traballo nas tres zonas analizadas. A porcentaxe máis alta corresponde á rural (73,5%) seguido da urbana (61,5%) e semiurbana (57,4%). A tendencia invértese no uso do transporte público para desprazamentos ao traballo (13,5%, 15,5% e 29,2%). Alén diso, é o medio máis empregado en desprazamentos de lecer de fin de semana con porcentaxes iguais ou levemente superiores ao 65% nas tres zonas.

O uso do transporte público só predomina nos desprazamentos aos centros de ensino. Este medio de transporte representa o 96,6% na zona rural, o 59% na urbana e diminúe até o 40% na semiurbana, onde é significativo o uso de medios non motorizados cun 23,15%, 12 puntos porcentuais superior ao da urbana e sendo inexistente na rural. A semiurbana co 37% e a urbana co 30% son as zonas que máis usan os medios privados para este tipo de viaxes contra o escaso 3,4% da rural.

Existen discrepancias nos valores dos dous indicadores A-3 e B-6, mais non nas tendencias observadas. As porcentaxes de uso do transporte escolar redúcense significativamente cun 78% para a rural, 35% para a urbana e apenas un 24,5% para a semiurbana, na que predomina o uso do coche privado (39%), por encima dos medios non motorizados (36,5%), que significativamente son superiores aos rexistrados polo indicador xeral. De resto, e respectante ao uso dos medios non motorizados, é notábel a discrepancia a respecto dos valores establecidos para o ámbito rural, xa que no A-3 non existía este tipo de medio para o transporte aos centros escolares fronte ao 11% rexistrado polo indicador específico B-6.

Os medios non motorizados predominan nas tres zonas para as compras diarias con porcentaxes superiores ao 75%, seguidos do transporte privado, cuxo valor máximo se alcanza na zona semiurbana (21,7%). O uso de medios públicos para este tipo de actividade é practicamente desprezábel nas tres zonas con apenas o 0,96% na urbana, 1,5 % na semiurbana e 5,3% na rural. Ademais, os medios non motorizados predominan nos desprazamento para lecer semanal, aínda que as porcentaxes son relativamente inferiores ás da compra diaria, con valor máximo para a zona urbana (64%) e mínimo para a rural (45,2%), sendo esta zona a que alcanza o máximo en transporte privado para este tipo de actividade (35,5%), tal e como cabería de esperar. Non existen practicamente diferenzas significativas no uso do transporte público entre a rural e semiurbana (19,3% e 20,0%, respectivamente) e é 8 puntos superior á porcentaxe asignada ao uso deste medio de transporte no ámbito urbano.

O maior número de viaxes por actividade realízase na zona urbana, a excepción do lecer de fin de semana, que é maior na zona rural. En comparación co ano 2003, o número de viaxes descendeu en todas as zonas a excepción do lecer de fin de semana, que aumentou en dúas delas, urbana e rural. O tempo medio en desprazamentos sistemáticos aumentou na zona urbana e rural e diminuíu na semiurbana. En desprazamentos non sistemáticos, en xeral, produciuse un descenso respecto ao tempo medio rexistrado para o ano 2003, sendo máis acusado para a zona rural en desprazamentos ás compras diarias, con case 11 minutos menos. A excepción prodúcese na zona semiurbana, cun incremento de apenas 2,5 minutos no lecer semanal. A respecto da distancia media percorrida, en xeral aumentou na zona urbana en catro das cinco actividades analizadas, a excepción do lecer de fin de semana, no que se produciu un descenso acusado de case 7 Km. Na zona semiurbana, a distancia media percorrida en desprazamentos sistemáticos reduciuse 1,6 Km. para o traballo e apenas 0,5 Km. para desprazamentos escolares. En desprazamentos non sistemáticos, tais como compras diarias e lecer semanal, as distancias tamén se incrementaron respecto de 2003 pouco máis de 0,5 Km., sendo significativo o descenso en lecer de fin de semana con algo máis de 10 Km. Na zona rural incrementouse significativamente a distancia en desprazamentos escolares a respecto dos datos do ano 2003, con algo máis de 5 Km. Nas restantes grandes actividades producíronse descensos de entre 1,2 e 2,5 Km. no traballo, lecer semanal e lecer de fin de semana e practicamente non hai variación na distancia media do lecer semanal.

O Anexo 1 mostra os cadros resumo cos resultados obtidos en función do tipo de desprazamento (traballo, centro de ensino, compra diaria, lecer semanal e lecer de fin de semana) para cada unha das zonas en que se dividiu o municipio.

5.2.2. Transporte público

A nivel local, as autoridades posúen competencias nos servizos de transporte urbano dentro do seu municipio e este preséntase como un dos elementos fundamentais dentro da súa xestión da mobilidade ^[9]. Por iso, nos últimos anos veuse promovendo desde as institucións locais o uso do transporte público non apenas pola súa importante función social, mais tamén pola súa relevancia estratéxica no ordenamento territorial. As cidades tórnanse grandes e aumentan os desprazamentos por traballo, lecer,... que, sen un planeamento acaído, poden representar unha grave ameaza. Con efecto, a grande cantidade de solo urbano que require o transporte é detraído do que precisan outras actividades humanas, véndose estas na obrigación de se expandir polo territorio, o que supón un incremento das distancias que requiren pola súa vez máis espazo de transporte, xerándose así un círculo vicioso ^[10]. É fundamental, portanto, dotar o municipio dun sistema de transporte público urbano potente, capaz de se adaptar e satisfacer as necesidades crecentes de mobilidade da cidadanía e orientado cara os obxectivos da sustentabilidade nas súas vertentes económica, social e ambiental.


Para caracterizar a rede de transporte urbano de Vigo a análise basearase nas seguintes fontes de información: Observatorio de Mobilidade Metropolitana, Concello de Vigo, Operador municipal de autobuses urbanos Vitrasa e certos estudos respectantes da Oficina do Valedor do Cidadán.

O Observatorio de Mobilidade Metropolitana (OMM) é unha iniciativa dos ministerios españois competentes no ambiente e transporte e de determinadas autoridades estatais do transporte metropolitano (ATP). Este Observatorio elabora anualmente relatorios con datos relativos á mobilidade das áreas metropolitanas participantes, con especial énfase na oferta e procura de transporte público. A análise dos Informes OMM-2008 e OOM-2009 permite elaborar os indicadores de eficiencia produtiva do transporte de Vigo e comparalos cos doutras cidades do ámbito español e europeo. O informe do ano 2008 foi o último en que participou directamente a empresa operadora do servizo público de transporte de Vigo. Contodo, algúns dos datos aparecen actualizados no documento do ano 2009, polo que, no seu caso, tomaranse estes últimos, sempre deixando clara a orixe destes. O obxectivo é reflectir o contributo do transporte público na melloría da contorna urbana e compartir experiencias para mellorar a xestión dos sistemas de transporte público.

5.2.2.1. Caracterización do sistema de transporte público urbano do municipio de Vigo


O índice de motorización das áreas metropolitanas é un indicador que mostra a catividade do transporte público, xa que indica o potencial a medio prazo da xeración de viaxes en vehículos privados. En España, polo menos metade da poboación dispón de cacho propio cunha taxa media de 476 vehículos/1.000 habitantes, datos referidos ao ano 2012¹¹ e en liña coa media europea (ver gráfica 31).

11) Anfac (2012): "Mercado y parque de turismos en España. Evolución y Potenciales". Dispoñíbel en: <http://www.anfac.com/openPublicPdf.action?idDoc=775>.



Gráfica 31: Taxa de motorización en países da UE. Fonte: Anfac (2012)

España entrou nunha fase madura, cunha grande procura de reposición e baixa proporción de nova procura, aínda que relativamente lonxe dos niveis de saturación propios das economías máis desenvolvidas. A crise impactou fortemente na evolución recente do sector, con estagnación ou mesmo redución no número de vehículos por 1000 habitantes. Así sendo, a taxa española é inferior á de países como Francia, Inglaterra, Alemaña ou Italia, correspondéndolle a este último o máis alto valor europeo (ver gráfica 32). As taxas máis baixas corresponden a países como Rumanía (197), Eslovaquia (294), Hungría (300) e Bulgaria (329).




Gráfica 32: Evolución recente Top 5 da UE. Fonte: Anfac (2012)

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

O índice de motorización varía moito dunhas áreas para outras: por exemplo, en Turín é de 620 coches/1.000 habitantes mentres que Londres, con 330, alcanza algo máis de metade da primeira. Obsérvase que hai moitas áreas con niveis de motorización baixos e que teñen elevado uso do transporte público como Budapest ou Londres, o que significa que os operadores de transporte público están a ofertar servizos atraentes e eficientes, facendo con que os seus habitantes sexan menos dependentes do vehículo privado, aínda que tamén inflúen factores como a densidade urbana, o tamaño da familia ou o custo do estacionamento. No caso concreto de Vigo produciuse un incremento notábel do vehículo privado, xa que no ano 2008 situábase en valores de 500 vehículos/1.000 habitantes, ascendendo na actualidade aos 667 vehículos/1.000 habitantes, un incremento de 33,4% en apenas 6 anos (información facilitada pola sala de control de tráfico municipal).

Segundo o relatorio OMM-2009, o 46% das viaxes motorizadas na Europa se realizan en transporte público. En cidades como Budapest, Londres ou Madrid as distribucións modais do transporte público superan o 50% (ver gráfica 33). Nas áreas metropolitanas o uso do transporte público é menor, aproximadamente un 30%, excepto en Budapest onde se alcanza o 52%. Xa que logo, un dos principais desafíos das autoridades locais e dos operadores de servizos públicos é o seu desenvolvemento nas zonas menos densas da periferia.




Gráfica 33: Relación entre o uso do transporte público e o índice de motorización. Fonte: Informe OMM (2009)

En xeral, máis de metade destas viaxes realízanse en autobús, o que confirma que esta modalidade é fundamental en todos os sistemas de transporte público. Incrementar a

procura é fulcral e, por iso, tanto as autoridades municipais como os operadores locais de transporte urbano deben xuntar esforzos en prol de ofrecer un sistema de calidade, con frotas e estacións accesíbeis, incorporando tecnoloxías que acheguen seguranza e fiabilidade para alén de información en tempo real,... co obxectivo último de fomentar o uso do transporte público e aumentar a súa competitividade face o vehículo privado.

O principal servizo de transporte público de viaxeiros en Vigo está xerido pola empresa Vitrasa. O operador dispón na actualidade dunha frota de 121 autobuses urbanos informatizados que cobren unha rede de 36 liñas en explotación cunha media de 26 km/liña, equivalentes a uns 7.000.000 km/ano. Isto supón un incremento do 2,5% respecto ao parque móbil do ano 2007 (118 autobuses) e o desenvolvemento de 6 novas liñas, cunha media de renovación da frota de 4 anos. Máis ou menos prodúcense 82.000 viaxes ao día, case 30 millóns de desprazamentos ao ano. A gráfica 34 ilustra a distribución porcentual segundo o tipo de desprazamento.



Gráfica 34: Porcentaxe de uso do autobús urbano segundo tipo de desprazamento. Fonte: www.vitrasa.es

O sistema urbano de autobuses da cidade dispón en total de 1.120 paraxes (800 paraxes e 320 abrigos de paraxe) que garanten unha rede de transporte público cunha cobertura estimada, a menos de 300 metros, do 83%, para todo o territorio municipal, e do 100% no núcleo urbano.

A figura 5 mostra os principais puntos de parada da cidade na que destacan a zona Centro e a da Praza América.




Figura 5: Principais paraxes no núcleo urbano. Fonte: Concello de Vigo, 2014

As frecuencias de pasaxe nas principais rúas da cidade preséntanse na figura 6.





Figura 6: Frecuencias do transporte público no centro urbano. Fonte: Concello de Vigo, 2014

O sistema de transporte público de Vigo conta con aproximadamente 7 km de carril bus no núcleo urbano do municipio. Este valor é un dos máis baixos de todo o Estado onde destacan, por exemplo, cidades como Barcelona con 123 km, Madrid con 120 km ou Sevilla con 46 km.

No informe OMM-2008 establécese unha frecuencia media en hora de punta para o servizo de autobús urbano de Vigo de 23 minutos, frecuencia baixa debido á dispersión das parroquias do municipio. Na Coruña esta frecuencia diminúe até os 12 minutos ou até os 8,1 minutos en Pamplona.


A respecto do número de horas de servizo, o relatorio sitúa a media en torno a 18,2 horas ao día. Este dato é similar ao de cidades como Sevilla (18,25 horas), superior ao da Coruña e Barcelona (17,0 horas) ou Pamplona e Alacante (16 horas), entre outras, e inferior á media de Madrid (19,5 horas), Valencia (19,2 horas) ou San Sebastián (19 horas).

Utilizando densidades por poboación é posíbel normalizar os datos e poder así establecer unha comparativa obxectiva dos servizos ofertados en distintas áreas de ámbito estatal. As seguintes gráficas resumo mostran as densidades de liña e de paradas.



Gráfica 35: Densidades de liña por millón de habitantes. Fonte: OMM-2008


DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL



Gráfica 36: Paraxes por millón de habitantes. Fonte: OMM-2009

Estas densidades permiten caracterizar a infraestrutura do servizo de autobuses. A maioría das áreas metropolitanas avaliadas presenta valores de densidade de liñas e de paradas de autobús por habitante comprendidos entre os 1.000 e os 4.000 km de liñas por millón de habitantes, para a primeira categoría, e entre os 2.000 e 5.000 paradas por millón de habitantes, para a segunda. No caso concreto da cidade de Vigo, obsérvase que a densidade de liñas se acha na media estatal, sendo superior ao de cidades como Valencia, Sevilla, Guipúscoa, Pamplona ou A Coruña, entre outras, levemente superior ao de Barcelona e Málaga, mais inferior ao de cidades como Madrid, Mallorca, Cádiz, Gran Canaria e Granada. A respecto da densidade por paradas, Vigo alcanza o valor máis alto, xunto con Murcia e Gran Canaria, e moi superior ao de, por exemplo, Valencia, Málaga, Cádiz, Pamplona ou A Coruña (ver gráficas 35 e 36).

No relatorio OMM-2009 inclúense os últimos datos accesíbeis para o municipio no relativo á porcentaxe de autobuses urbanos de emisións reducidas. En Vigo o 40,3% da frota é de baixas emisións, o que representa aproximadamente un 20% máis a respecto do ano 2008. Esta porcentaxe dista significativamente da de cidades como Madrid, Sevilla, Málaga ou A Coruña, onde practicamente o 100% da súa frota é baixa en emisións, ou da de Pamplona (68,1%) ou Asturias (52,4%). Por outro lado, é superior ao de cidades como Almería (10,5%), Tarragona (14,5%), Gran Canaria (11,8%), ou Alicante (17,1%) (ver gráfica 37).



Gráfica 37: Porcentaxe de autobuses urbanos de emisións reducidas a respecto do total da frota (en %). Fonte: Relatorio MM-2009

En termos de custo unitario, en xeral, pódese dicir que este é moi variable, oscilando entre os 2,5 e os 6 euros por vehículo-km. En relación a este dato, os operadores de Vigo e Granada son os que menores custos de explotación soportan en relación coa oferta de servizos prestada (coas unidades de produto ofrecidas). Os maiores custos son soportados polos operadores de Barcelona, Málaga e Valencia. En canto aos ingresos unitarios por venda de billetes, estes presentan menores valores que os custos unitarios. Os operadores de autobús urbano obteñen pola venda de títulos de transporte entre 1,8 e 2,7 euros por vehículo-km. Málaga, Asturias, Barcelona, Madrid e Pamplona son as áreas nas que os ingresos unitarios son máis elevados, mentres que os ingresos dos servizos de autobús urbano de Murcia, Vigo, Gran Canaria, Mallorca e Granada son os máis reducidos. Nos autobuses interurbanos a dependencia dos subsidios públicos é máis reducida e os casos son máis homoxéneos entre si. Contodo, en grande parte de espazos metropolitanos (Madrid, Barcelona, Alacante e Vigo) a prestación do servizo está en grande medida suxeita á dispoñibilidade de fondos públicos, en proporción até superior á dos ingresos percibidos polo servizo, presentando valores que oscilan entre 1,1 e 1,3 euros/vehículo-km. En troca, noutras áreas como Mallorca, Gran Canaria, Valencia e, en especial, Granada, os subsidios unitarios serven de simple complemento aos ingresos unitarios polas vendas realizadas, con cifras de entre 0,15 e 0,37 euros/vehículo-km [9].

5.2.2.2. Medidas implementadas para promover o uso do autobús urbano no municipio de Vigo

Promover o emprego do transporte público é fundamental para mellorar a mobilidade urbana da cidade de Vigo. Entre as diferentes medidas para impulsar a súa utilización e

mellorar o servizo destaca o emprego de novas ferramentas tecnolóxicas como a implementación dun sistema de información aos usuarios nas paradas en tempo real através de máis de 100 paineis informativos; o smsbus, un sistema que permite ao usuario coñecer, através dunha mensaxe curta, o tempo estimado de paso dos autobuses por unha parada; o Bus Vigo, unha aplicación android para móbiles que permite calcular unha rota ou buscar unha parada para saber cando pasarán os próximos vehículos; o infoBus que permitirá ao usuario coñecer a hora de paso dos buses en tempo real e que vén a complementar outras iniciativas neste ámbito xa mencionadas; e, a máis recente, a colocación de códigos QR e NFC en 800 paradas e 320 abrigos de paraxes da cidade a partir das que se facilita aos viaxeiros información das liñas que pasen por ese punto concreto. Segundo Vitrasa, este sistema, que está activo desde a posta en marcha da reestruturación das liñas operada a principios de 2014, recibe máis de 10.000 consultas ao mes.

Alén diso, unha porcentaxe elevada de vehículos, mormente liñas circulares, dispoñen de pantallas SIAM integradas situadas no interior dos autobuses. O sistema indica o movemento en tempo real sobre un roteiro das rúas da cidade, informa da parada actual e a próxima, da correspondencia con outras liñas e da estimación de tempo de chegada ao seguinte punto significativo da liña, ben como do tempo de chegada ao final da liña. Os colectivos de persoas con deficiencias visuais e auditivas poderán beneficiarse deste sistema, xa que a información que se ofrece faise mediante voz en off e gráficas na propia pantalla.

Finalmente destacar que as liñas ao campus universitario contan desde 2010 cunha rede Wi-Fi gratuíta para os seus usuarios.

O emprego das Tecnoloxías da Información (TIC) é chave para mellorar e facer máis atractivos, fiábeis e eficientes os servizos de transporte público. De resto, para promover o seu uso, é fundamental que os usuarios, tanto habituais como potenciais, perciban unha resposta satisfactoria das súas necesidades de desprazamento. A este respecto, Vitrasa puxo en marcha, en febreiro de 2014, unha transformación do transporte público de Vigo como resultado dunha enquisa realizada a unha mostra de 32.500 usuarios após estudar as necesidades e opinións expresadas por estes relativamente ao funcionamento do transporte urbano da cidade.

A reestruturación operada modifica, en xeral, algunhas das liñas circulares, sobre todo as exteriores e as de baixa frecuencia, que teñen baixos rexistros de ocupación, con obxecto de adaptalas á realidade da procura, facelas máis directas, e proporcionar mellores tempos de percorrido e, portanto, unhas mellores frecuencias, cos mesmos recursos.

Por outro lado, unificanse liñas outrora redundantes nos percorridos onde a procura non soportaba a duplicidade de liñas. Así mesmo reaxústanse algúns percorridos, con

obxecto de mellorar a complementariedade entre as liñas. Todo isto co obxectivo de poder ofrecer, cos mesmos recursos, unha mellor oferta de servizo, adaptada aos maiores tráfico, con mellores frecuencias e con menos transbordos.

Debido á recente implantación dos servizos, aínda non se dispón de datos de seguimento que permitan verificar o grao de cumprimento dos obxectivos marcados.

A utilización e reserva de carrís bus en certos corredores ou interseccións con obxecto de establecer unha priorización do transporte público é fundamental. Esta reserva permitiu historicamente mellorar a calidade e minorar os atrasos do transporte público urbano de Vigo. Por iso, no Plano de Mobilidade Urbana Sustentábel de Vigo inclúese un programa de implementación de carrís bus en certas zonas xustificadas tais como Av. Castela, Av. Gran Vía (sentido Pr. América), Av. Castrelos (sentido Balaídos), Av. García Barbón, Av. de Madrid e R. Venezuela.

Finalmente, outro factor determinante é a accesibilidade. No municipio, o 69% das persoas con deficiencia utilizan o transporte público como medio por excelencia para os seus desprazamentos. A totalidade dos autobuses urbanos de Vigo dispoñen de plataforma integral baixa e 86 dos vehículos contan con ramplas de acceso para cadeiras de rodas. En total, a capacidade da frota ascende aos 206 viaxeiros en cadeira de rodas, 2.703 viaxeiros sentados e 6.619 de pé. Aliás, todos os autobuses contan con sistemas para a accesibilidade de persoas cegas e xordomudas.

Os esforzos por garantir a accesibilidade ao transporte público urbano das persoas con deficiencia deben ser percibidos pola sociedade. A este respecto, en 2012 o 50% da cidadanía recoñecía que, nos últimos anos, o transporte público se tiña adaptado considerabelmente a esta parte da sociedade.

5.2.3. Estacionamentos

Todo medio de transporte require a ocupación de certa cantidade de espazo público urbano tanto para a súa circulación como para o seu estacionamento. O espazo urbano ocupado polo uso do coche e do transporte motorizado en xeral representa nos novos desenvolvementos urbanos porcentaxes superiores ao 50%, segundo aparece reflectido na Estratexia Española de Mobilidade Sustentábel do Ministerio do Ambiente e Fomento de 2009. Mais, sen dúbida, o automóbil é o grande devorador da maior parte do espazo público dedicado ao transporte.

O vehículo privado adoita necesitar un requirimento do espazo público superior ao doutros modos de transporte, fundamentalmente porque precisa moito espazo para o seu

estacionamento, tanto en orixe como en destino, por persoa mobilizada. É conveniente recordar que o estacionamento de vehículos na vía pública trátase dun fenómeno relativamente recente, convertido nun hábito culturalmente aceptado e até exixido a partir da súa xeneralización, sendo considerado como un dereito social non escrito da cidadanía. Por suposto, esta é unha idea totalmente errónea.

Nas nosas cidades non hai espazo suficiente para facer encarar o estacionamento dun parque automobilístico que non parou de crecer. Os condutores, mormente nas cidades, enfróntanse cada día á ardua tarefa de encontrar unha vaga libre para estacionar. A procura dun lugar de estacionamento provoca unha diminución na calidade de vida da cidadanía, circunstancia que se reflicte principalmente no aumento do tempo empregado nos desprazamentos urbanos. Con certeza, e como se viu anteriormente, aproximadamente oito en cada dez cidadáns de Vigo manifestan un empeoramento nos últimos cinco anos no relativo á facilidade para estacionar na cidade e case cinco en cada dez no referente á facilidade para estacionar nos parques de estacionamento.

Unha incorrecta regulación dos estacionamentos en superficie xera custos económicos, sociais e ambientais vinculados á perda de tempo e de produtividade, consumo ineficiente de enerxía, engarrafamentos, aumento de emisións poluentes, ruído,... e contribúe para unha xestión ineficiente dos servizos dunha cidade.

Segundo un estudo a nivel mundial elaborado por IBM no ano 2011, un 60% dos condutores déronse por vencidos polo menos unha vez e deixaron de procurar estacionamento e catro en cada dez recoñeceu iniciar unha discusión con outro condutor por un espazo de estacionamento. Deste informe, ademais, obtéñense unha serie de conclusións interesantes. A nivel mundial, os condutores invisten unha media de 20 minutos para atopar unha praza de estacionamento. Os menores tempos corresponden a cidades como Chicago ou Los Ángeles e os máis elevados en Nova Delhi, Bangalore ou Pequín. A única cidade española incluída no estudo é Madrid, onde o 16% dos condutores inquiridos manifestou investir entre 31 e 40 minutos na procura de estacionamento, o mesmo tempo que en Pequín ou Milán, e un 69% recoñeceu non chegar ao seu destino porque se deron por vencidos. En contraposición, o 63% dos residentes de Chicago ou o 58% de Montreal din non experimentar esa sensación de frustración.

Neste contexto, é obxecto do presente apartado coñecer a situación actual da cidade de Vigo a este respecto. Para iso, a análise basearase nos parámetros e indicadores avaliados pola Oficina do Valedor do Cidadán, os cais son claves na hora de definir o cadro actual do municipio e poder así sentar as bases dun plano estratéxico encamiñado a desenvolver e impulsar iniciativas de mobilidade urbana sustentábel.


Nas monografías “Estacionamento urbano en espazos libres. Aplicación ao municipio de Vigo e comparativa con outras cidades^[11]” e “Smart City: Implantación dun sistema intelixente de estacionamento en espazos libres na cidade de Vigo^[12]” é analizada a problemática xeral do estacionamento na cidade. Estes estudos encádranse unicamente dentro do ámbito urbano, pola súa maior acuidade, que se dividiu en catorce zonas diferentes: Torrecedeira, Centro, Casablanca, Fátima, Florida, Povisa, Isaac Peral, Martínez Garrido (Calvario), Estación de Autobuses, Teis, Pr. da Industria, PAU de Navia e Balaídos (ver Anexo 2).

5.2.3.1. Tempo medio de estacionamento

O tempo medio de estacionamento global no ámbito urbano do municipio de Vigo establecece en torno aos 4:46 minutos. A distribución segundo o día da semana é a seguinte:

- 5:21 minutos en días úteis,
- 4:50 minutos en sábado,
- e, cun descenso significativo, 1:50 minutos en domingo.

Ora ben, centrando a análise nas seis zonas máis céntricas do núcleo urbano (Torrecedeira, Centro, Casablanca, Fátima, Florida e Povisa) este tempo medio global ascende a 6:07 minutos. Por tipoloxía de día, en úteis a media sitúase en 6,5 minutos, en sábado en 8 minutos e en domingo en 2,5 minutos. Ao comparar os últimos datos cos dispoñíbeis (2013) cos do ano 2004, obsérvase un incremento significativo nos tempos medios de estacionamento (ver gráfica 38) con, aproximadamente, unha suba do triplo no global e en día hábil, o cuádruplo en domingo, producíndose no sábado o maior incremento no tempo medio de procura, onde se multiplicou por cinco o tempo requirido en 2004.



Gráfica 38: Comparativa do tempo medio de estacionamento nas seis zonas máis céntricas do núcleo urbano. Fonte: Espada, L (2013)

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

En relación ao estudo completo das anteditas 14 zonas, en días úteis, a zona da Estación de Autobuses e Torrecedeira, con 10:43 e 9:58 min., respectivamente, son as que rexistran os maiores valores diarios medios (9-21 h) seguidas da zona de Fátima (8:30 min.), o Calvario (7:19 min.) e zona Centro (7:04 min.). No resto de zonas, o parámetro desce significativamente por baixo dos 5,5 minutos e os menores valores medios corresponden ás zonas de Balaídos (1:15 min) e Teis (1:48 min.).

Por faixas horarias de mañá e tarde, o patrón é o seguinte: polas mañás (9h-14h), as zonas da Estación de autobuses e Torrecedeira son as que rexistran o maior tempo medio de estacionamento con 14,5 e 11,75 minutos, respectivamente, e os menores datos son para as zonas de Teis e Balaídos, sen diferenzas significativas entre ambas, (1,8 e 1,65 min., respectivamente); pola tarde (16h-21h) o maior tempo medio requirido corresponde á zona de Fátima con aproximadamente 10 minutos e o máis baixo na zona de Balaídos con 0:52 min. En termos de valores absolutos, os maiores tempos rexístranse nas zonas da Estación de Autobuses e Fátima con 18:05 e 17:08 min., respectivamente, aínda que, en faixas horarias diferentes. Para a primeira zona este máximo prodúcese entre as 11 e as 12 h e na segunda entre as 18 e as 19 h. Os valores mínimos corresponden á zona de Teis, con 00:26 min. entre as 13 e as 14 h e 00:27 min. entre as 20 e as 21 h da noite, a zona de Bouzas, con 00:48 min a primeira hora da mañá (9-10h), e a zona de Balaídos, con aproximadamente 50 segundos desde as 13 h do mediodía até as 21 h da noite.

En sábado, os valores medios máximos diarios (9-21h) rexístranse na zona Centro, Casa-blanca e Isaac Peral con 15, 13:05 e 9:35 minutos, respectivamente. Por faixas horarias de mañá e tarde, os máximos en ambas zonas rexístranse en horario de tarde (16-21h) con 21:07, 15:07 e 13:15 min. respectivamente. Os valores medios diarios máis baixos rexístranse nas zonas de Bouzas e Balaídos con 00:44 e 00:35 min. respectivamente. Na segunda destas zonas é onde se alcanza o valor máis baixo con 00:13 minutos, en horario de 18 a 19 h.

En domingo, a respecto dos valores medios diarios (9-21h) estes mal superan 2,5 minutos salvo a Zona da Florida con case 4,5 minutos. En ningunha zona e faixa horaria, de mañá ou tarde, supéranse os 3 minutos excepto nas zonas de Povisa e Isaac Peral con 3:13 e 3:08 min. en horario de tarde, e a Florida, onde se rexistran os valores máximos medios 04:42 e 04:38 en horario de mañá e tarde, respectivamente.

A respecto dos datos do ano 2004, experimentouse un ascenso no tempo medio de estacionamento de entre o duplo e o triplo en todas as zonas máis céntricas do núcleo urbano e en todos os tipos de día, sendo especialmente relevantes as subidas rexistradas, en sábado, na zona Centro e na zona de Fátima onde se pasou de 0:52 a 15:09 minutos e de 1:51 a 8:27 minutos, respectivamente.

5.2.3.2. Taxa de ocupación en zonas reservadas para actividades de carga e descarga

Das catorce áreas avaliadas, a taxa de ocupación media en zonas de carga e descarga é do 67%. Ora ben, centrando esta parte do estudo nas seis áreas máis céntricas do núcleo urbano, a porcentaxe media global de ocupación ascende ao 69%, o que se traduce nun incremento, a respecto do ano 2004, dun 26,6%.

As zonas de Navia, Torrecedeira e Florida son as que presentan as maiores porcentaxes de ocupación media diaria cun 80%, 77% e 73%, respectivamente. As de menor ocupación rexístranse na zona de Bouzas e Calvario (61% en ambas), Isaac Peral, Balaidos e Pr. da Industria cun 64% todas elas.

O estudo acoutouse en tres faixas horarias, dúas pola mañá de 9 a 10 e de 11 a 12 h e unha de tarde de 16 a 17 h. Levando isto en conta, unha análise máis detallada permite concluír que as taxas de ocupación absolutas máis baixas rexístranse nas zonas de Isaac Peral (45%), Centro e PAU de Navia (50%, en ambas) entre as 16-17 h; e as máis altas nas zonas de PAU de Navia (100%) e Torrecedeira (83,1%), de 11 a 12 h.


5.2.3.3. Taxa de ocupación en zonas de estacionamento exclusivo para persoas con deficiencia

A taxa de ocupación de zonas de estacionamento exclusivo para persoas con deficiencia no ámbito urbano do municipio de Vigo é do 51%. A distribución porcentual aproximada segundo o día da semana é a seguinte:

- 54,3% en días uteis,
- 45,4% en sábado,
- e, 39,2% en domingo.

Ora ben, centrando a análise nas seis zonas máis céntricas do núcleo urbano (Torrecedeira, Centro, Casablanca, Fátima, Florida e Povisa) esta porcentaxe media de ocupación global ascende ao 59%. Por tipoloxía de día, en úteis a media sitúase en 62%, en sábado no 55% e en domingo no 49%. En comparación cos datos do ano 2004, séguese a tendencia ao incremento que se rexistrou para os demais parámetros. A gráfica 39 mostra esta evolución porcentual.

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL



Gráfica 39: Comparativa da taxa de ocupación das zonas reservadas para persoas con deficiencia nas seis zonas máis céntricas do núcleo urbano. Fonte: Espada, L (2013)

En liñas xerais, pode dicirse que a taxa de ocupación media de vagas reservadas a persoas con algunha deficiencia nas seis zonas máis céntricas sufriu un incremento de, aproximadamente, o duplo, excepto en sábado no que a subida foi levemente superior (2,5 veces o dato rexistrado en 2004).

En relación ao estudo das catorce zonas, en días úteis, a zona de Povisa (68%) e Florida (66%) son as que rexistran os maiores valores diarios medios. No resto de zonas o parámetro varía entre o 62,6% da zona de Torrecedeira e o 53,4%, en Casablanca. As zonas con taxas inferiores ao 50% son Bouzas e Estación de Autobuses (47% ambas), Balaídos e PAU de Navia (42%) e o Calvario (36,5%). Facendo unha división por faixas de mañá e tarde, o patrón é o seguinte: polas mañás (9h-14h), as zonas de Torrecedeira (66,6%) e de Povisa (69,9%) son as que rexistran o maior nivel de ocupación medio de estacionamento e os máis baixos na zona do Calvario (39%), no resto de zonas o valor abeira o 62%. Pola tarde (16h-21h), o maior índice de ocupación rexístrase na zona da Florida (69,8%) seguida de Povisa e zona Centro, sen diferenzas significativas entre ambas, con aproximadamente un 66% e o dato máis baixo rexístrase de novo na zona do Calvario cun 34%. Neste horario descende significativamente a taxa de ocupación na zona de Torrecedeira, Isaac Peral, Estación de Autobuses e Bouzas con 8, 10, 16,5 e 17,8 puntos porcentuais menos que o dato rexistrado na faixa de mañá.

En días úteis, o maior valor absoluto para o parámetro rexístrase nas zonas do Centro, Fátima e Florida con 82%, 81,9%, 81,5%, respectivamente, na mesma faixa horaria, entre as 18 e as 19 h. Os valores mínimos corresponden á zona de Bouzas co 21,6%, entre as 16-17h, e ás zonas da Estación de Autobuses e Isaac Peral cun 24% en ambas entre as 20-21h.

En sábados, os valores medios máximos diarios rexístranse na zona de Povisa, Isaac Peral e zona Centro cunha taxa de ocupación do 76,6%, 71,7% e 70,6%, respectivamente, aínda que os valores máximos nestas zonas rexístranse na faixa de tarde (16-21h) co 100% na zona de Isaac Peral, o 91,6% en Povisa e o 81,0% na zona Centro. O valor medio diario máis baixo rexístrase na zona do Calvario cun 9,6% de ocupación, zona que presenta, aliás, o valor máis baixo tanto pola mañá (9,1%) como pola tarde (10%).

En domingo, a maior taxa de ocupación media diaria rexístrase na zona da Florida cun 69%. No resto de zonas esta porcentaxe descende significativamente. Así, na zona de Povisa e zona Centro a taxa non alcanza o 55% e no resto non supera o 45%. O menor índice rexístrase nas zonas da Estación de Autobuses e do Calvario cun 6,5% e 6,7%, respectivamente. Pola mañá, os maiores valores porcentuais corresponden á zona da Florida (66,7%) e á zona Centro (52,4%) mentres que pola tarde a zona da Florida segue sendo a máis ocupada co 71,4%. En segundo lugar atópase a zona de Bouzas cun 69,4%, aínda que destacan tamén a zona de Isaac Peral (58,3%), Povisa (57,6%) e zona Centro (57,1%). Os valores máis altos, en termos absolutos, rexístranse na zona da Florida cun 85,7% tanto na faixa horaria de 13-14h como na de 16-17h. Os índices máis baixos corresponden á zona de Isaac Peral (0%), entre as 9-10h e as 11-12h, Estación de Autobuses (0%) entre as 9-10h, as 11-12h e as 20-21h e no Calvario (0%) en horario de 9-10h, de 16-17h e de 20-21h.

A modo de conclusión desta parte do estudo cabe destacar que a opinión máis xeneralizada na poboación sobre as vagas de estacionamento destinadas ás persoas con algunha deficiencia é que non hai suficientes e as existentes non están ocupadas polas persoas ás que van destinadas.

5.2.3.4. Comparativa con outras cidades españolas

O libro *“Smart City. Implantación dun sistema de estacionamento en espazos libres na cidade de Vigo”* inclúe tamén un estudo comparativo que permite coñecermos o posicionamento da cidade de Vigo a respecto doutras quince cidades españolas con base na análise dunha serie de indicadores chave para definir a problemática da mobilidade do tránsito nos núcleos urbanos con semellantes características¹² ás da cidade de Vigo e coas cidades españolas máis importantes (Madrid e Barcelona).

A seguir preséntanse as principais conclusións obtidas trala análise dos datos recompilados.

¹²⁾ Criterios:

taxa de vehículos por habitante similar (Vigo = 0,5) e censo poboacional similar (Vigo = 297.355).

Con 5:21 minutos e en días laborables, o tempo medio de estacionamento no núcleo urbano de Vigo é dos máis baixos que se rexistran. Só Bilbao, Pamplona e Valencia, con 5 minutos, e Sevilla con 2 presentan menores tempos. Os valores máis altos danse en Granada e San Sebastián, con 26 e 16 minutos, respectivamente. En Vigo este tempo medio é 4 minutos inferior á media (9:47 minutos) das cidades analizadas.

En sábado, en xeral, prodúcese un descenso nos tempos medios en todas as cidades analizadas excepto en Granada, que segue a ser a cidade que rexistra o maior tempo medio con 27 minutos, e en Zaragoza, onde aumenta 8 minutos pasando de 10, en días úteis, para 18 minutos en sábado. En Vigo con 4:50 minutos prodúcese un descenso de 31 segundos do tempo medio. Tomando en consideración a totalidade das cidades analizadas, a media estatal do tempo de estacionamento en sábado é de 8:07 minutos, case 3 puntos superior á media de Vigo. Cidades como Sevilla, Pamplona ou A Coruña mostran os tempos de estacionamento mínimos con apenas 1 minuto. Vigo sitúase ao nivel de Barcelona ou Bilbao con 5 minutos de media.

En canto ao número total de horas azuis, Vigo con 45 horas semanais é das cidades que menos dispoñibilidade horaria rexistra. No entanto, é superior ás horas da Coruña, Sevilla e Vitoria con 44 e Zaragoza con 40. No resto de cidades o cómputo oscila entre 50 e 54 horas, destacando Madrid con 66 horas azuis semanais. A tarifa media dunha hora de estacionamento en zona azul alcanza o seu valor máximo en Barcelona con 2,5€, un euro por encima de Vitoria e case dous euros a respecto de Vigo, que con 0,6€ encádrase dentro do nivel tarifario máis baixo das cidades analizadas xunto coa Coruña, Alacante e Zaragoza con 0,65 euros. Ao analizar a tarifa mínima e o tempo proporcionado, Vigo con 0,3€ e 30 minutos atópase entre as cidades máis baratas de estacionamento en liña azul. O custo de estacionamento por minuto é de 1c€, igual que o de cidades como A Coruña, Alacante, Málaga ou Zaragoza. Entre as cidades con hora azul máis cara, é San Sebastián a cidade coa tarifa máis elevada (3 €/min) seguida de Pamplona (2,5c€/min), Granada (1,8c€/min) e Barcelona (1,7c€/min). No País Basco, cidades como Bilbao ou Vitoria ofrecen estacionamento gratuíto en zona azul por tempo de 15 minutos con obxecto de incentivar a rotación. Finalmente, o tempo de estacionamento máximo en 11 das 14 cidades analizadas, incluído Vigo, é de 120 minutos, salvo cidades como Barcelona, con 60 minutos, e San Sebastián e Vitoria con 90 minutos. Considerando a tarifa máxima, Vigo con 1,4€/2 horas é das cidades máis baratas. O custo de estacionamento é de 1,2c€/min similar ao de cidades como A Coruña, Zaragoza ou Valencia. O resto oscila entre 1,3 e 1,8c€/min excepto as cidades máis caras que superan os 2c€/min como Bilbao con 2,5 c€/min e Madrid ou Vitoria con 2,3 c€/min. A cidade que presenta o custo máximo de estacionamento en zona azul, a gran diferenza do resto, é Barcelona con 4,2 c€/min.

Por outro lado, após a avaliación das cidades estudadas, o custo medio da sanción por recuperar o vehículo por retirada con guindastre é de 124,5€; Vigo con 132€ (un 14% respecto de 2004) supera relativamente este valor. Son as cidades da Coruña (99€), Granada (94€) e Málaga (74€) as que presentan as tarifas máis baixas e, no outro extremo, áchase Zaragoza (180€) e Valencia (152€) como as cidades máis caras.

A multa por estacionar en zonas de carga e descarga depende da gravidade do feito recollida na ordenanza municipal. O valor máximo establécese en 200€ en máis da metade das cidades analizadas. Vigo áchase entre elas, por considerar este feito como unha falta grave. Para o resto, a sanción é leve e oscila entre os 90€ da Coruña e os 100€ de Alacante, Barcelona, Madrid ou Murcia. É singular o caso de Zaragoza, cuxa multa por esta infracción apenas alcanza os 36€.

5.2.3.5. Posíbeis medidas de actuación para mellorar a mobilidade no núcleo urbano do municipio de Vigo

O estacionamento nas cidades é un problema de difícil solución que deixa en evidencia o escaso planeamento nas políticas levadas a cabo durante os últimos anos. A xestión dos estacionamentos debe ser considerada como unha parte fundamental na estratexia para a consecución dunha mobilidade urbana sustentábel. Existe un conflito directo entre o espazo público urbano e o espazo para o estacionamento que debe solucionarse mediante unha distribución adecuada do mesmo segundo directrices de política social, o que acarreta, necesariamente, unha mudanza na tradicional percepción do estacionamento que ate agora favoreceu, por norma xeral, o uso do vehículo privado.

A crecente presión da procura de estacionamento, que se acrecenta sobre todo no núcleo urbano da cidade, deriva nunha situación de escaseza de oferta que obriga a regulalo mediante actuacións concretas encamiñadas a reducir a presenza do vehículo privado e a promover os medios de transporte máis sustentábeis, en especial os colectivos e non motorizados. É indispensable promover a intermodalidade e racionalizar o número de desprazamentos motorizados a partir da construción de infraestruturas específicas de estacionamento (disuasorios). É necesario, tamén, favorecer a rotación e evitar desprazamentos innecesarios através da dirección do tránsito por medio do uso de novas tecnoloxías de sinalización e información,...

Sob estas premisas, a Oficina do Valedor do Cidadán de Vigo desenvolveu varias propostas de actuación, recollidas en dous textos publicados recentemente intitulados “*Aparcamientos disuasorios. Propuesta de aplicación en el municipio de Vigo*” e o xa referido “*Smart City. Implantación dun sistema intelixente de estacionamento en espazos libres na cidade de Vigo*”.

► Estacionamentos disuasorios

Os estacionamentos disuasorios ou Park & Ride (P&R) visan limitar a entrada ao centro urbano a aqueles vehículos procedentes de fóra da cidade a partir dunha alternativa de transporte atractiva onde os usuarios perciban aforros tanto de custo como de tempo, combinando eficientemente os beneficios do automóbil e do transporte público en autobús. A idea é prestar un servizo de estacionamento fóra da zona central da cidade trasladando aos usuarios até o seu destino final através de autobuses urbanos. Destarte, conséguese transferir a procura de estacionamento das zonas máis conflitivas (centrais) cara a zonas de menor presión (periféricas). É moi importante avaliar a localización das instalacións, xa que o suceso dependerá en grande medida da súa escolla. Para iso, é fundamental identificar as principais redes viarias (autovías ou autoestradas) de acceso á cidade máis transitadas de tal forma que se logre maximizar a área de poboación servida, que ao mesmo tempo ofrezca os niveis de servizo máis deficientes, de tal xeito que sexa posíbel contar cunha procura potencial de uso do estacionamento disuasorio suficiente como para amortizar o investimento. No antedito libro sobre estacionamentos disuasorios inclúese todo un estudo completo aplicado ao municipio de Vigo que abarca desde a análise da localización até os resultados dunha enquisa personalizada dirixida aos usuarios que máis utilizan as principais vías de acceso á cidade a fin de coñecer a súa opinión a respecto diso e poder constatar o seu grao de aceptación.

Neste estudo as localizacións propostas para a implementación dun sistema de estacionamentos disuasorios son:

• Localización adxacente á autovía A-55: Mós –Vigo

1. Suburbano



Figura 7: Localización óptima da instalación de estacionamento disuasorio suburbano na A-55.

Fonte: Espada, L (2009)

2. Urbano



Figura 8. Localización óptima da instalación de estacionamento disuasorio urbano na A-55. Fonte: Espada, L (2009)

• Localización adxacente á A-9: Rande –Vigo

1. Suburbano: Detectáronse dúas posíbeis localizacións na área metropolitana de Pontevedra:

- Estación de autobuses e trens de Pontevedra
- Estacionamento disuasorio adxacente á AP-9 na saída de Pontevedra

2. Urbano

- Estacionamento disuasorio de uso conxunto co Centro Comercial Travesía de Vigo.

En España hai 33 estacionamentos disuasorios cunha capacidade para 7.855 vehículos. O 75,8% do total de estacionamentos opera en rexime gratuíto, no resto a tarifa oscila entre 0,5 e 1 € ao día, excepto en Barcelona, onde se alcanza unha tarifa diaria de 7 €, o valor máximo. País Basco e Valencia son as comunidades autónomas con maior número de estacionamentos disuasorios con 11 instalacións, respectivamente, un 66,6% do total. Aínda que existen diferenzas significativas, considerando o número de vagas, os estacionamentos da Comunidade Valenciana son os que presentan, en xeral, o menor número, xa que o maior deles non alcanza as 200 vagas e en total a cifra ascende a 648, apenas un 8% sobre o total estatal. Pola contra, en Bilbao áchase o maior estacionamento por número de vagas (1.200). No total, no País Basco, hai por volta de 2.840 vagas, o que representa o 36% do total estatal.

► Sistemas intelixentes de estacionamento

A Oficina do Valedor do Cidadán levou a cabo unha proposta de implementación dun sistema intelixente de estacionamento no núcleo urbano co obxecto de mellorar a mobilidade a partir de iniciativas que fomenten o uso das novas tecnoloxías chaves para conseguir que Vigo se torne nunha cidade intelixente.

Viuse que os tempos medios de estacionamento no municipio incrementáronse notablemente na última década e isto repercute no correcto funcionamento da cidade e na calidade de vida dos seus habitantes. Utilizar un Sistema Intelixente de Transporte (ITS) baseado no uso de sensores que axuden a coñecer a ocupación das vagas nos tres tipos básicos de estacionamentos controlábeis (zona azul, zona de carga e descarga e zonas reservadas a persoas con deficiencia) permitiría reencamiñar o tránsito, favorecer a rotación, evitar desprazamentos innecesarios, controlar tempos, reducir os efectos contaminantes,... Mais, todo isto debe ser transmitido aos usuarios en tempo real. Por iso, paralelamente, o sistema require, por exemplo, a instalación de paineis informativos ou códigos luminosos que permitan coñecer o número de vagas libres nas entradas das rúas e o desenvolvemento de aplicacións móbiles de tal forma que o condutor coñeza de antemán a dispoñibilidade de vagas libres na zona á que se dirixe e evitar desprazamentos innecesarios,...

Para máis detalles desta proposta, pódese consultar el libro “Smart City. Implementación dun sistema intelixente de estacionamento en espazos libres na cidade de Vigo” no que se inclúe unha descrición detallada dunha solución smart á problemática do estacionamento.

5.3. Accesibilidade aos servizos locais básicos

O acceso aos espazos verdes e aos servizos básicos locais, na medida en que reduzan as súas necesidades de desprazamento, é esencial para a sustentabilidade e para a manutención dunha certa calidade de vida e viabilidade económica local. Débese garantir á cidadanía, a partir dunha perspectiva territorial, a máxima dispoñibilidade a estes servizos. Por iso, a valoración da accesibilidade é fundamental para coñecermos as deficiencias dentro da trama urbana e obter importantes avances que podan axudar a mellorar as sinerxías e complementariedades da cidade.

A Oficina do Valedor do Cidadán através do estudo “*Accesibilidade a los servicios básicos. Aplicación al municipio de Vigo y comparación con otras ciudades europeas*”⁽¹³⁾ analizou a proximidade da poboación, en termos de distancia, aos

diferentes equipamentos e servizos básicos públicos do municipio con base no ICE A-4¹³.

Segundo este indicador, a taxa de accesibilidade media de Vigo alcanza o 63,2% da poboación, practicamente invariábel a respecto do ano 2003 (63,3%); isto é, aproximadamente seis en cada dez persoas residentes na cidade dispón, a menos de 300 metros, algún servizo público básico. Este dato, aínda que se poda considerar aceptábel, está lonxe do de cidades como Zaragoza, cun 99,78%¹⁴ co que se evidencia un claro potencial de mellora.

Para iso, é necesario profundar un pouco máis nos servizos públicos submetidos a estudo. O transporte público (paraxes), a recolla de residuos, as entidades bancarias e os comercios de alimentación son os que presentan os maiores niveis porcentuais de accesibilidade. Respectivamente, o 94,1%, 88,5%, 79,7% e 75,6% da cidadanía mora a menos de 300 metros destes servizos. En comparación cos datos do ano 2003 detectouse unha mellora en tres dos catro servizos públicos analizados anteriormente. A porcentaxe de cidadáns que ten unha parada de transporte público a menos de 300 metros incrementouse nun 8%, no caso dos servizos de recolla de residuos prodúcese a maior suba con até o 14% e o menos acusado é para a accesibilidade a entidades bancarias, cunha suba do 3,5% (aínda que, actualmente, debido ao proceso de ordenamento do sistema bancario diminuíu considerabelmente a accesibilidade a este servizo). Como excepción, a porcentaxe diminuíu no caso dos comercios de alimentación pasando do 83% en 2003 ao 75,6% en 2009, case 8 puntos porcentuais menos.


O acceso aos centros educativos e a parques e espazos públicos é significativamente inferior e mal supera metade da poboación co 56,08% e 55,73%, respectivamente. Aliás, víronse reducidos con respecto aos datos rexistrados para o ano 2003 entre un 7% e un 6%. Ponse de manifesto, xa que logo, un empeoramento na accesibilidade a este tipo de servizos ao longo do período de análise.

Finalmente, os servizos básicos que presentan o menor grao de accesibilidade son os espazos deportivos (38,12%), os servizos sanitarios (39,36%) e os centros cívico-sociais (41,73%). Só o primeiro deles supuxo unha mellora a respecto das cifras do ano 2003, aínda que o incremento só representa o 2,5%. A accesibilidade aos servizos sanitarios e aos centros cívico-sociais empeorou no período 2003-2009 un 4,5% e un 3,6%, respectivamente.

13) Indicador Común Europeo A4 "Dispoñibilidade de áreas públicas abertas e de servizos locais básicos", que avalía a accesibilidade da cidadanía a zonas verdes e servizos, a fin de coñecer a porcentaxe de poboación a distancias predefinidas. Tómase unha distancia óptima de 300 metros.

14) Concello de Zaragoza (2012). Dispoñíbel en: <http://www.zaragoza.es/ciudad/medioambiente/agenda21/observatorio/indicador4.htm>

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL



Gráfica 40: Evolución comparativa dos niveles de satisfacción de accesibilidade aos servizos básicos. Fonte: Espada, L (2010)

Por zonas, a urbana presenta unha maior accesibilidade aos servizos de transporte público, comercios de alimentación, recolla de residuos e entidades bancarias que a das outras dúas zonas de estudo aínda que estas presentan niveis superiores ás medias globais do municipio. Os niveis máis baixos para esta zona son para os servizos sanitarios (40,9%), espazos deportivos (39,4%) e centros cívico-sociais (35,2%). A metade da súa poboación (50,9%) conta con algún centro de ensino e case seis en cada dez persoas (58,1%) con parques e espazos públicos a menos de 300 metros. En termos xerais, en 2009 a accesibilidade media da zona urbana sitúase nun 65,2%, inferior ao dato do ano 2003 (67,5%), mais superior ao valor medio municipal (63,2%).

Na zona semiurbana repítese o padrón de servizos con maior accesibilidade aínda que son porcentualmente inferiores aos valores da zona urbana e á media municipal. As porcentaxes de poboación con acceso a centros cívico-sociais, centros de ensino e espazos deportivos son maiores a respecto das outras dúas zonas e tamén superiores á media, cun 54,7%, 65,7% e 40,3%, respectivamente. O acceso aos servizos sanitarios é igual á media municipal (39,4%). No tocante a parques e espazos públicos, co 45,6%, é o menor das tres zonas e 10 puntos porcentuais inferior á media municipal. En termos xerais, en 2009 a accesibilidade media da zona semiurbana aos servizos básicos locais sitúase nun 63,1%, superior ao dato rexistrado no ano 2003 (60,9%).

Na zona rural, a situación varía considerabelmente. Destaca a accesibilidade ao transporte público cun 95,3% (superior á media global) mais para o resto de servizos mal se supera o limiar do 70%. Parques e espazos públicos, cun 73,6%, ten o nivel de acceso máis alto das tres zonas e 18 puntos superior á media global. Lonxe dos valores manexados nas outras dúas zonas sitúase o servizo de recolla de residuos cun 66,6%, o acceso a entidades bancarias cun 61,95% e os comercios de alimentación cun 59,1%. A accesibilidade aos centros de ensino obrigatorio non mostra diferenzas significativas a respecto da zona urbana (50,9%). As peores porcentaxes de accesibilidade son para os espazos deportivos (27,3%), centros cívico-sociais (33,0%) e servizos sanitarios (33,4%), todos eles inferiores á media municipal. En termos xerais, en 2009 a accesibilidade media da zona rural aos servizos básicos locais sitúase nun 55,7%, superior ao dato rexistrado en 2003 (52,2%).

O Anexo 3 mostra os cadros resumo de taxas de accesibilidade segundo servizos para as tres zonas analizadas.

Unha boa accesibilidade da poboación aos parques e espazos públicos favorece o conforto e a calidade de vida da cidadanía, ao mesmo tempo que contribúe para mitigar a contaminación sonora, atmosférica, visual,... e mellora a percepción que se ten do espazo urbano. En comparación con outras cidades europeas (datos referidos ao ano 2003), pódese dicir que a dispoñibilidade destes servizos en Vigo é bastante baixa (61,5%). Só en tres das vinte e seis cidades analizadas a porcentaxe rexistrada é inferior ao do municipio. Vigo ten a peor valoración de todas as cidades españolas estudadas; en cidades como Barcelona, Pamplona ou Vitoria alcánzanse o 100% e o dato máis baixo rexístrase na Coruña cun 86%. Alén diso, e lonxe de se mellorar, este indicador empeorou, xa que o último dato dispoñíbel, referente ao ano 2009 non superaba o 55,7%.

O acceso aos servizos cívico-sociais e sanitarios é baixo no municipio (43,9%, ano 2003), dista significativamente das mellores porcentaxes a nivel europeu correspondentes ás cidades do leste de Europa como Blagoevgrad (100%) e Aba (83%). A accesibilidade no municipio está moi lonxe de dúas das cidades españolas analizadas, A Coruña (86%) e Zaragoza (93%), sendo similar á de Vitoria (45%) e superior á de Barcelona (30%). Os datos para o ano 2009 supoñen un descenso de 3 puntos porcentuais a respecto de 2003.

A dispoñibilidade global da cidadanía ao transporte público e á recolla de residuos pódese catalogar como óptima, pois xa no ano 2003 a porcentaxe ascendía a 86,2% e 74,4%, respectivamente, e incrementábase até 94,1% e 88,6% no ano 2009. Para o ano de referencia comparativa (2003), Vigo sitúase no grupo maioritario de cidades europeas

cun nivel de acceso a este tipo de servizos superior ao 70%. Aínda que, relativamente ao transporte público, as diferenzas entre cidades son pouco significativas superándose, en practicamente todas elas, o 70%. Non acontece o mesmo no caso da recolla de residuos, onde as porcentaxes son máis variábeis. Seis cidades presentan unha taxa de acceso ao servizo inferior ao 55%. A respecto das cidades españolas, Vigo é a que ten o nivel máis baixo en ambos os servizos. En transporte, o nivel máis baixo é para Zaragoza (93%) e máis alto para Barcelona e Viladecans (100%); na recolla de residuos practicamente en todas as cidades analizadas, Barcelona, Pamplona, Vitoria e Viladecans, alcánzase o 100%.

A accesibilidade ás escolas públicas en Vigo (63,1%, ano 2003) é superior á media europea (55,6%) mais dista significativamente de cidades como Estocolmo (92%) ou da maioría das cidades españolas analizadas con porcentaxes superiores ao 80%. Destaca Zaragoza co 93% e, no extremo oposto, o caso de Barcelona (64%) que é similar ao de Vigo. A respecto do ano 2003, evidénciase un empeoramento no acceso da poboación de Vigo a este tipo de servizos, xa que, para o ano 2009, a porcentaxe descendeu até o 56%.

Tamén se rexistrou un descenso na dispoñibilidade de comercios de alimentación a respecto de 2003, pasando do 83,3% ao 75% en 2009. En comparación coas cidades europeas (referencia a 2003) Vigo situábase entre as 4 primeiras. As maiores porcentaxes rexístranse en cidades do sur de Europa como A Coruña (95%), Pamplona (100%), Parma (78%) ou Modena (75%) a excepción de Malmoe, na Suecia, co 80%. Os máis baixos pertencen ás cidades do norte: Haemeenlinna (36%) e centros tan importantes como Oslo ou Bristol mal alcanzan o 60%.

Finalmente, débese facer unha referencia especial á accesibilidade aos lugares públicos das persoas con algunha deficiencia. En xeral, a cidadanía percebe unha grande melloría no período 2002-2012, sendo máis positiva na zona urbana (71%) seguida da semiurbana (61%) e rural (52%). A metade dos vigueses concorda en responsabilizar ao goberno local desa melloría (48% urbana, 50% semiurbana e 52% rural), seguido do goberno galego cun 22% (18% urbana, 26% semiurbana e 25% rural) e do goberno español cun 16% (16% urbana, 15% semiurbana, 16% rural).

5.4. Mudanza climática

A mudanza climática representa un dos problemas máis importantes do século XXI, con consecuencias económicas, sociais e ambientais de grande magnitude. A estas alturas practicamente ninguén pon en causa a realidade deste proceso nen o peso decisivo da actividade antrópica na súa xénese. As elevadas emisións de gases de efecto inverna-

doiro (GEI), consecuencia do desenvolvemento industrial e das prácticas consumistas da sociedade, contribuíron significativamente para o aquecemento global da terra. Unha comunidade sustentábel debe combater a mudanza climática e evitar ou reducir o consumo dos seus recursos enerxéticos non renovábeis. Neste sentido, a Oficina do Valedor do Cidadán levou a cabo diversos informes co obxecto de determinar a contribución da cidade á mudanza climática a partir da cuantificación das emisións antropoxénicas do municipio, principalmente de CO₂.

O cálculo de emisións baséase no uso dunha metodoloxía desenvolvida polo IPCC¹⁵ e que é adoptada polos distintos países industrializados para a elaboración dos seus inventarios de gases de efecto invernadoiro, clasificando estas actividades en sete grandes grupos: Enerxía, Procesos industriais, Uso de disolventes e outros produtos con compoñentes volátiles, Agricultura, Mudanzas no uso do solo e Silvicultura, Tratamento e eliminación de residuos e Outros.

Segundo a Axencia Internacional da Enerxía¹⁶ (IAE), entre as innúmeras actividades humanas que producen GEI a nivel mundial, a enerxía é, moito por en cima do resto, a maior fonte xeradora de emisións. A gráfica 41 mostra a distribución porcentual dos principais sectores de emisión do mundo, ben como os principais tipo de GEI emitidos á atmosfera (IAE, 2013).




Gráfico 41: Principais sectores emisores de GEI e % do tipo de gas emitido. Fonte: IAE, 2013


Unha análise do inventario de emisións de GEI do municipio de Vigo recollido no libro “Análise da contribución do municipio de Vigo ó cambio climático^[14]” pon de manifesto que son o consumo eléctrico (36,3%) e o transporte rodoviario (28,3%) as principais fontes xeradoras de emisións. Logo a seguir, as actividades de agricultura e pesca (115,3%) e a queima de combustíbeis fóséis no ámbito residencial/institucional (8%). Outros sectores

15) IPCC: Intergovernmental Panel on Climate Change

16) IAE, 2013: “CO₂ Emission from fuel combustion. Highlights”. Paris: International Agency Energy. Disponível en: <http://www.iea.org/publications/freepublications/publication/co2emissionsfromfuelcombustionhighlights2013.pdf>

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

como o gandeiro, a queima de residuos agrícolas e urbanos ou o tratamento de augas residuais mal alcanza o 1% (ver gráfica 42).



Gráfica 42: Sectores responsables por las emisiones de GEI en Vigo. Fuente: Espada L, 2007

O balanço final de emisións establece unha suma total de 1.944,7 10³ toneladas equivalentes de CO₂. Comparativamente, Vigo, con 6,5 t/habitante, está case 3 puntos abaixo da media española (9,4) e aproximadamente 4,5 puntos abaixo da media europea (10,8).

A nivel europeo, segundo a iniciativa ECI (European Common Indicators), é a cidade de Oslo (Noruega) a que presenta o valor máis baixo (2,47 tCO₂/hab), seguida das cidades españolas de Pamplona (3,51) e Barcelona (3,6) e das cidades suecas de Estocolmo ou Malmö (3,9 e 4,8, respectivamente). Vigo ocupa unha posición media na tabela, concretamente o nono posto e o seu factor de emisión é levemente inferior ao valor resultante medio dos países incluídos neste estudo (6,78 t). Entre as áreas urbanas con máis emisións destacan a cidade inglesa de Bristol (9,4) e as finlandesas Turku e Pori (10,7 e 11,9, respectivamente).

A seguir preséntase unha breve descrición detallada dos sectores de máis contributo na emisión de GEI no municipio de Vigo. A non dispoñibilidade de datos impede a súa comparación con outras cidades españolas e europeas.

5.4.1. Consumo eléctrico no sector doméstico

En España, cada lar é responsable pola produción de até 5 toneladas de CO₂ ao ano. Por iso, os padróns de comportamento das familias son claves para combater a mudanza climática. Segundo o IDAE¹⁷, nas vivendas españolas existe un potencial de aforro enerxético significativo do 27% sempre e cando se logre alcanzar un uso eficiente dos recursos enerxéticos.

17) IDAE: Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía. www.idae.es

Os datos recollidos na última actualización da monografía “*Medidas de actuaciones municipales para la reducción de las emisiones de gases de efecto invernadero en Vigo*”⁽¹⁵⁾ da Oficina do Valedor do Cidadán, permite coñecer a evolución do consumo eléctrico do municipio. En 2012, o consumo eléctrico do municipio de Vigo ascendeu até os 13.770,56 MWh (Megavattios hora), o que representa un incremento do 14% a respecto do dato rexistrado no ano 2004. Este consumo xera aproximadamente 331.870 toneladas de CO₂. Dentro do sector eléctrico, o 34,7% corresponde ao sector doméstico. Portanto, o consumo doméstico, con 4785,3 MWh e un 19,7% máis do que en 2004, é responsábel por 115.325 toneladas de CO₂.

Apesar de terse rexistrado un incremento no consumo eléctrico, en xeral, e no sector doméstico, en particular, explicable, en grande medida, por un aumento poboacional do 2% no período, constatouse un descenso do 52,2% e do 45,7%, respectivamente, nas emisións de CO₂. Esta redución significativa nas emisións de dióxido de carbono no ámbito doméstico, aínda que se teña incrementado o consumo eléctrico, pode estar ligada a unha maior presenza de electrodomésticos máis eficientes nos lares vigueses (etiqueta enerxética), o uso de combustíbeis alternativos para o aquecemento (gas natural ou enerxías renovábeis) ou o uso de lámpadas de baixo consumo, entre outras. Portanto, é necesario que as institucións locais promovan prácticas responsábeis de consumo através de programas orientados a tal fin ou actuacións semellantes. Estas institucións son as que, pola súa proximidade á cidadanía, poden, co seu exemplo e dedicación, suscitar o interese e fomentar unha mudanza nos padróns de comportamento dos habitantes do municipio de Vigo.

5.4.2. Consumo eléctrico no sector comercial e institucional

O contributo destes sectores tamén é moi importante, aínda que a súa achega ao balazo de consumos é menor que o do sector doméstico, correspondéndolle un 27% ao sector servizos e un 12% ao sector público.

Dentro da administración pública é necesario levar en conta a iluminación do municipio. Os datos máis recentes avaliados a este respecto corresponden ao ano 2012, altura en que o consumo eléctrico da iluminación pública elevábase aos 376,9 MWh, un 47,9% máis que os datos referidos ao ano 2004. Esta cifra, traducida a emisións de CO₂, equivale a 9.083 toneladas, o que supón unha redución do 34% a respecto do ano 2004. Xa que logo, facer un uso máis eficiente da iluminación pública e das enerxías renovábeis con medidas como a troca de lámpadas de mercurio por iluminación Led, a instalación de catro aeroxeradores para producir a electricidade dunha vía do municipio ben como un maior control sobre a instalación lumínica son medidas que contribuíron para reducir as emisións de CO₂, apesar de incrementarse o consumo final.

5.4.3. Transporte

A tendencia actual mostra un incremento, cada vez maior, da participación do vehículo privado na mobilidade viguesa. Recompilando datos recollidos do apartado 5.2 (Mobilidade Local) deste mesmo estudo, no municipio de Vigo, aproximadamente, prodúcese diariamente 750.000 desprazamentos, dos cais, un 70% son motorizados. Entre os medios motorizados atribúeselle ao vehículo privado unha porcentaxe do 49%, isto é, uns 344.250 desprazamentos diarios prodúcese utilizando este medio de transporte. Este valor é moi elevado e supuxo un incremento aproximado do 72% a respecto do ano 2004.


En Vigo, en 2012, os automóviles privados, cunha media de 8 km/vehículo, realizaron aproximadamente 653.697.480 km que, traducidos a emisións CO₂, corresponderían a 129.367 t/ano, un 3,1% máis que os datos referidos ao ano 2004. Más concretamente, o desprazamento ao traballo en vehículo privado é o responsábel por case o 40% das emisións, con aproximadamente 52.000 t/ano

Debido a que este medio de transporte, en xeral, ten unha elevada cota de participación nas emisións de GEI, calquera diminución lograda neste sector suporá unha redución importante a nivel global. Por iso, é fundamental promover o uso do transporte público, incrementar a eficiencia na mobilidade ou mellorar o nivel ocupacional dos medios de transporte privados, entre outras medidas. O impacto potencial destas medidas pode verse con máis detalle nas publicacións que a Oficina do Valedor do Cidadán pon a disposición da cidadanía.

5.4.4. Sector residencial

O sector da vivenda e dos servizos representa máis do 40% do consumo eléctrico final da Unión Europea. Coa aplicación de medidas de eficiencia enerxética nos edificios poderíanse economizar por volta de 450 millóns de toneladas de CO₂, o cal representa o 8% das emisións totais.

No municipio de Vigo, as emisións totais en vivendas ascenden a 718.638 t equiv CO₂, sendo o consumo de enerxía eléctrica e o uso do vehículo privado os responsábeis polo 80% das mesmas. A gráfica 43 mostra o contributo de cada actividade doméstica á suma total de emisións.



Gráfica 43: Peso de cada actividade sobre o total de GEI dos lares. Fonte: Espada, L 2008

Medidas como a rehabilitación estrutural das vivendas, a melloría da eficiencia das instalacións térmicas e eléctricas,... poden contribuír para alcanzar unha maior cualificación enerxética, de tal forma que se reduzan as necesidades e, portanto, as procuras enerxéticas dos lares.

Os datos presentados neste sector obtivéronse de estudos anteriores, pois o cálculo das emisións require a análise de múltiples parámetros que non xustifican a súa complexidade dos resultados esperados, asumíndose portanto un erro pouco significativo na hora de tirar conclusións.

5.4.5. Xestión de residuos

Toda actividade humana xera residuos, os cales son responsábeis por unha certa cantidade de emisións de GEI, ben directamente relacionada coa súa descomposición ou por efecto de tratamentos de incineración, recuperación ou reciclado.

No municipio de Vigo, no ano 2012, a produción de residuos ascendeu até as 128.273 t, o que supuxo un total equivalente de 130.333 t CO₂, un 39,6% máis a respecto do ano 2004. Os residuos orgánicos, os materiais plásticos e o papel-cartón supoñen o 75% da composición media dos restos urbanos

Na actualidade, no Concello de Vigo a recollida selectiva está limitada ao papel/cartón e aos envases de plástico, vidro ou metálicos. O resto de residuos son incinerados na planta de Cerceda, na Coruña. Portanto, resultaría imprescindible que, por parte do Concello, se tomen máis medidas encamiñadas a incrementar a reciclaxe dos residuos urbanos.

5.5. Contaminación sonora

O actual proceso de concentración dos principais núcleos urbanos e, portanto, o consecuente aumento da densidade poboacional, a mecanización de moitas actividades e, mormente, o significativo desenvolvemento dos medios de transporte, tanto privado como de mercadorías, provocaron que o ruído, poluente máis común, asuma a categoría de problema ambiental serio e o recoñecemento como unha das variábeis prioritarias cando se valora a calidade de vida que ofrece unha contorna urbana.

A contaminación sonora é unha prioridade para a sociedade en xeral e, en particular, para a cidadanía Vigo. Case tres cuartas partes dos residentes maniféstanse insatisfeitos co nivel de ruído do municipio (Ver apartado 5.1.1.9 Sustentabilidade Ambiental). No entanto, é conveniente recalcar que esta valoración subxectiva debe de ir acompañada dunha cualificación dalgún parámetro físico para a súa valoración e validación. Xa que logo, para poder falar de ruído en toda a súa ampla extensión, é necesario medilo.

O nivel de contaminación sonora ao que está submetida unha poboación resulta da combinación de diversos axentes xeradores de ruído. Determinadas actividades como obras públicas, establecementos de lecer,... poden ser ruidosos. Contodo, a súa incidencia espazo-temporal non é tan xeneralizada como a do tránsito rodoviario, o cal, pola súa vez, depende da mobilidade existente no municipio. Entre as distintas fontes xeradoras de ruído, a Oficina do Valedor do Cidadán centrouse na avaliación do tránsito rodoviario e ferrocarril, o ruído industrial, as actividades de lecer nocturno e a recolla de residuos.

5.5.1. Ruído asociado ao tránsito rodoviario, ferrocarril e industria

Estímase que o tránsito rodado é a orixe do 90% do ruído ambiental urbano. Por iso, é fundamental definir o mapa de ruído da cidade de Vigo como punto de partida para establecer propostas de melloría encamiñadas a conseguir un ambiente acústico aceptábel na cidade. O obxectivo final reside en reducir os niveis medios de exposición ao rango recomendado de 55-65 dBA¹⁸, garantir que non se ultrapase o nivel de 85dBA e que o nivel de exposición en zonas tranquilas non supere os 55dBA.

Os datos dispoñíbeis na monografía *“El ruido de tráfico rodado en la Ciudad de Vigo, niveles sonoros ambientales⁽¹⁶⁾”* son relativamente antigos, pois están referidos ao ano 2001 e só aparecen reflectidas medicións en determinados puntos da zona urbana polo que, neste apartado, decidiuse recorrer a fontes documentais máis actualizadas. A Directiva Europea 2002/49/CE e o desenvolvemento lexislativo estatal que se traduciu na Lei do

18) dBA: decibelios ponderados A. Escala de ruído referida ao ouvido humano.

Ruído 37/2003 solicitan a elaboración de mapas estratéxicos de ruído das aglomeracións estatais cunha poboación superior a 250.000 habitantes. A tal efecto, o site web do Concello de Vigo pon a disposición da cidadanía os relatorios e mapas de ruído da cidade¹⁹, os cales deben ser revisados e actualizados cada cinco anos. En consecuencia, serán os informes do ano 2007 e 2012 a base utilizada para coñecer a evolución e a situación actual do ambiente sonoro do municipio.

Neste relatorio levouse a cabo unha análise global do municipio en distintos períodos do día, divididos en faixas horarias do seguinte xeito:

- Día de 7 a 19h
- Tarde de 19-23h
- Noite de 23-7h.

Os resultados presentados nas seguintes tabelas corresponden á avaliación conxunta dos principais focos xeradores de ruído: estrada, ferrocarril e industria.

Ld	2007		2012	
	km ²	% Exp	km ²	% Exp
>55 dB	52,8	48%	42,3	40%
>65 dB	15,3	14%	11,8	11%
>75 dB	2,6	2%	1,5	1%

Tabela 4: Solo exposto, período día (Ld)

Le	2007		2012	
	km ²	% Exp	km ²	% Exp
> 55 dB	59,2	54%	53,2	51%
> 65 dB	17,3	16%	14,6	14%
> 75 dB	3	3%	2,1	2%

Tabela 5: Solo exposto, período tarde (Le)

Ln	2007		2012	
	km ²	% Exp.	km ²	% Exp.
> 50 dB	56,2	52%	42,8	41%
> 60 dB	15,1	14%	10,8	10%
> 70 dB	2,2	2%	1,0	1%

Tabela 6: Solo exposto, período noite (Ln)

Lden	2007		2012	
	km ²	% Exp.	km ²	% Exp.
> 55 dB	70,7	65%	63,6	61%
> 65 dB	25,7	24%	19,2	18%
> 75 dB	5,2	5%	3,5	3%

Tabela 7: Solo exposto, día-tarde-noite (Lden)


Nestes cadros pode observarse claramente unha redución global da porcentaxe de solo exposto a niveis superiores a 65 dBA da orde do 25% (Lden) e unha baixada tamén da porcentaxe media de exposición nos outros dous valores de ruído considerados. Destácase especialmente a redución na exposición a niveis nocturnos (Ln), onde unicamente o 10% do solo do municipio está exposto a niveis superiores a 60 dBA, mostrando unha redución do 28,6% con respecto a 2007. A maior proporción de solo exposto a niveis su-

19) Concello de Vigo: Mapas de Ruído dispoñíbeis en: http://hoxe.vigo.org/movemonos/mambiente_ruidos.php?lang=cas

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

periores a 65 dbA prodúcese na faixa de tarde (19-23 h) con 3 puntos porcentuais acima do nivel diario (Ld) onde o 11% do solo supera este valor.

O transporte por estrada é o principal causante destes niveis. A súa distribución pode verse na gráfica seguinte:



Gráfica 44: Comparativa de solo exposto en función do tipo de foco (Lden). Fonte: Concello de Vigo, 2012

Relativamente á poboación exposta, a tabela seguinte mostra, en centenas, a poboación exposta aos niveis de día, tarde e noite, e nivel equivalente día-tarde-noite (Lden):

Rango	Ld		Le		Ln		Lden	
	%	Centenas	%	Centenas	%	Centenas	%	Centenas
< 50 dB	5%	157	4%	111	12%	372	3%	91
50-54 dB	12%	373	12%	363	16%	478	11%	321
55-59 dB	12%	366	13%	387	22%	663	11%	328
60-64 dB	17%	494	15%	460	36%	1.071	12%	359
65-69 dB	34%	1.010	32%	960	13%	382	20%	612
70-74 dB	19%	554	22%	667	1%	24	38%	1.125
> 75 dB	1%	41	2%	47	0%	5	5%	158

Tabela 8: Poboación exposta, en centenas, niveis de día, tarde e noite e Lden. Fonte: Concello de Vigo, 2012

Destaca especialmente o incremento de poboación exposta a niveis superiores a 65 BA nos niveis de día e tarde, e o incremento notábel de poboación exposta a niveis nocturnos superiores a 60 dBA, a respecto dos datos do ano 2007. Concretando, en 2007 un 19% da poboación estaba exposta a niveis acústicos superiores a 65 dBA durante o período día e un 20% durante o período tarde. Pola noite, un 19% da poboación estaba exposta a máis de 60 dBA. Estes datos, traducidos a valores medios Lden, equivalen a un 26% de poboación exposta a >65 dBA no municipio.

Por faixas horarias, obsérvase que máis de 100.000 persoas en horario de día están expostas a niveis acústicos superiores a 65 dBA e 4.100 superan os 75 dBA. En horario de tarde, só se reduce un 2% a poboación exposta a máis de 65 dBA incrementándose nun 1%, até as 4.700 persoas, os niveis superiores aos 75 dBA.

Analizando a exposición da poboación por focos, obsérvase un incremento pouco significativo de exposición da poboación a ruído industrial. En termos de Lden, menos do 1% da poboación viguesa está exposta a niveis de ruído industrial superiores a 65 dBA, porcentaxe que se mantén estábel a respecto da situación de 2007.

Lden	2007		2012	
	Centenas	% Exposición	Centenas	% Exposición
> 55 dB	83	3%	181	6,03%
> 65 dB	11	0%	28	0,95%
> 75 dB	1	0%	7	0,23%

Tabela 9: Poboación exposta a ruído industrial (Lden)

A tabela 10 mostra a diminución clara da poboación exposta a ruído de ferrocarril, debido principalmente ao deslocamento do tránsito ferroviario para a estación de Guixar.

Lden	2007		2012	
	Centenas	% Exposición	Centenas	% Exposición
> 55 dB	10	0,30%	1	0,03%
> 65 dB	1	0,00%	0	0,01%
> 75 dB	0	0,00%	0	0,00%

Tabela 10. Poboación exposta a ruído de ferrocarril (Lden)

Por último, a tabela 11 mostra os datos obtidos para ruído de tránsito. Obsérvase unha clara variación da poboación exposta.

Lden	2007		2012	
	Centenas	% Exposición	Centenas	% Exposición
> 55 dB	1.652	56%	2.566	85,67%
> 65 dB	777	26%	1.895	63,28%
> 75 dB	155	5%	158	5,28%

Tabela 11: Poboación exposta a ruído de tránsito (Lden)

Comparativamente, o ruído de tránsito é claramente o foco principal relativamente á exposición da poboación a niveis de ruído superiores a 55 dBA. Como pode verse na tabela, o incremento deste factor é notábel a respecto dos datos do ano 2007. Constátase un aumento de case 100.000 persoas expostas a niveis de máis de 55 dBA, mais, sen dúbida, son as porcentaxes de poboación exposta a máis de 65 dBA as que rexistran o maior incremento con case 112.000 persoas máis afectadas a respecto de 2007. Practicamente non se rexistran mudanzas porcentuais na cantidade de poboación exposta a máis de 75 dBA. A tabela 12 presenta os valores resumidos por foco xerador.

Lden	% de poboación exposta segundo a fonte de ruído		
	ESTRADAS	FERROCARRIL	INDUSTRIA
> 55 dB	85,67%	0,03%	6,03%
> 65 dB	63,28%	0,01%	0,95%
> 75 dB	5,28%	0,00%	0,23%

Tabela 12: Poboación exposta, comparativa en función do tipo de foco

Os seguintes mapas mostran, de forma global, a distribución das fontes de tránsito no municipio.




Figura 9: Vigo, Visión global, Lden debido ao tránsito. Fonte: Concello de Vigo, (2012)




Figura 10: Vigo, Visión global, Lden debido ao tránsito ferroviario. Fonte: Concello de Vigo (2012)




Figura 11: Vigo, Visión global, Lden debido a focos industriais. Fonte: Concello de Vigo (2012)

Como conclusión, destácase o seguinte:

- Ruído industrial: obsérvase unha variación pouco significativa nos niveis de ruído industrial con respecto á situación de 2007. Un 94% da poboación está exposta a niveis de ruído, procedentes de focos industriais, menores de 55 dBA.
- Ruído ferroviario: obsérvase unha clara diminución debido á eliminación do tránsito ferroviario cara o centro e o desvío cara á estación de Guixar.
- O incremento da poboación exposta a ruído de tránsito é debido mormente ao incremento do censo declarado en zonas con altos niveis de ruído: Plan Parcial de Navia e Centro de Vigo. A figura 12 identifica sobre o mapa global de ruído de Vigo estas dúas zonas que se desenvolveron no período 2007-12. Como se referiu anteriormente, a outra causa é a depuración do mapa de 2007; isto é o reestudo do contorno permite mellorar a estimación da poboación exposta, e a metodoloxía empregada nesta ocasión afina a predicción da exposición a nivel de fachada en cada edificio.




Figura 12 Exemplo de novos desenvolvementos urbanos en zonas con alto nivel de ruído. Fonte: Concello de Vigo (2012)

- Foco de ruído dominante: tanto por solo exposto como por poboación, o tránsito rodado é o foco dominante no municipio de Vigo.
- Obsérvase unha diminución na intensidade do tránsito en xeral, tanto nos accesos á cidade como no centro. Como resultado, existe unha leve redución nos niveis de emisión debido ao tránsito que se aprecia claramente na porcentaxe de solo exposto, aínda que estes niveis non se viron reflectidos, en canto ao volume da poboación exposta, polas razóns explicadas.
- Existe un incremento importante de zonas humanizadas, con limitación de velocidade a 30 km/h e a conseqüente redución dos niveis de ruído (redución de solo exposto).

A seguir preséntanse as porcentaxes medias globais para as tres zonas nas que se dividiu o municipio de Vigo: rural, semiurbana e urbana.

Zona rural

Na zona rural, onde mora o 17% da poboación do municipio, case o 80% dos seus residentes están expostos a niveis de ruído (L_{den}) menores de 65 dBA, só un 10% está no rango de 70-74 dBA e só un 0,2% (aprox. 1.000 persoas) supera o valor dos 75 dBA.

Por faixas diarias, en horario de día e tarde o 90% de poboación está exposta a niveis inferiores a 65 dBA, alcanzándose case o 100% en horario nocturno. Por tratarse dunha zona rural tranquila, nesta zona deberíase garantir uns niveis de exposición inferiores a 55 dBA. Levando isto en conta, obsérvase que pouco máis de metade da súa poboación, un 54,6%, presenta este perfil de ruído.

dBA	% Poboación Zona Rural			
	Ld	Le	Ln	Lden
< 50	49,1%	41,7%	64,4%	35,4%
50-54	17,4%	20,0%	9,8%	19,2%
55-59	8,0%	12,1%	15,3%	13,3%
60-64	14,3%	14,5%	10,0%	11,7%
65-69	6,5%	6,5%	0,4%	9,8%
70-74	4,1%	5,1%	0,0%	8,6%
> 75	0,0%	0,0%	0,0%	0,2%

Tabela 13. Niveis de exposición sonora na zona rural. Fonte: Elaboración propia a partir do Mapa estratéxico de ruído do municipio de Vigo. Concello de Vigo (2012)

As parroquias do ámbito rural con maiores cifras de poboación exposta, en termos medios (L_{den}) son:



Alcabre, onde un 45,1% da poboación está no rango de 65-69dBA e o 7,5% entre 70-74dBA. Non hai poboación exposta a máis de 75dBA



Figura 13: Nivel de Día, Ld



Figura 14: Nivel de Tarde, Le



Figura 15: Nivel de Noite, Ln



Comesaña, onde o 15,9% de residentes están expostos ao rango de ruído de 65-69dBA e un 47,7% a 70-74dBA. Non hai poboación exposta a máis de 75dBA.




Figura 16: Nivel de Día, Ld




Figura 17: Nivel de Tarde, Le




Figura 18: Nivel de Noite, Ln



Navia, onde un 6,1% da poboación presenta un perfil de ruído de 65-69dBA e o 24,2% de 70-74dBA. Non hai poboación exposta a >75dBA.




Figura 19: Nivel de Día, Ld




Figura 20: Nivel de Tarde, Le



Figura 21: Nivel de Noite, Ln

Zona semiurbana

Na zona semiurbana, onde reside o 16,6% da poboación, case o 67% dos seus residentes están expostos a niveis de ruído (Lden) menores de 65 dBA. No entanto, son significativos os datos de poboación exposta a máis de 70 dBA, case un 30% dos seus residentes superan este valor de exposición, unhas 14.800 persoas, e até un 7,7% supera os 75 dBA.

Por faixas diarias, en horario de día e tarde, aproximadamente o 30% da poboación está exposta a niveis superiores a 65 dBA, baixando até o 10% na faixa nocturna.

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

dBA	% Poboación Zona Semiurbana			
	Ld	Le	Ln	Lden
< 50	23,9%	21,5%	40,9%	15,8%
50-54	16,8%	16,4%	19,5%	14,0%
55-59	16,6%	18,0%	12,6%	19,7%
60-64	14,6%	16,0%	20,9%	17,6%
65-69	15,0%	14,6%	8,7%	9,5%
70-74	12,4%	14,0%	1,2%	19,3%
> 75	2,6%	3,0%	0,0%	7,7%

Tabela 14: Niveis de exposición sonora na zona semiurbana. Fonte: Elaboración propia a partir do Mapa estratéxico de ruído do municipio de Vigo. Concello de Vigo (2012)

Das parroquias que integran a zona semiurbana, as zonas de Castrelos e Sárdoma son as máis sensíbeis.



En Castrelos, un 70% da poboación está exposta a niveis superiores a 70dBA, dos cais un 32% supera os 75dBA.




Figura 22: Nivel de Día, Ld




Figura 23: Nivel de Tarde, Le




Figura 24: Nivel de Noite, Ln



En Sárdoma, o 64% da poboación está exposta a niveis de ruído superiores aos 65dBA, dos cales un 46% supera os 70dBA e un 18% 75dBA.




Figura 25: Nivel de Día, Ld




Figura 26: Nivel de Tarde, Le




Figura 27: Nivel de Noite, Ln

Zona urbana

Na zona urbana, onde reside o 66,3% da poboación, o 75,8% dos seus residentes están expostos a niveis de ruído (Lden) superiores a 65 dBA, dos cais o 46% sitúase no rango de entre 70-74 dBA. Un 5,6% supera os 75 dBA, o que equivale a unhas 11.000 persoas.

Na faixa de día é onde está a maior proporción de poboación exposta a niveis superiores a 65 dBA cun 64%, seguida da faixa de tarde cun 40,5%, aínda que, nesta franxa hai un 5% máis de poboación no rango 70-74 dBA. As porcentaxes descen significativamente no horario de noite onde un 16% supera os 65 dBA. No entanto, é nesta faixa onde se alcanza a maior porcentaxe de poboación exposta ao rango de ruído entre 60-64 dBA.

dBA	% Poboación Zona Urbana			
	Ld	Le	Ln	Lden
<50dB	7,6%	7,2%	12,5%	6,6%
50-54	3,4%	2,7%	9,5%	1,7%
55-59	8,4%	8,7%	21,4%	6,6%
60-64	16,3%	14,0%	40,8%	9,2%
65-69	41,7%	12,8%	15,0%	24,1%
70-74	21,4%	26,3%	0,7%	46,1%
> 75	1,2%	1,4%	0,2%	5,6%

Tabela 15: Niveis de exposición sonora na zona urbana. Fonte: Elaboración propia a partir do Mapa estratéxico de ruído do municipio de Vigo. Concello de Vigo (2012)

En xeral, nos distritos integrantes da zona urbana (Bouzas, Vigo Centro, Coia e Freixeiro), a porcentaxe de poboación exposta a máis de 65dBA supera o60%. En Freixeiro é onde se alcanzan as porcentaxes máis baixas (un 54% de la poboación deste distrito está exposta

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

a máis de 70dBA e un 7% supera os 75 dBA).



Bouzas: 34% no rango 65-69dBA, 22% no rango 70-74dBA e 4% en valores > 75dBA.



Figura 28: Nivel de Día, Ld



Figura 29: Nivel de Tarde, Le



Figura 30: Nivel de Noite, Ln



Vigo Centro: 25% no rango 65-69dBA, 48% no rango 70-74dBA e 6% en valores > 75dBA.



Figura 31: Nivel de Día, Ld



Figura 32: Nivel de Tarde, Le



Figura 33: Nivel de Noite, Ln



Coia: 25% no rango 65-69dBA, 48% no rango 70-74dBA e 6% en valores > 75dBA.



Figura 34: Nivel de Día, Ld



Figura 35: Nivel de Tarde, Le



Figura 36: Nivel de Noite, Ln



Freixeiro: 22% no rango 65-69dBA, 54% no rango 70-74dBA e 7% en valores > 75dBA.



Figura 37: Nivel de Día, Ld



Figura 38: Nivel de Tarde, Le



Figura 39: Nivel de Noite, Ln

A seguir preséntanse, por distritos, os mapas resumo da poboación afectada:




Figura 40: Porcentaxe de poboación exposta a $L_{den} > 55 \text{ dBA}$. Fonte: Concello de Vigo (2012)

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL




Figura 41: % Poboación exposta a $L_{den} > 65 \text{ dBA}$ Figura 42: % Poboación exposta a $L_{den} > 75 \text{ dBA}$

En resumo, destacan o núcleo urbano, a parroquia de Freixeiro e Castrelos, con máis de 75% de poboación exposta a niveis superiores a 65dBA. Menos do 50% da poboación de Candeán, Coruxo, Oia e Saiás están expostas a niveis de 55dBA.

Destacan como parroquias máis tranquilas as de Matamá e Zamáns, con menos dun 25% de poboación exposta a niveis superiores a 55dBA.

5.5.2. Contaminación sonora nocturna

Os mapas acústicos representan os niveis sonoros derivados do tránsito rodoviario, ferroviario e industrial, mais non recoñecen aspectos específicos que veñen afectando e preocupando dun modo crecente á cidadanía como o ruído derivado de actividades de lecer ou da xestión dos residuos urbanos. Estas actividades destacan principalmente polo seu desenvolvemento en horarios nocturnos de tal forma que se acrecenta o grao de incomodo. O estudo do ruído debe ser, en consecuencia, completado levando tamén en conta estes factores. Por iso, a Oficina do Valedor do Cidadán, através do informe “A contaminación acústica nocturna na cidade de Vigo [17]”, recolle os resultados e conclusións derivados das iniciativas encamiñadas a encarar estas problemáticas.

A avaliación do nivel de ruído asociado a locais de lecer nocturno levouse a cabo en varias zonas do núcleo urbano da cidade apreciándose variacións acústicas notábeis debido á abertura destes locais. En termos medios, o Nivel continuo equivalente (L_{eq}) asociado ao municipio, obtido ao promediar os datos recompilados para cada zona e etapa (inverno, primavera e verán), sitúase en torno aos 63,4 dBA.

Nunha análise pormenorizada, a noite do sábado é cando se detectaron os maiores incrementos de ruído ambiental cun incremento medio de 4,7 dBA fronte ao 2,5 dBA rexis-

trado nas noites dos venres. En valores medios do fin de semana isto tradúcese nun aumento de 3,6 dBA. Para que estes datos sexan máis representativos, é conveniente sinalar as equivalencias asociadas a certos incrementos. Así, un incremento de 3 dBA equivale a duplicar o nivel sonoro existente inicial; un incremento de 5 dBA equivale a triplicar a potencia sonora inicial e unha diferenza de 10 dBA pode asimilarse a comparar o nivel sonoro inducido por un foco de ruído xerado por dez focos idénticos a este.

Os puntos máis problemáticos da cidade de Vigo, acusticamente falando, son:

- Churruca, cun nivel continuo equivalente de 78,3 dBA na primavera as noites de sábado, 76 dBA no verán as noites de venres, 74,5 dBA no inverno as noites de sábado e 72,5 dBA no inverno e noite de venres. Nesta zona, durante a etapa de inverno, prodúcese os maiores incrementos de ruído ambiental.
- Pr. de Portugal, obtívoise un nivel continuo equivalente de 77,8 dBA no inverno as noites de sábado e 75,1 dBA no inverno as noites de venres. É aquí onde se rexistraron os maiores incrementos antes e durante o funcionamento dos locais de lecer tanto en venres como en sábado (16 e 15,5 dBA, respectivamente).
- Rogelio Abalde, presenta niveis medios altos de 76,3 dBA na primavera as noites de sábado, 73,7 dBA no inverno as noites de sábado e as noites de venres na primavera, verán e inverno con 73,5, 72,7 e 73,1 dBA, respectivamente. Nesta zona teñen lugar incrementos medios significativos de 13 dBA as madrugadas dos sábados, no inverno e primavera, e 11,3 dBA os venres de verán.
- Montero Ríos, con 74,5 dBA, e un incremento nos niveis sonoros ambientais de 14,5 dBA no inverno.

Outras zonas contaminadas acusticamente, en termos medios anuais, son: Areal (72 dBA), Rosalía de Castro (69 dBA) e Venezuela (68 dBA).

En contraposición, as rúas Barcelona, Marqués de Alcedo e Tomás Paredes presentan uns valores medios sonoros equivalentes de 57,8 dBA os venres e 58,2 dBA os sábados, o cal é debido principalmente á ausencia de establecementos de lecer nocturno, o que apenas representa un 10% das zonas avaliadas. Outras zonas catalogadas como non contaminadas, aínda que os seus niveis sonoros son superiores aos anteditos e próximos dos 65 dBA son: Lepanto, Pontevedra e Eduardo Chao.

Finalmente, unha vez analizada in situ a influencia do lecer nocturno nos niveis de ruído, faise necesario complementar o estudo de tal forma que sexa posíbel coñecer como Os

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL


resultados obtidos poñen de manifesto que en certos emprazamentos os incrementos superan os 12 dBA polo que se xeran mudanzas acústicas drásticas no ambiente interior. En termos medios, a madrugada do venres prodúcese un incremento de 5,7 dBA e na do sábado de 6,9 dBA. Os maiores incrementos rexístranse nas vivendas situadas no primeiro andar das edificacións que teñen algún local de lecer

Na metade das vivendas analizadas supéranse os 30 dBA após a abertura de locais de lecer os venres e en sábados a porcentaxe ascende ao 70%. Aliás, o estudo mostra que no 25% das vivendas, tanto en venres como en sábado, o ruído de fondo antes da abertura dos locais supera por si só os 30 dBA permitidos, con valores entre 34 e 38 dBA.

Relativamente á recolla nocturna de residuos, detectouse unha variación acústica en todas as zonas analizadas, cun valor medio de 13,1 dBA. O incremento máis baixo foi de 5,7 dBA na zona de Romil e o máis alto de 22,2 dBA na rúa Zamora.

Durante o 90% do tempo que dura o vaciado dos contentores supéranse os 75 dBA e no 10% restante mesmo se superan os 82 dBA.

A gráfica 45 mostra unha comparativa conxunta das zonas avaliadas:



Gráfica 45: Comparativa niveles sonoros antes e durante o vaciado de contentores. Fonte: Espada, L (2006)

Durante a recolla de residuos, o nivel sonoro medio municipal sitúase nos 74 dBA, rexistrándose en todas as zonas avaliadas valores iguais ou superiores a 70 dBA. A Rúa Zaragoza con 78,4 dBA é a zona onde se rexistrou o valor máis alto, seguida da R. Álvaro Cunqueiro e Hispanidade con niveis próximos a 78 dBA. Os máximos incrementos rexistráronse na Rúa Zamora cunha diferenza de 22 dBA, a Rúa Bolivia e Pai D. Rúa con 20,4 dBA e a Rúa Zaragoza con 20 dBA. O resto de zonas oscila entre 10 e 19 dBA de diferenza, estando abaixo dos 10 dBA a Rúa Urzáiz con Rep. Arxentina (5,8), R. Venezuela con Gran Vía (8,4), R. Álvaro Cunqueiro (8,9), R. Romil (5,2), R. García Barbón (8,6), R. Coruña (9,7) e R. Jacinto Benavente (6,9).

5.6. Consumo e produción sustentábel

Para vivir dun xeito sustentábel é necesario que o consumo dos recursos naturais garanta a súa renovación. Contodo, a sociedade orientada ao consumo impón unha presión moi elevada sobre o planeta. Os modelos de consumo e produción actuais son insustentábeis e afectan cada vez máis ao ambiente, á sociedade, á economía e ás empresas. O impacto ecolóxico do continente europeo é un dos máis altos do mundo, de tal xeito que, se o resto de continentes vivisen como na Europa, serían necesarios os recursos de máis de dous planetas Terra para o suportar. É necesario, en consecuencia, vivir dun xeito máis sustentábel; isto é, facer máis con menos^[18].

O consumo e a produción sustentábeis consisten en facer un uso máis eficiente dos recursos naturais e da enerxía, para alén de reducir as emisións de GEI e as súas consecuencias ambientais, aspectos chave para a futura competitividade das rexións. O consumo sustentábel di a respecto do estilo de vida, aos hábitos de compra e ao xeito de usar e descartar produtos e servizos, mentres que a produción sustentábel céntrase na redución do impacto ambiental dos procesos de produción e na mellora do deseño dos produtos.

Máis concretamente, o consumo de bens e servizos nos lares é un dos maiores desencadeantes do uso de recursos e está directamente relacionado cos impactos negativos no ambiente. Neste sentido, entender o comportamento dos cidadáns tórnase imprescindible para conseguir reducir as presións derivadas dos seus padróns de consumo. No libro “*Hábitos de consumo. Perspectiva comparada e estudo específico no municipio de Vigo*”^[19] son analizados os hábitos de consumo dos habitantes do municipio no tocante aos distintos aspectos ambientais como enerxía, auga, xeración de residuos e consumo responsábel. Logo a seguir preséntanse as principais conclusións e a comparativa dos resultados.

O grao de conscienciación global da cidadanía viguesa en relación a un uso responsábel dos recursos é do 66%, o que supón un incremento aproximado do 50% respecto ao ano

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

2007, contra un 34% da poboación que manifesta sentirse nada ou pouco concienciada por este problema.

Por zonas, a urbana é a que presenta o maior grao de concienciación (72,4%) seguida da rural (64,1%) e da semiurbana (56,7%). Isto representa un incremento, respecto ao 2007, do 150%, 99% e 6%, respectivamente.

Máis concretamente, no relativo ao *consumo de enerxía* as prácticas máis empregadas pola cidadanía de Vigo son a posta en marcha da máquina de lavar ou lavalouza a plena carga (85%), o peche de radiadores (80%) e o control, avaliación e facturación do consumo de enerxía (76%). O segundo grupo de medidas máis representativas inclúe o lavado da roupa en auga fría (75%) e a utilización de luces de baixo consumo (71%). Entre as prácticas menos estendidas atópanse a consideración da etiqueta enerxética no proceso de compra de electrodomésticos (44%), o uso do transporte público en desprazamentos diarios (39%) e compartir vehículo privado nos percorridos ao traballo (18%)

Case todas as anteditas prácticas incrementaron os seus valores porcentuais con respecto ao ano 2007[20], especialmente o uso de luces de baixo consumo (+91,9%). Como excepcións, diminuíu a consideración da etiqueta enerxética na compra de electrodomésticos (-20%) e compartir vehículo privado (-21,7%).

Respecto ao *consumo de auga*, as prácticas responsábeis máis utilizadas polos habitantes do municipio de Vigo son ducharse en vez de bañarse (92%), pechar a auga mentres se escoban os dentes (90%), controlar periodicamente o volume do seu consumo (69%) e regar as plantas en horas baixas de sol (68%). As prácticas menos estendidas son non eliminar residuos tóxicos (lixivias, amoníaco,...) polo sumidoiro (44%) e non realizar periodicamente a revisión e a manutención da súa instalación (35%).

En xeral, produciuse un incremento no uso destas prácticas entre a cidadanía respecto ao ano 2007. Controlar os consumos (+86,5%), non verter produtos tóxicos polo lavabo (+76%), ducharse (+39,4%), pechar a billa mentres se escoban os dentes (+38,5%), preocuparse polo estado da instalación (+52%) e regar en horas de baixa intensidade solar (+4,6%) incrementaron a súa presenza nos lares vigueses..

Relativamente á xeración de residuos, practicamente a totalidade da cidadanía aproveita os sacos de plástico da compra como bolsas para o lixo doméstico (96%) e aproximadamente oito en cada dez cidadáns recoñece separar os residuos en orixe²⁰(82%) e depositalos nos contedores adecuados. Case metade da poboación imprime polas dúas

20) Vidro, papel-cartón, materia orgánica e envases

caras do papel (54%), utiliza pilas recargábeis (49%) e recorre ao sistema de recolla selectiva municipal para residuos volumosos (colchóns, electrodomésticos,...) (47%). Só tres en cada dez persoas evitan comprar produtos que funcionen con pilas e entregan os aceites de cociña a empresas especializadas neste residuo (29%, ambas). As prácticas menos estendidas a este respecto son evitar a compra de aerosois (18%) e a compra de produtos pouco embalados (14%).

En comparación co ano 2007, detéctase un aumento de conscienciación da cidadanía no referente á separación e reciclaxe de residuos pesados (+60%), á utilización de pilas recargábeis (48,5%), á entrega dos aceites de consumo doméstico a empresas especializadas no seu tratamento (220%) e á reutilización de bolsas de plástico como sacos de lixo (11%). Pola contra, produciuse un descenso notábel no referente a evitar a compra de aerosois (-48,7%), comprar produtos menos embalados (-31,8%), uso do sistema de recolla selectiva municipal (-26,6%) e impresión a dobre cara (-10%). Finalmente, as diferenzas máis significativas do período están en evitar a compra de produtos que necesiten pilas para o seu funcionamento (28%).

Tamén se avaliou o consumo responsábel dos habitantes de Vigo. A este respecto, o 78% manifesta estar consciente da verdadeira necesidade dos produtos que compra e o 65% adquire preferentemente produtos de época. Aproximadamente tres en cada dez persoas recoñece utilizar produtos reciclados e tan só un 24% consome produtos con etiquetado ecolóxico. A compra de produtos agrícolas e gandeiros ecolóxicos, así como levar en conta a simboloxía dos produtos de limpeza (tóxico, inflamábel, nocivo,...) son prácticas habituais en samente dúas en cada dez cidadáns (19%). Finalmente, só un 12% manifesta orientar a compra cara a produtos certificados coa etiqueta de comercio xusto.

En xeral, todas as prácticas de comercio responsábel incrementaron as súas porcentaxes no período 2007-2012, salvo a consideración da simboloxía dos produtos de limpeza (-97,8%) e da compra de produtos con certificado de comercio xusto (-14,3%). O maior incremento recae sobre o uso de produtos reciclados (+61%), seguido do consumo de produtos con etiqueta ecolóxica (+60%) e, a maior distancia, o coñecemento da necesidade dos produtos adquiridos (+24%) e a compra de produtos procedentes da agricultura e a gandaría ecolóxica (+26,7%).

Por zonas, no tocante ao consumo de enerxía, as prácticas con maiores valores porcentuais son:

- Zona rural:

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

- ✓ Lavar a roupa con auga fría (86%), $\Delta^{21}2012-2007=+19,3\%$.
- ✓ Pór a máquina de lavar ou lavalouza a plena carga (83%), $\Delta2012-2007=+8,9\%$.
- ✓ Desligar os radiadores en dependencias vacías ou con demasiado calor (73%), $\Delta2012-2007=+30,4\%$.

· Zona semiurbana:

- ✓ Desligar radiadores (89%), $\Delta2012-2007=+82,0\%$.
- ✓ Control, avaliación e facturación do consumo enerxético (74%), $\Delta2012-2007=+27,6\%$.
- ✓ Luces de baixo consumo (72%), $\Delta2012-2007=-100\%$.

· Zona urbana:

- ✓ Pór a máquina de lavar ou lavalouza a plena carga (81%), $\Delta2012-2007=+5,2\%$.
- ✓ Control, avaliación e facturación do consumo enerxético (79%), $\Delta2012-2007=+36,2\%$.
- ✓ Desligar radiadores (74%), $\Delta2012-2007=+27,6\%$.

En todas as zonas, a menor porcentaxe corresponde á práctica de compartir o vehículo privado nos desprazamentos ao traballo cun 17% na semiurbana, 20% na urbana e 22% na rural. Estes valores supoñen un incremento, respecto de 2007, do 10% nas zonas urbana e rural e do 21,4% na semiurbana. A utilización do transporte público tamén presenta niveis baixos na zona rural (36%) e urbana (26%), ascendendo até o 56% na semiurbana. Aínda que estes valores se incrementaron na zona rural e semiurbana, nun 16,1% e nun 93,1%, respectivamente, respecto ao ano 2007, na urbana rexistrouse un descenso de aproximadamente o 18,8%. Ademais, rexístranse valores baixos na consideración da etiqueta enerxética para a compra de electrodomésticos na zona semiurbana (25%) fronte ao 46% da urbana e o 52% da rural. En todo caso, estas cifras son inferiores ás que se obtiveron no ano 2007, cando, respectivamente, as porcentaxes eran do 55%, 64% e 51%. O Anexo 4 presenta as tabelas resumo das distintas zonas a respecto dos hábitos de consumo de enerxía.

Respecto ao consumo de auga, non existen diferenzas significativas entre as porcentaxes das diferentes zonas no tocante ás prácticas máis e menos estendidas. Entre as prácticas con maiores niveis porcentuais destacan: a acción de darse ducharse en vez de bañarse (superior ao 90% nas tres zonas) e pechar a billa mentres se escoban os dentes (próximo ao 90% nas tres zonas). Pola contra, a revisión e manutención da instalación é a prác-

21) $\Delta_{2013-2007}$ Incremento porcentual a respecto dos datos do ano 2007

tica menos estendida con valores do 30% na semiurbana, 37% na urbana e 51% na rural.

Comparando estes datos cos do ano 2007, obsérvase un incremento, en xeral notábel, na práctica de todas elas nas diferentes zonas, salvo regar na horas de menor intensidade solar cunha diminución de entre o 20-30%. Xogar produtos tóxicos pola sanita ou sumidoiro experimentou un crecemento superior ao 200% na zona rural e semiurbana aínda que se mantén practicamente constante na urbana. O Anexo 5 mostra os cadros resumo das distintas zonas a respecto dos hábitos de consumo de auga.

No tocante á xeración de residuos, non existen diferenzas significativas entre as tres zonas no reciclado (por volta do 80%) nen na reutilización das bolsas de plástico como sacos de lixo (por volta do 95%), sendo os seus valores porcentuais os máis elevados deste bloque temático. Entre os máis baixos están a compra de produtos pouco embalados e evitar a adquisición de aerosois, con menos do 30% en todas as zonas. Pode observarse tamén que existe na zona urbana e semiurbana unha maior conscienciación cara ao emprego de pilas recargábeis e impresión de papel a dobre cara que na rural, aproximadamente un 50% contra o 34%. Alén diso, a porcentaxe de persoas que depositan correctamente os seus residuos domésticos de aceite é baixo nas tres zonas, samente un 34% na rural e semiurbana e un 24% na urbana. Aínda que, esta porcentaxe incrementouse considerabelmente no período analizado: en 2007 a cifra máis alta correspondía á rural (24,3%) seguida da urbana (10%) e só alcanzaba o 3% na semiurbana. Tamén se rexistrou un aumento porcentual no referente á reciclaxe de residuos (25,6% na zona rural, 66% na semiurbana e 52,4% na urbana) e na reutilización das bolsas de plástico (+12,4% na zona rural, +3% na semiurbana e +11,4% na urbana). O uso de pilas recargábeis desce un 22,2% na zona rural e aumenta un 50% na semiurbana e un 61,3% na urbana. A respecto da compra de produtos menos embalados descende un 40,2% na rural e 44,9% na urbana contra un incremento leve do 12,7% na semiurbana. Finalmente, o uso dos sistemas de recolla selectiva municipal, a impresión do papel a dobre cara e evitar a compra de aerosois descenden significativamente nas tres zonas no período 2007-2013. O anexo 6 mostra os hábitos de xeración de residuos por zonas.

A zona rural é a que presenta o maior valor medio referido ao consumo responsábel (36,1%), seguida da semiurbana (35%) e urbana (33,1%). O nivel de coñecemento da necesidade de compra dos diferentes produtos alcanza as porcentaxes máis altas das tres zonas e, xa que logo, de todas as prácticas referidas ao consumo responsábel. O 82% na rural, o 79% na urbana e o 74% na semiurbana manifesta ter conciencia disto. A compra de produtos de época é a segunda práctica máis xeneralizada nas diferentes zonas cun 79% na rural, 69% na semiurbana e 59% na urbana. As demais actuacións descen abaixo do 30% nas tres zonas. Así, a compra de produtos con certificado de comercio xusto mal supera o 10%, a compra de produtos de agricultura e gandería ecolóxica é

máis representativa na rural e semiurbana (>20%) fronte á urbana (16%). A utilización de produtos reciclados é maior na rural e urbana (32% e 30%, respectivamente) contra o escaso 24% da semiurbana. Finalmente, cabe subliñar que non existen diferenzas significativas na compra de produtos con etiquetado ecolóxico (27% rural, 25% semiurbana e 24% urbana) nen na consideración da simboloxía na compra de produtos de limpeza (17% rural, 19% semiurbana e 22% urbana).

Avaliando as mudanzas rexistradas no período 2007-2013, na zona rural prodúcese un descenso en dúas das sete prácticas avaliadas. Así sendo, a compra de produtos de limpeza levando en conta a súa simboloxía e a compra de produtos de comercio xusto viron reducida a súa práctica nun 71%, e 23%, respectivamente. No resto de prácticas, rexistrouse un incremento significativo a respecto de 2007: o menor, corresponde á compra de produtos de época (17%) e o maior á compra de produtos agrícolas e gandeiros ecolóxicos (82%).

Na zona semiurbana, só dúas prácticas viron reducidas tamén as súas porcentaxes a respecto dos datos do ano 2007: a consideración da simboloxía dos produtos de limpeza (-58%) e o grao de consciencia sobre a necesidade dos produtos comprados (-2%). As outras seis prácticas mantiveron ou incrementaron as súas porcentaxes, destacando a compra de produtos con etiquetado ecolóxico (+184%) e a utilización de produtos reciclados (+82%).

Na zona urbana, cinco das sete prácticas experimentaron un descenso con respecto aos datos do ano 2007, de tal forma que a consideración da simboloxía dos produtos de limpeza diminuíu un 48%, a compra de produtos de comercio xusto un 9%, a compra de produtos estacionais de época baixou o seu nivel porcentual un 11%, a compra de produtos agrícolas e gandeiros ecolóxicos tamén desceu nun 4% e o uso de produtos reciclados diminuíu un 3%. Pola contra, o nivel de consciencia da necesidade de compra e a compra de produtos con etiquetado ecolóxico aumentaron un 24% e 47%, respectivamente. O Anexo 7 presenta os hábitos de consumo responsable da cidadanía viguesa por zonas.

Esta análise permite definir o comportamento da cidadanía Vigo, o cal resulta de grande utilidade na hora de suscitar actuacións que contribúan para reducir as presións ambientais relacionadas cos hábitos de consumo públicos e privados.

Entre os produtos que promoven a sustentabilidade, o máis coñecido é o envase ecolóxico (88,7%) e o menos coñecido os certificados para madeiras con un 6%. En relación á frecuencia de compra deste tipo de produtos, destaca o envase ecolóxico cun 46%, a eficiencia enerxética cun 10,3% e a agricultura ecolóxica cun 7%. Comercio xusto, etiqueta

ecolóxica europea e certificados para madeira son os produtos sustentábeis con menos frecuencia de compra, cun 3%, 2% e 0,5%, respectivamente.

Nos fogares vigueses, a presenza de diversos produtos ecolóxicos segue a seguinte distribución porcentual: lámpadas e electrodomésticos de baixo consumo (75,5% e 70%, respectivamente), papel reciclado (36%), autoclismos de dupla descarga (26,7%) e tes-temuñal é a presenza de paineis solares (1,2%).

Por zonas, a rural é a que presenta un maior grao de coñecemento dos produtos que promoven a sustentabilidade. Un 40% dos seus residentes manifesta coñecelos contra o 36% das zonas semiurbana e urbana. As etiquetas máis amplamente coñecidas son o envase ecolóxico (95,1% na zona rural, 89,2 na urbana e 87,1% na semiurbana), eficiencia enerxética (55,7% na zona rural, 46,8% na semiurbana e 45,7% na urbana) e agricultura ecolóxica (37,7% na zona rural, 31,7% urbana e 24,2% na semiurbana). No tocante ao comercio xusto hai diferenzas significativas entre as zonas, así a urbana e semiurbana, cun 28,9% e 31,6% respectivamente, presentan máis grao de coñecemento que a rural, cun 13%. As certificacións de madeiras, en xeral, son pouco coñecidas cun 6,8% na urbana, 5,9% na semiurbana e 4,9% na rural. Respectante ao grao de presenza de certos produtos ecolóxicos nos fogares do municipio, son as lámpadas e electrodomésticos de baixo consumo os máis frecuentes nas tres zonas. A zona rural é a que presenta os valores máis elevados cun 80,3% en ambos os tipos de produtos, seguida pola semiurbana, onde un 76% dos cidadáns manifesta ter lámpadas de baixo consumo e un 71,5% electrodomésticos de baixo consumo e, finalmente, a urbana é a que presenta as porcentaxes máis baixas cun 74,8% para lámpadas e un 68% para electrodomésticos. A estes produtos principais séguenlle o papel reciclado, con maior presenza na zona rural (39,3%) e semiurbana (38,1%) que na urbana (34,2%), e os autoclismos de dupla descarga, cun 37,7% na rural fronte o 29,6% na semiurbana e 23,7% na urbana. Por último lugar, e a grande distancia dos anteriores, están os paineis solares. Para este produto, a porcentaxe máis alta rexístrase na zona semiurbana mais só alcanza o 2,2%, seguida da urbana (0,6%) e non manifesta presenza na zona rural (0%).

5.7. Xestión sustentábel dos organismos públicos e empresas locais

Na Cimeira do Río de Janeiro de 1992 é cando se pon de relevo o importante papel das administracións locais para a consecución do desenvolvemento sustentábel. O aumento da poboación mundial veu acompañado dun proceso de urbanización que incrementou considerabelmente o impacto ambiental das cidades, responsábeis polo 40% do consumo enerxético e do 30% das emisións totais de CO₂, para alén de tornalas en gran-

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

des consumidoras de solo²². Este modelo actual é insustentábel, xa que o mundo non é ilimitado e conta cuns determinados recursos que non son infinitos. Por iso, é preciso unha mudanza de mentalidade que obrigue á sociedade a facer un uso máis eficiente dos mesmo. Mais, para seguir a promover esta mudanza de mentalidade é necesaria a educación e a tomada de consciencia real do problema, fomentando programas e premiando condutas e actuacións sustentábeis.

O principio fundamental do desenvolvemento sustentábel é “*pensar globalmente para axir localmente*”. Portanto, o concepto non só abranxe a dimensión ambiental, mais tamén a económica e a social. Atinxir un equilibrio entre os tres factores constitúe o alicerce da sustentabilidade co obxectivo de asegurar os nosos propios recursos, ben como garantir a dispoñibilidade dos mesmos para as xeracións futuras, de tal xeito que estas gocen, como mínimo, do mesmo grao de benestar que a sociedade actual.

Neste sentido, foron moitos os organismos públicos e as empresas privadas que viron nesta abordaxe sustentábel unha oportunidade para poderen ser máis eficientes e rentábeis. Os sistemas de xestión²³ (ambiental, social,...) e de auditoría recoñecidos e certificados foron expresamente creados para fomentar a mellora continuada das actividades públicas e privadas, apelando ás autoridades, organismos e empresas para avaliar e mellorar o seu comportamento ambiental, social e económico, e fomentar, alén diso, a comunicación da cidadanía, pondo á súa disposición información relevante.

O indicador común europeu B-7 expresa, en porcentaxe, o número de organizacións públicas e privadas, dunha rexión determinada, que acreditan o uso de procedementos de xestión ambiental e social nos seus procesos e/ou actividades. Estes procedementos son referidos á adopción de normas como a ISO 14000, EMAS, SA800, AA1000,... que, en todo caso, son de carácter voluntario.

Con base nisto, a Oficina do Valedor do Cidadán levou a cabo un estudo completo incluído no libro “*Indicador de sustentabilidade B-7. Xestión sustentábel da autoridade local e das empresas locais. Aplicación ao municipio de Vigo*”²¹). Unha análise do mesmo permitirá avaliar o número de organizacións e empresas que contan con certificacións ambientais e sociais através da implementación dalgunha norma do ámbito da Responsabilidade Social Empresarial (RSE)²⁴

22) Comunicado: “El desarrollo sostenible a escala local: el caso español”. Dispoñíbel en: <http://www.aecr.org/web/congresos/2012/Bilbao2012/htdocs/pdf/p373.pdf>

23) Un sistema de xestión é unha estrutura probada para a xestión e mellora continuada das políticas, os procedementos e procesos dunha organización.

24) A Responsabilidade Social Empresarial (RSE) di respecto dunha responsabilidade de carácter ético, entendida como a xestión responsábel das organizacións empresariais. Aبرانxe aquelas responsabilidades que a empresa asume perante a sociedade e dos seus grupos de interese porque o exige a lei, porque fan parte da súa función ou porque a organización o asume voluntariamente.

no municipio vigués, concretamente empresas con certificación ISO 14001 e/ou adheridas ao regulamento EMAS.

Como contextualización da presente análise, cabo referir que, normalmente, como paso previo á implantación da norma internacional ISO 14001, as empresas certifícanse na norma de calidade ISO 9001. Esta última norma é a máis estendida mundialmente con máis dun millón de empresas (datos referidos ao ano 2010) e cun dominio, até agora, do continente europeo mais a crecer cada vez máis na Asia. España é o terceiro país en número de certificacións ISO 9001 con case 60.000 empresas, só atrás da China (300.000), Italia (140.000) e Rusia (62.200) e por diante da Alemaña (50.500) ou Reino Unido (45.000).

Respectante ás normas ISO 14001 de nivel mundial rexístrase un número aproximado de 251.000 empresas (dato referido ao ano 2010). Europa ocupa, desde 2007, o segundo lugar en canto a número de certificacións deste tipo por detrás do continente asiático. China torna a ser, con 70.000, o país co máis número de empresas certificadas fronte ás 18.300 de España que ocupa o terceiro lugar por diante de Italia (17.000) ou Alemaña (6.600).

O regulamento EMAS, ao contrario que as normas ISO, é de aplicación exclusiva a países europeos. No ano 2010, na Europa rexistrouse un total de 4.473 empresas adheridas, sendo Alemaña o país á cabeza con máis de 1.300. España ocupa o segundo lugar con máis de 1.200 seguida moi de cerca pola Italia. Estes tres países representan o 80% das certificacións EMAS existentes no continente europeo. No resto de países, os valores descen significativamente. A cifra mal alcanza as 260 empresas na Austria, as 76 na Suecia, as 65 en Portugal, as 58 no Reino Unido, as 20 na Noruega, as 9 na Finlandia ou as 4 nos Países baixos, entre outros.

No municipio de Vigo, en total, hai 229 empresas que utilizan algún tipo de procedemento sustentábel ISO 14001 e/ou EMAS nas súas actividades e/ou procesos. A distribución segundo tipoloxía de certificación e número de empresas móstrase na gráfica 46.



Gráfica 46: Tipoloxía e número de empresas certificadas (Ano 2010). Fonte: Espada, L (2012)

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

En consecuencia, o 0,94% das empresas de Vigo contan con algún certificado de xestión sustentábel, por encima da media comunitaria do 0,78% e da media provincial do 0,73%.


Das 229 empresas certificadas, 141 son do sector servizos (61,6%), 55 do sector industrial (24,0%) e 33 do sector da construción (14,4%). Proporcionalmente, é o sector industrial, cun total de 1500 empresas, o que presenta a porcentaxe máis alta no tocante a certificacións cun 4%. Pola contra, o sector servizos, o máis numeroso con cerca de 20.000 empresas, é o que rexistra o peor dato con só o 0,8%. Resultados comprensíbeis considerando as características dos sistemas produtivos, pois unha empresa industrial costuma estar obrigada a cumprir máis requisitos.

Comparativamente, a nivel estatal, Vigo ocupa o quinto posto no que di respecto ao número de empresas certificadas, só superado por Madrid (663), Barcelona (470), Valencia (250) e Bilbao (240), mais por diante de cidades como Vitoria-Gasteiz (121) Xixón (90) ou Oviedo (73), entre outras. Finalmente, o municipio de Vigo ocupa o sexto lugar no ranking europeo por detrás das cidades de Estocolmo (689), Göteborg (443), Roma (408), Milán (333) e Malmö (251). As cidades europeas con menos empresas certificadas son Bari (77), Palermo (93) e Bolonia (97). No resto de países o valor oscila entre as 200 e as 100 empresas certificadas nalgún sistema de xestión ambiental.

06

DIAGNÓSTICO DE SUSTETABILIDADE

Antes de tomar calquera decisión estratéxica é preciso diferenciar os factores endóxenos e esóxenos que poden interferir no avance da cidade de Vigo cara o desenvolvemento sustentábel. Os factores endóxenos reflíctense através das debilidades e fortalezas que o municipio presenta, mentres que a súa proxección no tempo e a súa integración no espazo definirán o cadro de oportunidades e ameazas que encara. A análise DAFO²⁵ é un método simples e eficaz que ten por obxecto a presentación sintética destas debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.



As debilidades e fortalezas son factores pertencentes ao ámbito interno do municipio de Vigo, sobre os que a autoridade local pode influír directamente e que inciden positivamente (fortalezas) ou negativamente (debilidades/fraquezas) no desenvolvemento sustentábel da cidade. Polo contrario, os factores externos fan referencia a todos aqueles elementos alleos ao control municipal e que poden xerar un impacto positivo (oportunidades) ou negativo (ameazas) capaces de impulsar ou limitar a efectividade da implementación dunha estratexia sustentábel para o municipio.

25) O termo SWOT é un acrónimo oriundo do idioma inglés a partir de Forzas (Strengths), Fraquezas (Weaknesses), Oportunidades (Opportunities) e Ameazas (Threats).

Da combinación de fortalezas e oportunidades surxen as potencialidades que identificarán as liñas de acción máis prometedoras mentres que as debilidades e ameazas, pola contra, indican unha seria advertencia. En consecuencia, os riscos (combinación de fortalezas e ameazas) e os desafíos (combinación de debilidades e oportunidades) requiren unha análise coidadosa na hora de marcar o camiño a seguir para lograr o avance cara á consecución do desenvolvemento sustentábel do municipio de Vigo.

A metodoloxía a seguir consistirá na realización dunha análise DAFO para o municipio de Vigo, no seu conxunto, e unha análise DAFO para cada unha das tres zonas en que o municipio foi dividido a efectos deste estudo (urbana, semiurbana e rural), apoiándose para iso en todo o exposto na primeira parte deste informe. O obxectivo principal destas análises é axudar a detectar os factores estratéxicos críticos existentes para, unha vez identificados, poder establecer as actuacións que permitan consolidar fortalezas, minimizar debilidades, aproveitar as oportunidades e eliminar ou reducir as ameazas e avanzar así cara á sustentabilidade. Para iso, é necesario clasificar os ítems analizados como variábeis internas (fortalezas/debilidades) e/ou externas (oportunidades e ameazas). Os criterios utilizados para iso baséanse fundamentalmente na valoración que os autores deste estudo decidiron outorgarlle a cada un deles, os cales fican cumpridamente definidos nos cadros incluídos como anexos.

Cabe referir que certos ítems, pola súa importancia, presentan uns niveis de exixencia mínima que non corresponde co punto medio da escala de valoración, isto é, o valor mínimo exixido a un ítem no seu avance cara á sustentabilidade pode ser superior ao 50% (aprobado) nunha escala de valoración empregada de 0-100%.

É conveniente destacar tamén que, frecuentemente, a diferenciación entre factores internos e externos non está sempre claramente definida. En consecuencia, como principal referencia para as decisións, recorreuse ás competencias que o Estado atribúe aos gobernos municipais e que se inclúen na Lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, (ver anexo 8).

6.1 Diagnóstico estratéxico do municipio de Vigo

Nas seguintes epígrafes preséntase o diagnóstico estratéxico do municipio de Vigo estruturado segundo os distintos ámbitos temáticos estudados. Para cada un deles, realízase unha análise DAFO tomando como punto de partida referencial os criterios recollidos nas tabelas resumo que se poden ver nos anexos 9-14 e que foron debidamente definidos e cuantificados para tal efecto.

6.1.1. DAFO: Calidade de Vida

A seguir preséntase a análise interna e externa resultado dun estudo pormenorizado do ámbito Calidade de Vida, en función dos resultados obtidos con base nos criterios establecidos (Ver Anexo 9).

6.1.1.1. ANALISE INTERNA

FORTALEZAS

F.1 - Valoración altamente positiva da calidade de vida de Vigo, como cidade para vivir e traballar.

O nivel de satisfacción da cidadanía coa calidade de vida do municipio segue unha tendencia positiva en todo o período de análise 2003-11, situándose en valores do 87,8% en 2011, o que supón un incremento de case 11 puntos porcentuais en 8 anos.

F.2 -Valoración altamente positiva da seguranza no municipio.

En 2013, o grao de satisfacción cidadá sitúase en valores do 96% a respecto da seguranza xeral do municipio e do 98% no referido á seguranza na zona de residencia. Estes datos poñen de manifesto unha tendencia positiva deste parámetro nos últimos anos e sitúan a Vigo entre as cidades europeas e españolas máis seguras.

F.3 - Valoración altamente positiva da sensación de seguranza do municipio.

Intrinsecamente ligada á seguranza cidadá está a sensación de seguranza, a cal presenta un grao de satisfacción elevado. En 2013, o 80% dos vigueses/as din sentirse seguros no municipio.

F.4 -Valoración positiva da calidade do espazo construído

Incremento do 135% neste parámetro durante o período de estudo 2003-11, situándose o nivel de satisfacción cidadá no 71% (2011), aínda que levemente inferior á media europea (75%) e española (77%).

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

F.5 - Valoración positiva dos servizos de hostalaría e restauración, equipamento deportivo e oferta cultural.

En 2011, rexístrase un alto nivel de satisfacción da cidadanía co sector Horeca existente no municipio (81%), co equipamento deportivo (66%) e coa oferta cultural (64%).

F.6 - Valoración positiva da presenza das novas tecnoloxías no municipio.

Un 72% da cidadanía considera satisfactoria a integración de Vigo nas novas tecnoloxías. A respecto da accesibilidade á Internet, un 66% manifesta sentirse satisfeito no ámbito privado e un 50% no ámbito público.

F.7 - Valoración positiva da limpeza da cidade.

A satisfacción coa limpeza da cidade sitúase nun 70% que é significativamente superior á media europea e española. Este parámetro experimentou un incremento do 30% no período de análise 2003-11.

F.8 - Valoración positiva da integración dos estranxeiros.

Detéctase un alto nivel de satisfacción do 62% a respecto da integración dos inmigrantes no municipio, máis de 12 puntos superior á media europea e española.

F.9 - Valoración positiva da cidade para desenvolver empresas

O 69% da cidadanía acha que Vigo é unha cidade adecuada para crear e desenvolver tecido empresarial.

F.10 - Valoración positiva da capacidade de atracción turística da cidade.

Algo máis do 80% da cidadanía móstrase satisfeita coa capacidade de atracción turística da cidade.

F.11 - Valoración positiva da rede pública de transporte urbano.

Un 70% dos vigueses/as manifestan sentirse satisfeitos co servizo urbano de autobuses existente no municipio. Esta porcentaxe supón un incremento significativo con respecto a 2003 (46%) e en liña coa media europea.

DEBILIDADES

D.1 - Valoración negativa dos servizos de benestar e asistencia social.

En 2011, o nivel de satisfacción cidadá cos servizos de benestar e asistencia social dependentes do Concello de Vigo mal superaba o 48%, valor baixo do punto de vista da sustentabilidade.

D.2 - Valoración negativa das instalacións culturais existentes e da oferta de lecer.

En 2011, existe un baixo nivel de satisfacción da cidadanía a respecto das instalacións culturais e da oferta de lecer do municipio, xa que un 56% os valora positivamente apesar de incrementarse este valor un 14% a respecto do ano 2003. Pormenorizando, en 2011, en relación á oferta de lecer tan só un 52% da cidadanía se mostra satisfeita e en canto ás instalacións culturais existentes tais como museus, cinemas, teatros,... o nivel de satisfacción aumenta levemente situándose no 59%, inferior á media europea (80%), o que constitúe a porcentaxe máis baixa de todas a cidades españolas analizadas na enquisa do Urban Audit.

D.3 - Alta percepción dunha elevada contaminación sonora e atmosférica e dun mal uso dos recursos do municipio.

Detéctase un elevado grao de insatisfacción da cidadanía (74%) cos niveis de contaminación sonora do municipio, significativamente superior á media europea e española. Alén diso, unha ampla maioría da poboación, superior ao 60%, manifesta que a cidade presenta problemas de contaminación atmosférica, en liña coa media española e europea. Finalmente, só un 36% da cidadanía, porcentaxe inferior á media europea e española, acha que o municipio fai un uso responsábel dos seus recursos.

D.4 - Baixo nivel de integración da poboación con algunha deficiencia no municipio

Da análise pode deducirse que aínda a sociedade percibe a existencia de niveis altos de discriminación e de falta de integración das persoas con deficiencia no municipio. Asocian estas carencias, principalmente, á falta de información e ás barreiras sociais existentes tais como o emprego, a accesibilidade aos servizos, os obstáculos urbanísticos, o transporte ou a vivenda.

D.5 - Valoración negativa das medidas para persoas en situación ou risco de exclusión social.

O 60% dos habitantes do municipio móstranse insatisfeitos e consideran insuficientes as medidas e axudas destinadas polos organismos públicos a persoas con poucos recursos e en risco de exclusión social.

D.6 - O tránsito existente é considerado un problema no municipio.

Aproximadamente, o 70% da cidadanía residente no municipio considera que o tránsito existente no municipio é un problema, apesar de rexistrarse no período 2003-11 un incremento notábel do nivel de satisfacción co mesmo. Concretamente, en 2011, un 29% manifestou sentirse satisfeito co tránsito da cidade, case 20 puntos porcentuais superior ao dato rexistrado en 2003 (10%).

D.7 - Valoración negativa da participación da cidadanía nas políticas locais e na atención recibida por parte dos servizos administrativos municipais.

Tan só un 48% da cidadanía di sentirse satisfeita coa participación cidadá existente no municipio, aínda que é certo que esta porcentaxe supón un incremento significativo a respecto do ano 2003 (16%). No tocante á atención recibida por parte dos servizos administrativos, o grao de satisfacción desce até o 42%, inferior á media europea (52%).

6.1.1.2. ANÁLISE EXTERNA

OPORTUNIDADES

0.1 - Coñecemento e valoración positiva da Lei de dependencia.

Un 70% da cidadanía manifesta ter coñecemento da existencia da Lei de dependencia, sendo valorada satisfactoriamente por un 62% da poboación.

0.2 -Baixa taxa de pobreza municipal.

En 2012, a taxa actualizada de pobreza no municipio ascendía ao 14%. En 2010, cun 13%, Vigo presentaba unha taxa inferior á media europea e española (17% e 20%, respectivamente).

0.4 – Bon posicionamento do porto de Vigo.

O 78% da cidadanía móstrase satisfeita co porto da cidade, porcentaxe que segue unha tendencia positiva cun incremento de máis do 30% respecto de 2003.

0.5 - Boa calidade do comercio existente.

Un 86% dos residentes do municipio maniféstanse satisfeitos coa calidade da rede comercial existente no municipio.

0.6 - Boa rede educativa existente.

Unha ampla porcentaxe da cidadanía (79%) móstrase satisfeita coa rede e dotación dos centros educativos existentes no municipio.

AMEAZAS

A.1 - Baixa taxa de denuncia dos delitos cometidos no municipio.

Percíbese un certo grao de desconfianza na xustiza, xa que a taxa de denuncia de delitos alcanzaba o 33% en 2011. Entre as principais causas desta baixa porcentaxe sitúase a percepción, por unha ampla maioría da poboación viguesa (67%), de que non serve denunciar os feitos pola súa nula efectividade.

A.2 - Valoración negativa da accesibilidade a unha vivenda a un prezo razoábel e da calidade da mesma no municipio

Rexístrase un descenso de 5,3 puntos porcentuais no nivel de satisfacción da cidadanía a respecto da accesibilidade a unha vivenda a un prezo razoábel no período 2003-11. Concretamente, en 2011, a facilidade para acceder a unha vivenda a un prezo razoábel alcanza un 25% de satisfacción, inferior á media europea (31%) e española (42%) e a satisfacción coa calidade da mesma non chega a superar o 59%. Estas porcentaxes representan valores baixos do punto de vista da sustentabilidade.

A.3 - Valoración negativa das oportunidades laborais e emprego do municipio.

Detéctase un baixo nivel de satisfacción da cidadanía no tocante ás oportunidades laborais e de emprego existentes no municipio. En 2011, a porcentaxe de residentes satisfeitos coa facilidade para arranxar traballo no municipio alcanza o 24,6%, 1,3 puntos porcentuais abaixo do dato de 2003 (25,9%) e, a respecto da calidade e nivel de retribución dos mesmos, a satisfacción global no municipio non supera o 24%. Estes valores tradúcense nuns niveis de insatisfacción de 72% e 70%, respectivamente.

A.4 - Valoración negativa das axudas que os gobernos estatais e rexionais prestan actualmente ao municipio.

Case o 63% da cidadanía acha que Vigo non recibe a suficiente axuda por parte das institucións públicas.

A.5 - Valoración negativa da rede de asistencia social e asistencia sanitaria e hospitalar existente no municipio.

Rexístrouse un descenso do 11% no nivel de satisfacción da cidadanía a respecto da calidade da rede de asistencia social e asistencia sanitaria e hospitalar existente no municipio de Vigo no período 2003-11. Concretamente, en 2011 o nivel de satisfacción rexistrado apenas chegaba ao 57% contra a 7 puntos do 64% rexistrado en 2003. Esta porcentaxe sitúa a Vigo nos últimos postos das cidades españolas analizadas no Urban Audit e lonxe das altas porcentaxes que mostran os países máis desenvolvidos da UE.

A.6 - Valoración negativa do sistema público de pensións

En 2011, o sistema público de pensións é o servizo social peor valorado cun nivel de insatisfacción do 58,4%.

A.7 - Baixo nivel de asistencia a persoas con deficiencia.

Tan só o 42% das persoas con deficiencia reciben algún tipo de atención social no municipio. O responsábel principal desa atención costuma ser un familiar directo e, tan só o 12% recibe atención, ademais, através dalgún coidador social.

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

A.8 - Proporción baixa de persoas con deficiencia que reciben algún tipo de axuda económica debido á súa situación.

Somente o 50% das persoas con deficiencia do municipio recibiron algún tipo de axuda económica debido á súa situación.

A.9 - Valoración negativa das axudas públicas destinadas a persoas con deficiencia.

Unha ampla maioría da poboación viguesa (69%) acha que as axudas prestadas polas institucións públicas ás persoas con deficiencia son insuficientes debido a que é un colectivo que non interesa ou non é rentábel.

A.10 - Alta proporción de persoas que presentan dificultades para chegar a fin de mes no municipio.

Rexístrase unha porcentaxe elevada de persoas que manifestan chegar con dificultades a fin de mes, un 44%, moi acima da media europea do 27%.

A.11 - A percepción de pobreza aumenta.

A práctica totalidade da cidadanía (91%) percebe un aumento da pobreza no mundo, moi superior á media española e europea (57% e 53%, respectivamente). Concretamente para a cidade de Vigo, o 67% dos residentes considera que a pobreza está actualmente moi estendida no municipio.

A.12 - Inestabilidade do mercado de traballo.

Tan só un 58% da cidadanía está confiada en manter o seu posto de traballo nos próximos anos.

A.13 - Descenso do poder adquisitivo da sociedade.

Detéctanse altas porcentaxes de poboación que non poden encarar gastos imprevistos de máis de 500€ (55%), empréstitos persoais (34%), pagos de aluguer (16%) ou facturas (18%) e mesmo o acceso a produtos de primeira necesidade (14%), o que se traduce nun empeoramento paulatino da situación económica dos lares vigueses.

A.14 - Valoración negativa das axudas públicas en materia de pobreza e exclusión social.

En 2011, tan só un 23% dos habitantes de Vigo manifestaron que as axudas públicas existentes en materia de pobreza e exclusión social tiñan algún tipo de incidencia positiva. Estas políticas e programas son fundamentais para a sustentabilidade local polo que, e dada a súa baixa valoración, son potencialmente susceptíbeis de mellora.

A.15 - Deficiente rede de transporte público entre Vigo e a súa contorna.

Só o 58% dos residentes do municipio se mostran satisfeitos coas conexións existentes entre o municipio e a súa contorna.

A.16 - Valoración negativa da normalización da lingua galega.

En 2011, a avaliación da normalización do galego manifesta unha satisfacción do 53%, porcentaxe baixa do punto de vista da sustentabilidade.

6.1.2. DAFO: Mobilidade local

A seguir preséntase a análise interna e externa resultado dun estudo pormenorizado do ámbito Mobilidade Local, en función dos resultados obtidos con base nos criterios establecidos (ver Anexo 10).

6.1.2.1. ANALISE INTERNA

FORTALEZAS

F.1 - Incremento do uso do transporte público en desprazamentos ao traballo.

Entre 2003 e 2009 prodúcese un incremento de máis de 3 puntos porcentuais no uso do transporte público nas viaxes ao traballo. Do 16,8% das viaxes ao traballo que se realizaron utilizando este medio de transporte en 2003, pasouse ao 20,0% en 2009.

F.2 - Descenso do uso do transporte privado en desprazamentos escolares.

No uso do vehículo privado para viaxes ao centro de ensino rexístrase un descenso do 2,1%. En porcentaxes, o 29,5% dos desprazamentos escolares en 2003 realizábase utilizando este medio de transporte contra o 28,9% de 2009. Isto débese principalmente ao incremento do uso do transporte público, sobre o cal o Concello de Vigo xunto coa Xunta de Galicia pode incidir e favorecer significativamente a súa utilización.

F.3 - Incremento do uso do transporte público para desprazamentos a centros de ensino.

Tamén, no período de análise 2003-09, produciuse un aumento significativo no uso do transporte público para viaxes ao centro de ensino. En datos porcentuais, xa que logo, en 2009, case seis en cada dez viaxes á escola (57,3%) realizáronse utilizando medios públicos contra o 42,9% de 2003, o que significa que os desprazamentos que utilizaron este medio de transporte aumentaron un 33,4% durante o período considerado.

F.4 - Aumento do uso do transporte público para desprazamentos de lecer semanal.

En 2009, un 12,6% dos desprazamentos de lecer semanal realizáronse en medios de transporte público. Apesar de non ser un valor moito elevado, o incremento que se rexistra no período é significativo e alcanza o 62% polo que é necesario seguir impulsando medidas que continúen incrementando a súa utilización. Este incremento supón unha redución no uso dos outros dous medios: privado e non motorizado.

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

F.5 - Aumento do uso do transporte público para desprazamentos de lecer de fin de semana.

No período de análise 2003-09 prodúcese un incremento significativo do 53% no uso de medios de transporte público para desprazamentos de lecer de fin de semana, alcanzándose un 17,3%.

F.6 - Boa rede do servizo público de transporte urbano do municipio.

En xeral, no municipio un 83% da poboación ten acceso ao transporte público urbano a menos de 300 metros e elévase até o 100% no núcleo urbano da cidade.

F.7 - Incremento do parque móbil e ampliación de servizos.

Entre 2007 e 2014 Vitrasa, empresa concesionaria do transporte público urbano do municipio de Vigo, ampliou a súa frota e desenvolveu novas liñas.

F.8 - Bon promedio de renovación da frota de autobuses.

Vitrasa renova os seus autobuses urbanos cunha media de catro anos.

F.9 - Elevada operatividade do servizo de transporte urbano.

O servizo público de transporte urbano do municipio está dispoñíbel 18,2 horas ao día, o que sitúa a Vigo na liña das principais cidades españolas.

F.10 - Elevadas densidades de servizo por poboación (km de liña e paraxes).

A densidade de liñas no municipio abeira os 2.500 km/millón hab., estando, en consecuencia, en liña coa media estatal. A respecto da densidade por paraxes Vigo alcanza o valor máis alto a nivel de Estado con 8.200 paradas/millón hab.

F.11 - Incorporación paulatina das TICs no servizo de transporte público urbano.

O uso das novas tecnoloxías é fundamental para impulsar a súa utilización e mellorar o servizo. Desde hai anos, Vitrasa está a incorporar distintos sistemas nos seus autobuses que tornan máis atractivo e fiable o transporte público urbano de Vigo.

F.12 - Elevada accesibilidade das persoas con deficiencia ao transporte público urbano.

Todos os autobuses urbanos contan con plataforma integral baixa e con sistemas de accesibilidade para persoas con deficiencia e o 71% deles teñen, aliás, ramplas de acceso para cadeiras de rodas.

F.13 - Baixo tempo medio de estacionamento no municipio.

No municipio de Vigo, en xeral, tárdase unha media de 4:46 min para estacionar o vehículo, un dos tempos máis baixos a nivel estatal. En consecuencia, garante unha mellor mobilidade, menor contaminación,...., en definitiva, unha mellor calidade de vida.

Máis concretamente, en día útil no municipio tárdase 5:21 min en estacionar; en sábado, 4:50 min, e significativamente requírese menos tempo en domingo, con non máis de 1:50 min.

As zonas con menos tempos medios requiridos para estacionar son:

- Balaidos e Teis (día útil)
- Bouzas e Balaídos (sábado)
- Teis, Balaídos e Pr. da Industria (domingo)

As zonas con máis tempos medios:

- Estación de autobuses, Torrecedeira, Fátima, Centro e Calvario (día útil)
- Centro, Casablanca, Isaac Peral e Fátima (sábado)
- Florida (domingo)

Nas zonas máis céntricas do núcleo urbano estes datos son relativamente máis altos. En 2013, a media global abeiraba os 6 min; con 6:30 min en día útil, 8 min en sábado e 2:30 min en domingo. Valores significativamente baixos en comparación cos rexistrados nas cidades españolas e coa media estatal. Estes valores representan un incremento significativo a respecto do ano 2004, co triplo na media global e día útil, o cuádruplo en domingo e até cinco veces máis en sábado.

F.14 - Baixa taxa de ocupación das zonas de estacionamento reservadas para persoas con deficiencia.

A media municipal de ocupación dos estacionamentos reservados para persoas con deficiencia mal supera o 50%. Os días úteis a porcentaxe ascende ao 54%, aínda que diminúe significativamente en sábado e domingo cun 45% e 39%, respectivamente.

As zonas que presentan índices de ocupación máis altos son:

- Torrecedeira e Casablanca (día útil)
- Povisa, Isaac Peral e Centro (sábado)
- Florida, Povisa e Centro (domingo)

E, as zonas que rexistran os índices máis baixos son:

- Bouzas, Estación de Autobuses, Balaídos, Navia e Calvario (día útil)
- Calvario, Fátima, Navia e Bouzas (sábado)
- Estación de autobuses, Calvario, Navia, Pr. da Industria, Balaídos e Torrecedeira (domingo)

F.15 - Sancións elevadas por mal estacionamento

A multa por retirada de vehículo con guindastre ascende aos 132€,7€ superior á media española, e a multa por estacionamento en zonas de carga e descarga é de 200€, situándose entre as máis altas a nivel estatal. Estas sancións elevadas responden á consideración de faltas graves por parte do consistorio e teñen por obxecto persuadir os condutores de cometer infraccións no estacionamento urbano que dificulten a mobilidade local (dupla fila, engarrafamentos,...)

DEBILIDADES

D.1 - Descenso do número de viaxes ao centro de ensino.

O número de viaxes en desprazamentos escolares diminúe un 40,3% no período de análise 2003-09. En 2003 rexistrábanse 3,03 viaxes contra os 1,81 de 2009, debido a unha maior distancia entre o centro e a vivenda.

D.2 - Incremento da distancia media percorrida en viaxes ao centro de ensino.

En 2003 a distancia media por desprazamento escolar ascendía a 7,98 km contra os 9,05 km rexistrados en 2009, o que representa un incremento do 13,4%.

D.3 - Aumento do tempo medio por desprazamento ao centro de ensino.

Detéctase un incremento do 2,7% no tempo medio necesario en cada viaxe ao centro de ensino, pasando de 22,9 min en 2003 a 23,5 min en 2009.

D.4. - Descenso no uso de medios non motorizados para desprazamentos ao centro de ensino.

Prodúcese un descenso significativo no uso de medios de transporte non motorizados en desprazamentos escolares. En 2009 un 13,9% dos desprazamentos ao centro de ensino realizáronse a pé ou en bicicleta, o que representa, aproximadamente, un 50% menos que en 2003. Isto débese fundamentalmente ás grandes distancias entre a vivenda e o centro de ensino e ao maior uso do transporte público neste tipo de desprazamentos.

D.5 - Descenso significativo no uso de medios de transporte públicos para desprazamentos ás compras diarias.

O uso do transporte público para realizar as compras diarias é practicamente anecdótico no municipio. En 2009 mal representaba un 1,7%, 2,3 puntos porcentuais menos que en 2003 (4%).

D.6 - Baixa frecuencia media de paraxe no servizo de transporte urbano.

O último dato dispoñíbel (ano 2008) cifra en 23 minutos a frecuencia de pasaxe dos autobuses urbanos, o cal é debido, principalmente, á elevada dispersión xeográfica existente no municipio. Este valor sitúase entre os máis altos de España, pois cidades como A Coruña e Pamplona ascenden a 12 e 8 minutos, respectivamente.

D.7 - Non se realizaron ampliacións de carrís bus no municipio.

En Vigo só se contabilizan 7 km de carril bus no núcleo urbano, sendo, xa que logo, unha das cidades que menos presenza ten deste tipo de vías. É certo, contodo, que o PMUS-2014 recolle xa posíbeis actuacións futuras a este respecto.

D.8 - Baixa porcentaxe de frota de autobuses urbanos de emisións reducidas (normativas Euro IV e V).

Os últimos datos dispoñíbeis datan do ano 2009 e tan só o 40% dos autobuses urbanos son baixos en emisións.

D.9 - Baixa rentabilidade do servizo de autobuses urbanos de Vigo

Apesar de o servizo de transporte público urbano de Vigo presentar uns custos de explotación baixos (dos máis reducidos a nivel estatal), os ingresos unitarios tamén o son, o cal supedita a sobrevivencia de explotación aos subsidios públicos municipais.

D.10 - Dificultades para encontrar estacionamento e para estacionar nos estacionamentos.

Unha ampla maioría da cidadanía de Vigo manifesta un claro empeoramento a respecto da facilidade para encontrar estacionamento na cidade (82%) e unha maior dificultade para estacionar nos estacionamentos dispoñíbeis (48%).

D.11 - Elevada taxa de ocupación das zonas de carga e descarga

En 2013, a taxa de ocupación das zonas de carga e descarga no municipio alcanzaba un 67%. Levando en conta só as zonas máis céntricas analizadas, a taxa ascendía até o 69%, un 27% superior aos datos rexistrados en 2004.

As zonas do municipio que presentan os máis baixos índices de ocupación de zonas de carga e descarga son: Bouzas, Calvario, Isaac Peral, Balaídos e Pr. da Industria. Pola contra, os maiores niveis son: Navia, Torrecedeira e A Florida.

D.12 - Baixa dispoñibilidade horaria de horas azuis no municipio.

En canto ao número de horas azuis, Vigo é das cidades que menos dispoñibilidade horaria presenta a nivel estatal (45 h.), o que dificulta a rotación dos estacionamentos.

D.13 - Tarifas baixas e tempos de estacionamento altos en zona azul.

O custo de estacionamento en zona azul é dos máis baratos de toda España. A tarifa mínima é de 30 c€ por 30 min, e os valores máximos son 1,4€/2horas de estacionamento. De resto, no municipio non hai medidas incentivadoras da rotación como o estacionamento gratuíto por tempo baixo (por exemplo, durante 15 minutos nalgunhas cidades bascas). Estes prezos e tempos dificultan a rotación e fan moito máis estacionarios os estacionamentos dispoñíbeis no municipio.

6.1.2.2. ANÁLISE EXTERNA

OPORTUNIDADES

0.1 - Descenso na distancia media percorrida en desprazamentos ao traballo.

No período de análise 2003-09 prodúcese un descenso do 2,1% na quilometraxe necesaria para desprazamentos ao traballo, pasando de 7,78 a 7,62 km.

0.2 - Diminución no tempo medio requirido para desprazamentos ás compras diarias.

Rexístrase un descenso do 20,1% no tempo medio de viaxe ás compras diarias no período 2003-09. En 2003 o tempo necesario ascendía a 12,5 min contra os 9,9 min de 2009.

0.3 - Aumento no uso de medios non motorizados para desprazamentos ás compras diarias.

Entre 2003 e 2009 rexístrase un leve incremento (+1,4%) no uso de medios de transporte non motorizados para realizar a compra diaria, os cais seguen a ser os medios por excelencia neste tipo de desprazamentos. En 2009 a porcentaxe de usuarios ascendía ao 78,8%.

0.4 - Diminución de tempo medio por viaxe de lecer semanal.

Prodúcese un descenso do 8,2% no tempo medio requirido por viaxe de lecer semanal, pasando dos 16,52 min en 2003 a 15,16 min en 2009.

0.5 - Descenso do uso do vehículo privado en desprazamentos de lecer semanal.

Detéctase unha diminución porcentual do 3,9% no uso medios de transporte privados para desprazamentos de lecer semanal. En 2009, o 28,1% dos desprazamentos deste tipo realizáronse en vehículo privado contra o 29,2% en 2003.

0.6 - Aumento do número de viaxes de lecer de fin de semana.

Prodúcese un incremento do 9,4% no número de viaxes realizadas no municipio para lecer de fin de semana no período 2003-2009, alcanzándose os 2,33 viaxes debido, principalmente, ao descenso rexistrado na distancia media requirida e no tempo medio requirido por viaxe.

0.7 - Diminución da distancia media percorrida por viaxe de lecer de fin de semana.

Entre 2003 e 2009 rexístrase un descenso significativo do 40,6% na quilometraxe media para desprazamentos de lecer de fin de semana, pasando de 18,5 km en 2003 a 11 km en 2009.

0.8 - Descenso do tempo medio por viaxe de lecer de fin de semana.

Rexístrase unha diminución, aínda que pouco significativa, do 2,1% no tempo medio requirido por viaxe de lecer de fin de semana no período de análise 2003-09, pasando de 29,8 min en 2003 a 29,15 min en 2009.

0.9 - Descenso do uso dos medios de transporte privados en desprazamentos de lecer de fin de semana.

En 2009 o 65,7% dos desprazamentos de lecer de fin de semana realizáronse utilizando medios de transporte privados, o que representa un 7% menos que en 2003. Isto débese fundamentalmente a un incremento significativo do uso do transporte público para tal fin.

AMEAZAS

A.1 - Diminución do número de viaxes realizadas para ir ao traballo.

Prodúcese un descenso significativo do 39,7% no número de viaxes realizadas para ir ao traballo, pasando de 3,25 viaxes en 2003 a 1,96 en 2009.

A.2 - Incremento do tempo medio en desprazamentos ao traballo.

Cuantifícase un aumento do 5,4% no tempo medio requirido por viaxe para desprazamentos ao posto de traballo. En 2003 o tempo medio situábase en 19,19 min contra os 20,22 min do ano 2009.

A.3 - Aumento do uso do vehículo privado en desprazamentos ao traballo.

No período 2003-2009 prodúcese un incremento do 10,9% no uso do transporte privado para desprazamentos laborais. En 2003, o 55,6% das viaxes ao traballo realizáronse en vehículo privado contra o 61,7% rexistrado en 2009.

A.4 - Diminución dos medios de transporte non motorizados en desprazamentos laborais.

No período 2003-09 redúcese un 33,6% o uso de medios non motorizados en desprazamentos ao traballo. En 2003, o 27,6% das viaxes ao posto de traballo realizáronse a pé ou en bicicleta contra o 18,3% en 2009.

A.5 - Diminución do número de viaxes realizadas ás compras diarias.

Rexístrase un descenso do 36,4% no número de viaxes para realizar as compras diarias no período 2003-09. En 2009 o número de viaxes abeiraba os 1,5 contra os 2,39 de 2003. Isto pode deberse, por un lado, á situación de crise existente e, por outro, a unha maior distancia entre a vivenda e os establecementos de venda.

A.6 - Aumento da distancia media percorrida por viaxe ás compras diarias.

No período 2003-09 prodúcese un incremento do 21,9% na quilometraxe media nece-

saria para desprazamentos ás compras diarias. En 2009 rexistrábase un valor medio de 1,78 km contra 1,46 km de 2003.

A.7 - Incremento do uso do vehículo privado para desprazamentos ás compras diarias. Entre 2003 e 2009 rexístrase un incremento do 5,8% no uso de medios de transporte privados para realizar a compra diaria; isto é, en 2003 o 18,4% das viaxes realizábanse en vehículo privado, valor que foi aumentando até o 19,5% en 2009.

A.8 - Diminución do número de viaxes de lecer semanal. Prodúcese un descenso significativo do 28,8% no número de viaxes realizadas para lecer semanal. En 2003, no municipio rexístrábanse 2,29 viaxes, 0,66 viaxes máis que en 2009 (1,63).

A.9 - Incremento na distancia media percorrida por viaxe de lecer semanal. Entre 2003 e 2009 prodúcese un aumento do 28,2% na quilometraxe media requirida para desprazamentos de lecer semanal, pasando de 2,55 km en 2003 a 3,27 km en 2009.

A.10 - Descenso no uso de medios non motorizados en desprazamentos de lecer semanal.

Apesar de os desprazamentos a pé ou en bicicleta para lecer semanal seguiren a ser os medios máis utilizados no municipio, rexístrase un descenso no período 2003-09 do 5,9%, o cal é debido, principalmente, ao incremento rexistrado nas distancias medias necesarias para este tipo de desprazamento.

A.11 - Elevado índice de motorización.

O índice de motorización no termo municipal ascende a 667 vehículos por cada 1.000 habitantes (entre os case 502 coches).

6.1.3. DAFO: Accesibilidade aos servizos básicos locais

A seguir preséntase a análise interna e externa resultado dun estudo pormenorizado do ámbito Accesibilidade aos servizos básicos locais, en función dos resultados obtidos con base nos criterios establecidos (ver Anexo 11).

6.1.3.1. ANALISE INTERNA

FORTALEZAS

F.1 -Elevada taxa de accesibilidade municipal aos puntos de recolla selectiva de residuos.

No ano 2009, o 89% da poboación do municipio tiña acceso a puntos de recolla selectiva de residuos a menos de 300 metros. Isto supón un incremento significativo, do 20,3%, a respecto dos datos rexistrados no 2003 (74%).

F.2 - Elevada taxa de accesibilidade municipal ás paraxes de transporte público. No período de análise 2003-09 prodúcese un incremento na accesibilidade da poboación ás paraxes de transporte público urbano. En 2009, un 94% da cidadanía tiña nas súas proximidades, a menos de 300 metros, unha paraxe de autobús, o cal representaba 8 puntos porcentuais máis que o dato obtido no ano 2003 (86%).

F.3 - Elevada taxa de accesibilidade media das persoas con deficiencia aos servizos básicos locais. A accesibilidade das persoas con deficiencia aos lugares e servizos públicos existentes no municipio experimentou unha clara melloría nos últimos anos. Un 61% da cidadanía de Vigo acha que este aspecto mellorou considerabelmente e, na súa maioría, concordan en atribuír estes avances ao consistorio municipal.

DEBILIDADES

D.1 - Baixa accesibilidade media a servizos básicos locais existentes no municipio. En 2009, a accesibilidade media do municipio aos servizos básicos locais no seu conxunto (inhalacións deportivas, centros cívico-sociais, centros sanitarios, centros de ensino, parques e espazos públicos, puntos de recolla de residuos, comercios de alimentación, entidades bancarias e paraxes de transporte público) sitúase no 63,2%.

D.2 - Baixa taxa de accesibilidade media a espazos deportivos existentes no ámbito municipal.

En 2009, un 39% da cidadanía tiña acceso a espazos deportivos a menos de 300 metros. Esta porcentaxe supuxo un incremento de 2 puntos porcentuais a respecto de 2003 (36%).

D.3 - Baixa taxa de accesibilidade media a centros cívico-sociais existentes no municipio. En 2009, un 42% da poboación tiña acceso, a menos de 300 metros, aos centros sociais dispoñíbeis no municipio, tres puntos porcentuais menos que a taxa rexistrada en 2003 (45%). Esta porcentaxe xa situaba a Vigo entre as cidades analizadas no Urban Audit con menos índice de accesibilidade a este tipo de servizos, índice cuxa tendencia mostra ademais un empeoramento progresivo.

D.4 - Baixa taxa de accesibilidade media a parques e espazos públicos do municipio. Rexistrouse un notábel descenso na accesibilidade media da poboación a parques e espazos de carácter público. En 2009, esta taxa superaba o 56%, un 9,7% menos que o

dato rexistrado en 2003 (62%), porcentaxe que, xa neste ano, situaba a Vigo nos últimos postos das cidades europeas analizadas no Urban Audit e era a peor valoración alcanzada a nivel español.

6.1.3.2. ANÁLISE EXTERNA

OPORTUNIDADES

0.1 - Alta taxa de accesibilidade media a entidades bancarias. No ano 2009, a taxa de accesibilidade ás entidades bancarias no municipio ascendía ao 80%, un 5,3% superior aos datos rexistrados no ano 2003.

0.2 - Alta taxa de accesibilidade media a comercios de alimentación locais. Apesar de rexistrarse un descenso no período de análise 2003-09 do 9,2%, a accesibilidade media da poboación a comercios de alimentación locais en 2009 situábase nun 76%, porcentaxe alta do punto de vista da sustentabilidade, aínda que é certo que, en 2003, este valor ascendía até o 83%, 7 puntos porcentuais máis que o último dato rexistrado.

AMEAZAS

A.1 - Baixa taxa de accesibilidade media aos servizos sanitarios existentes no municipio. A accesibilidade media municipal para este tipo de servizos foi empeorando no período analizado. Entre 2003 e 2009 rexistrouse un descenso do 11,4%, alcanzándose en 2009 un 39% fronte ao 44% existente no ano 2003.

A.2 - Baixa taxa de accesibilidade media a centros de ensino existentes no termo municipal. O mesmo que a taxa anterior, a accesibilidade aos centros de ensino dispoñíbeis no municipio sufriu un empeoramento no período de estudo 2003-09. Concretamente, en 2009 a accesibilidade media era dun 56%, un 11,1% menos que o dato obtido en 2003 (63%).

6.1.4. DAFO: Mudanza climática

A seguir preséntase a análise interna e externa resultado dun estudo pormenorizado do ámbito Mudanza climática, en función dos resultados obtidos con base nos criterios establecidos (ver Anexo 12).

6.1.4.1. ANALISE INTERNA

FORTALEZAS

F.1 - Baixa taxa de emisión de GEI no municipio.

As emisións de gases de efecto invernadoiro do municipio, 6,5 tCO₂/habitante, mantense abaixo da media española (9,5) e europea (10,8). Vigo ocupa o nono posto entre as cidades menos contaminantes da UE.

F.2 - Descenso de emisións ligadas ao consumo eléctrico tanto global do municipio como no sector doméstico en particular.

No período analizado 2004-12, o consumo eléctrico global do municipio e o asociado particularmente ao sector doméstico descenderon as súas emisións contaminantes á atmosfera nun 52% e 45%, respectivamente, debido principalmente á presenza de equipos de consumo máis eficientes e a unha maior utilización de combustíbeis alternativos. En termos comparativos, o consumo eléctrico municipal de 2012 foi o causante directo da emisión de 331.870 t CO₂, das caís, aproximadamente 115.325t proviñan do sector doméstico contra as 691.396 t e as 209.682 t, respectivamente, de 2004.

F.3 - Descenso nas emisións ligadas ao consumo eléctrico debido á iluminación da vía pública.

O consumo eléctrico por iluminación pública reduciu as súas emisións de CO₂ equivalentes un 34% no período 2004-12 debido principalmente ao uso de luminarias LED e a alternativas xeradoras de enerxía limpa no municipio. En 2012 foron emitidas case 9.100 t CO₂ á atmosfera contra as 13800 tCO₂ de 2004.

DEBILIDADES

D.1 - Aumento do consumo eléctrico global do municipio e do sector doméstico en particular.

En 2012, o consumo eléctrico do municipio ascendía aos 13.771MWh, un aumento do 14% respecto ao dato rexistrado en 2004. De igual forma, o consumo no sector doméstico viuse incrementado no período de estudo. En 2012, este ascendía até os 4.785MWh, case un 20% superior ao consumo eléctrico do ano 2004.

D.2 - Aumento do consumo eléctrico do municipio asociado á iluminación pública.

En 2012, o consumo eléctrico debido á iluminación da vía pública elevábase até os 377MWh, o que acarretou un incremento do 48% respecto ao dato rexistrado en 2004.

D.3 - Máis uso do vehículo privado e aumento das súas emisións contaminantes asociadas.

O uso do vehículo privado, con 257.250 desprazamentos diarios, incrementouse un 72% a respecto de 2004 e as súas emisións de GEI asociadas creceron un 3,1% no período de análise 2004-12.

D.4 - Máis xeración de residuos a nivel municipal e incremento das súas emisións asociadas.

En 2012, a produción de residuos no municipio incrementouse até case as 129.000 t, comportando unha emisión de GEI equivalente a 130.300 tCO₂, un 40% superior aos datos do ano 2004.

De todos os residuos xerados no municipio pódense destacar como maioritarios (>75%) os restos orgánicos, plásticos e papel/cartón.

6.1.4.1. ANÁLISE EXTERNA

OPORTUNIDADES

Non se detectan oportunidades neste ámbito de estudo.

AMEAZAS

Non se detectan ameazas neste ámbito de estudo.

6.1.5. DAFO: Contaminación sonora

A seguir preséntase a análise interna e externa resultado dun estudo pormenorizado do ámbito Contaminación sonora, en función dos resultados obtidos con base nos criterios establecidos (ver Anexo 13).

6.1.5.1. ANALISE INTERNA

FORTALEZAS

F.1 - Descenso significativo no municipio de solo exposto a niveis de contaminación sonora superiores a 65 dBA.

No período de estudo 2007-12 prodúcese un descenso na porcentaxe de solo exposto a niveis de ruído superiores a 65 dBA para a faixa horaria de día e tarde. Así sendo, en 2012 o 11% do solo do municipio estaba exposto a máis de 65 dBA en horario diúrno, o que representa un 21,4% menos que en 2007. O mesmo ocorre na faixa horaria de tarde onde a porcentaxe rexistrada foi do 14% en 2012, un 12,5% inferior ao dato rexistrado ao comezo do período.

En horario nocturno tamén se produce un descenso da porcentaxe de solo exposto a máis de 60 dBA. En 2012 esta porcentaxe ascendía ao 10%, catro puntos porcentuais menos que o valor do ano 2007 (14%).

En resumo, o valor medio municipal de solo exposto a niveis de ruído superiores a 65 dBA foi, en 2012, do 18%, un 25% inferior ao dato obtido en 2007 (24%).

DEBILIDADES

D.1 - Incremento significativo das porcentaxes de poboación exposta a altos niveis de contaminación sonora.

Por volta do 54% e 56% da poboación viguesa estaba exposta, en 2012, a niveis de ruído superiores aos 65 dBA, o cal supón un incremento de, aproximadamente, o 180% a respecto dos datos de 2007 (19% e 20%, respectivamente). O mesmo sucede no horario nocturno cando o 50% da poboación estaba exposta a máis de 60 dBA de ruído en 2012, un 163% superior á porcentaxe de exposición do ano 2007.

En resumo, en termos medios (Lden), o 63% da poboación do municipio vigués presentaba uns niveis sonoros superiores aos 65 dBA, isto supón un incremento do 142% a respecto da media rexistrada en 2007. Alén diso, é conveniente destacar que é practicamente o tránsito por estrada o único responsábel por esta contaminación sonora, superior ás outras dúas fontes xeradoras de ruído: ferrocarril ou industria.

D.2 - Alto nivel continuo medio equivalente (Leq) do municipio asociado á abertura de locais de lecer.

Unha análise dos datos reflicte un nivel continuo medio equivalente asociado ao termo municipal superior aos 60 dBA. Concretamente, promediando para cada zona analizada os datos obtidos a distintas horas e épocas do ano, obtense un valor final de 63,4 dBA. En zonas como Churruca, Pr. de Portugal, Rogelio Abalde, Montero Ríos e Areal, superáronse os 72 dBA e nas rúas de Rosalía de Castro e Venezuela alcanzáronse entre 69 e 68 dBA, respectivamente. No resto de zonas os niveis continuos equivalentes oscilaron entre 57 e 65 dBA.

D.3 - Alta porcentaxe de vivendas con niveis acústicos superiores a 30 dBA debido á abertura de locais de lecer nocturno.

No municipio, o 50% das vivendas rexistra un nivel acústico no interior superior a 30 dBA e esta porcentaxe elévase até o 70% nas noites de sábado.

D.4 - Alto nivel acústico medio municipal asociado á recolla nocturna de residuos. Máis ou menos, no municipio, rexístrase un valor acústico de 74 dBA debido á actividade asociada á recolla de residuos sólidos urbanos. En xeral, durante o 90% do tempo que dura a operación o nivel sonoro supera os 75 dBA e chéganse a alcanzar os 82 dBA no 10% do tempo restante.

6.1.5.2. ANÁLISE EXTERNA

OPORTUNIDADES

Non se detectan oportunidades neste ámbito de estudo.

AMEAZAS

Non se detectan ameazas neste ámbito de estudo.

6.1.6. DAFO: Consumo, produción e xestión sustentábel

A seguir preséntase a análise interna e externa resultado dun estudo pormenorizado do ámbito Consumo, produción e xestión sustentábel, en función dos resultados obtidos con base nos criterios establecidos (ver Anexo 14).

6.1.6.1. ANALISE INTERNA

FORTALEZAS

F.1 - Alto grao de conscienciación da cidadanía no tocante a un uso responsábel dos recursos.

Detéctase un alto grao de conscienciación da cidadanía en relación a un uso responsábel dos recursos. En 2012, un 66% dos residentes do municipio manifestou sentirse moi ou bastante conscienciado, o que representa un incremento do 50% respecto ao dato rexistrado en 2007.

F.2 - Alta frecuencia de actuacións responsábeis no tocante ao consumo de enerxía: peche de radiadores, carga completa da máquina de lavar ou lavalouzas, control e avaliación da facturación enerxética, utilización de luces de baixo consumo e lavado de roupa en auga fría.

Un 78% da cidadanía recoñece pechar os radiadores naquelas estancias que non son necesarios, o que supón un incremento do 44,4% a respecto da frecuencia de actuación rexistrada en 2007 (54%).

Relativamente á posta en funcionamento da máquina de lavar ou lavalouza, o 74% da cidadanía reconece esperar a ter completa a carga, sen discrepancias significativas no período de análise 2007-12.

Entre 2007 e 2012 produciuse un incremento do 35,8% na frecuencia de actuación responsable relacionada co control, avaliación e comparación da facturación enerxética doméstica. En 2012, esta frecuencia ascendía até o 74% contra o 54,5% do ano 2007.

Tamén se produce un incremento significativo na utilización de luces de baixo consumo. En 2012, o 68% dos lares vigueses tiña instalados este tipo de lámpadas, un 85,8% máis que en 2007 (36,6%).

Finalmente, lavar a roupa con auga fría presentaba unha frecuencia de actuación do 63% en 2012. Este valor mantense relativamente alto, aínda que se produciu un leve descenso a respecto dos datos de 2007 onde esta porcentaxe case alcanzaba o 70%.

F.3 - Alta frecuencia de actuacións responsábeis no tocante ao consumo de auga en: ducharse en vez de bañarse, pechar a billa mentres se escoban os dentes e control periódico do consumo.

En 2012, o 92% da cidadanía reconece practicar a ducha en vez do baño, un 40% superior ao dato rexistrado en 2007 (65,6%).

Outra actuación responsable que presenta unha alta frecuencia é pechar a billa da auga mentres se escoban os dentes. En 2012, un 89% dos vigueses manifestaba practicar esta norma contra o 65% de 2007.

Finalmente, até un 67% dos residentes do municipio admitía en 2012 realizar un control periódico do seu consumo de auga. Esta porcentaxe supón un incremento significativo a respecto do ano 2007 onde apenas un 37% recoñecía ese control.

F.4 - Alta frecuencia de actuacións responsábeis no tocante á xeración de residuos en: reutilización de bolsas de plástico e separación de residuos en orixe.

En 2012, un 96% dos vigueses/as recoñecía reutilizar as bolsas de plástico como sacos de lixo propios e un 82% separa frecuentemente os residuos xerados en orixe. Estas porcentaxes supoñen un incremento do 11% e do 51%, respectivamente, dos datos rexistrados en 2007.

F.5 - Alto grao de conscienciación da cidadanía sobre a verdadeira necesidade dos produtos que compra.

En 2012, o 78% dos residentes no municipio manifestaba estar consciente da verdadeira necesidade dos produtos comprados. Esta porcentaxe supón un incremento do 24% a respecto de 2007 (63%).

F.6 - Alta frecuencia de actuación en relación ao consumo responsable na compra de produtos de época.

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

En 2012, o 67% dos vigueses/as recoñecía comprar produtos alimenticios de época, un incremento do 13,5% a respecto de 2007 (59%).

F.7 - Alto grao de coñecemento da cidadanía sobre o envase ecolóxico e o etiquetado ecolóxico.

Un 97% da cidadanía manifesta coñecer o que é o envase ecolóxico e un 50% coñece a etiqueta de eficiencia enerxética.

F.8 - Alto grao de presenza de lámpadas e electrodomésticos de baixo consumo nos lares vigueses.

O 76,7% da cidadanía do municipio manifesta ter electrodomésticos de baixo consumo na súa vivenda e un 70% lámpadas de baixo consumo.

DEBILIDADES

D.1 - Baixa frecuencia de actuacións responsábeis no tocante ao consumo de enerxía en: consideración da etiqueta ecolóxica na compra de electrodomésticos, uso de transporte público en desprazamentos ao traballo e partillar vehículo privado en desprazamentos ao traballo.

Tan só un 38% da cidadanía manifestou en 2012 que sempre ou case sempre levar en conta o etiquetado ecolóxico dos electrodomésticos que adquire. Isto supón un descenso do 31% a respecto de 2007 (55,2%).

Aínda que se rexistra un leve incremento no uso do transporte público urbano nos desprazamentos ao traballo entre 2007 e 2012, este uso mal alcanzaba o 36% (2012), un 17,6% superior ao dato de 2007 (30,6%).

Finalmente, a frecuencia de actuación menos estendida no municipio vigués en relación ao consumo de enerxía é a de partillar o vehículo privado para ir ao traballo. En 2012 a porcentaxe non superaba o 14% o que supuña un descenso do 40% respecto de 2007 (23,3%).

D.2 - Baixa frecuencia de actuacións responsábeis no tocante ao consumo de auga: non eliminar residuos tóxicos polo sumidouiro, regar as plantas en horas de sol baixas e realzar unha revisión e manutención periódica da instalación.

En 2012, un 44% dos vigueses recoñecía xogar produtos tóxicos polos sumidouiros da súa vivenda. Esta porcentaxe mantense baixa apesar de rexistrar un incremento do 76% na súa frecuencia de actuación no período 2007-12.

Entre 2007 e 2012 produciuse un descenso significativo na frecuencia de actuación de regar as plantas en horas de sol baixas. En 2012 a porcentaxe mal alcanzaba o 46%, un 29,3% inferior ao dato do ano 2007 (65,1%).

Finalmente, a revisión e a manutención periódica da instalación de auga da vivenda incre-

mentouse en, aproximadamente, 10 puntos porcentuais entre 2007 e 2012, mais aínda así mantense baixa. Particularmente, en 2012, a porcentaxe de frecuencia de actuación a este respecto ascendía ao 35% fronte ao 25,3% do ano 2007.

D.3 - Baixa frecuencia de actuacións responsábeis no tocante á xeración de residuos: utilización de pilas recargábeis, uso do sistema de recolla selectiva de residuos volumosos (punto limpo), impresión do papel a dobre cara, evitar a compra de aerosois e de produtos que funcionen con pilas, entrega de aceites a empresas especializadas e compra de produtos pouco embalados.

Apenas un 49% da cidadanía viguesa recoñecía utilizar pilas recargábeis en 2012. Este valor supón un incremento a respecto de 2007 do 48,5%, mais aínda a frecuencia de actuación mantense en valores relativamente baixos.

Prodúcese un descenso no uso do sistema de recolla selectiva de residuos volumosos no período analizado do 31%. Concretamente, a frecuencia de actuación alcanzaba o 44% en 2012, contra o 63,9% de ano 2007.

Ao igual que no caso anterior, a impresión do papel a dupla cara rexistra un descenso significativo do 26,4% entre 2007 e 2012. En 2012, a porcentaxe de frecuencia de actuación desta conduta responsábel descendía até o 44%, 16 puntos porcentuais menos que en 2007 (59,8%).

No municipio, tan só un escaso número de residentes evitaba, en 2012, a compra de produtos que funcionen a pilas (28%) e de aerosois (18%). Estes datos representan un descenso do 8% no primeiro caso e do 46,2% no segundo respecto de os datos rexistrados en 2007.

Tamén se produciu un incremento importante na frecuencia de actuación ligada á entrega de aceites domésticos usados a empresas especializadas neste residuo durante o período 2007-12. Concretamente, en 2012 a porcentaxe final ascendía até o 27%, un 200% superior ao do ano 2007 (9%).

Finalmente, a tendencia de comprar aqueles produtos menos embalados tamén decrece no período. En 2012 apenas se alcanzaba un valor porcentual do 14%, un 37% menos que en 2007.

D.4 - Baixa frecuencia de actuacións no tocante ao consumo responsábel en: utilización de produtos reciclados, consumo de produtos con etiquetado ecolóxico, compra de produtos agrícolas e gandeiros ecolóxicos, atención á simboloxía química dos produtos de limpeza no proceso de compra e compra de produtos con certificado de comercio xusto. En 2012, apenas un 29% da cidadanía recoñecía utilizar produtos reciclados, a pesar de incrementarse significativamente a respecto de 2007 (61%).

O consumo de produtos con etiquetado ecolóxico incrementouse un 60% no período 2007-12, manténdose aínda en porcentaxes baixas que non superan o 24%.

En 2012, a compra de produtos agrícolas e gandeiros ecolóxicos e levar en conta a sim-

boloxía tóxica dos produtos de limpeza apenas alcanzan o 19%. A respecto da primeira práctica rexístrase un leve incremento a respecto de 2007 do 27%. Contodo, a segunda conduta presenta un descenso acusado do 59%.

Finalmente, tamén descende no período de estudo a compra de produtos certificados coa marca de comercio xusto. En 2012 apenas alcanzaba o 12%, aproximadamente 2 puntos porcentuais inferior a 2007 (12%).

D.5 - Baixo grao de coñecemento da cidadanía sobre os seguintes produtos que promoven a sustentabilidade local: comercio xusto, certificacións de madeiras, agricultura ecolóxica e etiqueta ecolóxica europea.

Tan só o 30% dos vigueses/as recoñece saber o que é a agricultura ecolóxica, un 26,7% a etiqueta ecolóxica europea, un 13,3% o comercio xusto e un 3,3% as certificacións de madeira.

D.6 - Baixo grao de presenza dos seguintes produtos sustentábeis nos lares vigueses: papel reciclado, autoclismo de dupla descarga e paineis solares.

No municipio, un 26,7% dos lares utiliza papel reciclado e ten autoclismos de dobre descarga. A presenza de paineis solares nos lares (1,2%) é case inexistente.

6.1.6.2. ANÁLISE EXTERNA

OPORTUNIDADES

O.1 – Alta taxa de empresas con algún tipo de certificado de xestión sustentábel no municipio.

En Vigo, o 0,94% das empresas, un total de 229, contan con algún certificado de xestión sustentábel (ISO 14001 e/ou EMAS). Esta taxa é superior á media galega e tamén provincial. A porcentaxe, aliás, sitúa a Vigo como a quinta rexión urbana a nivel español e a sexta a nivel europeo.

AMEAZAS

Non se detectan ameazas neste ámbito de estudo.

6.2. Diagnóstico del municipio de Vigo por zonas

Elaborado o DAFO de sustentabilidade do municipio de Vigo, a seguir realízase a análise correspondente ás distintas zonas de referencia nas que se dividiu o municipio.

Neste caso, os criterios asociados a cada ítem varían a respecto dos que se aplicaron no DAFO do municipio. Nas análises anteriores asociáranse uns valores mínimos de sustentabilidade aos criterios establecidos para, dun xeito obxectivo, poder construír a matriz de análise.

Neste caso, o obxectivo non é tanto avaliar en si a sustentabilidade de cada zona, senón establecer a tendencia rexistrada no camiño cara á mesma e unha comparativa entre as distintas zonas ao longo dos últimos anos. Aclarado isto, en termos xerais, cada ítem é comparado co valor medio municipal (superior/igual ou inferior) salvo as seguintes excepcións:

- En certas ocasións, si non hai datos comparativos anteriores, isto é, se só existe un único estudo a ese respecto que non pode ser comparado con outro previo, decidiuse manter o criterio asociado a ese mesmo no DAFO de Vigo (ver DAFO Calidade de Vida, ítem taxa de denuncia).
- Noutros casos, e en función da importancia do ítem analizado, foi conveniente asociar ao criterio básico, alén da comparativa coa media municipal, unha porcentaxe mínima que manteña a coherencia do estudo. (Ver DAFO Calidade de Vida, ítem Oportunidades laborais e emprego: facilidade para encontrar traballo no municipio).
- No DAFO Mobilidade Local, tan só se considerou a evolución dos ítems analizados ao longo dos anos de estudo, xa que a información obtida con base neste criterio permite retratar de forma máis completa a situación actual. No entanto, inclúense tamén outros datos comparativos derivados da análise e que son considerados relevantes.

6.3. Zona Urbana.

Neste apartado son analizados os parámetros de sustentabilidade da zona Urbana con base nuns criterios previamente definidos e que se poden consultar nos anexos 15-19.

6.3.1. DAFO: Calidade de Vida

A seguir preséntase a análise interna e externa resultado dun estudo pormenorizado do ámbito Calidade de Vida, en función dos resultados obtidos con base nos criterios establecidos (ver Anexo 15).

6.3.1.1. ANALISE INTERNA

FORTALEZAS

F.1 – Valoración altamente positiva da zona urbana coa calidade de vida de Vigo en relación a vivir e traballar na cidade.

O nivel de satisfacción da cidadanía residente na zona urbana coa calidade de vida do municipio segue unha tendencia positiva en todo o período de análise 2003-11, situándose en valores levemente superiores ao 91% en 2011, o que supón un incremento de 22,5% en 8 anos e 2,6 puntos porcentuais máis que a media municipal (88,8%).

F.2 – Valoración altamente positiva da seguranza existente no municipio.

A totalidade dos residentes na zona urbana móstranse satisfeitos coa seguranza existente no municipio e na zona na que viven; estes datos son superiores aos valores medios municipais rexistrados do 95,6% e 98,5%, respectivamente.

A tendencia analizada mostra un incremento significativo no parámetro seguranza no municipio. En 2003, 48% dos residentes da zona urbana mostrábanse satisfeitos coa seguranza existente na cidade, un 52% inferior ao dato do ano 2011. Con respecto á seguranza na zona de residencia, a tendencia tamén é positiva e próxima do 11,1% no período 2011-13 pois, en 2011, o índice de satisfacción con este parámetro xa alcanzaba o 90% nesta zona.

F.3 – Valoración altamente positiva da sensación de seguranza no municipio.

A sensación de seguranza na zona urbana presenta un elevado grao de satisfacción. En 2013, o 97% dos residentes desta zona manifestaron sentirse moi ou bastante seguros no municipio de Vigo, porcentaxe moi superior ao valor medio municipal (80%).

F.4 – Valoración positiva da calidade do espazo construído.

Rexístrase un incremento significativo na satisfacción dos residentes da zona urbana coa calidade do espazo construído no período de análise 2003-11. O incremento producido nesta zona é o máis alto e cífrase nun 147,2%, pasando dun 31% en 2003 a case un 76% en 2011. Este dato fai que esta zona sexa a que presenta o maior índice de satisfacción das tres zonas analizadas e que se sitúe acima do valor medio municipal (71,2%).

F.5 – Valoración positiva das instalacións culturais existentes e da oferta de lecer do municipio.

Na zona urbana prodúcese un incremento significativo coa satisfacción dos seus residentes a respecto das instalacións culturais e a oferta de lecer existente no municipio no período de análise 2003-11. Cuantitativamente, un 63,4% dos residentes desta zona mostrábanse satisfeitos deste apartado en 2011, porcentaxe que supón un incremento de 31% a respecto do dato obtido en 2003 (48,4%). Este valor sitúa á zona urbana como a zona máis satisfeita coas instalacións culturais e a oferta de lecer do municipio e é superior ao valor medio municipal (56%).

F.6 – Valoración positiva dos servizos de hostalaría e restauración, equipamento deportivo e oferta cultural.

En 2011, rexístrase un alto nivel de satisfacción dos habitantes da zona urbana co sector Horeca existente no municipio (92,5%), o equipamento deportivo (66%) e a oferta cultural (67,4%). Todas estas porcentaxes son superiores ou están en liña co valor medio municipal rexistrado (86,8%, 66% e 64%, respectivamente) e son dos valores máis altos declarados nas tres zonas de estudo.

F.7 – Valoración positiva da integración do municipio nas novas tecnoloxías.

En 2011, un 70% dos residentes na zona urbana mostrábanse satisfeitos coa integración de Vigo nas novas tecnoloxías. Este valor mantense en liña coa media municipal obtida (72%), aínda que é necesario destacar que esta zona é a que presenta o menor grao de satisfacción das tres analizadas (74% na zona semiurbana e rural). A respecto da accesibilidade á Internet, un 72% manifesta estar satisfeito no ámbito privado, moi por encima do valor medio municipal (66%) e do resto de zonas (66% na rural e 59% na semiurbana), e un 48% declara estar satisfeito tamén no ámbito público, en liña coa media municipal (49,6%) e que non presenta discrepancias significativas a respecto dos valores obtidos na análise do resto de zonas (51,7% rural e 49% semiurbana).

F.8 – Valoración positiva da limpeza da cidade.

No período de análise 2003-11 rexístrase unha tendencia positiva no grao de satisfacción dos residentes da zona urbana coa limpeza da cidade. Con efecto, un 72% dos seus residentes manifestaba sentirse satisfeito en 2011, porcentaxe que supón un incremento significativo do 36,8% respecto ao dato rexistrado en 2003 (52,7%). Esta porcentaxe non presenta diferenzas significativas coa zona rural e é 3 puntos porcentuais superior á media municipal (69%).

F.9 – Valoración positiva da capacidade de atracción turística da cidade.

En 2011, o 83% dos residentes da zona urbana mostráronse satisfeitos coa capacidade e

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

a calidade de atracción turística da cidade. Este dato concorda co valor medio municipal (83%) e co índice de satisfacción da zona semiurbana, mais é levemente inferior ao valor rexistrado para a zona rural (85%).

F.10 – Valoración positiva da rede pública de transporte urbano.

No período de análise 2003-11 rexístrase un incremento significativo do nivel de satisfacción dos residentes da zona urbana co transporte público da cidade. Cuantitativamente, o índice de satisfacción era do 48% en 2003, un 30,7% inferior ao dato obtido no ano 2011 (69%). Esta porcentaxe é similar ao valor medio municipal (70%) e levemente superior ao dato rexistrado na zona semiurbana (68%) aínda que se mantén 9 puntos porcentuais abaixo do máis alto valor rexistrado da zona rural (78%).

F.11 – Valoración positiva da participación da cidadanía nas políticas locais.

No período de estudo 2003-11 prodúcese un incremento significativo no nivel de satisfacción da cidadanía co grao de participación nas políticas locais. Na zona urbana, apenas un 14% dos seus residentes mostrábanse satisfeitos en 2003, pasando a un 50% en 2011, un incremento do 264% en 8 anos. Esta porcentaxe é levemente superior ao valor medio municipal, que non chega a superar o 48%, e ao dato rexistrado na zona semiurbana (44%), mais é case 4 puntos porcentuais inferior ao valor máximo rexistrado que corresponde á zona rural (53,8%).

DEBILIDADES

D.1 – Valoración negativa dos servizos de benestar e asistencia social.

No ano 2011, metade dos residentes da zona urbana mostrábanse satisfeitos cos servizos de benestar e asistencia social de responsabilidade municipal. Este dato está en liña coa media municipal e é, sen diferenzas significativas, similar ao rexistrado para o resto de zonas analizadas.

D.2 – Valoración negativa da contaminación sonora e atmosférica e dun mal uso dos recursos do municipio.

Detéctase un baixo grao de satisfacción da cidadanía residente na zona urbana coa contaminación sonora e atmosférica da cidade. Segundo os datos, tan só o 24% dos cidadáns mostrábanse satisfeitos co nivel acústico existente no municipio en 2011. Esta porcentaxe sitúa á zona urbana en segundo lugar, atrás da semiurbana (31%), mais acima do nivel de satisfacción rexistrado na *rural (17%) e en liña coa media municipal (25%).

A respecto da contaminación atmosférica, en 2011, na zona urbana alcánzase a máxima satisfacción das tres zonas analizadas (41%) e 6 puntos porcentuais superior ao dato medio municipal (35,4%).

Finalmente, o índice de satisfacción desta zona co uso responsábel dos recursos alcan-

zaba o 41% en 2011, o que supuña o nivel máis alto rexistrado nas tres zonas de estudo (31% semiurbana e 38% rural) e 5 puntos porcentuais acima da media municipal (36%).

D.3 – Valoración negativa da integración dos estranxeiros.

O grao de satisfacción dos residentes na zona urbana a respecto da integración dos estranxeiros no municipio alcanzaba un 57,7% en 2011. Esta porcentaxe, apesar de superar o 50%, áchase abaixo da media municipal (62%) e é o dato máis baixo rexistrado nas tres zonas analizadas (66% na rural e semiurbana).

D.4 – Baixo nivel de integración da poboación con deficiencia no municipio.

Da análise sobre a deficiencia no municipio pode tirarse que, en xeral, nas tres zonas estudadas a cidadanía percebe un baixo grao de integración social deste tipo de persoas. Na zona urbana, un 67% dos seus habitantes manifestaba en 2011 que as persoas con deficiencia aínda non teñen as mesmas posibilidades de vida que o resto de persoas. Esta porcentaxe de insatisfacción é a máis alta obtida nas tres zonas analizadas (62% na semiurbana e 64% na rural) e 2 puntos porcentuais superior á media municipal. Alén de máis, completando o exposto anteriormente, até un 61% recoñecía que aínda existen grandes preconcebidos sobre este colectivo, aínda que se fai necesario matizar que, a este respecto, nesta zona é onde se rexistra o máis baixo nivel de insatisfacción, abaixo do valor medio municipal e das outras dúas zonas analizadas (74% semiurbana e 78% rural).

D.5 – Valoración relativamente baixa da capacidade da cidade para desenvolver tecido empresarial.

En 2011, un 66% dos residentes da zona urbana mostráronse satisfeitos coa capacidade da cidade para desenvolver tecido empresarial. Apesar de parecer unha porcentaxe elevada, é significativamente baixa comparada co resto de zonas analizadas (78,6% rural e 75,6% semiurbana). De resto, é 3 puntos porcentuais inferior ao valor medio municipal (69%).

D.6 – Valoración negativa do tránsito existente na cidade.

Apesar de rexistrarse un incremento significativo do 44,6% no nivel de satisfacción dos residentes da zona urbana co tráfico existente na cidade, o índice final de satisfacción sómente alcanza o 12%. Este dato é case un 60% inferior ao valor medio municipal (30%) e é o máis baixo rexistrado das zonas analizadas (55% semiurbana e 29% rural).

D.7 – Valoración negativa da atención recibida polas administracións dependentes do goberno municipal.

Na zona urbana, apenas un 41% dos seus residentes mostráronse satisfeitos en 2011 cos servizos administrativos ofrecidos polo concello. Esta porcentaxe concorda co valor

medio municipal e é levemente superior ao dato rexistrado na zona rural (37%), mais inferior ao valor obtido na semiurbana, na cal un 44% de residentes manifestaron sentirse satisfeitos.

6.3.1.2. ANÁLISE EXTERNA

OPORTUNIDADES

0.1 – Valoración positiva da calidade da vivenda construída.

O 67% dos residentes da zona urbana mostráronse satisfeitos coa calidade da vivenda en 2011, unha porcentaxe superior á media municipal (56,3%) e superior tamén ao dato rexistrado nas demais zonas analizadas.

0.2 – Valoración positiva da rede de asistencia social e asistencia sanitaria e hospitalar existente.

En 2011, na zona urbana, un 66,4% dos seus residentes manifestábase satisfeito coa calidade da rede de asistencia social e asistencia sanitaria e hospitalar existente no municipio. Esta porcentaxe supón un incremento significativo a respecto do dato de 2003, ano no cal tan só estaban satisfeitos o 58% dos residentes desta zona. Este nivel de satisfacción sitúa á zona urbana na primeira posición, por encima da media municipal (57%) e dos índices rexistrados no resto de zonas (52,2% para a semiurbana e para a rural).

0.3– Coñecemento e valoración positiva da Lei de dependencia.

En 2011, o 73% dos residentes da zona urbana mostráronse coñecedores da actual Lei de dependencia existente no estado español, porcentaxe superior á media municipal (70%), e un 60% deles presentaba unha valoración positiva sobre dita lei en liña coa media municipal (62%).

0.4– Percepción dunha certa estabilidade laboral.

Na zona urbana, o grao de confianza dos seus habitantes manter o seu emprego actual ascendía até 73% en 2011. Este dato é significativamente superior ao dato rexistrado no resto de zonas analizadas (39% semiurbana e 46% rural) e, xa que logo, até 15 puntos porcentuais superior ao valor medio municipal (58%).

0.5– Estabilidade económica para encarar certas despesas comúns ou cotiás: imprevistos de 500€, devolucións de empréstitos, pago de facturas e despesas relacionadas coa compra de produtos básicos.

Da análise previa dedúcese que, en 2011, a zona urbana é a que presenta o menor grao de dificultade para encarar certos gastos ou pagos de carácter común ou cotián. Concretamente, un 44% dos residentes da zona urbana manifestaron presentar dificultades para

facen fronte a un pago de 500€, porcentaxe inferior ao dato rexistrado para as outras dúas zonas (72% semiurbana e 53% rural) e, portanto, menor que a media municipal (55%). Alén diso, un 25,5% dos habitantes desta zona manifestaron presentar problemas para devolver os seus empréstimos persoais, un 26,3% inferior ao valor medio municipal (34,6%). Por zonas, esta porcentaxe é case a metade do valor rexistrado na zona semiurbana (50%) e 3 puntos porcentuais inferior ao da rural (28,5%). O pago do aluguer require o maior esforzo para o 17% da cidadanía da zona urbana, en liña coa media municipal (16%) e co dato rexistrado na zona semiurbana (17%), mais 5 puntos porcentuais superior ao valor obtido no ámbito rural (12,5%).

Relativamente ao pagamento das facturas, apenas un 14,6% dos habitantes da zona urbana recoñeceron presentar dificultades, un 19% menos que o valor medio municipal (18%). Comparado co resto de zonas, este valor mantense en liña co dato rexistrado na zona rural (14%) e é case 10 puntos porcentuais inferior ao obtido na semiurbana (24,4%).

Finalmente, tan só un 9,6% dos residentes da zona urbana manifestaron presentar dificultades para sufragar gastos alimenticios ou outros bens de consumo básico, porcentaxe similar ao que acontece na zona rural (10%) mais aproximadamente 4 puntos porcentuais abaixo da media municipal (14%) e inferior ao dato máis alto rexistrado nas tres zonas de estudo (20,4% na semiurbana).

0.6– Bon posicionamento do porto de Vigo.

A satisfacción dos residentes na zona urbana co porto de Vigo incrementouse un 27,7% durante o período analizado, pasando dun 59% en 2003 a case o 76% en 2011. Este é unha porcentaxe de satisfacción bastante elevada, aínda que representa 2 puntos porcentuais menos que a media municipal (78%) e por baixo dos niveis obtidos nas outras dúas zonas de estudo (78% semiurbana e 85% rural).

0.7 – Valoración positiva da calidade do comercio existente.

O 90% dos residentes na zona urbana mostráronse satisfeitos en 2011 coa calidade do comercio existente, porcentaxe superior ao valor medio municipal (86%) e ao do resto de zonas analizadas (80% semiurbana e 85% rural).

0.8 – Valoración positiva da rede educativa existente.

A análise demostra tamén que se produciu un notábel incremento no grao de satisfacción da zona urbana coa rede educativa existente. Entre 2003 e 2011, este incremento supera o 55,5%, pasando dun 53% de poboación urbana satisfeita en 2003 a case un 82% en 2011. Este dato converte á zona urbana na zona con máis grao de satisfacción neste apartado, por encima do valor medio municipal (79%) e do resto de zonas analizadas (78% semiurbana e 72% rural).

AMEAZAS

A.1 – Baixa taxa de denuncia dos delitos cometidos na zona urbana.

Na zona urbana somente un 37% das vítimas dalgún delito recorren á xustiza para denunciar os feitos sufridos, aínda que esta porcentaxe é superior á rexistrada no resto de zonas analizadas e á media municipal (taxa de denuncia do 33%).

A.2 – Valoración negativa da accesibilidade a unha vivenda a un prezo razoábel no municipio.

Rexístrase unha tendencia negativa neste parámetro para o período de estudo 2003-11, aínda que o descenso é menos acusado que o rexistrado nas outras dúas zonas. Entre 2003 e 2011, o grao de satisfacción dos residentes da zona urbana coa facilidade de acceder a unha vivenda a un prezo razoábel caeu pouco máis dun 5,2%, situándose en niveis do 27,1%, porcentaxe que, apesar de ser superior ao dato medio municipal e ao do resto de zonas, mantense nun nivel baixo do punto de vista da sustentabilidade local.

A.3 – Valoración negativa das oportunidades laborais existentes e da calidade e nivel de retribución dos postos de traballo.

Apesar de que no período de análise 2003-11 se produciu un incremento no nivel de satisfacción da cidadanía coas oportunidades profesionais existentes na zona urbana, este apenas supera o 33% de satisfacción, o que representa un incremento de aproximadamente un 36% en 8 anos. A porcentaxe é superior á media municipal (24,6%), duplica o índice de satisfacción da zona semiurbana (15,3%) e supera en case 13 puntos porcentuais o dato rexistrado na zona rural.

Relativamente á calidade e nivel de retribución dos postos de traballo, tan só un 24% da cidadanía residente na zona urbana mostrábase satisfeita en 2011, porcentaxe que resulta baixa para o avance da sustentabilidade local. Este valor mantense, sen diferenzas significativas, nas tres zonas.

A.4 – Valoración negativa das axudas que os gobernos estatais e rexionais prestan actualmente ao municipio.

En 2011, tan só un 25% dos habitantes da zona urbana mostráronse satisfeitos coas axudas públicas que chegan ao municipio desde as diferentes institucións, tais como Deputación Provincial, Xunta de Galicia ou Estado español. Este valor concorda coa media municipal, sen diferenzas significativas a respecto dos datos obtidos nas outras dúas zonas de estudo.

A.5 – Valoración negativa do sistema público de pensións.

O sistema público de pensións é un dos parámetros analizados que mostra un maior grao de insatisfacción cidadá. En 2011, apenas un 28% dos residentes na zona urbana mostra-

se satisfeito, un valor baixo do punto de vista da sustentabilidade social e local aínda que é o máis alto das tres zonas analizadas.

A.6 – Valoración negativa das axudas públicas destinadas a persoas con deficiencia. En 2011, o 67% dos residentes na zona urbana consideraban insuficientes e/ou ineficaces as axudas públicas prestadas ás persoas con deficiencia do municipio. Esta é unha porcentaxe alta, moi negativa do punto de vista da sustentabilidade social aínda que en liña coa media obtida a nivel municipal (70%).

A.7 – Alta proporción de persoas que presentan dificultades para chegar a fin de mes. En 2011, o 48% dos residentes na zona urbana recoñecían sentirse insatisfeitos coa súa situación económica no tocante á facilidade para chegar con diñeiro a fin de mes. Este valor está en liña coa media municipal (53%), sendo algo mellor que o dato rexistrado na zona rural (47%) mais 7 puntos porcentuais abaixo do índice dos residentes da zona semiurbana (60%).

A.8 – A percepción de pobreza aumenta.

A análise de pobreza realizada pola Oficina do Valedor do Cidadán de Vigo, en 2011, mostra que un 88% dos residentes da zona urbana consideraba que, en xeral, a pobreza aumentara notabelmente nos últimos anos. Este dato reflicte a preocupación da cidadanía a este respecto e, aínda que nesta zona a porcentaxe é inferior á media municipal (91%) e ao do resto de zonas analizadas (95% semiurbana e 95% urbana), representa un valor demasiado elevado do punto de vista da sustentabilidade do municipio.

Esta percepción descende notabelmente se se avalía a pobreza no municipio, en xeral, e na propia zona de residencia, en particular. De facto, na zona urbana, un aínda significativo 60% dos seus residentes manifestaba que esta cuestión é unha realidade en aumento nos últimos anos, aínda que convén destacar que esta porcentaxe mantense abaixo do valor rexistrado no resto de zonas analizadas (75% semiurbana e 74% rural).

A.9– Instabilidade económica para encarar o pagamento do aluguer.

Nesta zona rexístrase unha elevada porcentaxe de residentes que manifestaron presentar dificultades para encarar o pago do aluguer da súa vivenda. Concretamente, a porcentaxe obtida ascende até o 17% que, comparativamente, é similar ao dato rexistrado na zona semiurbana, levemente superior ao valor medio municipal (16%) e bastante por encima do dato rexistrado na zona rural, onde apenas un 12,5% de residentes manifestaron presentar dificultades para encarar este pago.

A.10 – Valoración negativa das axudas públicas en materia de pobreza e exclusión social. En 2011, tan só un 25% dos residentes na zona urbana manifestaron que as axudas públicas existentes en materia de pobreza e exclusión social tiñan algún tipo de incidencia

positiva. Porcentaxe baixa do punto de vista da sustentabilidade local, aínda que superior ao rexistrado na zona semiurbana (23%) e rural (14%) e, xa que logo, superior ao valor medio municipal (23%).

A.11 – Baixa satisfacción coa rede de transporte público entre Vigo e a súa contorna. A porcentaxe de residentes da zona urbana satisfeitos coa rede de transporte público existente entre Vigo e a súa contorna apenas alcanzaba o 54% en 2011, unha porcentaxe inferior ao valor medio municipal (58%) que representa a menor taxa de satisfacción da tres zonas analizadas (62,5% semiurbana e 59,4% rural).

A.12 – Valoración negativa da normalización da lingua galega. En 2011, a avaliación da normalización do galego manifesta unha satisfacción baixa, inferior ao 40%, porcentaxe baixa do punto de vista da sustentabilidade.

6.3.2. DAFO: Mobilidade Local

A seguir preséntase a análise interna e externa do estudo pormenorizado sobre o ámbito Mobilidade Local e expóñense os resultados obtidos en base aos criterios establecidos e xa coñecidos (ver Anexo 16). A grandes liñas, trátase de ver o aspecto positivo (fortaleza ou oportunidade), si existe un incremento no uso do transporte público e non motorizado, ou negativo (debilidade ou ameaza) si existe un incremento do transporte privado.

NOTA: a respecto ao apartado estacionamentos, referir que este xa foi analizado no DAFO xenérico do municipio de Vigo debido a que os estudos realizados a este respecto só facían referencia á zona urbana, e, portanto, as conclusións obtidas nesa parte son totalmente aplicábeis a esta, polo que incluílas sería redundante.

6.3.2.1. ANALISE INTERNA

FORTALEZAS

F.1 – Incremento do uso do transporte público para desprazamentos a centros de ensino. No período de análise 2003-09 prodúcese un aumento significativo no uso do transporte público para viaxes ao centro de ensino. En termos porcentuais, un 72,5% máis dos desprazamentos escolares realízanse utilizando este medio de transporte. En consecuencia, en 2009, case seis en cada dez viaxes á escola (59%) leváronse a cabo utilizando medios públicos de transporte contra o 34,2% rexistrado no ano 2003.

F.2 – Incremento do uso do transporte público para desprazamentos ás compras diarias. O uso do transporte público para realizar as compras diarias practicamente mantense

constante no período de análise 2003-09. Con efecto, en 2003 apenas un 0,9% dos desprazamentos ás compras diarias da zona urbana realizáronse utilizando este medio de transporte, 0,06 puntos porcentuais menos que o dato rexistrado no ano 2009 (0,96%).

F.3 – Incremento do uso do transporte público para desprazamentos de lecer semanal. Un 12% dos desprazamentos de lecer semanal en 2009 realizáronse utilizando algún tipo de medio público de transporte. Aínda que o valor en si mesmo non é moito elevado, o incremento que se rexistra no período é significativo e alcanza o 103% polo que é necesario seguir impulsando medidas que continúen incrementando a súa participación. Este incremento supón unha redución no uso dos outros dous medios: privado e non motorizado

F.4 – Incremento do uso do transporte público para desprazamentos de lecer de fin de semana.

No período de análise 2003-09 prodúcese un incremento significativo do 75,5% no uso de medios de transporte público para desprazamentos de lecer de fin de semana, alcanzándose en 2009 unha porcentaxe de utilización do 17% contra o 10% rexistrado no ano 2003.

DEBILIDADES

D.1 – Descenso do uso do transporte público en desprazamentos ao traballo.

Entre 2003 e 2009 detéctase un descenso do 18,4% no uso do transporte público para desprazamentos ao traballo desde a zona urbana. En concreto, o 19% destes desprazamentos realizáronse en transporte público en 2003 contra o 15,5% rexistrado en 2009.

D.2 – Descenso do número de viaxes ao centro de ensino.

O número de viaxes en desprazamentos escolares diminúe un 42,5% no período de análise 2003-09. En 2003 rexistrábanse 3,3 viaxes contra os 1,91 de 2009, o cal é debido, principalmente, a unha maior distancia entre o centro escolar de destino e a vivenda.

D.3 – Incremento da distancia media percorrida en viaxes ao centro de ensino.

A distancia media por desprazamento escolar ascendía en 2003 a 7,9km contra os 8,9km rexistrados en 2009, o cal representa un aumento do 12,7%.

D.4 – Aumento do tempo medio requirido por desprazamento ao centro de ensino.

Detéctase un incremento do 11,2% no tempo medio necesario por viaxe ao centro de ensino desde a zona urbana, pasando de 21min en 2003 a 23min en 2009.

D.5. – Aumento do uso do transporte privado en desprazamentos escolares.

Rexístrase un leve incremento no uso do vehículo privado para desprazamentos escolares desde a zona urbana. En 2003 esta porcentaxe de uso ascendía ao 28%, incrementándose este até o 30% en 2009, un 7% máis.

D.6. – Descenso no uso de medios non motorizados para desprazamentos ao centro de ensino. Prodúcese un descenso significativo no uso de medios de transporte non motorizados en desprazamentos escolares. En 2009, apenas un 11% dos desprazamentos ao centro de ensino desde a zona urbana realizáronse a pé ou en bicicleta, o que representa, aproximadamente, un 70,4% menos a respecto do dato rexistrado en 2003 (38%). Isto débese fundamentalmente ás distancias entre a vivenda e o centro de ensino e ao maior uso do transporte público neste tipo de desprazamentos.

6.3.2.1. AMBIENTE EXTERNO

OPORTUNIDADES

O.1 – Diminución no tempo medio requirido para desprazamentos ás compras diarias. Rexístrase un descenso do 11,4% no tempo medio de viaxe ás compras diarias no período 2003-09. En concreto, o tempo medio requirido ascendía aos 10,5min en 2003 contra os 9,3min de 2009.

O.2 – Diminución do tempo medio requirido por viaxe de lecer semanal. Prodúcese un descenso do 20% no tempo medio requirido por viaxe de lecer semanal, pasando dos 15,5min en 2003 a 12,4min en 2009.

O.3 – Descenso do uso do vehículo privado en desprazamentos de lecer semanal. Detéctase unha leve diminución porcentual do 1,7% no uso medios de transporte privados para desprazamentos de lecer semanal. En 2009, o 24% dos desprazamentos deste tipo realizáronse en vehículo privado contra o 24,4% de 2003.

O.4 – Aumento do número de viaxes de lecer de fin de semana. Prodúcese un incremento do 19,4% no número de viaxes realizadas no municipio para lecer de fin de semana no período 2003-09. Cuantitativamente, en 2009 alcanzáronse as 2,7 viaxes contra as 2,2 do ano 2003. Este incremento débese, principalmente, ao descenso rexistrado na distancia media requirida.

O.5 – Diminución da distancia media requirida por viaxe de lecer de fin de semana. Entre 2003 e 2009 rexístrase un descenso significativo do 36,7% na quilometraxe media para desprazamentos de lecer de fin de semana, pasando de 18km en 2003 a 11,4km en 2009.

0.6 – Descenso do uso dos medios de transporte privados en desprazamentos de lecer de fin de semana.

O 66% dos desprazamentos de lecer de fin de semana na zona urbana en 2009 realizáronse utilizando medios de transporte privados, o que representa un 7,8% menos que en 2003 (71,6%). Isto débese fundamentalmente a un incremento significativo no uso do transporte público con ese fin.

AMEAZAS

A.1 – Diminución do número de viaxes realizadas para ir ao traballo.

Prodúcese un descenso significativo no número de viaxes realizadas para ir ao traballo dun 31,5%, pasando de 3,3 viaxes en 2003 a 2,26 en 2009. Esta redución do número de viaxes explícase tanto porque o posto de traballo está máis afastado do domicilio como pola actual taxa de desemprego.

A.2 – Aumento na distancia media requirida en desprazamentos ao traballo.

Prodúcese un incremento do 25,4% na distancia media percorrida en desprazamentos ao traballo. Cuantitativamente, a distancia media situábase por volta dos 5,9km en 2003 pasando a 7,4km en 2009.

A.3 – Incremento do tempo medio requirido en desprazamentos ao traballo.

No período de análise conséntase un incremento do 15,4% no tempo medio requirido por viaxe para desprazamentos ao posto de traballo. En 2003 situábase en 17,5min contra os 20,2min do ano 2009.

A.4 – Aumento do uso de vehículo privado en desprazamentos ao traballo.

No período 2003-09 prodúcese un incremento do 26% no uso do transporte privado para desprazamentos ao traballo. En 2003, o 49% destas viaxes desde a zona urbana realizáronse en vehículo privado contra o 62% rexistrado en 2009.

A.5 – Diminución do uso de medios de transporte non motorizados en desprazamentos ao traballo.

O uso de medios non motorizados en desprazamentos ao traballo desde a zona urbana redúcese nun 28,6% durante o período 2003-09. En 2009, un 23% das viaxes ao posto de traballo realizáronse a pé ou en bicicleta fronte ao 32% rexistrado en 2003.

A.6 – Diminución do número de viaxes realizadas para as compras diarias.

Rexístrase un descenso do 32% no número de viaxes para realizar as compras diarias no período 2003-09. Cuantitativamente, en 2009 o número de viaxes situábase nos 1,7 contra as 2,5 rexistradas no ano 2003. Isto pode deberse a dous motivos principais: por

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

un lado, á actual situación de crise e, por outro, a unha maior distancia entre a vivenda e os establecementos de venda.

A.7 – Aumento da distancia media requirida por viaxe ás compras diarias.

No período 2003-2009 prodúcese un incremento do 95,2% na quilometraxe media necesaria para desprazamentos ás compras diarias. En 2009 rexistrábase un valor medio de 1,6km contra os 0,8km do ano 2003.

A.8 – Incremento do uso do vehículo privado para desprazamentos ás compras diarias.

No período 2003 e 2009 rexístrase un incremento do 51% no uso de medios de transporte privado para realizar as compras diarias. Cuantitativamente, o 12% das viaxes á compra realizábanse en vehículo privado en 2003, valor que se foi incrementando até o 19% en 2009.

A.9 –Descenso no uso de medios non motorizados para desprazamentos ás compras diarias.

Entre 2003 e 2009 rexístrase un descenso do 7,4% no uso de medios de transporte non motorizado para realizar as compras diarias, aínda que se manteñen como a primeira opción de transporte neste tipo de desprazamentos. En 2009 a porcentaxe ascendía ao 80%, 6 puntos porcentuais abaixo do valor rexistrado en 2003.

A.10– Diminución do número de viaxes de lecer semanal.

Prodúcese un descenso significativo do 21,7% no número de viaxes realizadas para o lecer semanal. En 2003, no municipio rexistrábanse 2,3 viaxes, 0,5 viaxes máis que en 2009 (1,8).

A.11 – Incremento na distancia media percorrida por viaxe de lecer semanal.

Entre 2003 e 2009 prodúcese un aumento do 41% na quilometraxe media requirida para desprazamentos de lecer semanal, pasando de 2km en 2003 a 2,8km en 2009.

A.12 – Descenso no uso de medios non motorizados nos desprazamentos de lecer semanal.

Apesar de os desprazamentos a pé ou en bicicleta para lecer semanal seguíren a ser os medios máis utilizados na zona urbana, rexístrase un descenso no período 2003-09 do 8% o cal é debido, principalmente, ao incremento rexistrado nas distancias medias necesarias para este tipo de desprazamento. Cuantitativamente, a porcentaxe de utilización destes medios en 2003 foi do 70% reducíndose até o 64% en 2009.

A.13 – Aumento do tempo medio por viaxe de lecer de fin de semana.

Rexístrase un leve incremento de apenas 0,8 puntos porcentuais no período de análise.

Cuantitativamente, o tempo medio requirido foi de 29,1min en 2003 contra os 29,9min rexistrados en 2009.

A.14 – Diminución dos medios de transporte non motorizados en desprazamentos de lecer de fin de semana.

No período 2003-09 redúcese levemente, un 9,7%, o uso de medios non motorizados en desprazamentos de lecer de fin de semana na zona urbana. En 2003, o 19% das viaxes realizadas por este motivo foron a pé ou en bicicleta contra o 17% rexistrado en 2009.

6.3.3. DAFO: Accesibilidade aos servizos básicos locais

A seguir preséntase a análise interna e externo resultado dun estudo pormenorizado do ámbito Accesibilidade aos servizos básicos locais, en función dos resultados obtidos con base nos criterios establecidos (ver Anexo 17).

6.3.3.1. ANALISE INTERNA

FORTALEZAS

F.1 – Elevada taxa de accesibilidade media a servizos básicos locais existentes na zona urbana.

A accesibilidade media da zona urbana aos servizos básicos locais no seu conxunto (instalacións deportivas, centros cívico-sociais, centros sanitarios, centros de ensino, parques e espazos públicos, puntos de recolla de residuos, comercios de alimentación, entidades bancarias e paraxes de transporte público) situábase en 2009 no 65,2%, valor inferior ao obtido en 2003 (67,5%) mais superior á porcentaxe media municipal (63,2%).

F.2 – Aumenta a accesibilidade aos espazos deportivos existentes na zona urbana.

Na zona urbana, o 42% da súa poboación xa tiña acceso aos espazos deportivos a menos de 300 metros do seu domicilio no ano 2009. Apesar de o valor en si mesmo non ser moito alto, supón un incremento do 7,7% a respecto dos datos rexistrados no 2003 (39%). Esta porcentaxe é 6 puntos superior ao valor medio municipal (36%) e sensiblemente máis alta que o dato rexistrado no resto de zonas analizadas (31% semiurbana e 24% rural).

F.3 – Elevada taxa de accesibilidade media aos centros cívico-sociais existentes na zona urbana.

Entre 2003 e 2009 prodúcese un incremento significativo na porcentaxe de poboación residente na zona urbana co acceso aos centros cívico-sociais existentes a menos de 300 metros do seu domicilio. Concretamente, a porcentaxe rexistrada era dun 35% en 2003,

incrementándose até o 44% en 2009, un 25,7% máis. Este dato mantense en liña co valor medio municipal (45%) e é levemente superior ao rexistrado na zona rural (42%) pero inferior á porcentaxe obtida na zona semiurbana (49%).

F.4 – Elevada taxa de accesibilidade media a parques e espazos públicos do municipio. Obsérvase un incremento notábel na accesibilidade media da poboación urbana a parques e espazos públicos. En 2009 esta taxa abeiraba o 69%, un 19% máis que o dato rexistrado en 2003 (58%). Esta porcentaxe sitúa á zona como a de maior accesibilidade a este tipo de espazos, significativamente mellor que a zona semiurbana (57%) ou a rural (45%) e 7 puntos porcentuais superior ao valor medio municipal (62%).

F.5 – Elevada taxa de accesibilidade media das persoas con deficiencia aos servizos básicos locais.

A accesibilidade a lugares e servizos públicos existentes no municipio experimentou, do punto de vista dos residentes da zona urbana, unha clara melloría nos últimos anos. Un 71% dos seus habitantes acha que este aspecto mellorou considerabelmente, por encima do resto de zonas (61% semiurbana e 52% rural) e do valor medio municipal (61%). Alén diso, sublíñase que unha ampla maioría deles concorda en responsabilizar destes avances logrados en materia de accesibilidade ao consistorio municipal.

DEBILIDADES

D.1 – Diminución da taxa de accesibilidade aos puntos de recolla selectiva de residuos. Na zona urbana, o 84% da poboación tiña acceso a puntos de recolla selectiva de residuos a menos de 300 metros no ano 2009. Isto supón un descenso significativo, do 12,5%, a respecto dos datos rexistrados no 2003 (96%). Aínda que, comparativamente co resto de zonas, este 84% é notabelmente superior ao valor obtido no resto (65% semiurbana e 63% rural) e superior ao valor medio municipal que se situaba nun 74%, 15 puntos porcentuais inferior ao valor rexistrado en 2003 (89%).

D.2 – Diminución da taxa de accesibilidade ás paraxes de transporte público. Apesar de a accesibilidade da zona urbana ás paradas de transporte público situarse en valores elevados do 90%, a evolución no período 2003-09 mostra unha clara tendencia negativa. En 2003 case un 97% da poboación urbana tiña unha paraxe de autobús a menos de 300 metros, 7 puntos porcentuais superior ao último dato rexistrado.

6.3.3.2. ANÁLISE EXTERNA

OPORTUNIDADES

O.1 – Alta taxa de accesibilidade media aos servizos sanitarios existentes na zona urbana. Rexístrase unha certa melloría na accesibilidade aos servizos sanitarios existentes na zona urbana. O incremento, aínda que leve (+7%), eleva este valor medio até o 44% en 2009 contra o 41% rexistrado en 2003. Esta porcentaxe coincide co valor medio municipal e é superior ao dato rexistrado na zona rural (34%), pero sitúase abaixo do 47% da poboación semiurbana con mellor accesibilidade a estes servizos a menos de 300 metros.

O.2 – Alta taxa de accesibilidade media a comercios de alimentación locais. No período de análise 2003-09, rexístrase unha clara tendencia positiva na taxa de accesibilidade da poboación urbana aos comercios de alimentación locais. Cuantitativamente, a taxa era do 80% en 2003, incrementándose até o 90% no ano 2009. Esta porcentaxe sitúa á zona urbana por diante do resto de zonas analizadas (78% semiurbana e 68% rural) e é 7 puntos porcentuais superior ao valor medio municipal (83%).

AMEAZAS

A.1 – Baixa taxa de accesibilidade media aos centros de ensino obrigatorio. Apesar de rexistrarse unha certa melloría na accesibilidade media da poboación urbana a centros de ensino obrigatorio no período de análise xa que, en 2003, situábase no 55% contra o 60% rexistrado en 2009, este dato final aínda está abaixo da media municipal (63%) e é moi inferior ao dato rexistrado na zona semiurbana (71%).

A.2 – Baixa taxa de accesibilidade media a entidades bancarias. Apesar de que en 2009 a taxa se situaba nun 86%, superior ao valor medio municipal (76%), a tendencia no período mostra un claro descenso neste parámetro. Cuantitativamente, en 2003 esta taxa ascendía ao 90% na zona urbana, 4 puntos porcentuais máis que en 2009. No entanto, é conveniente destacar que este 86% é superior aos datos rexistrados no resto de zonas analizadas (70% semiurbana e 55% rural).

6.3.4. DAFO: Contaminación sonora

A seguir preséntase a análise interna e externa resultado dun estudo pormenorizado do ámbito Contaminación sonora, en función dos resultados obtidos con base nos criterios establecidos (ver Anexo 18).

NOTA: non se fai referencia á contaminación sonora debido ao lecer nocturno e á recolla de residuos porque este aspecto xa foi avaliado no DAFO xenérico do municipio de Vigo, pois os estudos dispoñíbeis e nos que se baseou toda a análise só inclúen referencias á zona urbana. Por iso, as conclusións obtidas no DAFO xenérico son exactamente as mesmas que para a zona urbana e, xa que logo, non foron incluídas neste apartado.

6.3.4.1. ANALISE INTERNA

FORTALEZAS

Non se detectan fortalezas.

DEBILIDADES

D.1 – Elevada porcentaxe de poboación exposta a valores superiores a 65dBA durante o período día (Ld).

O 64% da poboación residente na zona urbana está exposta a niveis sonoros contaminantes superiores a 65dBA durante as horas principais do día de 7 a 19 horas.

D.2 – Elevada porcentaxe de poboación exposta a valores superiores a 65dBA durante o período tarde (Le).

O 41% da poboación residente na zona urbana está exposta a niveis sonoros contaminantes superiores a 65dBA entre as 19 e 23 horas.

D.3 – Elevada porcentaxe de poboación exposta a valores superiores a 60dBA durante o período noite (Ln).

O 57% da poboación residente na zona urbana está exposta a niveis sonoros contaminantes superiores a 60dBA durante o período nocturno (23 a 7 horas).

D.4 – Elevada porcentaxe de poboación exposta a valores superiores a 65dBA por termo medio diario (Lden).

O 76% da poboación residente na zona urbana está exposta a niveis sonoros contaminantes superiores a 65dBA como termo medio (día-tarde-noite).

6.3.4.2. ANÁLISE EXTERNA

OPORTUNIDADES

Non se detectan oportunidades neste ámbito de estudo.

AMEAZAS

Non se detectan ameazas neste ámbito de estudo.

6.3.5. DAFO: Consumo e produción sustentábel

A seguir preséntase a análise interna e externa resultado dun estudo pormenorizado do ámbito Consumo e produción sustentábel, en función dos resultados obtidos con base nos criterios establecidos (ver Anexo 19).

NOTA: non se inclúe a xestión sustentábel das administracións públicas e das empresas privadas na análise por zonas por dous motivos principais. En primeiro lugar, por non dispormos de datos e, segundo, porque tamén non é considerado relevante para esta parte do informe.

6.3.5.1. ANALISE INTERNA

FORTALEZAS

F.1 – Alto grao de conscienciación da cidadanía urbana no tocante a un uso responsábel dos recursos.

Detéctase un alto grao de conscienciación da cidadanía en relación co uso responsábel dos recursos. En 2012, un 72% dos residentes nesta zona manifestaron sentirse moi ou bastante conscienciados, o que representa un incremento do 150% a respecto do dato rexistrado en 2007. Esta porcentaxe é, alén diso, superior ao valor rexistrado no resto de zonas analizadas (64% rural e 57% semiurbana) e superior ao valor medio municipal (66%).

F.2 – Alta frecuencia de actuacións responsábeis no tocante ao consumo de enerxía: peche de radiadores, carga completa de máquina de lavar/lavalouza, control de consumos e facturación enerxética, uso de lámpadas de baixo consumo e lavar a roupa en auga fría. Relativamente á primeira práctica responsábel, o peche de radiadores innecesarios, rexístrase unha tendencia positiva no período de análise 2007-12. Concretamente, un 74% da poboación residente na zona urbana recoñecía realizar esta práctica en 2012, o que representa un 28% máis que no ano 2007 (58%). No entanto, é necesario precisar que esta porcentaxe é inferior á media municipal rexistrada (80%) e ao dato máximo obtido por zonas que corresponde á semiurbana (89%).

O 81% dos residentes da zona urbana manifestaron pór o lavalouza ou a máquina de lavar en marcha cando a máquina alcanza a plena carga. Esta porcentaxe é un 5,2% superior ao rexistrado en 2007 (77%), o cal pon de manifesto unha clara tendencia positiva nos últimos

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

anos. De igual modo, hai que destacar que este dato do 81% é inferior ao valor medio municipal, que se sitúa no 85%.

En relación ao control de consumo e facturación enerxética, a tendencia no período de análise é claramente positiva, pasando do 58% en 2007 ao 79% en 2012, un 36,2% máis e levemente superior ao valor medio municipal (76%).

O uso de luces de baixo consumo presenta tamén un incremento significativo no período. En 2007 apenas un 31% de veciños recoñecía a presenza deste tipo de luminarias nos seus fogares fronte ao 70% rexistrado no ano 2012. O dato mantense en niveis similares ao valor medio municipal (71%).

Finalmente, a lavaxe de roupa con auga fría é unha práctica habitual no 70% dos lares da zona urbana e supón un incremento do 9% a respecto do ano 2007 (64%). Esta porcentaxe é levemente inferior ao valor medio municipal que se sitúa nun 75%.

F.3 – Alta frecuencia de actuacións responsábeis no tocante ao consumo de auga: ducharse en vez de bañarse, pechar a billa mentres se escoban os dentes e control periódico do consumo.

No período de estudo detéctase un incremento significativo na práctica de ducharse en vez de bañarse dos residentes da zona urbana. Cuantitativamente, o 91% da cidadanía urbana recoñecía en 2012 que era máis frecuente darse unha ducha en lugar dun baño, un 34% superior ao dato rexistrado en 2007 (68%). Esta porcentaxe está en liña co valor medio municipal (92%) e co resto de zonas analizadas (93% semiurbana e 91% rural).

Outra actuación responsábel que presenta unha alta frecuencia é o peche da billa da auga mentres se escoban os dentes. En 2012, un 91% manifestou realizar esta práctica sempre ou case sempre e promover o seu uso na familia contra o 67% que o facía en 2007. Esta porcentaxe, alén diso, segue a liña do valor medio municipal (92%) e é levemente superior ao resto de zonas analizadas (89% rural e 87% semiurbana).

Finalmente, até un 68% dos residentes admitía, en 2012, realizar un control periódico do seu consumo de auga. Esta porcentaxe supuxo un incremento significativo a respecto do ano 2007 onde apenas un 38% recoñecía ese control e está próximo do valor medio municipal (69%). En comparación co resto de zonas, o dato é levemente superior ao rexistrado na zona semiurbana (65%) mais inferior ao 77% rexistrado na rural.

F.4 – Alta frecuencia de actuacións responsábeis no tocante á xeración de residuos: reutilización de bolsas de plástico e separación de residuos en orixe.

En 2012, un 96% dos residentes na zona urbana admitía reutilizar as bolsas de plástico como bolsas de lixo propias e un 86% afirmaba separar os residuos xerados en orixe. Estas porcentaxes supoñen un incremento do 4% e do 64%, respectivamente, a respecto dos datos de 2007. A porcentaxe coincide co valor medio municipal obtido en ambos casos e é similar ao valor obtido no resto de zonas analizadas.

F.5 – Alto grao de conscienciación da cidadanía residente na zona urbana sobre a verdadeira necesidade dos produtos que compra.

En 2012, o 79% dos habitantes da zona urbana mostraron ser conscientes da verdadeira necesidade dos produtos adquiridos. Esta porcentaxe supón un incremento do 23% a respecto de 2007 (63%) e é levemente superior ao valor medio municipal (78%) e á semiurbana (74%), mais inferior ao 82% de nivel de conciencia obtido na zona rural.

DEBILIDADES

D.1 – Baixa frecuencia de actuacións responsábeis no tocante ao consumo de enerxía: consideración da etiqueta ecolóxica na compra de electrodomésticos, uso do transporte público en desprazamentos laborais e compartillar vehículo privado en desprazamentos ao traballo.

En 2012, o 49% da cidadanía residente na zona urbana mostrou ter en consideración o etiquetado ecolóxico dos electrodomésticos que adquire. Isto supón un descenso durante todo o período do 11%. Contodo, cabe referir que esta porcentaxe é superior ao valor medio municipal (44%).

Prodúcese un descenso do 18,8% no uso do transporte público para desprazamentos ao traballo, pasando dun 32% en 2007 ao 26% en 2012. Esta última porcentaxe é, alén diso, significativamente inferior ao valor medio municipal (39%) en 13 puntos porcentuais.

Finalmente, a frecuencia de actuación menos estendida na zona urbana en relación ao consumo de enerxía é a de partillar vehículo privado para ir ao traballo. En 2012 a porcentaxe non superaba o 20%, o que supuña unha baixada do 10% a respecto de 2007 (22%), aínda que é levemente superior ao valor medio municipal (18%).

D.2 – Baixa frecuencia de actuacións responsábeis no tocante ao consumo de auga: non xogar residuos tóxicos polos sumidoiros, regar as plantas en horas de sol baixas e realizar unha revisión e manutención periódica da instalación.

En 2012, un 42% dos residentes na zona urbana recoñecía xogar produtos tóxicos polos sumidoiro da súa vivenda. Esta porcentaxe mantense alta e non se rexistra diminución a respecto de 2007, mais está abaixo do valor medio municipal (44%). A respecto do resto de zonas, o valor obtido é similar ao da zona semiurbana (41%) e inferior ao dato rexistrado na rural (55%).

A práctica de regar as plantas en horas baixas de sol segue unha tendencia negativa no período de análise 2007-12. Con efecto, un 63% dos residentes desta zona manifestaban realizar esta práctica en 2007, descendendo até o 50% en 2012. Esta porcentaxe é inferior ao valor medio municipal (65%).

Finalmente, relativamente á práctica de revisión e manutención periódica da instalación de auga obsérvase que esta experimenta un incremento importante no período de estudo, pasando dun 21% en 2007 a un 37% en 2012, mais esta porcentaxe séguese conside-

rando baixa do punto de vista da sustentabilidade local. Comparativamente, está en liña coa media municipal (38%) mais é superior á zona semiurbana (30%) e inferior á rural (51%).

D.3 – Baixa frecuencia de actuacións responsábeis no tocante á xeración de residuos: utilización de pilas recargábeis, uso do sistema de recollida selectiva para residuos volumosos (punto limpo), impresión a dupla cara, evitar a compra de aerosois e de produtos que funcionen con pilas, entrega de aceites a empresas especializadas e compra de produtos pouco embalados.

Metade da cidadanía viguesa recoñecía, en 2012, utilizar pilas recargábeis, valor levemente superior á porcentaxe media municipal (49%) mais do punto de vista da sustentabilidade apesar de presentar un incremento notable respecto ao ano 2007(31%).O uso do sistema de recolla selectiva de residuos volumosos experimenta un descenso notábel durante o período analizado. Concretamente, a frecuencia de actuación alcanzaba o 46% en 2012, contra o 63% do ano 2007. Alén de mais, é un valor inferior á media municipal (47%) e ao rexistrado na zona rural (51%) mais superior ao da semiurbana (44%).

Algo parecido sucede coa impresión a dobre cara, xa que rexistra un descenso significativo entre 2007 e 2012. En 2012, a porcentaxe de frecuencia de actuación desta conduta responsábel descendía até o 49%, 13 puntos porcentuais menos que en 2007 (63%) e inferior ao valor medio municipal (54%).

Tan só un 31% e un 22% dos residentes na zona urbana manifestaban, en 2012, evitar a compra de produtos que funcionen a pilas e a compra de aerosois, respectivamente. Estes datos representan un descenso de boas prácticas do 3% na primeira conduta e do 51% na segunda respecto de os datos obtidos para ambas en 2007.

Rexístrase unha tendencia positiva a respecto da entrega de aceites domésticos usados a empresas especializadas no residuo durante o período 2007-12. Concretamente, a porcentaxe ascendía até o 24% en 2012, un 200% máis que no ano 2007 (10%). Mesmo así, o valor final obtido aínda se considera baixo do punto de vista da sustentabilidade local. Finalmente, a tendencia de comprar produtos pouco embalados decrece levemente no período. En 2012 a porcentaxe ascendía ao 14%, un 50% menos que en 2007 e similar ao valor medio municipal (15%).

D.4 – Baixa frecuencia de compra de produtos da época.

En 2012, apenas o 59% dos residentes na zona urbana recoñecía comprar produtos alimenticios da época, valor baixo do punto de vista da sustentabilidade local. Esta porcentaxe final diminúe un 11% a respecto do ano 2007 (66%) e é inferior ao valor medio municipal (67%) e ao do resto de zonas analizadas (79% rural e 69% semiurbana).

D.5 – Baixa frecuencia de actuacións no tocante ao consumo responsábel: utilización de produtos reciclados, consumo de produtos con etiquetado ecolóxico, compra de produ-

tos agrícolas e gandeiros ecolóxicos, uso da simboloxía química dos produtos de limpeza no proceso de compra e compra de produtos con certificado de comercio xusto.

En 2012, somente un 30% dos residentes da zona urbana recoñecía actuacións positivas a respecto do consumo responsábel, un valor similar ao rexistrado en 2007 (31%) e ao valor medio municipal (29%). No tocante ao resto de zonas, o dato é superior ao 24% da zona semiurbana pero inferior ao 32% da rural.

O consumo de produtos con etiquetado ecolóxico segue unha tendencia positiva no período de análise, mais mantense en valores finais baixos do punto de vista da sustentabilidade. Cuantitativamente, o 24% da poboación residente na zona urbana consumía este tipo de produtos en 2012, un 50% máis que no ano 2007 (16%) e similar ao valor medio municipal (24%), mais levemente inferior ao do resto de zonas analizadas (27% rural e 25% semiurbana).

En 2012, só un 16% dos residentes na zona urbana compraron frecuentemente produtos agrícolas e gandeiros ecolóxicos. O dato descendeu 1 punto porcentual a respecto de 2007 (17%) e é inferior ao valor medio municipal (19%) e ao resto de zonas analizadas (22% semiurbana e 21% rural).

Rexístrase unha tendencia negativa na atención á simboloxía tóxica na hora de adquirir os produtos de limpeza. En 2012, esta porcentaxe era de apenas un 22%, o cal supón un descenso do 49% a respecto do 42% rexistrado en 2007. Este valor é levemente superior ao valor medio municipal (19%) e ao resto de zonas analizadas (19% semiurbana e 17% rural).

Finalmente, un 14% dos residentes da zona urbana recoñeceron comprar frecuentemente produtos certificados coa marca de comercio xusto en 2012, practicamente o mesmo porcentaxe que o do ano 2007 (15%). Comparativamente, é 2 puntos porcentuais superior ao valor medio municipal (12%) e superior tamén ao resto de zonas analizadas.

6.3.5.2. ANÁLISE EXTERNA

OPORTUNIDADES

Non se detectan oportunidades neste ámbito de estudo.

AMEAZAS

Non se detectan ameazas neste ámbito de estudo.

6.4. Zona Semiurbana.

Nos seguintes apartados preséntase o diagnóstico de sustentabilidade da zona semiurbana estruturado segundo os ámbitos temáticos estudados e xa coñecidos. Para cada un deles realízase unha análise DAFO tomando como punto de partida referencial os criterios recollidos nos cadros resumo que poden verse nos anexos 20-24 e que foron debidamente definidos e cuantificados con este fin.

6.4.1. DAFO: Calidade de Vida

A seguir preséntase a análise interna e externa resultado dun estudo pormenorizado do ámbito Calidade de Vida, en función dos resultados obtidos con base nos criterios establecidos (ver Anexo 20).

6.4.1.1. ANALISE INTERNA

FORTALEZAS

F.1 – Valoración altamente positiva da zona semiurbana coa calidade de vida de Vigo, en relación a vivir e traballar na cidade.

O nivel de satisfacción da cidadanía residente na zona semiurbana coa calidade de vida do municipio segue unha tendencia positiva en todo o período de análise 2003-11 aínda que menos acusada que a evolución rexistrada na urbana, situándose en valores levemente superiores ao 86% en 2011, o que supón un incremento do 7,2% en 8 anos, aínda que 2,4 puntos porcentuais menos que a media municipal (88,8%).

F.2 – Valoración altamente positiva da seguranza existente no municipio.

A práctica totalidade dos residentes na zona semiurbana móstranse satisfeitos coa seguranza existente no municipio (98,5%) e na zona na que viven (99,7%). Estes datos son superiores aos valores medios municipais rexistrados do 95,6% e 98,5%, respectivamente.

O parámetro analizado sobre seguranza no municipio mostra unha tendencia á alta significativa durante o período. En 2003, apenas un 47% dos residentes da zona semiurbana estaban satisfeitos coa seguranza existente na cidade de Vigo, un 110% inferior ao dato do ano 2011.

A respecto da seguranza na zona de residencia, a tendencia tamén é positiva. Entre 2011 e 2013 a cidadanía da zona semiurbana aumentou nun 17,3% o seu grao de satisfacción, valor que supón o incremento máis alto rexistrado nas tres zonas de estudo.

F.3 – Valoración altamente positiva da sensación de seguranza do municipio.

A sensación de seguranza na zona semiurbana presenta un grao de satisfacción alto. En 2013, o 85% dos residentes desta zona manifestaron sentirse moi ou bastante seguros no municipio de Vigo, 5 puntos porcentuais superior á media municipal (80%).

F.4 – Valoración positiva dos servizos de hostalaría, restauración e equipamento deportivo.

Na zona semiurbana, en 2011, rexístrase un alto grao de satisfacción en relación ao sector HORECA existente no municipio (81%), porcentaxe elevada a pesar de ser inferior ao valor medio municipal (86,8%). En relación ao equipamento deportivo, o grao de satisfacción rexistrado é o máis baixo de todas as zonas analizadas e tamén é inferior á media municipal (66%) mais, apesar disto, unha satisfacción do 62,5% pode considerarse elevada do punto de vista da sustentabilidade local.

F.5 – Valoración positiva da integración do municipio nas novas tecnoloxías, en xeral, e na accesibilidade a Internet en locais públicos.

Un 74% dos residentes na zona semiurbana mostrábase satisfeitos coa integración de Vigo nas novas tecnoloxías en 2011. Este valor é levemente superior á media municipal (72%) e presenta, xunto coa zona rural, o maior grao de satisfacción das tres zonas analizadas. No tocante á accesibilidade a Internet, un 48,9% da cidadanía da zona semiurbana mostrábase satisfeita no ámbito público, en liña coa media municipal (49,6%), porcentaxe que non presenta diferenzas significativas a respecto dos valores obtidos na análise do resto de zonas (51,7% rural e 48% urbana).

F.6 – Valoración positiva da limpeza da cidade.

No período de análise 2003-11 rexístrase unha tendencia positiva no grao de satisfacción dos residentes da zona semiurbana coa limpeza da cidade. En concreto, un 72% manifestaba sentirse satisfeito en 2011, porcentaxe que supón un incremento significativo do 36,8% a respecto do ano 2003 (52,7%). Esta porcentaxe non presenta diferenzas significativas coa zona rural e é 3 puntos porcentuais superior á media municipal (69%).

F.7 – Valoración positiva da integración dos estranxeiros no municipio.

O grao de satisfacción dos habitantes da zona semiurbana coa integración dos estranxeiros no municipio alcanzaba un 66,6% en 2011, en liña co dato rexistrado na zona rural (66%) e superior á media municipal (62%).

F.8 – Valoración positiva da cidade para desenvolver tecido empresarial.

A zona semiurbana é a que presenta o maior índice de satisfacción a respecto da capacidade da cidade para desenvolverse empresarialmente. Con efecto, máis de 78% dos residentes móstranse satisfeitos, acima do nivel de satisfacción nas demais zonas (75% rural e 66% urbana) e case 9 puntos porcentuais máis que o valor medio municipal (68%).

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

F.9 – Valoración positiva da capacidade de atracción turística da cidade.

En 2011, o 83% dos residentes da zona semiurbana mostráronse satisfeitos coa capacidade e a calidade de atracción turística da cidade. Este dato concorda co valor medio municipal (83%) e co índice de satisfacción da zona urbana, aínda que é levemente inferior ao da rural (85%).

F.10 – Valoración positiva do tránsito existente na cidade.

No período de análise 2003-11 rexístrase un significativo aumento no nivel de satisfacción da cidadanía da zona semiurbana co tránsito existente na cidade. En 2003 a taxa mal alcanzaba un 9% entre a poboación desta zona, pasando ao 55% en 2011, o que supuxo un incremento de máis do 500% en 8 anos. Esta porcentaxe sitúase 25 puntos porcentuais acima do valor medio municipal e é moi superior aos rexistros do resto de zonas analizadas (29% rural e 12% urbana).

F.11 – Valoración positiva da rede pública de transporte urbano.

No período de análise 2003-11 rexístrase un incremento significativo do nivel de satisfacción dos residentes na zona semiurbana co transporte público da cidade. Cuantitativamente, o índice de satisfacción era do 45% en 2003, un 33,5% inferior ao obtido no ano 2011 (68%) que se aproximaba ao valor medio municipal (70%). Comparativamente co resto de zonas, a semiurbana ocupa o último lugar relativamente á satisfacción xa que as porcentaxes obtidas no resto de zonas están por encima do seu valor (69% urbana e 78% rural).

DEBILIDADES

D.1 – Valoración relativamente baixa da calidade do espazo construído.

A pesar de a satisfacción dos residentes na zona semiurbana coa calidade do espazo construído ser do 63,5%, este dato é significativamente inferior ao valor das outras zonas analizadas (76% urbana e 74% rural) e máis baixo, xa que logo, que o valor medio municipal que supera o 70%. Por iso considérase que nesta zona o potencial de mellora pode ser significativo, de tal forma que chegue a equipararse o nivel nas outras dúas superando, polo menos, un 70% de satisfacción.

D.2 – Valoración negativa dos servizos de benestar e asistencia social.

No ano 2011, un 48% os residentes da zona semiurbana mostrábanse satisfeitos cos servizos de benestar e asistencia social de responsabilidade municipal. Este dato está en liña coa media municipal e é, sen diferenzas significativas, similar ao grao de satisfacción rexistrado no resto de zonas analizadas.

D.3 – Valoración negativa das instalacións culturais existentes e da oferta de lecer do municipio.

En 2011, esta zona rexistra un descenso notábel no nivel de satisfacción dos seus residentes coas instalacións culturais e a oferta de lecer existente no municipio. Entre 2003 e 2011 o descenso rexistrado alcanzou un 9,8%, pasando dun 50% de satisfacción en 2003 a pouco máis do 45% en 2011. Esta porcentaxe é o peor dato de satisfacción obtido nas tres zonas de estudo e representa, aproximadamente, 11 puntos porcentuais menos que a media municipal (56%).

D.4 – Valoración negativa da oferta cultural existente no municipio.

Na zona semiurbana, a porcentaxe de residentes satisfeitos coa oferta cultural existente no municipio situábase en valores relativamente baixos. Apenas un 54,5% da cidadanía mostrábase satisfeita a este respecto en 2011, un 14,8% menos que a media municipal (64%) e en liña co valor obtido na zona rural (55%), mais 13 puntos porcentuais inferior ao dato rexistrado para a zona urbana (67,4%).

D.5 – Valoración negativa da accesibilidade a Internet no ámbito privado.

Nesta zona, no ano 2011, rexístrase un baixo grao de satisfacción coa accesibilidade a internet no ámbito privado. Este índice apenas alcanza o 59% de residentes satisfeitos, un 10,6% inferior á media municipal (66%) e 13 puntos porcentuais abaixo do valor obtido na urbana (72%) e 7 puntos abaixo da rural (66%).

D.6 – Valoración negativa da contaminación sonora e atmosférica e dun mal uso dos recursos do municipio.

Detéctase un baixo grao de satisfacción da cidadanía residente na zona semiurbana coa contaminación sonora e atmosférica da cidade. En concreto, tan só o 31% da cidadanía mostrábase satisfeita co nivel sonoro existente no municipio en 2011, aínda que na verdade este valor é o máis alto das zonas avaliadas (24% urbana e 17% rural) e está 6 puntos porcentuais por encima da media municipal (25%).

Relativamente á contaminación atmosférica, en 2011, a zona semiurbana presentaba un nivel de satisfacción que, en porcentaxe, supón un 32% da súa poboación. Este valor sitúa a esta zona en segundo lugar, levemente por baixo da media municipal (35%) e 9 puntos porcentuais menos que o valor máis alto da zona urbana (41%).

Finalmente, o índice de satisfacción desta zona co uso responsábel dos recursos mal alcanzaba un 31% en 2011, o nivel máis baixo rexistrado nas tres zonas de estudo (41% urbana e 38% rural) e 5 puntos porcentuais inferior á media municipal (36%).

D.7 – Baixo nivel de integración da poboación con deficiencias no municipio.

En xeral, nas tres zonas analizadas neste estudo, a cidadanía percebe un baixo grao de integración social deste colectivo. En concreto, en 2011, na zona semiurbana un 62% dos seus residentes manifestaba que as persoas con deficiencia aínda non teñen as mesmas posibilidades de vida que o resto. Esta porcentaxe de insatisfacción é a máis alta obtida

nas zonas analizadas (62% semiurbana e 64% rural) e 2 puntos porcentuais superior á media municipal.

Alén disto, até un 74% dos residentes nesta zona recoñecía que aínda existen grandes preconcebidos sobre este colectivo, superior ao valor medio municipal e ao nivel da zona urbana (61%) aínda que se mantén levemente abaixo do valor obtido entre a cidadanía da zona rural (78%).

D.8 – Valoración negativa da participación da cidadanía nas políticas locais e na atención recibida por parte dos servizos administrativos municipais.

Apesar de rexistrarse un incremento significativo no nivel de satisfacción da cidadanía no período de estudo 2003-11 do 240% no apartado da participación dos habitantes do municipio nas políticas locais, a porcentaxe final de satisfacción nesta zona apenas alcanzaba o 44% en 2011. Este dato é inferior á media municipal (48%) e máis baixo tamén que no resto de zonas analizadas (50% urbana e 54% rural).

No tocante á atención recibida polas administracións locais, en 2011, apenas un 44% dos residentes na zona semiurbana mostráronse satisfeitos cos servizos administrativos ofrecidos polo concello. Esta porcentaxe, aínda sendo a máis alta de todas as zonas avaliadas, a efectos de sustentabilidade local considérase un punto fraco que merece máis atención. Comparativamente, este valor é 3 puntos porcentuais máis alto que a media municipal (41%) e superior tamén ao grao de satisfacción das outras zonas de estudo (41% urbana e 37% rural).

6.4.1.2. ANÁLISE EXTERNA

OPORTUNIDADES

O.1 – Coñecemento e valoración positiva da Lei de dependencia

En 2011, o 66% dos residentes da zona semiurbana, en liña coa media municipal (70%), mostráronse coñecedores da actual Lei de dependencia existente no Estado español e un 68% mostraba unha apreciación positiva da mesma, superior ao valor medio municipal (62%).

O.2 – Proporción elevada de persoas que din chegar con recursos a fin de mes.

En 2011, un 60% dos residentes na zona semiurbana mostrábanse satisfeitos coa súa situación económica e en relación coa facilidade para chegar con recursos a fin de mes. Este valor é, aproximadamente, 7 puntos porcentuais superior á media municipal (53%) e está moi por encima dos valores obtidos no resto de zonas analizadas (53% urbana e 47% rural).

O.3 – Bon posicionamento do porto de Vigo.

Prodúcese un incremento significativo no nivel de satisfacción da cidadanía residente na zona semiurbana no período de análise 2003-11 con respecto ao posicionamiento do porto de Vigo. Concretamente, este nivel de satisfacción ascendía ao 78% en 2011, porcentaxe similar ao valor medio municipal (78%) e un 18,8% máis que o dato obtido en 2003. Comparativamente co resto de zonas, a satisfacción obtida é levemente superior á obtida na zona urbana (76%) mais inferior á da zona rural que rexistraba o valor máximo do parámetro cun 85%.

0.4 – Boa calidade do comercio existente.

En 2011, o 80% dos residentes da zona semiurbana mostráronse satisfeitos coa calidade do comercio existente no municipio. Este valor pode considerarse elevado do punto de vista da sustentabilidade local, apesar de ser inferior ao valor rexistrado no resto de zonas analizadas (90% urbana e 85% rural). No entanto, é conveniente prestarlle atención á evolución deste parámetro xa que está 6 puntos porcentuais abaixo da media municipal (86%).

0.5 – Valoración positiva da rede de transporte público existente entre Vigo e a súa contorna.

En 2011, a porcentaxe de residentes da zona semiurbana satisfeitos coa rede de transporte público existente entre Vigo e a súa contorna alcanzaba un 62,5%, superior á media municipal (58%) e ao resto de zonas analizadas (54% urbana e 59,4% rural).

0.6 – Valoración positiva da rede educativa existente.

Produciuse un significativo incremento no grao de satisfacción da cidadanía residente na zona semiurbana coa rede educativa existente no período de análise. Entre 2003 e 2011 este incremento supera o 31,8%, pasando dun 59,5% de satisfacción en 2003 a un 78% en 2011. Este dato pode considerarse similar ao valor medio municipal (79%) mais é superior ao rexistrado na rural (72%) e inferior ao da urbana que presenta o maior grao de satisfacción rexistrado nas tres zonas (82%).

AMEAZAS

A.1 – Baixa taxa de denuncia dos delitos perpetrados na zona semiurbana.

Nesta zona apenas tres en cada dez vítimas dalgún delito (29%) recorren á xustiza para denunciar os feitos sufridos. Esta porcentaxe é inferior ao valor medio municipal (33%) e é a menor das tres zonas de estudo.

A.2 – Valoración negativa da accesibilidade a unha vivenda a un prezo razoábel no municipio e da calidade da mesma.

Na zona semiurbana rexístrase un descenso do 5,2% neste parámetro durante o período.

do de estudo 2003-11. En concreto, a satisfacción alcanzaba un 27,1% en 2003 contra o 25,7% en 2011. A pesar de ser un valor levemente superior á media municipal (24,5%), unha valoración negativa neste parámetro con niveis porcentuais tan baixos evidencia unha clara ameaza no avance da sustentabilidade local.

A respecto da calidade da vivenda construída, tan só un 41% da cidadanía da zona semiurbana móstrase satisfeita en 2011, índice de satisfacción significativamente inferior á media municipal (56,3%) e moi por baixo da obtida nas outras zonas (67% urbana e 61% rural).

A.3 – Valoración negativa das oportunidades de arranxar traballo.

Durante o período de estudo 2003-2011 prodúcese unha tendencia claramente negativa respecto de a facilidade de encontrar un emprego. En 2011, apenas un 15% dos residentes da zona semiurbana estaban satisfeitos, un 39,5% menos que en 2003 (25,3%). Esta porcentaxe sitúa á zona semiurbana como a de menor grao de satisfacción, con case 18 puntos porcentuais abaixo do nivel de satisfacción da zona urbana (32,9%), 4 puntos abaixo do da rural (19%) e, xa que logo, inferior á media municipal (24,6%).

A.4 – Valoración negativa da calidade e nivel de retribución dos postos de traballo.

En 2011, o 24% da cidadanía residente na zona semiurbana móstrase satisfeita coa calidade e o nivel de retribución dos postos de traballo, porcentaxe baixa no avance cara a sustentabilidade local. Este valor mantense, sen diferenzas significativas, nas tres zonas.

A.5 – Valoración negativa das axudas que os gobernos estatal e rexionais prestan actualmente ao municipio.

En 2011, tan só un 25% dos habitantes da zona semiurbana mostráronse satisfeitos coas axudas públicas que chegan ao municipio desde as diferentes institucións, tais como Deputación Provincial, Xunta de Galicia ou Estado español. Este valor concorda coa media municipal, sen existir diferenzas significativas a respecto dos datos obtidos nas outras dúas zonas de estudo.

A.6 – Valoración negativa da calidade da rede de asistencia social e da asistencia sanitaria e hospitalar existente no municipio.

Rexístrase un descenso significativo no nivel de satisfacción dos residentes da zona semiurbana coa calidade da rede de asistencia social e da asistencia sanitaria e hospitalar existente no municipio durante o período de análise 2003-11. En concreto, a porcentaxe de satisfacción apenas superaba o 52% en 2011, un 25,4% inferior á do ano 2003 (70%).

A.7 – Valoración negativa do sistema público de pensións.

O sistema público de pensións é un dos parámetros analizados que mostra un maior grao de insatisfacción cidadá. En 2011, apenas un 25% dos residentes na zona semiurbana

estaba satisfeito, o que supón un valor baixo do punto de vista da sustentabilidade social e local. Este índice de satisfacción sitúase abaixo da zona urbana (28%) mais é levemente superior ao da rural (21%).

A.8 – Valoración negativa das axudas públicas destinadas a persoas con deficiencia. En 2011, o 69% dos residentes na zona semiurbana consideraban insuficientes e/ou ineficaces as axudas públicas prestadas ás persoas con deficiencia do municipio. Esta é unha porcentaxe moi negativa do punto de vista da sustentabilidade social aínda que en liña coa media municipal (70%).

A.9 – Aumento da percepción da pobreza. En xeral, un 91% da cidadanía achaba, en 2011, que a pobreza aumentara significativamente nos últimos anos no municipio. Concretamente, esta porcentaxe entre os residentes da zona semiurbana alcanzaba o 94%, 3 puntos porcentuais superior á media municipal e en liña coa rexistrada na zona rural (95%). Da análise completa, destácase que é nestas dúas zonas onde se percebe unha maior preocupación por este aspecto, acima da urbana onde a porcentaxe desce até o 88%. Apesar disto, en todas elas os datos obtidos son bastante elevados e, portanto, son unha ameaza do punto de vista da sustentabilidade económica e social do municipio de Vigo e das distintas zonas, en particular.

A.10– Instabilidade do mercado de traballo. Os residentes na zona semiurbana son os que presentan unha menor confianza a respecto das posibilidades de conservar o seu emprego actual. Apenas un 39% mostrou certa seguranza, dato relativamente inferior ao obtido na zona rural (46%) e a gran distancia do rexistrado para a urbana (73%). Comparativamente, esta instabilidade representa case 20 puntos porcentuais menos que a media municipal (58%).

A.11– Instabilidade económica para encarar certas despesas comúns ou cotiás: imprevistos de 500€, devolucións de empréstitos, pagamento de facturas, do aluguer e despesas relacionadas coa compra de produtos básicos.

Os datos derivados da análise previa evidencian que a zona semiurbana é a que presenta unha maior dificultade económica para encarar determinados pagos ou gastos de carácter común. Concretamente, até un 72% dos seus residentes non poderían encarar un gasto imprevisto de 500€, valor moi por encima da media municipal (55%) e do resto de zonas analizadas (44% urbana e 53% rural). Nesta liña mantense tamén a dificultade de pagar préstamos persoais. A metade dos residentes nesta zona di ter problemas para encarar estas devolucións, un 44,5% superior á media municipal (34,6%) e máis que as porcentaxes obtidas nas outras zonas (25,5% urbana e 28,5% rural). De resto, un 24,4% manifestou ter problemas para poder pagar as súas facturas, 6 puntos porcentuais acima do valor medio municipal (18%) e superior aos datos rexistrados na zonas rural e

urbana (14% en ambas).

A respecto do gasto alimentar e de compra de produtos básicos, até unha quinta parte dos seus habitantes (20,4%) recoñece ter dificultades, porcentaxe superior á media municipal (14%) e moi por encima da zona urbana e rural (aproximadamente un 10% en ambos casos).

Finalmente, un 17% dos residentes na zona semiurbana presenta dificultades para pagar o aluguer da súa vivenda. Este dato concorda co valor obtido na zona urbana (17%) e é levemente superior á media municipal (16%). A este respecto, son os habitantes da zona rural, con apenas un 12,5%, os que presentan unha menor dificultade de pago.

A.12 – Valoración negativa das axudas públicas en materia de pobreza e exclusión social. En 2011, tan só un 23% dos habitantes da zona semiurbana estaba satisfeitos coas axudas públicas existentes en materia de pobreza e exclusión social. Esta porcentaxe é baixa desde unha perspectiva sustentábel e comparativamente é inferior á rexistrada na zona urbana (25%) e superior á da rural (14%), aínda que concorde coa media municipal (23%).

A.13 – Valoración negativa da normalización da lingua galega.

En 2011, a avaliación da normalización do galego manifesta unha satisfacción baixa, inferior ao 40%, porcentaxe baixa do punto de vista da sustentabilidade.

6.4.2. DAFO: Mobilidade Local

A seguir preséntase a análise interna e externa resultado dun estudo pormenorizado do ámbito Mobilidade Local, en función dos resultados obtidos con base nos criterios establecidos (ver Anexo 21).

NOTA: non se inclúe o estudo relacionado co tema estacionamentos, por inexistencia de datos e informes.

6.4.2.1. ANALISE INTERNA

FORTALEZAS

F.1 – Incremento do uso do transporte público en desprazamentos ao traballo.

Entre 2003 e 2009 prodúcese un incremento significativo no uso do transporte público nos desprazamentos ao traballo na zona semiurbana. En 2003, o 13% das viaxes ao traballo realizáronse utilizando este medio de transporte, porcentaxe que se incrementou até o 29% no ano 2009.

F.2 – Descenso da distancia media percorrida en viaxes ao centro de ensino.

En 2003 a distancia media por desprazamento escolar ascendía a 8,7km contra os 8,25km en 2009. Estes datos reflicten un descenso do 5,5 % no período de análise.

F.3 – Diminución do tempo medio requirido por desprazamento ao centro de ensino. Detéctase un descenso do 18% no tempo medio necesario por viaxe ao centro de ensino desde a zona semiurbana, pasando de 27,2min en 2003 a 22,8min en 2009.

F.4. – Aumento do uso de medios non motorizados para desprazamentos ao centro de ensino.

Prodúcese un incremento significativo no uso de medios de transporte non motorizados en desprazamentos escolares. En 2009, un 23% dos desprazamentos ao centro de ensino desde a zona semiurbana realizáronse utilizando este tipo de medio, aproximadamente, un 96,2% máis a respecto de 2003 (12%). Isto débese fundamentalmente á redución nas distancias medias existentes entre a vivenda e o centro de ensino e a un menor uso do transporte público neste tipo de desprazamentos.

F.5 – Aumento do uso do transporte público para desprazamentos de lecer semanal.

En 2009, un 20% dos desprazamentos de lecer semanal realizáronse en medios de transporte público, porcentaxe que supón un incremento do 91% a respecto do ano 2003 (10,5%).

F.6 – Aumento do uso do transporte público para desprazamentos de lecer de fin de semana.

No período de análise 2003-09 prodúcese un leve incremento, do 11,4%, no uso de medios de transporte públicos para desprazamentos de lecer de fin de semana, alcanzándose en 2009 unha porcentaxe de utilización do 15,6% contra o 14% de 2003.

DEBILIDADES

D.1 – Descenso do número de viaxes ao centro de ensino.

O número de viaxes en desprazamentos escolares diminúe un 21% no período de análise 2003-09. Cuantitativamente falando, en 2003 rexistráronse 2,3 viaxes contra as 1,8 do ano 2009, debido a unha maior distancia entre o centro e o domicilio o que supón un incremento no uso do transporte privado.

D.2. – Aumento do uso do transporte privado en desprazamentos escolares.

Rexístrase un leve incremento no uso do vehículo privado para desprazamentos escolares desde a zona semiurbana. En 2003 esta porcentaxe de uso ascendía ao 35%, incrementándose até o 37% en 2009, un 4,2% máis.

D.3– Descenso do uso do transporte público para desprazamentos aos centros de ensino. No período de análise 2003-09 prodúcese un descenso significativo no uso do transporte público para viaxes ao centro de ensino. En datos porcentuais, un 24,5% menos dos desprazamentos escolares realízanse utilizando este medio de transporte o que supón que, en 2009, apenas catro en cada dez viaxes ao colexio (40,1%) realizáronse utilizando medios públicos contra o 53% rexistrado no ano 2003.

D.4 – Descenso do uso de medios de transporte públicos para desprazamentos ás compras diarias.

O emprego do transporte público para as compras diarias diminúe no período de análise 2003-09. En concreto, apenas un 5,1% dos desprazamentos ás compras diarias da zona semiurbana realizáronse utilizando este medio de transporte en 2003, porcentaxe que desce significativamente no ano 2009 até o practicamente o 1,5%.

6.4.2.2. ANÁLISE EXTERNA

OPORTUNIDADES

O.1 –Descenso na distancia media requirida en desprazamentos ao traballo.

No período de análise 2003-09 prodúcese un descenso do 26% na quilometraxe necesaria para desprazamentos ao traballo, pasando de case 10km en 2003 a 7,4km en 2009.

O.2 – Diminución no tempo medio requirido para desprazamentos ao traballo.

Rexístrase un descenso do 10,7% no tempo medio requirido en desprazamentos ao traballo no período de estudo 2003-09. En efecto, o tempo medio ascendía aos 21,4min en 2003 contra os 19,1min de 2009.

O.3 – Diminución do uso do vehículo privado en desprazamentos ao traballo.

No período 2003-09 prodúcese un leve descenso do 3,4% no uso do transporte privado para desprazamentos ao traballo. En 2003, o 59,4% das viaxes ao traballo desde a zona semiurbana realizáronse en vehículo privado contra o 57,4% rexistrado no ano 2009.

O.4 – Diminución no tempo medio requirido para desprazamentos ás compras diarias.

Rexístrase un leve descenso do 12,3% no tempo medio de viaxe ás compras diarias no período 2003-09. Con efecto, o tempo medio requirido ascendía a case 12min en 2003 contra os 10,3min no ano 2009.

O.5 –Aumento no uso de medios non motorizados para desprazamentos ás compras diarias.

Entre 2003 e 2009 rexístrase un incremento do 3,6% no uso de medios de transporte

non motorizado para realizar as compras diarias, manténdose estes como a primeira opción de transporte neste tipo de desprazamentos. En 2009 a porcentaxe ascendía ao 77%, 2 puntos porcentuais por encima do valor rexistrado en 2003 (74%).

0.6 – Descenso do uso do vehículo privado en desprazamentos de lecer semanal. Detéctase unha diminución significativa do 33,1% no uso medios de transporte privados para desprazamentos de lecer semanal. En 2009, o 22% dos desprazamentos deste tipo realizáronse en vehículo privado contra o 33% no ano 2003.

0.7 – Incremento no uso de medios non motorizados en desprazamentos de lecer semanal.

Os desprazamentos a pé ou en bicicleta para lecer semanal seguen a ser os medios máis utilizados na zona semiurbana para este tipo de mobilidade, rexistrándose un leve incremento no período 2003-09 do 2,3%. Cuantitativamente, o 57% dos desprazamentos para lecer semanal en 2003 realizáronse utilizando medios non motorizados, porcentaxe que se incrementaba até o 58% en 2009.

0.8 – Diminución da distancia media requirida por viaxe de lecer de fin de semana.

Entre 2003 e 2009 rexístrase un descenso significativo do 50,2% na quilometraxe media para desprazamentos de lecer de fin de semana, pasando de 21km en 2003 a pouco máis de 10km en 2009.

0.9 – Descenso do tempo medio requirido por viaxe de lecer de fin de semana.

Rexístrase un leve descenso de apenas o 8% no tempo medio requirido por viaxe de lecer de fin de semana no período de análise 2003-09. Cuantitativamente, en 2003 o tempo medio requirido era de 31min contra os 28,5min rexistrados en 2009.

0.10 – Descenso do uso dos medios de transporte privados en desprazamentos de lecer de fin de semana.

En 2009 o 65% dos desprazamentos de lecer de fin de semana na zona semiurbana realizáronse utilizando medios de transporte privados, o que representa un 3,6% menos que en 2003 (67%). Isto débese fundamentalmente a un incremento no uso do transporte público e dos medios de transporte non motorizados.

0.11 – Incremento dos medios de transporte non motorizados en desprazamentos de lecer de fin de semana.

No período 2003-2009 aumenta levemente, un 5%, o uso de medios non motorizados en desprazamentos de lecer de fin de semana na zona semiurbana. Expresado en cifras, o 18,5% das viaxes realizadas en 2003 por este motivo foron a pé ou en bicicleta contra o 19,4% do ano 2009.

AMEAZAS

A.1 – Diminución do número de viaxes realizadas para ir ao traballo.

Prodúcese un descenso significativo no número de viaxes realizadas para ir ao traballo dun 43,7%, pasando de 3 viaxes en 2003 a 1,7 en 2009. Interpretáse, xa que logo, que o número de viaxes se reduciu porque o posto de traballo está máis afastado do domicilio ou pola actual situación de crise económica.

A.2 – Diminución dos medios de transporte non motorizados en desprazamentos ao traballo.

No período 2003-09 redúcese significativamente, nun 52%, o uso de medios non motorizados en desprazamentos ao traballo desde a zona semiurbana. En 2003 o 28% das viaxes ao posto de traballo realizáronse a pé ou en bicicleta contra o 13% rexistrado en 2009.

A.3 – Diminución do número de viaxes realizadas ás compras diarias.

Rexístrase un descenso do 40,7% no número de viaxes para realizar as compras diarias no período 2003-09. Cuantitativamente, o número de viaxes abeiraba os 1,3 en 2009 contra as 2,2 rexistradas no ano 2003. Isto pode deberse a dous motivos principais, por un lado, á actual situación de crise e, por outro, a unha maior distancia entre a vivenda e os establecementos de venda.

A.4 – Aumento da distancia media requirida por viaxe ás compras diarias.

No período 2003-09 prodúcese un leve incremento do 35,7% na quilometraxe media necesaria para desprazamentos ás compras diarias. En 2009 rexístrábase un valor medio de 1,9km contra os 1,4km do ano 2003.

A.5 – Incremento do uso do vehículo privado para desprazamentos ás compras diarias.

No período 2003 e 2009 rexístrase un leve incremento do 5,3% no uso de medios de transporte privado para realizar as compras diarias. Cuantitativamente, en 2003 o 20,6% das viaxes á compra realizábanse en vehículo privado, valor que se foi incrementando até o 21,7% no ano 2009.

A.6 – Diminución do número de viaxes de lecer semanal.

Prodúcese un descenso significativo do 39,4% no número de viaxes realizadas para o lecer semanal na zona semiurbana. En 2003, no municipio rexístrábanse 2,2 viaxes, 0,9 viaxes máis que en 2009 (1,3).

A.7 – Incremento na distancia media percorrida por viaxe de lecer semanal.

Entre 2003 e 2009 ten lugar un aumento do 26% na quilometraxe media requirida para desprazamentos de lecer semanal, pasando de 2,9km en 2003 a 3,6km en 2009.

A.8 – Aumento do tempo medio requirido por viaxe de lecer semanal.

Experiméntase un incremento do 15,6% no tempo medio requirido por viaxe de lecer semanal, pasando dos 17min en 2003 a case 19,6min no ano 2009.

A.9 – Descenso do número de viaxes de lecer de fin de semana.

Detéctase unha queda do 19,3% no número de viaxes realizadas no municipio para lecer de fin de semana no período 2003-09. Cuantitativamente, en 2009 rexistráronse 1,7 viaxes contra as 2,1 do ano 2003. Este incremento débese, principalmente, ao descenso rexistrado na distancia media requirida.

6.4.3. DAFO: Accesibilidade aos servizos básicos locais

A seguir preséntase a análise interna e externa resultado dun estudo pormenorizado do ámbito Accesibilidade aos servizos locais básicos, en función dos resultados obtidos con base nos criterios establecidos (ver Anexo 22).

6.4.3.1. ANALISE INTERNA

FORTALEZAS

F.1 – Elevada taxa de accesibilidade media aos servizos locais básicos existentes na zona semiurbana.

En 2009, a porcentaxe de acceso da zona semiurbana aos servizos locais básicos no seu conxunto (instalacións deportivas, centros cívico-sociais, centros sanitarios, centros de ensino, parques e espazos públicos, puntos de recolla de residuos, comercios de alimentación, entidades bancarias e paraxes de transporte público) situábase no 63,1%, en liña co valor medio municipal (63,2%). Esta taxa media supón un incremento do 3,6% a respecto de 2003 (60,9%) e é superior á taxa media da zona rural (55,7%), mais algo inferior ao valor obtido na zona urbana (65,2%).

F.2 – Elevada taxa de accesibilidade media das persoas con deficiencia aos servizos básicos locais.

A accesibilidade a lugares e servizos públicos existentes no municipio experimentou, do punto de vista dos residentes da zona semiurbana, unha melloría nos últimos anos. Un 61% dos seus residentes acha que este aspecto mellorou considerabelmente. Este dato está en liña co valor medio municipal (61%) e acima da zona rural (52%), aínda que é significativamente inferior á taxa de accesibilidade da urbana (71%). Alén diso, destacar tamén que unha ampla maioría concorda en atribuír estes avances logrados en materia de accesibilidade ao consistorio municipal.

DEBILIDADES

D.1 – Baixa accesibilidade aos espazos deportivos existentes na zona semiurbana.

Durante o período de análise 2003-09 detéctase unha clara tendencia negativa na zona semiurbana a respecto da accesibilidade da poboación aos espazos deportivos. Cuantitativamente, detéctase un descenso do 22,5%, pasando do 40% no ano 2003 ao 31% en 2009. Este nivel é 5 puntos porcentuais inferior ao valor medio municipal (36%) e inferior tamén ao máximo valor rexistrado do 42% na zona urbana, aínda que se mantén 7 puntos porcentuais acima da taxa de accesibilidade da zona rural (24%).

D.2 – Baixa taxa de accesibilidade media aos centros cívico-sociais.

Apesar de a taxa de accesibilidade aos centros cívico-sociais en 2009 (49%) ser levemente superior ao valor medio municipal obtido nese mesmo ano (45%), a tendencia no período 2003-09 é negativa. Con efecto, entre estes anos rexístrase un descenso do 11% na porcentaxe de poboación semiurbana con acceso aos centros cívico-sociais existentes a menos de 300 metros do seu domicilio. Concretamente, a porcentaxe rexistrada era dun 55% en 2003, reducíndose até o 49% en 2009. Aínda que é necesario destacar que esta zona é a que presenta a maior taxa de accesibilidade, acima da zona urbana (44%) e rural (42%).

D.3 – Baixa taxa de accesibilidade media a parques e espazos públicos.

Apesar de rexistrarse un incremento significativo no período de análise 2003-09 a respecto da accesibilidade a parques e espazos públicos existentes na zona semiurbana, o valor final obtido para este campo (57%) mantense abaixo da media municipal (62%) e lonxe do 69% rexistrado na zona urbana mais superior ao 45% da zona rural.

D.4 – Baixa taxa de accesibilidade aos puntos de recolla selectiva de residuos.

Durante o período de análise 2003-09 detéctase unha tendencia negativa neste parámetro de estudo. Con efecto, a taxa de accesibilidade dos residentes da zona semiurbana aos puntos de recolla de residuos caíu nestes anos un 23,5%. Isto supón un descenso significativo a respecto do ano 2003 (85%). En 2009, a taxa final do 65% rexistrada é inferior ao valor medio municipal (74%) e está lonxe do 84% da zona urbana, aínda que se mantén en liña co dato obtido na rural (63%).

D.5 – Diminución da taxa de accesibilidade ás paraxes de transporte público.

Apesar de a accesibilidade da zona semiurbana ás paraxes de transporte público situarse en valores elevados do 81%, a evolución no período 2003-09 mostra unha clara tendencia negativa. En 2003, case un 90% da poboación semiurbana tiña unha paraxe de autobús a menos de 300 metros, 9 puntos porcentuais superior ao último dato rexistrado. Esta porcentaxe é tamén menor que a media municipal do 86% rexistrada en 2009 e inferior á taxa que presenta o resto de zonas analizadas (90% urbana e 84% rural).

6.4.3.2. ANÁLISE EXTERNA

OPORTUNIDADES

0.1 – Alta taxa de accesibilidade media aos servizos sanitarios existentes na zona semiurbana.

Obsérvase unha tendencia positiva na accesibilidade dos residentes da zona semiurbana aos servizos sanitarios existentes. Durante o período 2003-09, o incremento do 20,5% rexistrado é significativo o que supón pasar do 39% en 2003 ao 47% en 2009. Esta porcentaxe sitúa á zona semiurbana como aquela que presenta unha maior accesibilidade a este tipo de servizos. Con efecto, comparativamente, é 3 puntos porcentuais superior ao valor medio municipal e ao dato rexistrado na zona urbana (44% en ambos casos) e un 38% superior á taxa de accesibilidade que presenta a zona rural (34%), a máis baixa de todas as analizadas.

0.2 – Alta taxa de accesibilidade media a centros de ensino na zona semiurbana.

Rexístrase un incremento do 7,6% na taxa de accesibilidade media dos residentes na zona semiurbana a centros de ensino obrigatorio no período de análise 2003-09. Esta tendencia positiva tradúcese, cuantitativamente, na evolución da taxa do 66% rexistrada en 2003 ao 71% do ano 2009. Este valor é superior á media municipal (63%) e ao do resto de zonas analizadas (60% urbana e 55% rural).

AMEAZAS

A.1 – Baixa taxa de accesibilidade media a entidades bancarias.

Apesar de que en 2009 se rexistra unha taxa de accesibilidade relativamente alta (70%) ás entidades bancarias e caixas de aforros na zona semiurbana, esta sofre un pequeno descenso no período de estudo 2003-09. Esta porcentaxe é, alén diso, 6 puntos porcentuais inferior ao valor municipal (76%) e lonxe do valor máis alto rexistrado que se corresponde co da zona urbana (86%), aínda que é superior á taxa rexistrada na zona rural (55%).

A.2 – Baixa taxa de accesibilidade media a comercios de alimentación locais.

Aínda que se rexistra unha tendencia positiva na taxa de accesibilidade da poboación urbana aos comercios de alimentación locais xa que esta apenas alcanzaba o 50% en 2003 fronte ao 78% rexistrado no ano 2009, segue a manterse abaixo da media municipal (83%) e é significativamente inferior ao 90% rexistrado na zona urbana, aínda que é de destacar que esta taxa é superior ao 68% detectada na rural.

6.4.4. DAFO: Contaminación sonora

A seguir preséntase a análise interna e externa resultado dun estudo pormenorizado do ámbito Contaminación sonora, en función dos resultados obtidos con base nos criterios establecidos (ver Anexo 23).

NOTA: nesta zona non se puideron avaliar os niveis sonoros nocturnos asociados aos establecementos e locais de lecer e á recolla de residuos por inexistencia de datos dispoñíbeis a este respecto.

6.4.4.1. ANALISE INTERNA

FORTALEZAS

Non se detectan fortalezas neste ámbito de estudo.

DEBILIDADES

D.1 – Elevada porcentaxe de poboación exposta a valores superiores a 65dBA durante o período día (Ld).

O 30% da poboación residente na zona semiurbana está exposta a niveis sonoros superiores a 65dBA durante as horas principais do día de 7 a 19 horas.

D.2 – Elevada porcentaxe de poboación exposta a valores superiores a 65dBA durante o período tarde (Le).

O 32% da poboación residente na zona semiurbana está exposta a niveis sonoros superiores a 65dBA entre as 19 e 23 horas.

D.3 – Elevada porcentaxe de poboación exposta a valores superiores a 60dBA durante o período noite (Ln).

O 31% da poboación residente na zona semiurbana está exposta a niveis sonoros superiores a 60dBA durante o período nocturno (23 a 7 horas).

D.4 – Elevada porcentaxe de poboación exposta a valores superiores a 65dBA por termo medio diario (Lden).

O 37% da poboación residente na zona semiurbana está exposta a niveis sonoros superiores a 65dBA como termo medio (día-tarde-noite).

6.4.4.2. ANÁLISE EXTERNA

OPORTUNIDADES

Non se detectan oportunidades neste ámbito de estudo.

AMEAZAS

Non se detectan ameazas neste ámbito de estudo.

6.4.5. DAFO: Consumo e produción sustentábel

A seguir preséntase a análise interna e externa resultado dun estudo pormenorizado do ámbito Consumo e produción sustentábel, en función dos resultados obtidos con base nos criterios establecidos (ver Anexo 24).

NOTA: non se inclúen os resultados referidos á xestión sustentábel por non dispor, por un lado, de datos e, por outro, por non ser relevante o seu resultado por zonas.

6.4.5.1. ANALISE INTERNA

FORTALEZAS

F.1 – Alta frecuencia de actuacións responsábeis no tocante ao consumo de enerxía: peche de radiadores, carga completa da máquina de lavar/lavalouza, control de consumos e facturación enerxética e uso de luces de baixo consumo.

En relación á práctica relacionada co peche de radiadores en estancias onde o seu funcionamento non é necesario, na zona semiurbana rexístrase unha tendencia positiva no periodo de análise. No ano 2012, o 89% dos seus residentes manifestaba realizar esta práctica contra o escaso 49% en 2007, o cal supón un incremento do 82% en 5 anos. Alén disto, este valor é superior á media municipal (80%) e superior, tamén, ao das outras dúas zonas analizadas.

O funcionamento da máquina de lavar e lavalouza a plena carga na zona semiurbana presenta unha porcentaxe do 66%. Aínda que supón un dato relativamente alto, é o menor das zonas analizadas (83% rural e 81% urbana) e inferior ao valor medio municipal (85%).

Relativamente ao control de consumos e facturación enerxética, o 74% dos residentes da zona semiurbana dixerón practicalo en 2012, un 28% máis que en 2007 (58%) aínda que levemente inferior á media municipal (76%).

No tocante á última práctica enunciada, o uso de luces de baixo consumo, rexístrase un

claro incremento no período analizado pasando do 36% en 2007 ao 72% en 2012, valor levemente superior á media municipal (71%).

F.2 – Alta frecuencia de actuacións responsábeis no tocante ao consumo de auga: ducharse en vez de bañarse, pechar a billa mentres se escoban os dentes e control periódico do consumo.

No período de estudo detéctase un incremento significativo na práctica de ducharse en vez de bañarse dos residentes da zona semiurbana. Cuantitativamente, en 2012 o 93% da cidadanía recoñecía en 2012 que era máis frecuente darse unha ducha do que un baño, o que representa un 22,4% máis que en 2007 (76%). Esta porcentaxe é levemente superior á media municipal (92%) e ao resto de zonas analizadas (91% urbana e rural). Relativamente ao peche da billa da auga mentres se escoban os dentes, un 87% dos residentes da zona semiurbana manifestaron realizar esta práctica habitualmente en 2012 contra o 73% en 2007. No entanto, é conveniente destacar que esta porcentaxe é levemente inferior á media municipal (90%) e ao resto de zonas analizadas (91% urbana e 89% rural).

Finalmente, o 65% a cidadanía desta zona recoñecía realizar un control periódico do seu consumo de auga en 2012. Esta porcentaxe supón un incremento significativo a respecto do ano 2007, onde apenas un 46% recoñecía dito control. Contodo, mantense levemente inferior ao valor medio municipal (69%) e ao resto de zonas analizadas (77% rural e 68% urbana).

F.3 – Alta frecuencia de actuacións responsábeis no tocante á xeración de residuos: reutilización de bolsas de plástico e separación de residuos en orixe.

En 2012, un 95% dos residentes na zona urbana recoñecía reutilizar as bolsas de plástico como sacos de lixo propios e un 83% separar os residuos xerados en orixe. Estas porcentaxes supoñen un incremento do 3,3% e do 66%, respectivamente, a respecto dos datos rexistrados en 2007. Esta porcentaxe concorda coa media municipal obtida en ambos casos e é similar ao resto de zonas analizadas.

F.4 – Alto grao de conscienciación da cidadanía residente na zona semiurbana sobre a verdadeira necesidade dos produtos que adquire.

En 2012, o 74% dos residentes na zona semiurbana afirmaron estar conscientes da verdadeira necesidade dos produtos adquiridos. Esta porcentaxe practicamente non varía a respecto do obtido no ano 2007 (75%) e é levemente inferior á media municipal (78%). En comparación co resto de zonas, a semiurbana é onde se rexistra o valor máis baixo contra o 82% da zona rural e 79% da urbana.

F.5 – Alta frecuencia de compra de produtos da época.

En 2012, até un 69% dos residentes na zona semiurbana recoñecía comprar produtos

alimenticios da época, dato similar ao rexistrado en 2007 (69%). Comparativamente, é levemente superior ao valor medio municipal (67%) e está por encima do dato observado na zona urbana (59%) pero é inferior ao 79% rexistrado na zona rural.

DEBILIDADES

D.1 –Baixo grao de conscienciación da cidadanía urbana no tocante ao uso responsábel dos recursos.

En 2012, o 57% da poboación residente na zona semiurbana mostrouse conscienciada co uso responsábel dos recursos. Este valor supón un 6% máis que o dato rexistrado en 2007, mais é o menor das tres zonas analizadas (72% urbana e 64% rural) e inferior ao valor medio municipal (66%).

D.2 – Baixa frecuencia de actuacións responsábeis en relación ao consumo de enerxía: lavaxe de roupa en auga fría, consideración da etiqueta ecolóxica na compra de electrodomésticos, uso de transporte público en desprazamentos ao traballo ou partillar vehículo privado para estes desprazamentos.

Na zona semiurbana, o 54% dos seus residentes recoñecía lavar a roupa con auga fría en 2012, o cal supón un descenso significativo do 32% a respecto de 79% rexistrado en 2007, porcentaxe moi inferior ao valor medio municipal (75%) e ao do resto de zonas analizadas (86% rural e 70% urbana).

Relativamente á consideración da etiqueta enerxética na compra de electrodomésticos, en 2012, apenas un 25% da cidadanía residente na zona semiurbana mostrou ter en consideración a etiquetaxe ecolóxica dos electrodomésticos adquiridos. Isto supón un descenso do 51% e unha porcentaxe moi inferior ao valor medio municipal (44%).

O uso do transporte público en desprazamentos ao lugar de traballo na zona semiurbana crece significativamente no periodo, mais mantense en niveis levemente inferiores ao 60% que constitúe o limiar de sustentabilidade. Cuantitativamente, a porcentaxe de poboación que empregaba este medio de transporte para ir ao traballo en 2012 alcanzou un 56% contra o 29% do 2007, valor moi superior á media municipal (39%).

Finalmente, a frecuencia de actuación menos estendida na zona semiurbana no tocante ao consumo de enerxía é a de partillar vehículo privado para ir ao traballo. En 2012 a porcentaxe apenas superaba o 17% o que supuña un leve incremento do 21% a respecto de 2007 (14%), aínda que manténdose en valores próximos da media municipal (18%).

D.3 – Baixa frecuencia de actuacións responsábeis no tocante ao consumo de auga: non eliminar residuos tóxicos polos sumidoiros, regar as plantas en horas de sol baixas e realizar unha revisión e manutención periódica da instalación.

En 2012, un 41% dos residentes na zona urbana recoñecía verter produtos tóxicos polos sumidoiros da súa vivenda, incrementándose a súa práctica significativamente a respecto de

2007 (13%). Aínda que, esta porcentaxe se acha abaixo da media municipal (44%), é similar ao da zona urbana (42%) e significativamente inferior ao dato rexistrado na rural (55%). A práctica de regar as plantas en horas baixas de sol segue unha tendencia negativa no periodo de análise 2007-12. Cuantitativamente, en 2007 un 78% dos residentes nesta zona manifestaban realizala descendendo até o 55% en 2012. Esta porcentaxe é inferior á media municipal obtida (65%).

Finalmente, a práctica de revisión e manutención periódica da instalación de auga mostra un incremento positivo no periodo de estudo, xa que pasa do 23% en 2007 a un 30% en 2012, mais esta porcentaxe séguese considerando baixa do punto de vista da sustentabilidade local. Comparativamente, está abaixo da media municipal (38%) e é inferior ao dato da zona urbana (37%) e rural (51%).

D.4 – Baixa frecuencia de actuacións responsábeis no tocante á xeración de residuos: utilización de pilas recargábeis, uso do sistema de recolla selectiva para residuos voluminosos (punto limpo), impresión a dupla cara, evitar a compra de aerosois e de produtos que funcionen con pilas, entrega de aceites a empresas especializadas e compra de produtos pouco embalados.

Apenas un 51% de residentes na zona semiurbana recoñecía utilizar pilas recargábeis en 2012, valor baixo do punto de vista da sustentabilidade apesar de presentar un incremento notábel a respecto de 2007 (34%) e ser levemente superior á media municipal (49%). Detéctase un descenso significativo no uso do sistema de recolla selectiva de residuos voluminosos durante o periodo analizado. Concretamente, a frecuencia de actuación alcanzaba o 44% en 2012 contra o 75% do ano 2007. Alén disto, a porcentaxe é inferior á media municipal (47%) e ao resto de zonas analizadas (51% rural e 46% urbana).

Relativamente á impresión a dupla cara, tamén se rexistra un descenso significativo entre 2007 e 2012. A porcentaxe de frecuencia de actuación desta conduta responsábel descendía até o 50% en 2012, 12 puntos porcentuais menos que en 2007 (63%) mais máis que o valor medio municipal (54%). Tan só un 27% e un 19% dos residentes na zona semiurbana manifestaban, en 2012, evitar a compra de produtos que funcionen a pilas e a compra de aerosois, respectivamente. Estes datos son baixos do punto de vista da sustentabilidade, aínda que é conveniente sinalar que a primeira conduta reflicte unha tendencia positiva no periodo (23%) mentres que a segunda, polo contrario, mostra unha tendencia negativa (29,6%).

Rexístrase unha tendencia positiva a respecto da entrega de aceites domésticos usados a empresas especializadas en residuos durante o periodo 2007-12. Concretamente, a porcentaxe final ascendía até o 34% en 2012 contra a pouca significativa 3% rexistrada en 2007. Contodo, sublíñase que, apesar deste incremento tan importante, o valor final obtido aínda se considera baixo do punto de vista da sustentabilidade local.

Finalmente, a análise reflicte que a tendencia de comprar produtos pouco embalados crece no periodo mais aínda se mantén en valores baixos para a sustentabilidade local.

En 2012, na zona semiurbana alcanzábase un valor do 17%, un 21% máis que en 2007 (14%) e levemente superior ao valor medio municipal (15%).

D.5 – Baixa frecuencia de actuacións no tocante ao consumo responsábel: utilización de produtos reciclados, consumo de produtos con etiquetado ecolóxico, compra de produtos agrícolas e gandeiros ecolóxicos, uso da simboloxía química dos produtos de limpeza no proceso de compra e compra de produtos con certificado de comercio xusto.

En 2012, apenas un 24% dos residentes na zona semiurbana recoñecía utilizar produtos reciclados. A pesar do incremento significativo a respecto de 2007 (13%), este valor é 5 puntos porcentuais inferior á media municipal (29%) e inferior ao resto de zonas analizadas (32% rural e 30% urbana).

Rexístrase unha tendencia positiva a respecto do consumo de produtos con etiquetado ecolóxico no periodo de análise 2007-12. Cuantitativamente, o 25% dos residentes na zona semiurbana consumían produtos deste tipo en 2012, un 180% superior ao dato do ano 2007 (9%). Comparativamente, esta porcentaxe obtida é similar á media municipal e ao valor establecido para a zona urbana (24%, ambas) aínda que levemente inferior ao rexistrado na rural (27%). En 2012, o 22% dos residentes na zona semiurbana realizaron frecuentemente a compra de produtos agrícolas e gandeiros ecolóxicos. O dato é un 38% superior ao rexistrado en 2007 (16%) e superior á media municipal (19%). Comparativamente co resto de zonas, é superior ao 16% rexistrado na zona urbana e ao 21% da rural.

Rexístrase unha tendencia claramente negativa na atención á simboloxía tóxica dos produtos de limpeza para a súa adquisición. A porcentaxe era de apenas un 19% en 2012, o cal supón un descenso do 57% a respecto do 44% rexistrado en 2007. Este valor está en liña coa media municipal (19%), levemente superior ao 17% rexistrado na zona rural pero inferior ao 22% da urbana.

Finalmente, apesar de rexistrarse un aumento de 6 puntos porcentuais na compra de produtos certificados coa marca de comercio xusto, a porcentaxe de persoas residentes na zona semiurbana que recoñeceron esta práctica mal alcanzaba un 12%. Esta porcentaxe é similar á media municipal e ao dato rexistrado na zona rural (12%) aínda que levemente inferior ao 14% da urbana.

6.4.5.2. ANÁLISE EXTERNA

OPORTUNIDADES

Non se detectan oportunidades neste ámbito de estudo.

AMEAZAS

Non se detectan ameazas neste ámbito de estudo.

6.5. Zona Rural.

Nos seguintes apartados preséntase o diagnóstico de sustentabilidade da zona rural estruturado por ámbitos temáticos de estudo. Para cada un deles, realízase unha análise DAFO tomando como punto de partida referencial os criterios recollidos nas táboas resumo que poden verse nos anexos 25-29 e que foron debidamente definidos e cuantificados con ese fin.

6.5.1. DAFO: Calidade de Vida

A seguir preséntase a análise interna e externa resultado dun estudo pormenorizado do ámbito Calidade de Vida, en función dos resultados obtidos con base nos criterios establecidos (ver Anexo 25).

6.5.1.1. ANALISE INTERNA

FORTALEZAS

F.1 – Valoración altamente positiva da zona rural coa calidade de vida de Vigo, en relación a vivir e traballar na cidade.

O nivel de satisfacción da cidadanía residente na zona rural coa calidade de vida do municipio segue unha tendencia positiva no período de análise 2003-11, aínda que menos acusada que a evolución rexistrada na zona urbana e semiurbana. En 2011, esta porcentaxe de satisfacción alcanzaba un 85,7% o cal supón un incremento de aproximadamente o 2,4% en 8 anos. Comparativamente, cun 83,7% de índice de satisfacción, a zona rural era a que presentaba o máis alto valor porcentual das tres zonas de estudo en 2003, case 6 puntos acima da media municipal rexistrada naquel ano. Contodo, os datos obtidos en 2011, aínda que mostran unha porcentaxe de satisfacción elevada para esta zona, indican unha mudanza de tendencia, xa que esta pasa da primeira posición en 2003 para a última en 2011, abaixo do índice de satisfacción rexistrado na urbana (o máis alto) e semiurbana.

F.2 – Valoración altamente positiva da seguranza existente no municipio.

Aproximadamente 9 en cada dez residentes na zona rural están satisfeitos coa seguranza existente no municipio (92%) e o 97% estao a respecto da existente na zona na que viven.

Estes datos mostran unha clara fortaleza apesar de seren inferiores aos valores medios municipais rexistrados en ambos parámetros, do 95,6% e 98,5%, respectivamente. A tendencia analizada mostra un incremento significativo no parámetro seguranza no municipio. En 2003, apenas un 57% dos residentes da zona rural mostrábanse satisfeitos coa seguranza existente na cidade de Vigo, un 62,2% inferior ao dato do ano 2011.

Contodo, apesar deste incremento tan significativo, a zona rural evolúe peor que o resto de zonas neste parámetro, xa que, en 2003, esta ocupaba o primeiro posto no tocante á satisfacción coa seguranza no municipio, pasando a situarse en último lugar en 2011, atrás das zonas urbana e semiurbana.

Relativamente á seguranza na zona de residencia, a tendencia rexistrada apenas supón un incremento do 1,25% no grao de satisfacción entre 2011 e 2013. En 2011, a zona rural presentaba un valor de satisfacción do 96%, moi por encima do dato rexistrado nas outras dúas zonas, pasando a un 97,2% en 2013. Este incremento tan pouco significativo coloca á zona rural en 2013 na última posición no ranking de satisfacción, inverténdose a tendencia rexistrada en 2011, ano no cal esta zona ocupaba o primeiro posto.

F.3 – Valoración positiva da calidade do espazo construído

O nivel de satisfacción da cidadanía residente na zona rural coa calidade do espazo construído situábase en case un 74% en 2011, un 72,4% superior ao rexistrado en 2003 (42,8%) e á media municipal (71,2%). En 2003, a zona rural ocupaba o primeiro posto no ranking de satisfacción coa calidade do espazo construído, moi por encima do valor rexistrado daquela para a zona urbana (30,7%) e semiurbana (25%), pasando a ocupar o segundo lugar en 2011, atrás da zona urbana (76%).

F.4 – Valoración positiva das instalacións culturais existentes e da oferta de lecer do municipio.

Na zona rural prodúcese un incremento significativo da satisfacción dos seus residentes a respecto das instalacións culturais e da oferta de lecer existente no municipio durante o período de análise 2003-11. Cuantitativamente, un 56% dos residentes desta zona mostrábanse satisfeitos en 2011, porcentaxe que supón un incremento do 13,4% a respecto de 2003 (49,4%). Este valor sitúa á zona rural en segundo lugar do ranking de satisfacción coas instalacións culturais e coa oferta de lecer do municipio e segue a liña da media municipal (56%).

F.5 – Valoración positiva dos servizos de hostalaría e restauración e equipamento deportivo.

Na zona rural, en 2011, rexístrase un grao de satisfacción elevado en relación ao sector HORECA existente no municipio (81%), porcentaxe elevada apesar de ser inferior á media municipal (86,8%). En relación ao equipamento deportivo, o grao de satisfacción nesta zona é o maior de todas as analizadas e, portanto, superior á media municipal (66%). En 2011 esta porcentaxe situábase acima do 75% de satisfacción da cidadanía residente na zona rural.

F.6 – Valoración positiva da integración do municipio nas novas tecnoloxías.

En 2011, un 74% dos residentes na zona rural mostrábanse satisfeitos coa integración de

Vigo nas novas tecnoloxías. Este valor é levemente superior á media municipal (72%) e o maior das zonas analizadas. Relativamente á accesibilidade a Internet, un 66% manifesta sentirse satisfeito no ámbito privado, en liña coa media municipal (66%), e un 51,7% no ámbito público, valor concomitante tamén coa media municipal (49,6%) e que non presenta discrepancias significativas a respecto dos valores obtidos na análise do resto de zonas (48% urbana e 49% semiurbana).

F.7 – Valoración positiva da limpeza da cidade.

No período de análise 2003-11 rexístrase unha tendencia positiva no grao de satisfacción dos residentes da zona rural coa limpeza da cidade. Con efecto, un 72% dos seus residentes manifestaba estar satisfeito en 2011, porcentaxe que supón un incremento significativo do 32,6% a respecto de 2003 (52,7%). Esta porcentaxe non presenta diferenzas significativas coa zona semiurbana e é 3 puntos porcentuais superior á media municipal (69%).

F.8 – Valoración positiva da integración dos estranxeiros no municipio.

En 2011, o grao de satisfacción da cidadanía da zona rural coa integración da poboación estranxeira no municipio alcanzaba un 66%, en liña coa zona semiurbana (66,7%) e superior á media municipal (62%).

F.9 – Valoración positiva da cidade para desenvolver tecido empresarial.

Na zona rural o índice de satisfacción a respecto da capacidade da cidade para desenvolver tecido empresarial alcanzaba un 75% en 2011, acima da media municipal (69%) e 9 puntos porcentuais superior á urbana (66%). No entanto, esta porcentaxe é levemente inferior ao dato obtido na semiurbana (78%).

F.10 – Valoración positiva da capacidade de atracción turística da cidade.

En 2011, o 85% dos residentes da zona rural mostráronse satisfeitos coa capacidade e a calidade de atracción turística da cidade. Este dato é 2 puntos porcentuais superior á media municipal e ás outras zonas analizadas (83%).

F.11 – Valoración positiva da rede pública de transporte urbano.

No período de análise 2003-11 rexístrase un incremento significativo do nivel de satisfacción dos residentes da zona rural co transporte público da cidade. Cuantitativamente, o índice de satisfacción era do 42% en 2003, o valor máis baixo rexistrado nesa altura e un 46% inferior ao dato obtido no ano 2011 (78%). Esta porcentaxe é 8 puntos porcentuais superior ao valor medio municipal (70%) e ao valor das outras dúas zonas analizadas (69% rural e 68% semiurbana).

F.12 – Valoración positiva da participación da cidadanía nas políticas locais.

No período de estudo 2003-11 prodúcese un incremento significativo no nivel de satisfacción da cidadanía a respecto do grao de participación nas políticas locais. Na zona rural, un 38,5% dos seus residentes mostrábanse satisfeitos en 2003 subindo até un 54% en 2011 cun incremento do 39,7% en 8 anos. Esta porcentaxe é superior á media municipal que non chega a alcanzar o 48% e ao dato rexistrado na zona urbana (50%) e semiurbana (44%).

DEBILIDADES

D.1 – Menor sensación de seguranza no municipio.

A sensación de seguranza na zona rural presenta un grao de satisfacción significativamente inferior ao rexistrado nas outras dúas zonas. En concreto, un 71% dos residentes desta zona manifestaron sentirse moi ou bastante seguros no municipio de Vigo en 2013. Contodo, esta porcentaxe é 9 puntos porcentuais inferior á media municipal, 14 puntos inferior ao dato rexistrado na zona semiurbana e 26 puntos inferior ao grao de satisfacción da urbana.

D.2 – Valoración negativa dos servizos de benestar e asistencia social.

No ano 2011, somente metade dos residentes da zona rural mostrábanse satisfeitos cos servizos de benestar e asistencia social responsabilidade do goberno municipal. Este dato está en liña coa media municipal e é, sen diferenzas significativas, similar ao grao de satisfacción do resto de zonas analizadas.

D.3 – Valoración negativa da oferta cultural existente no municipio.

Na zona rural, a porcentaxe de residentes satisfeitos coa oferta cultural existente no municipio situábase en valores relativamente baixos. En 2011, apenas un 55% mostrábase satisfeito con este aspecto, un 14,7% inferior á media municipal (64%) e en liña co valor da zona semiurbana (54,5%), mais 12,4 puntos porcentuais inferior ao dato rexistrado na urbana (67,4%).

D.4 – Valoración negativa da contaminación sonora e atmosférica e dun mal uso dos recursos do municipio.

Detéctase un baixo grao de satisfacción da cidadanía residente na zona rural coa contaminación sonora e atmosférica da cidade. En concreto, tan só o 17% dos residentes do ámbito rural mostrábanse satisfeitos en 2011 co nivel sonoro existente no municipio, o valor máis baixo rexistrado nas tres zonas de estudo (24% urbana e 31% semiurbana) e 8 puntos porcentuais abaixo da media municipal (25%).

Relativamente á contaminación atmosférica, na zona rural alcánzase un nivel de satisfacción do 24% en 2011; valor que sitúa a esta zona en último lugar, 17 puntos porcentuais abaixo do valor máis alto rexistrado no estudo, correspondente á zona urbana (41%), e significativamente inferior á media municipal (35%).

Finalmente, o índice de satisfacción desta zona co uso responsábel dos recursos mal alcanzaba un 38% en 2011, nivel máis alto que o rexistrado na zona semiurbana (31%) pero inferior á urbana (41%) e 2 puntos porcentuais superior á media municipal (36%).

D.5 – Baixo nivel de integración da poboación con deficiencia no municipio.

En 2011, até un 64% da cidadanía residente na zona rural percibía un baixo grao de integración social deste tipo de persoas no municipio, en liña coa media municipal (65%). Este índice de insatisfacción é 3 puntos porcentuais inferior ao valor obtido na zona urbana (67%) pero mantense por encima do dato rexistrado para a semiurbana (62%). Reafirmando esta percepción, un 78% recoñecía que aínda existen grandes preconcebidos sobre este colectivo, sendo este o nivel de insatisfacción máis alto rexistrado nas tres zonas de estudo (61% rural e 74% semiurbana) e superior ao valor medio municipal (71%).

D.6 – Valoración negativa do tránsito existente na cidade.

Apesar de rexistrarse un incremento significativo do 65,7% no nivel de satisfacción dos residentes da zona rural co tránsito existente na cidade no período de análise 2003-11, apenas se alcanza un 29% como índice final de satisfacción. Este dato é levemente inferior á media municipal (30%) e, comparativamente co resto de zonas analizadas, superior ao dato rexistrado na zona urbana (12%), mais 26 puntos porcentuais abaixo do valor máximo detectado na semiurbana (55%).

D.7 – Valoración negativa da atención recibida polos servizos administrativos municipais. Tan só un 37% dos residentes na zona rural manifestaron, en 2011, sentirse satisfeitos coa atención recibida por parte dos servizos administrativos municipais. Este dato é o máis baixo obtido das tres zonas de estudo (41% urbana e 44% semiurbana) e 4 puntos porcentuais inferior ao valor medio municipal (41%).

6.5.1.2. ANÁLISE EXTERNA

OPORTUNIDADES

O.1 – Valoración positiva da calidade da vivenda construída.

O 61% dos residentes da zona rural manifestáronse satisfeitos coa calidade da vivenda en 2011, valor superior á media municipal que se estima levemente superior ao 56%. Esta porcentaxe é significativamente superior ao dato rexistrado na zona semiurbana (41%) pero 6 puntos porcentuais inferior ao dato obtido na urbana (67%).

O.2 – Coñecemento e valoración positiva da Lei de dependencia.

En 2011, o 79% dos residentes da zona rural mostráronse coñecedores da actual Lei de dependencia existente no Estado español, 9 puntos porcentuais acima da media muni-

cipal (70%), e un 65% deles declaraba unha valoración positiva da mesma, porcentaxe superior á media municipal (62%).

0.3– Estabilidade económica para encarar certas despesas comúns ou cotiás: imprevistos de 500€, devolucións de empréstimos, pagamento de facturas, pagamento do aluguer e gastos relacionados coa compra de produtos básicos.

En 2011, na zona rural mostraba un relativo baixo grado de dificultade para encarar certos gastos ou pagos de carácter común ou cotián. Concretamente, un 53% de residentes da zona rural manifestaron presentar dificultades para encarar un pago de 500€, porcentaxe inferior ao dato rexistrado na zona semiurbana (72%) e menor, tamén, que a media municipal (55%), aínda que esta porcentaxe supuña 9 puntos porcentuais máis que o grado de dificultade rexistrado na zona urbana (44%).

Relativamente aos empréstimos persoais, un 28,5% dos habitantes desta zona manifestaron presentar problemas para enceralos, 6 puntos porcentuais abaixo da media municipal (34,6%). Por zonas, esta porcentaxe é levemente superior á rexistrada na zona urbana (25,5%), mais un 43% inferior á obtida na zona semiurbana (50%).

O pago do aluguer require comparativamente nesta zona un menor esforzo. Só un 12,4 % da cidadanía desta zona manifesta ter dificultades para encarar este pago, case 5 puntos porcentuais abaixo do dato rexistrado nas outras dúas zonas (17%, ambas) e un 22,5% menos que o valor medio municipal (16%).

No tocante ao pago de facturas, apenas un 14% dos habitantes da zona rural recoñeceron presentar dificultades, un 22,2% menos que o valor medio municipal (18%). Comparativamente co resto de zonas, este valor mantense en liña co dato rexistrado na zona urbana (14%) e é pouco máis de 10 puntos porcentuais inferior ao obtido na semiurbana (24,4%).

Finalmente, tan só o 10% dos residentes nesta zona manifestaron ter dificultades para sufragar gastos alimentares e outros bens de consumo básico, dato similar ao que presenta a zona urbana (10%). Esta porcentaxe é 4 puntos porcentuais menor que a media municipal (14%) e inferior tamén ao dato máis alto rexistrado das tres zonas de estudo, un 20,4% na semiurbana.

0.4 – Bon posicionamento do porto de Vigo.

O maior incremento do nivel de satisfacción co porto da cidade durante o período de análise 2003-11 rexístrase na zona rural. Con efecto, nestes 8 anos, detéctase un aumento do 66,6% no grao de satisfacción da cidadanía residente na zona rural, pasando do valor máis baixo rexistrado en 2003 (51%) a máis do 85% en 2011. Este índice é, portanto, superior ao do resto de zonas analizadas (76% urbana e 78% semiurbana) e por volta de 7 puntos porcentuais superior á media municipal (78%).

0.5 – Boa calidade do comercio existente.

En 2011, o 85% dos residentes da zona rural mostráronse satisfeitos coa calidade do comercio existente, levemente abaixo do valor medio municipal (86%). Comparativamente co resto de zonas analizadas, a zona rural ocupa unha posición intermedia mantendo o seu índice de satisfacción acima da zona semiurbana (80%) mais inferior á urbana (90%).

0.6 – Valoración positiva da rede de transporte público existente entre Vigo e a súa contorna.

A porcentaxe de residentes da zona rural satisfeitos coa rede de transporte público existente entre Vigo e a súa contorna alcanzaba un 59,4% en 2011, valor superior á media municipal (58%) e ao dato rexistrado na zona urbana (54%), mais inferior ao valor máximo obtido na semiurbana (59,4%).

AMEAZAS

A.1 – Baixa taxa de denuncia dos delitos perpetrados na zona rural.

Nesta zona, apenas un 34% das vítimas dalgún delito recorren á xustiza para denunciar os feitos sufridos. A porcentaxe é superior á taxa media de denuncia municipal (33%) e inferior ao valor rexistrado na zona urbana (37%) mais 4 puntos porcentuais acima da semiurbana (29%).

A.2 – Valoración negativa da accesibilidade a unha vivenda a un prezo razoábel no municipio.

Neste parámetro constátase unha marcada tendencia negativa, superior á rexistrada para o resto de zonas analizadas, durante o período de estudo 2003-11. Con efecto, a zona rural era a que maior grao de satisfacción rexistraba a respecto da facilidade de acceder a unha vivenda a un prezo razoábel en 2003 (42%), dato superior á media municipal (29,8%) e ao das outras dúas zonas (28,6% urbana e 27,1% semiurbana). Contodo, este nivel sofre unha queda do 70,1% en 2011, situándose levemente abaixo do 13%. Este descenso tan significativo sitúa á zona rural en última posición, moi por detrás dos niveis rexistrados nas outras dúas zonas e é case a metade do valor medio municipal (24,5%).

A.3 – Valoración negativa das oportunidades de encontrar traballo.

En 2011, apenas un 19% dos residentes da zona rural mostráronse satisfeitos coa facilidade de encontrar traballo no municipio. Este valor representa o maior descenso rexistrado no parámetro durante o periodo de estudo. Entre 2003 e 2011 o índice de satisfacción baixa nesta zona un 48,4%, pasando de case un 37% en 2003 (valor máximo rexistrado até o momento) a un 19% en 2011.

A.4 – Valoración negativa da calidade e nivel de retribución dos postos de traballo.

En 2011, o 24% da cidadanía residente na zona rural móstrase satisfeita coa calidade e o

nivel de retribución dos postos de traballo, porcentaxe baixa no avance da sustentabilidade local. Este valor mantense, sen diferenzas significativas, nas tres zonas.

A.5 – Valoración negativa das axudas que os gobernos estatais e rexionais prestan actualmente ao municipio.

Tan só un 25% dos residentes da zona rural en 2011 mostráronse satisfeitos coas axudas públicas que chegan ao municipio desde as diferentes institucións, tais como Deputación Provincial, Xunta de Galicia ou Estado español. Este valor concorda coa media municipal, sen diferenzas significativas a respecto dos datos obtidos nas outras dúas zonas de estudo.

A.6 – Valoración negativa da calidade da rede de asistencia social e da asistencia sanitaria e hospitalar existente no municipio.

Rexístrase un descenso significativo no nivel de satisfacción dos residentes da zona rural coa calidade da rede de asistencia social e da asistencia sanitaria e hospitalar existente no municipio no período de análise 2003-11. En concreto, a porcentaxe de residentes satisfeitos apenas superaba o 52% en 2011, un 25,4% inferior a 2003 (70%).

A.7 – Valoración negativa do sistema público de pensións.

O sistema público de pensións é un dos parámetros analizados que mostra un maior grao de insatisfacción cidadá. En 2011, apenas un 21% dos residentes na zona rural estaba satisfeito; valor baixo do punto de vista da sustentabilidade social e local e inferior ao das outras dúas zonas analizadas (28% urbana e 25% semiurbana).

A.8 – Valoración negativa das axudas públicas destinadas a persoas con deficiencia.

En 2011, o 75% dos residentes na zona rural consideraban insuficientes e/ou ineficaces as axudas públicas prestadas ás persoas con deficiencia do municipio. Este é a maior porcentaxe de insatisfacción rexistrada nas zonas analizadas e é significativa porque nesta zona é onde reside a maioría das persoas con deficiencia do municipio (11%). Este é un dato moi negativo do punto de vista da sustentabilidade social e está 5 puntos porcentuais acima da media municipal (70%).

A.9 – Alta proporción de persoas que presentan dificultades para chegar con recursos a fin de mes.

Da análise realizada en 2011, a zona rural é a que rexistraba o menor índice de satisfacción cidadá no tocante á facilidade dos seus residentes para chegar con recursos a fin de mes. Nesta zona tan só o 47% dos seus habitantes manifestaron facilidade para chegar a fin de mes, 6 puntos porcentuais inferior á media municipal (53%) e moi abaixo do resto de zonas analizadas (53% urbana e 60% semiurbana).

A.10 – A percepción de pobreza aumenta.

Na zona rural, un 95% de residentes mostrábanse preocupados, en 2011, polo aumento da pobreza no mundo nos últimos anos. Porcentaxe que concorda coa semiurbana, na cal alcanzábase o 94%, e que supera en 4 puntos porcentuais ao valor medio municipal. Ambas zonas presentaron uns niveis superiores á zona urbana, na cal a porcentaxe descendeu levemente até o 88%. Apesar disto, en todas elas os valores mantéñense significativamente elevados e, xa que logo, constitúen unha seria ameaza para a sustentabilidade. Centrando análise no termo municipal e na zona de residencia, en particular, esta percepción descende significativamente, mais segue a manterse en valores elevados. Na zona rural, un 74% da cidadanía achaba que a pobreza no municipio e no seu barrio de residencia aumentara notabelmente nos últimos anos, porcentaxe que segue a liña do valor obtido na zona semiurbana (75%), é 14 puntos porcentuais superior á da zona urbana (60%) e, portanto, superior ao valor medio municipal (69%). Todos os datos presentados anteriormente supoñen un perigo e unha grave ameaza para a sustentabilidade económica e social de Vigo e das distintas zonas, en particular.

A.11– Instabilidade do mercado de traballo.

Na zona rural, apenas un 46% dos seus residentes mostrábanse seguros e confiados en manter o seu emprego en 2011. Este valor é significativamente inferior ao dato rexistrado para a zona urbana (73%) mais superior ao da zona semiurbana, na cal menos do 40% dos seus residentes manifestaba sentir certa estabilidade laboral. Comparativamente coa media municipal, esta instabilidade tradúcese en case 12 puntos porcentuais abaixo deste valor medio (58%).

A.12 – Valoración negativa das axudas públicas en materia de pobreza e exclusión social.

En 2011, na zona rural rexístrase o valor máis baixo respectante á satisfacción cidadá coas axudas públicas existentes en materia de pobreza e exclusión social. En consecuencia, cun 14%, esta porcentaxe é inferior ao valor medio municipal (23%) e moi inferior ao resto de zonas analizadas, urbana (25%), semiurbana (23%).

A.13 – Valoración relativamente baixa da rede educativa existente.

Aínda que se produciu un significativo incremento no grao de satisfacción dos residentes na zona rural coa rede educativa existente no período de análise, este foi o aumento máis baixo das distintas zonas analizadas. Entre 2003 e 2011 este incremento foi do 20,6%, pasando dun 60% de poboación rural satisfeita en 2003 a un 72% en 2011. Este dato, aínda que pode considerarse alto do punto de vista da sustentabilidade, comparativamente co resto de zonas suxire certa precaución, xa que se acha 7 puntos porcentuais abaixo da media municipal (79%) e lonxe dos datos obtidos no resto de zonas analizadas (82% urbana e 78% semiurbana).

A.14 – Valoración negativa da normalización da lingua galega.

En 2011, a avaliación da normalización da lingua galega manifesta unha satisfacción inferior ao 40%, porcentaxe baixa do punto de vista da sustentabilidade.

6.5.2. DAFO: Mobilidade Local

A seguir preséntase a análise interna e externa resultado dun estudo pormenorizado do ámbito Mobilidade Local, en función dos resultados obtidos con base nos criterios establecidos (ver Anexo 26).

6.5.2.1. ANALISE INTERNA

FORTALEZAS

F.1. – Descenso do uso do transporte privado en desprazamentos escolares.

Rexístrase un descenso no uso do vehículo privado para desprazamentos escolares desde a zona rural. En 2003 esta porcentaxe de uso ascendía ao 20%, reducíndose até o 3,5% en 2009, un 82,5% menor.

F.2– Aumento do uso do transporte público para desprazamentos aos centros de ensino. No periodo de análise 2003-09 prodúcese un aumento significativo no uso do transporte público para viaxes ao centro de ensino. En concreto, o 97% dos desprazamentos escolares realizáronse utilizando medios públicos en 2009 contra o 55% no ano 2003, o que significa que, en termos porcentuais, aumentou un 75,5% o número de desprazamentos escolares que utilizan o transporte público.

F.3 – Aumento do uso do transporte público para desprazamentos de lecer semanal.

En 2009, un 19% dos desprazamentos de lecer semanal realizáronse en medios de transporte públicos, porcentaxe que supón un incremento do 83,8% a respecto de 2003 (10,5%).

F.4 – Aumento do uso do transporte público para desprazamentos de lecer de fin de semana.

No periodo de análise 2003-09 prodúcese un incremento significativo do 134% no uso de medios de transporte público para desprazamentos de lecer de fin de semana, alcanzándose en 2009 unha porcentaxe de utilización do 22% contra o 9% rexistrado no ano 2003.

DEBILIDADES

D.1 – Descenso do uso do transporte público en desprazamentos ao traballo.

Entre 2003 e 2009 prodúcese un descenso significativo no uso do transporte público nos desprazamentos ao traballo na zona rural. En 2003, o 19% das viaxes ao traballo realizáronse utilizando este medio de transporte, porcentaxe que diminuíu até o 13,5% no ano 2009.

D.2 – Descenso do número de viaxes ao centro de ensino.

O número de viaxes en desprazamentos escolares diminúe un 60% no período de análise 2003-09. Cuantitativamente falando, en 2003 rexistráronse 3,7 viaxes contra 1,5 do ano 2009, debido a un incremento na distancia media entre o centro e a vivenda.

D.3 – Incremento da distancia media percorrida en viaxes ao centro de ensino.

En 2003 a distancia media por desprazamento escolar ascendía a 6,4km contra os 11,7km rexistrados en 2009. Estes datos reflicten un incremento do 82 % no período de análise.

D.4 – Aumento do tempo medio requirido por desprazamento ao centro de ensino.

Detéctase un incremento do 29,1% no tempo medio necesario por viaxe ao centro de ensino, pasando de 22min en 2003 para 28min en 2009.

D.5. – Descenso do uso de medios non motorizados para desprazamentos ao centro de ensino.

Prodúcese un descenso significativo no uso de medios de transporte non motorizados nos desprazamentos escolares. En 2009 non se rexistraron desprazamentos ao centro de ensino desde na zona rural utilizando esta medio contra o 25% rexistrado en 2003. Isto débese fundamentalmente ao grande incremento que se produciu no uso dos medios de transporte públicos.

D.6 – Descenso do uso de medios de transporte públicos para desprazamentos ás compras diarias.

O uso do transporte público para realizar as compras diarias diminúe no período de análise 2003-09. Con efecto, xa en 2003 mal un 12,4% dos desprazamentos ás compras diarias da zona rural realizáronse utilizando este medio de transporte, porcentaxe que desce significativamente no ano 2009 até o 5,3%, o que practicamente pode considerarse como un uso anecdótico deste medio de transporte para este tipo de actividade.

6.5.2.2. ANÁLISE EXTERNA

OPORTUNIDADES

O.1 – Descenso na distancia media requirida en desprazamentos ao traballo.

No período de análise 2003-2009 prodúcese un descenso do 11,5% na quilometraxe necesaria para desprazamentos ao traballo, pasando de 10,4km en 2003 a 9,2km en 2009.

0.2 – Diminución do uso do vehículo privado en desprazamentos ao traballo.

No período 2003-09 prodúcese un leve descenso, do 4,7%, no uso do transporte privado para desprazamentos ao traballo. En 2003, o 77% das viaxes ao traballo desde a zona rural realizáronse en vehículo privado contra o 74% rexistrado no ano 2009.

0.3 – Aumento dos medios de transporte non motorizados en desprazamentos ao traballo.

No período 2003-09 incrementábase nun 225% o uso de medios non motorizados en desprazamentos ao traballo desde a zona rural. No ano 2003 tan só un 4% das viaxes ao posto de traballo realizáronse a pé ou en bicicleta fronte ao 13% rexistrado en 2009.

0.4 – Descenso da distancia media requirida por viaxe ás compras diarias.

No período 2003-09 prodúcese un descenso significativo do 52,4% na quilometraxe media necesaria para desprazamentos ás compras diarias. En 2009 rexistrábase un valor medio de 2km contra os 4,2km do ano 2003.

0.5 – Diminución no tempo medio requirido para desprazamentos ás compras diarias.

Rexístrase un descenso do 49,8% no tempo medio de viaxe ás compras diarias no período 2003-2009. Cuantitativamente, en 2003 o tempo medio requirido ascendía a 22min contra os 11min rexistrados no ano 2009.

0.6 – Descenso do uso do vehículo privado para desprazamentos ás compras diarias.

No período 2003-09 rexístrase unha queda do 55% no uso de medios de transporte privado para realizar a compra diaria. Cuantitativamente, o 37% das viaxes ás compras realizábanse en vehículo privado en 2003, valor que se foi reducindo até o 17% no ano 2009.

0.7 – Aumento do uso de medios non motorizados para desprazamentos ás compras diarias.

Entre 2003 e 2009 rexístrase un incremento do 54,5% no uso de medios de transporte non motorizado para realizar as compras diarias, manténdose este como a primeira opción de transporte neste tipo de desprazamentos. En 2009 a porcentaxe ascendeu ao 78%, 38 puntos porcentuais acima do valor rexistrado en 2003 (50,5%).

0.8 – Descenso da distancia media percorrida por viaxe de lecer semanal.

Entre 2003 e 2009 prodúcese un leve descenso do 2,6% na quilometraxe media requirida para desprazamentos de lecer semanal, pasando de 4,3km en 2003 a 4,2km en 2009.

DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO PARA UN VIGO SUSTENTÁBEL

0.9 – Descenso do tempo medio requirido por viaxe de lecer semanal.

Prodúcese un descenso significativo do 29,7% no tempo medio requirido por viaxe de lecer semanal, pasando dos 20min en 2003 a 14min no ano 2009.

0.10 – Descenso do uso do vehículo privado en desprazamentos de lecer semanal.

Detéctase unha diminución significativa do 18% no uso de medios de transporte privados para desprazamentos de lecer semanal. En 2009, o 35,5% dos desprazamentos deste tipo realizáronse en vehículo privado contra o 43% do ano 2003.

0.11 – Aumento do número de viaxes de lecer de fin de semana.

Prodúcese un incremento do 59,6% no número de viaxes realizadas no municipio para lecer de fin de semana no periodo 2003-09. Cuantitativamente, en 2009 rexistráronse 2,7 viaxes contra as 1,7 do ano 2003. Este incremento débese, principalmente, ao descenso rexistrado na distancia media requirida para este tipo de desprazamentos.

0.12 – Diminución da distancia media requirida por viaxe de lecer de fin de semana.

Entre 2003 e 2009 rexístrase un descenso significativo do 18% na quilometraxe media para desprazamentos de lecer de fin de semana, pasando de 13,5km en 2003 a pouco máis de 11km en 2009.

0.13 – Descenso do tempo medio requirido por viaxe de lecer de fin de semana.

Rexístrase un leve descenso de apenas un 4% no tempo medio requirido por viaxe de lecer de fin de semana no período de análise 2003-09. Cuantitativamente, en 2003 o tempo medio requirido era de 29min contra os 27,8min rexistrados en 2009.

0.14 – Descenso do uso dos medios de transporte privados en desprazamentos de lecer de fin de semana.

En 2009, o 66% dos desprazamentos de lecer de fin de semana na zona rural realizáronse utilizando medios de transporte privados, o que representa un 3,6% menos que en 2003 (75,6%). Isto débese fundamentalmente a un incremento no uso do transporte público e de medios de transporte non motorizados.

AMEAZAS

A.1 – Diminución do número de viaxes realizadas para ir ao traballo.

Prodúcese un descenso significativo no número de viaxes realizadas para ir ao traballo dun 60,5%, pasando de 3,9 viaxes en 2003 a 1,6 en 2009.

A.2 – Incremento no tempo medio requirido para desprazamentos ao traballo.

Rexístrase un aumento do 12,1% no tempo medio requirido para desprazamentos ao

traballo no periodo de estudo 2003-09. Con efecto, o tempo medio requirido ascendía aos 21min en 2003 contra os 23min de 2009.

A.3 – Diminución do número de viaxes realizadas para as compras diarias.
Rexístrase un descenso do 48,8% no número de viaxes para realizar as compras diarias no periodo 2003-09. Cuantitativamente, en 2009 o número de viaxes abeiraba as 1,5 contra as case 3 viaxes rexistradas no ano 2003.

A.4 – Diminución do número de viaxes de lecer semanal.
Prodúcese un descenso significativo do 34% no número de viaxes realizadas para o lecer semanal na zona rural. En 2003, no municipio rexístrábanse 2,5 viaxes, 0,9 viaxes máis que en 2009 (1,6).

A.5 – Descenso do uso de medios non motorizados en desprazamentos de lecer semanal.
Os desprazamentos a pé ou en bicicleta para lecer semanal seguen a ser os medios máis utilizados na zona rural para este tipo de desprazamentos, aínda que se rexistra un leve descenso no periodo 2003-20 do 2,2%. Cuantitativamente, o 46% dos desprazamentos para lecer semanal realizáronse utilizando medios non motorizados en 2003, porcentaxe que apenas se reducía 1 punto porcentual en 2009 (45%).

A.6 – Descenso dos medios de transporte non motorizados en desprazamentos de lecer de fin de semana.
No periodo 2003-09 diminúe un 22% o uso de medios non motorizados en desprazamentos de lecer de fin de semana na zona rural. Cuantitativamente, o 15% das viaxes realizadas por este motivo foron a pé ou en bicicleta en 2003 contra o 19,4% rexistrado en 2009.

6.5.3. DAFO: Accesibilidade aos servizos básicos locais

A seguir preséntase a análise interna e externa resultado dun estudo pormenorizado do ámbito Accesibilidade aos servizos básicos locais en función dos resultados obtidos con base nos criterios establecidos (ver Anexo 27).

6.5.3.1. ANALISE INTERNA

FORTALEZAS

Non se detectan fortalezas.

DEBILIDADES

D.1 – Baixa taxa de accesibilidade media a servizos básicos locais existentes na zona rural. En 2009, a accesibilidade media da zona rural aos servizos básicos locais no seu conxunto: instalacións deportivas, centros cívico-sociais, centros sanitarios, centros de ensino, parques e espazos públicos, puntos de recolla de residuos, comercios de alimentación, entidades bancarias e paradas de transporte público, sitúase no 55,7%, porcentaxe superior ao dato rexistrado en 2003 (52,2%), mais inferior ao valor medio municipal (63,2%).

D.2 – Baixa accesibilidade aos espazos deportivos existentes na zona rural. Durante o período de análise 2003-09 detéctase unha clara tendencia negativa na zona rural a respecto da accesibilidade da poboación aos espazos deportivos. Cuantitativamente, prodúcese un descenso do 11% pasando do 27% no ano 2003 ao 24% en 2009. Esta porcentaxe é 12 puntos porcentuais inferior ao valor medio municipal (36%) e inferior ao resto de zonas analizadas (42% na zona urbana e 31% na semiurbana).

D.3 – Baixa taxa de accesibilidade media aos centros cívico-sociais. Apesar de a taxa de accesibilidade aos centros cívico-sociais en 2009 (42%) ser levemente superior ao ano 2003 (33%), mostrándose así unha tendencia positiva no periodo, o valor é levemente inferior á media municipal (45%) e está abaixo dos obtidos no resto de zonas analizadas (44% urbana e 49% semiurbana).

D.4 – Baixa taxa de accesibilidade media a parques e espazos públicos. Rexístrase unha tendencia negativa na evolución da accesibilidade a estes espazos públicos na zona rural durante o periodo de análise 2003-09. Concretamente, esta taxa era do 74% en 2003 reducíndose até o 45% en 2009, porcentaxe que se corresponde coa menor taxa rexistrada de todas as zonas analizadas (69% urbana e 57% semiurbana) e inferior á media municipal (62%).

D.5 – Baixa taxa de accesibilidade aos puntos de recolla selectiva de residuos. Tamén neste caso a tendencia no periodo é negativa, pasando dunha taxa de accesibilidade de do 67% en 2003 ao 63% en 2009. Comparativamente co resto de zonas, este valor é notabelmente inferior ao dato rexistrado no resto (84% urbana e 65% semiurbana) e inferior ao valor medio municipal (74%).

D.6 – Diminución da taxa de accesibilidade ás paraxes de transporte público. A análise reflicte unha tendencia negativa na accesibilidade dos residentes da zona rural ás paradas de transporte público. Cuantitativamente, entre 2003-09 prodúcese un descenso do 11,6%, pasando dunha taxa do 95% en 2003 a un 84% en 2009. Esta porcen-

taxe é levemente inferior ao valor medio municipal (86%) e ao dato rexistrado na zona urbana (90%), aínda que superior á taxa de accesibilidade da semiurbana (81%).

D.7 – Baixa taxa de accesibilidade media das persoas con deficiencia aos servizos básicos locais.

Tan só un 55% dos residentes da zona rural consideran que a accesibilidade a lugares e servizos públicos existentes no municipio experimentou unha mellora nos últimos anos. Este valor está abaixo da opinión mostrada polos habitantes do resto de zonas (71% urbana e 61% semiurbana) e é tamén inferior ao valor medio municipal (61%). No entanto, destácase que os habitantes desta zona son os que máis pensan que a melloría conseguida en materia de accesibilidade de persoas con deficiencia aos servizos públicos débese ás actuacións levadas a cabo polo propio concello. Na zona rural, un 11% da súa poboación presenta algún tipo de deficiencia igual ou superior ao 33%, o que representa a porcentaxe máis elevada de todas as zonas analizadas.

6.5.3.2. ANÁLISE EXTERNA

OPORTUNIDADES

Non se detectan oportunidades.

AMEAZAS

A.1 – Baixa taxa de accesibilidade media aos servizos sanitarios existentes na zona rural. A pesar de rexistrarse unha leve melloría na accesibilidade aos servizos sanitarios existentes na zona rural, a taxa favorábel apenas ascendía ao 34% en 2009, 1 punto porcentual superior ao dato rexistrado en 2003 (31%). Esta porcentaxe é o valor máis baixo obtido nas tres zonas analizadas (44% urbana e 47% semiurbana) e é inferior, de resto, ao valor medio municipal (44%).

A.2 – Baixa taxa de accesibilidade media aos centros de ensino obrigatorio. A pesar de producirse unha certa melloría na accesibilidade media da poboación rural aos centros de ensino obrigatorio no período de análise, xa que, en 2003, a taxa deste tipo de servizos situábase no 51% contra o 55% de 2009, este dato final aínda fica a baixo da media municipal (63%) e é moi inferior ao dato rexistrado na zona urbana (60%) e semiurbana (71%).

A.3 – Baixa taxa de accesibilidade media a entidades bancarias.

A análise mostra unha tendencia negativa na accesibilidade da zona rural ás entidades bancarias e caixas de aforros. En 2003 esta taxa situábase no 62%, un 12,7% superior

á do ano 2009 (55%). Esta última porcentaxe é, aliás, a máis baixa rexistrada nas tres zonas analizadas (86% urbana e 70% semiurbana) e inferior á media municipal (76%).

A.4 – Baixa taxa de accesibilidade media a comercios de alimentación locais.

Apesar de terse incrementado significativamente a taxa de accesibilidade aos comercios de alimentación locais na zona rural, pasando do 59% no ano 2003 ao 68% do 2009, esta sitúase abaixo do valor medio municipal (83%) e é inferior ao resto de zonas analizadas (90% urbana e 78% semiurbana).

6.5.4. DAFO: Contaminación sonora

A seguir preséntase a análise interna e externa resultado dun estudo pormenorizado do ámbito Contaminación sonora en función dos resultados obtidos con base nos criterios establecidos (ver Anexo 28).

NOTA: non se inclúen resultados relativos á contaminación sonora nocturna ligada aos locais de lecer e recolla de residuos por non dispor de estudos a respecto nesta zona.

6.5.4.1. ANALISE INTERNA

FORTALEZAS

Non se detectan fortalezas.

DEBILIDADES

D.1 – Elevada porcentaxe de poboación exposta a valores superiores a 55dBA durante o período diúrno (Ld).

O 33% da poboación residente na zona rural está exposta a niveis sonoros contaminantes e superiores a 55dBA durante as horas principais do día (de 7 a 19 horas)

D.2 – Elevada porcentaxe de poboación exposta a valores superiores a 55dBA durante o período tarde (Le).

O 38% da poboación residente na zona rural está exposta a niveis sonoros contaminantes superiores a 55 dBA entre as 19 e 23 horas.

D.3 – Elevada porcentaxe de poboación exposta a valores superiores a 55dBA durante o período nocturno (Ln).

O 26% da poboación residente na zona rural está exposta a niveis sonoros contaminantes superiores a 55dBA durante o período nocturno (23 a 7 horas).

D.4 – Elevada porcentaxe de poboación exposta a valores superiores a 55dBA por termo medio diario (Lden).

O 44% da poboación residente na zona rural está exposta a niveis sonoros contaminantes superiores a 65dBA como termo medio (día-tarde-noite).

6.5.4.2. ANÁLISE EXTERNA

OPORTUNIDADES

Non se detectan oportunidades neste ámbito de estudo.

AMEAZAS

Non se detectan ameazas neste ámbito de estudo.

6.5.5. DAFO: Consumo e produción sustentábel

A seguir preséntase a análise interna e externa resultado dun estudo pormenorizado do ámbito Consumo e produción sustentábel, en función dos resultados obtidos con base nos criterios establecidos (ver Anexo 29).

NOTA: non se inclúen os resultados referidos á xestión sustentábel por non ter, por un lado, datos e, por outro, por non ser relevante o seu resultado por zonas.

6.5.5.1. ANALISE INTERNA

FORTALEZAS

F.1 – Alto grao de conscienciación da cidadanía rural no tocante a un uso responsábel dos recursos.

En 2012, o 64% da cidadanía residente na zona rural mostrábanse conscienciados co uso responsábel dos recursos. Este valor supón un incremento do 100% a respecto de 2007 e está en liña coa media municipal (64%). Comparativamente co resto de zonas, o valor obtido na rural é 7 puntos porcentuais superior ao dato da zona semiurbana (57%), mais 8 puntos por baixo da urbana (72%).

F.2 – Alta frecuencia de actuacións responsábeis no tocante ao consumo de enerxía: peche de radiadores, carga completa da máquina de lavar/lavalouza, control de consumos e facturación enerxética, uso de lámpadas de baixo consumo e lavar a roupa con auga fría.

Rexístrase unha tendencia positiva no período de análise 2007-12 na zona rural respecto ao peche de radiadores en dependencias que non os necesitan. Concretamente, un 73% da poboación residente na zona rural recoñecía realizar este tipo de práctica en 2012, o que representa un 24% máis que no ano 2007 (59%). No entanto, é necesario referir que esta porcentaxe é inferior á media municipal (80%) e ao dato máximo obtido por zonas que corresponde á semiurbana (89%).

A posta en funcionamento do lavalouzas e máquina de lavar a plena carga é unha práctica habitual entre o 83% dos residentes da zona rural. Esta porcentaxe é un 10% superior á rexistrada en 2007 (76%). De igual modo, cabe referir que este dato do 83% é inferior ao valor medio municipal (85%).

En relación ao control de consumo e facturación enerxética, a tendencia no período de análise é claramente positiva, pasando do 56% en 2007 ao 63% en 2012, un 12,5% máis, aínda que sexa inferior á media municipal (76%).

Entre os residentes da zona rural, o uso de luces de baixo consumo presenta tamén un incremento significativo durante o período. En 2007 apenas un 51% dos lares desta zona tiñan instaladas estas luces contra o 60% do ano 2012. Contodo, o dato mantense en niveis inferiores á media municipal (71%).

Finalmente, a lavaxe de roupa con auga fría é unha práctica habitual no 86% dos lares da zona e a súa práctica supón un incremento do 19% a respecto de 2007 (72%). Esta porcentaxe é levemente inferior á media municipal (75%).

F.3 – Alta frecuencia de actuacións responsábeis no tocante ao consumo de auga: ducharse en vez de bañarse, pechar a billa mentres se escoban os dentes, control periódico do consumo e regar as plantas en horas baixas de sol.

No período de estudo detéctase un incremento significativo na práctica de ducharse en vez de bañarse entre os residentes da zona rural. Cuantitativamente, o 91% dos seus habitantes recoñecía que é máis frecuente darse unha ducha en lugar dun baño en 2012, un 23% máis que en 2007 (74%). Esta porcentaxe concorda co valor da zona urbana (91%) e é levemente inferior á media municipal (92%) e ao dato rexistrado na semiurbana (93%).

Respecto ao peche da torneira mentres se escoban os dentes, un 89% dos residentes da zona manifestaron en 2012 realizar esta práctica habitualmente contra o 69% rexistrado en 2007. Cabe destacar que esta porcentaxe é similar ao dato rexistrado na zona semiurbana (87%), pero levemente inferior á media municipal (90%) e ao obtido na zona urbana (91%).

Alén diso, en 2012, o 77% dos residentes na zona rural recoñecían realizar un control periódico do seu consumo de auga. Esta porcentaxe supón un incremento significativo a respecto do ano 2007, onde apenas un 39% recoñecía dito control. Comparativamente co resto de zonas analizadas, a rural é, a este respecto, a zona coa maior porcentaxe rexistrada (65% semiurbana e 68% urbana) e superior ao valor medio municipal (69%).

Finalmente, o rego das plantas en horas baixas de sol é unha practica habitual entre o 62% da cidadanía da zona rural. No entanto, é preciso destacar que o parámetro mencionado presenta un descenso significativo no periodo de análise xa que, en 2007, esta porcentaxe ascendía ao 78%.

F.4 – Alta frecuencia de actuacións responsábeis no tocante á xeración de residuos: reutilización de bolsas de plástico e separación de residuos en orixe.

En 2012, un 96% dos residentes na zona rural recoñecía reutilizar as bolsas de plástico como sacos de lixo propios e un 76% aseguraba separar os residuos xerados en orixe. Estas porcentaxes supoñen un incremento do 12,3% e do 22,6%, respectivamente, aos datos rexistrados en 2007. Estas porcentaxes son similares ao valor medio municipal obtido en ambos casos e, tamén, próximos dos datos do resto de zonas analizadas.

F.5 – Alto grao de conscienciación da cidadanía residente na zona rural sobre a verdadeira necesidade dos produtos que adquire.

En 2012, o 82% dos habitantes residentes na zona rural declaraban estar conscientes da verdadeira necesidade dos produtos adquiridos. Esta porcentaxe supón un incremento do 24% a respecto do dato obtido en 2007 (75%). Comparativamente, é superior ao valor medio municipal (78%) e ao do resto de zonas analizadas (79% urbana e 74% semiurbana).

F.6 – Alta frecuencia de compra de produtos da época.

A análise pon de manifesto unha tendencia positiva no periodo 2007-09 en relación á compra de produtos alimenticios de temperada. En datos porcentuais, o 79% dos residentes da zona rural recoñecían a súa compra, un 18% superior ao dato rexistrado en 2007 (67%). Comparativamente, é superior á media municipal (67%) e está acima das outras dúas zonas analizadas (69% semiurbana e 59% urbana).

DEBILIDADES

D.1 – Baixa frecuencia de actuacións responsábeis no tocante ao consumo de enerxía: consideración da etiqueta ecolóxica na compra de electrodomésticos, uso de transporte público en desprazamentos ao traballo e partillar vehículo privado en desprazamentos ao traballo.

En 2012, o 52% da cidadanía residente na zona rural mostrou ter en consideración o etiquetado ecolóxico dos electrodomésticos que adquire. Isto supón un descenso no periodo do 19%. Contodo, apesar da queda, cabe referir que esta porcentaxe é superior á media municipal (44%).

Prodúcese un incremento no uso do transporte público en desprazamentos ao traballo do 44%, pasando dun 25% en 2007 ao 36% en 2012. Esta última porcentaxe é levemente inferior á media municipal en 13 puntos porcentuais (39%).

Finalmente, a frecuencia de actuación menos estendida na zona rural en relación ao consumo de enerxía é a de partillar vehículo privado para ir ao traballo. En 2012, a porcentaxe alcanzaba o 22%, valor baixo do punto de vista da sustentabilidade apesar de representar un incremento do 10% a respecto de 2007 (20%) e ser levemente superior ao valor medio municipal (18%).

D.2 – Baixa frecuencia de actuacións responsábeis no tocante ao consumo de auga: non eliminar residuos tóxicos polos sumidoiros e realizar unha revisión e manutención periódica da instalación.

En 2012, o 51% dos residentes na zona rural recoñecía xogar produtos tóxicos polos sumidoiros da súa vivenda, incrementándose a súa práctica significativamente a respecto de 2007 (16%). Aliás, esta porcentaxe está 11 puntos porcentuais acima da media municipal (44%) e é superior á obtida no resto de zonas (urbana 42% e semiurbana 41%). Finalmente, a práctica de revisión e manutención periódica da instalación de auga experimenta un incremento notábel, pasando do 31% en 2007 a un 51% en 2012, aínda que se ache nun valor baixo do punto de vista da sustentabilidade local. Comparativamente, é superior ao valor medio municipal (38%) e ao dato obtido no resto de zonas analizadas (37% urbana e 30% semiurbana).

D.3 – Baixa frecuencia de actuacións responsábeis no tocante á xeración de residuos: utilización de pilas recargábeis, uso do sistema de recolla selectiva para residuos volumosos (punto limpo), impresión a dupla cara, evitar a compra de aerosois e de produtos que funcionan con pilas, entrega de aceites a empresas especializadas e compra de produtos pouco embalados.

Detéctase unha tendencia negativa no período a respecto do uso de pilas recargábeis no medio rural. En 2012, tan só un 34% de residentes manifestaba o seu uso, valor inferior ao do ano 2007 (42%). Comparativamente, é o valor máis baixo do de todas as zonas analizadas (50% urbana e 51% semiurbana) e da media municipal (49%).

Como no resto de zonas analizadas, tamén aquí se detecta un descenso significativo no emprego do sistema de recolla selectiva de residuos volumosos no período analizado. Concretamente, a frecuencia desta actuación alcanzaba o 51% en 2012 contra o 75% do ano 2007. No entanto, a porcentaxe obtida é superior á media municipal (47%) e ao do resto de zonas (44% semiurbana e 46% urbana).

Das tres zonas analizadas, a rural é a que presenta o maior descenso a respecto da impresión a dupla cara. Entre 2007 e 2012, rexistrouse un descenso de 22 puntos porcentuais, pasando dun 62% en 2007 a un 40% en 2012. O dato é, xa que logo, inferior á media municipal (54%) e ao do resto de zonas analizadas (50% semiurbana e 49% urbana). Tan só un 26% e un 17% dos residentes na zona rural manifestaban, en 2012, evitar a compra de produtos que funcionen a pilas e a compra de aerosois, respectivamente. Estes datos representan un descenso do 16% na primeira conduta e do 60% na segunda,

a respecto dos datos rexistrados para ambas en 2007 e son, portanto, inferiores aos valores medios municipais (29% e 20%, respectivamente).

Rexístrase unha tendencia positiva a respecto da entrega de aceites domésticos usados a empresas especializadas en residuos durante o periodo 2007-12. Concretamente, a porcentaxe final ascendía a 34% en 2012, un 17,5% superior ao valor rexistrado en 2007. Contodo, subliñase que, a pesar deste incremento tan significativo, o valor final obtido aínda se considera baixo do punto de vista da sustentabilidade local.

Finalmente, a tendencia a comprar produtos pouco embalados decrece levemente no periodo. En 2012, a porcentaxe apenas ascendía ao 13%, un 28% menos que en 2007 (18%) e levemente inferior ao valor medio municipal (15%).

D.4 – Baixa frecuencia de actuacións no tocante ao consumo responsábel: utilización de produtos reciclados, consumo de produtos con etiquetado ecolóxico, compra de produtos agrícolas e gandeiros ecolóxicos, atención á simboloxía química dos produtos de limpeza no proceso de compra e compra de produtos con certificado de comercio xusto. En 2012, apenas un 32% dos residentes na o zona rural recoñecía utilizar produtos reciclados, aínda que isto supón un incremento do 39% respecto ao dato do ano 2007 (23%). Comparativamente, o dato é superior ao valor medio municipal (29%) e ao resto de zonas analizadas (24% semiurbana e 30% urbana). Rexístrase unha tendencia positiva a respecto do consumo de produtos con etiquetado ecolóxico no periodo de análise 2007-12. Cuantitativamente, o 27% dos residentes na zona rural consumían produtos deste tipo en 2012, un 35% superior a 2007 (20%). Comparativamente, o dato é superior ao valor medio municipal (24%) e ao do resto de zonas analizadas (24% urbana e 25% semiurbana).

En 2012, o 21% dos residentes na zona rural realizaron frecuentemente a compra de produtos agrícolas e ganaderos ecolóxicos. O dato é un 75% superior ao rexistrado en 2007 (12%) e á media municipal (19%). Comparativamente co resto de zonas, é superior ao 16% rexistrado na urbana e en liña co 22% da semiurbana.

Rexístrase unha tendencia claramente negativa na atención á simboloxía tóxica dos produtos de limpeza para a súa adquisición. En 2012, esta porcentaxe era de apenas un 17% o cal supón un descenso do 71% a respecto do 59% rexistrado en 2007. Este valor é levemente inferior ao valor medio municipal (19%) e ao do resto de zonas (19% semiurbana e 22% urbana).

Finalmente, prodúcese un descenso do 25% na poboación rural que compra produtos certificados coa marca de comercio xusto, xa que en 2012 a porcentaxe final obtida era do 12% contra o 16% rexistrado en 2007. Este dato está en liña coa media municipal e coa zona semiurbana (12% para ambas) pero é levemente inferior ao obtido na urbana (14%).

6.5.5.2. ANÁLISE EXTERNA

OPORTUNIDADES

No se detectan oportunidades en este ámbito de estudio.

AMEAZAS

No se detectan amenazas en este ámbito de estudio.

07

CONCLUSIÓNS

Despois de analizar pormenorizadamente os principais ámbitos da sustentabilidade local, pódense identificar claramente os puntos de mellora e impulsar, deste xeito, o avance do municipio de Vigo cara á súa consecución.

A seguir detállanse os ítems máis representativos que supoñen unha advertencia (debilidade ou ameaza), de tal forma que a administración local, coñecedora destes aspectos que representan unha limitación, poda desenvolver e impulsar planos de acción que consigan, progresivamente, superalos e melloralos. Igualmente, tamén se mostran aqueles aspectos que representan unha *potencialidade* (fortaleza ou oportunidade) e que identifican os aspectos máis prometedores nos que o municipio de Vigo está máis avanzado desde unha óptica sustentábel.

As matrices DAFO resumo (ver anexos 30-35) identifican:

- *Fortalezas (F) e debilidades (D)* encontradas no municipio e sobre as cales a autoridade local ten capacidade de incidencia directa.
- *Oportunidades (O) e Ameazas (A)*, aspectos de carácter externo que é preciso identificar e levar en conta, aínda que a administración local non teña unha incidencia directa sobre eles.

Para un mellor seguimento dos ámbitos temáticos analizados neste estudo (calidade de vida, mobilidade local, accesibilidade aos servizos básicos locais, mudanza climática, contaminación sonora e consumo e produción sustentábel), estes dividíronse en dous grandes grupos:

- 1) parámetros con valoración coincidente tanto no municipio de Vigo no seu conxunto como por zonas

- 2) parámetros específicos obtidos para cada unha das zonas (urbana, semiurbana e rural).

PARÁMETROS CON VALORACIÓN COINCIDENTE TANTO NO MUNICIPIO DE VIGO NO SEU CONXUNTO COMO POR ZONAS²⁶

1. CALIDADE DE VIDA (ver matriz DAFO resumo en Anexo 30)

POTENCIALIDADES

Oportunidades

- Conocimiento e valoración positiva da Lei de Dependencia
- Porto da cidade
- Calidade do comercio existente

Fortalezas

- Calidade de Vida en relación a vivir e traballar en Vigo
